

Para dar trela

Manual práctico de fraseoloxía galega

M. Carmen Losada Aldrey

Alba Cid Fernández

Xurxo Fernández Carballido

Ilustracións de Evaristo Corujo Martínez, *Tito*

Colaboración de Luis Davila

un libro (*aberto*), quedar *aberto* de peito, ver o ceo *aberto*, recibir cos
ir unha raiola, ser esvelto coma unha *abrótea*, nadar na *abundancia*,
o, calar coma un *afogado*, *afogar* a ra, *afogar* de calor, *afogar* en
dar ás *agarradas* con alguén, ser (*agarrado*) coma a virxe do puño,
coma un allo, saber a *agulla* de marear, ser algo como atopar unha
ser unha cabeza no *aire*, ser unha festa no *aire*, [*airear*] aos catro
s, estar *alegre* coma un pandeiro, estar *alegre* coma unha gaita nas
n, saír da casa por pés *alleos*, ser (agudo) coma un *allo*, ser (listo)
lle a *alma* aos pés a alguén, levar na *alma* a alguén, partírselle a
a, ser tranquilo coma *Amancio*, dicir *amén*, facer a(s) *América(s)*,
ser un *anaco* de pan, tirar os *anacos* e aproveitar as faragullas,
abo de alguén, *andar* ao xornal, *andar* aos biosbardos, *andar* ás
ar coa mosca tras da orella, *andar* coma a galiña cos ovos, *andar*
andar con pés de manteiga, *andar* con voltas, *andar* de boca en
o mundo, *andar* nas nubes, *andar* nas patacas, *andar* nas verzas,
a alguén, traer en *andas* a alguén, *andar* como un *andromenas*, vir
ede, *apagárselle* a candeia da vida a alguén, *apañar* unha (boa)
sa, *apertar* o cinto, *apertarlle* as caravillas a alguén, *aplanarse*
lo, ser máis bruto ca un *arado*, ser nobre
cartos coma a

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística

VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador científico do CIRP

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Rúa de San Roque, 2. 15704 Santiago de Compostela

Tfno. +34 881 996 152 **Fax.** +34 881 996 140

Enderezo electrónico crpih@cirp.gal
<http://www.cirp.es>

© Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2016

Autores M. CARMEN LOSADA ALDREY,

ALBA CID FERNÁNDEZ,

XURXO FERNÁNDEZ CARBALLIDO

Ilustracións de EVARISTO CORUJO MARTÍNEZ, *Tito*

Colaboración de LUIS DAVILA

Título *Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega*

ISSN: 1698-787X (Biblioteca fraseolóxica do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades)

ISBN: 978-84-453-5223-6

D.L. C 1076-2016

Imprime:

Segaof, S.L.

Para dar trela

Manual práctico de fraseoloxía galega

M. Carmen Losada Aldrey

Alba Cid Fernández

Xurxo Fernández Carballido

Ilustracións de Evaristo Corujo Martínez, *Tito*

Colaboración de Luis Davila

libro (*aberto*), quedar *aberto* de peito, ver o ceo *aberto*, recibir cos
r unha raiola, ser esvelto coma unha *abrótea*, nadar na *abundancia*,
, calar coma un *afogado*, *afogar* a ra, *afogar* de calor, *afogar* en
ar ás *agarradas* con alguén, ser (*agarrado*) coma a virxe do puño,
coma un allo, saber a *agulla* de marear, ser algo como atopar unha
er unha cabeza no *aire*, ser unha festa no *aire*, [*airear*] aos catro
, estar *alegre* coma un pandeiro, estar *alegre* coma unha gaita nas
, saír da casa por pés *alleos*, ser (agudo) coma un *allo*, ser (listo)
e a *alma* aos pés a alguén, levar na *alma* a alguén, partírselle a
ser tranquilo coma *Amancio*, dicir *amén*, facer a(s) *América(s)*,
er un *anaco* de pan, tirar os *anacos* e aproveitar as faragullas,
bo de alguén, *andar* ao xornal, *andar* aos biosbardos, *andar* ás
r coa mosca tras da orella, *andar* coma a galiña cos ovos, *andar*
andar con pés de manteiga, *andar* con voltas, *andar* de boca en
mundo, *andar* nas nubes, *andar* nas patacas, *andar* nas verzas,
a alguén, traer en *andas* a alguén, *andar* a alguén, *andar* a alguén,
de, *apagárselle* a candea da vida a alguén, *apañar* unha (boa)
a, *apertar* o cinto, *apertarlle* as caravillas a alguén, *aplanarse*
, ser máis bruto ca un *arado*, ser nobre

XUNTA DE GALICIA

dar trela

- 1 Animar a facer algo.
- 2 Deixar liberdade para facer; dar permiso, licenza.
- 3 Darlle confianza a alguén para que fale moito e sen preocuparse.
- 4 Dar conversa.
- 5 Aceptar o galanteo dun namorado.

A Daniel e Phil, que saben moi ben que unha man lava a outra e as dúas lavan a cara; e a Erundina e Ramón, porque a súa razón teñen cando din que máis vale comer un ovo que pasar sen dous.

M. Carmen

A Teo e Loli, por teren sempre os pés na terra e porque o herdado –como a fala– é moi valente; á xentiña que seguiu o proceso de elaboración deste volume sabendo que sarna con gusto non pica. A Maica e Xurxo, que non dan puntada sen fío.

Alba

Para María, Jorge, Susana e Mari, porque o palleiro (lingüístico) non se fai sen palla; e para Mabel, Mencia e Aloia porque dous (ou catro) que dormen no mesmo colchón vólvense da mesma opinión.

Xurxo

A Dolores e Evaristo, por non enfadarse demasiado cando enchía de garabatos as marxes dos libros da escola. Agora xa foi.

Tito

Índice

Prólogo	9
Introdución	15
As portas ás que batemos.	19
Unidade previa... para entrar en materia	21
Unidade 1. Accións vitais	23
NACER • ESTAR MORIBUNDO, MORRER, SOTERRAR, ESTAR MORTO • TER APETITO, COMER, COMER POUCO, COMER MOITO, PASAR FAME, DESPOIS DE COMER • BEBER, EMBEBEDARSE, ESTAR BORRACHO • DURMIR, NON DURMIR • EVACUAR • CHORAR • BOCEXAR • CORRER • BAILAR	
Unidade 2. Aspecto físico	49
FERMOSURA • FEALDADE • DELGADEZA • GORDURA • ESVELTEZA • ROBUSTEZ / FORTALEZA • ESTATURA • DESAMAÑO • SEMELLANZA • OUTRAS APARENCIAS	
Unidade 3. Carácter	69
BONDADE • MALDADE • SIMPATÍA • ANTIPATÍA • XENEROSIDADE • MESQUINDADE • COMENENCIA • SOBERBIA • INQUIETUDE • CALMA • ASTUCIA • TORPEZA • VALENTÍA • TEMPERAMENTO • COVARDÍA • REALISMO • FORMALIDADE • POUCA FORMALIDADE • DISTRACCIÓN • FANTASÍA • TOLEMIA	
Unidade 4. Sentimentos e emocións	93
PLACIDEZ / ALEGRÍA • TRISTURA • ACEPTACIÓN • REXEITAMENTO • PREOCUPACIÓN • MEDO • SORPRESA • FASTÍO • IRA	
Unidade 5. Relacións	115
CONXENIAR • NON CONXENIAR • CONCILIAR • INCOMODAR • LEALDADE • DESLEALDADE • AMOR • SEXO • EMBRUXAR • ADULACIÓN • ENGANO • DOMINIO	
Unidade 6. Problemas, éxito, fracaso	139
FACILIDADE • DIFICULTADE • PROBLEMAS • AXUDA • ESFORZARSE, ESFORZARSE EN BALDE, NON ESFORZARSE • ÉXITO • FRACASO	
Unidade 7. Comunicación e conversa	163
CALAR • FALAR • FALAR POUCO • FALAR MOITO • FALAR CLARAMENTE • NON FALAR CLARAMENTE • FALAR SEN SABER • ESTAR DE ACORDO • ESTAR EN DESACORDO • LOUVAR • RECRIMINAR • REXOUBAR E CRITICAR • BLASFEMAR	
Unidade 8. Cartos	187
GAÑAR CARTOS • TER CARTOS • AFORRAR • FALSO AFORRO • VALOR / PREZO • GASTAR • NON TER CARTOS / POBREZA • ARRUINARSE • ROUBAR	
Unidade 9. Tempo meteorolóxico	209
IR SOL • IR CALOR • CHOVER POUCO, CHOVER MOITO • MOLLARSE • SARABIAI • NEVISCAR / NEVAR • IR FRÍO • IR VENTO • CLAREXAR / ESCAMPAR • ARCO DA VELLA • ESTAR NUBRADO	
Unidade 10. Revisión	233
Solucións	239
Glosario de fraseoloxismos	249

Glosario de refráns	271
Glosario de fraseoloxismos e refráns noutras linguas	281
Achegas dos usuarios	283
Referencias	285
Referencias lexicográficas • Referencias bibliográficas primarias • Referencias en Internet • Referencias bibliográficas secundarias e suxestións de lectura • Procedencia dos textos web empregados.	

Prólogo

Os meus parabéns, por colleres este libro nas mans.

Se o fixeches, vese que tes experiencia de linguas. Se cadra, porque algunha vez che dixeron, coma a min de pequeno, *A lingua ten moi bo curral* e quedaches cavilando en qué era o que che querían dicir. Pola cara que poñían, era unha severa advertencia de que tiñas que ser discreto e que non debías dicir todo o que che viña á boca, como se explica aquí na Unidade 7. O curral é un espazo descuberto pero amurallado a carón da casa da aldea e dentro del os animais desa casa pódense mover con toda liberdade pero sen saíren del.

A ti podíanche dicir máis prosaicamente *Está calado* ou *Non sexas indiscreto*. Pero dixéroncho cun debuxo feito de palabras: *A lingua ten moi bo curral*. Se ben se mira, a boca é coma un curral, porque ten un muro que son os dentes e dentro dese curral hai unha cousa que se está a mover seguido, que é a lingua: é dicir, a lingua é coma un carneiriño ou un becerro que sempre queren correr e brincar; e pódeno facer sen perigo con tal que a porta do curral estea pechada. Pero, se a porta estiver aberta, o carneiriño ou o becerro nas súas carreiras poden saír, mesmo sen queren, por esa porta e bater inesperadamente cun peón ou cunha bicicleta, unha moto ou un coche que pase polo camiño nese momento; e poden producir unha catástrofe.

Os dentes, neste refrán, convértense en muros que fan da boca un curral. Os dentes da boca cercan a lingua e protexen a súa mobilidade para que sexa inocua. Esta imaxe do curral é unha fórmula para recomendar que sexas discreto, que non fales nin cónte-lo que non debes difundir. É coma se os dentes estivesen aí para impediren que a lingua “se mova de máis”, é dicir, fale o que non deba. Como ves, a fraseoloxía éche o idioma convertido en imaxes; é falar con espellos que nos fan ve-lo lado oculto das cousas, dos feitos, da xente; éche falar con parábolas máis que con palabras. A fraseoloxía converte a fala en cine, con color, con emoción e, por veces, con intriga.

Linguaxe abstracta e linguaxe figurada

Porque hai outra linguaxe: é a abstracta e matemática que busca con éxito a precisión, unha precisión mecánica. Pero a linguaxe figurada, non menos precisa, busca que resoen os harmónicos da realidade. Podemos dicir $2 + 2 = 4$ e iso é linguaxe matemática pero tamén podemos dicir *A unión fai a forza* ou *A unión gaña a guerra* ou *Máis ven catro ollos que dous*; e iso é linguaxe figurada. Linguaxe matemática e linguaxe figurada son dúas maneiras moi diferentes de conta-lo mesmo pero cada unha delas é máis eficaz cá outra en certas situacións. A primeira é abstracta e fala á intelixencia; a segunda é concreta, simbólica e fala ós sentidos. A primeira é gris; a segunda é multicolor. A linguaxe matemática é unha radiografía da realidade; a fraseoloxía é un cadro con color, volume e perspectiva. Mesmo cando dicimos que *Fulano é un cero á esquerda*, expresión figurada traída das matemáticas, queremos indicar que é persoa socialmente irrelevante, que a opinión del non conta nin inflúe en ninguén e, cando dicimos iso, algo cambia. Na fala normal a linguaxe figurada consegue facer impactante a linguaxe abstracta das matemáticas.

A razón abstracta da matemática é inapelable pero o home non se convence só por teoremas. Un coche é unha máquina mecanicamente perfecta pero, para vendelo, a publicidade non toca só a intelixencia senón, e sobre todo, a nosa sensibilidade, os afectos, as imaxes: iso significa que estes tamén son ingredientes reais do vehículo. A comunicación humana require ferramentas heteroxéneas.

Estes outros ingredientes da realidade exprésanse con fraseoloxía e paremioloxía. En teoría parece estraño pero baixo palabras labregas pode haber verdadeira ciencia. Vamos a un caso. Por veces veñen cara a nós inmensas e invisibles masas de aire húmido: non as vemos pero, cando as atravesa a luz do sol, nesa humidade prodúcese a refracción da luz solar e iso si que o vemos: é o *arco da vella*. O curioso é que o arco só o podemos ver se estamos entre esa masa de aire húmido e o sol, é dicir, se témo-lo sol detrás de nós. E, dado que normalmente as masas de aire húmido a nós véñennos do oeste, se vémo-lo arco da vella pola mañá (co sol ó leste), esa masa de humidade está vindo cara a nós e, loxicamente, vai chover. Pola contra, se vémo-lo arco da vella á tardiña (co sol ó oeste) a fronte húmida xa pasou e non é probable que chova. A explicación meteorolóxica é esta. Pero a paremioloxía díxo así: *Arco da vella ó raiente* [ó leste], *dálle ós bois para diante* [vai traballar sen medo]. *Arco da vella a poñente, colle os bois e vente* [porque vai chover]. Ou, como aquí se di en 9.12, *Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao amencer*: como non é frecuente que dúas fronteas húmidas veñan moi seguidas, ben se ve que este refrán pode se-la versión labrega dun teorema matemático.

A dicir toda a verdade, é certo que a fraseoloxía tamén se pode reducir a complexas fórmulas matemáticas. Fíxoo Igor Mel'čuk co seu equipo nun esforzo titánico que permitirá algún día que os ordenadores fagan a tradución automática de fraseoloxismos dunhas linguas a outras; pero un cerebro humano non segue eses razoamentos abstractos para traer a conto un dito ou un refrán. Pola contra, o refraneiro fai o camiño contrario, chamando a atención sobre certos aspectos da realidade matemática. Os números exactos poden non ser tan exactos cando os relativiza un elemento coma a xenerosidade e por iso todos sabemos que *Na mesa de San Francisco o que hai pra catro, chega pra cinco* e que *Onde collen catro collen cinco* ou ben que *O ollo do gato mira por catro. Cae un burro ás catro patas, e non vai caer o que ten dúas?*; *Máis valen dous "viñeron", que catro "virán"*.

A fraseoloxía, liberada da abstracción, consegue facernos ver aspectos novos da realidade: un dos seus trucos é facernos ver unha cousa debuxada no espello doutra. Unha persoa moi gorda, cun perfil que tira a esférico, lévanos a dicir *está coma un bocoi* (recipiente máis ancho que alto e que tira a esférico) pero tamén a engadir despois que *O palleiro sen palla non se fai*, que xa é unha reflexión verbo da causa desa gordura e un consello a tódolos circunstantes sobre a conveniencia da moderación na comida. Ignoro se a matemática daría dito tanto con menos recursos. O bocoi e o palleiro (os dous máis grosos que altos) instálannos nunha realidade paralela.

A fraseoloxía é unha percepción estereofónica. Porque, se dun bazuncho dicimos que *está coma un bocoi*, dun mirrado dicimos que *está no chasis* ou que *se lle ve o día ó través*. Pensar así é nadar nas metáforas.

As imaxes das metáforas dos ditos e refráns nacen de ver que cousas distantes teñen algún punto en común co que nese instante estamos a vivir. É certo que moitas veces esas metáforas son hiperbólicas (unha persoa gorda nunca é tan gorda coma un bocoi) pero esa comparanza, cando esaxera, salienta un aspecto esencial da realidade que nos pasaba desapercibido, coma cando, ó lermos un texto, subliñamos ou coloreamos unha palabra ou unha frase que nos resulta importante: o concepto xa estaba alí; o que non estaba era a nosa percepción que ese subliñado marca e estabiliza.

As matemáticas comunican utilizando conceptos abstractos. A fraseoloxía e a paremioloxía comunican utilizando un xogo de espellos: *o curral, o bocoi, o palleiro, o arco da vella*. Coma nos mapas conceptuais da Unidade 3 deste libro.

Esa realidade paralela que fai de espello é distinta terra adentro ou mar a fôra (2.10.4.). Pero outras veces a realidade paralela non está na xeografía senón na historia, coma en *pasar máis fame que un mestre de escola* (1.11.) ou *ir entre o millo* (1.13.); ou na metáfora relixiosa, coma en *pasar a mellor vida*.

É curioso detectar que, en tempos nos que seguímo-lo sistema decimal, a fraseoloxía aínda manteña activos restos do anterior duodecimal (os ovos aínda se venden en caixiñas de doce ou seis ovos) e mesmo doutros sistemas anteriores, como o hebreo de moito antes de Cristo que dá ó número 7 o valor de plenitude e que segue presente en ditos como *bicho de sete cabezas, agarda-los sete agardares, anda-las sete partidas do mundo / as sete parroquias, andar apurado coma un gato con sete liviáns, baila-los sete bailares, comer sete comeres, chora-los sete chorares, brincar sete paredes, ter algo baixo sete chaves* ou *A quen non quere caldo, sete cuncas*.

Tamén é curioso descubrir que para o concepto de calar utilizamos referentes pechados, baleiros ou mortos (7.6.).

Fraseoloxía e paremioloxía constitúen, polo tanto, unha linguaxe simbólica; distinta pero tanto ou máis eficaz cá linguaxe matemática. Por ser simbólica está construída con imaxes sorprendentes e, por veces, verdadeiramente surrealistas coma en *bota-la casa pola ventá* (8.4.) ou *custar un ollo da cara (e a metade do outro)* (8.10.), *estar polas nubes* (8.11.).

Permanencia e caducidade dos símbolos

Unha diferenza a favor dos números é que estes son máis estables e universais. En cambio, a caveira sobre dous ósos cruzados, símbolo milenario da morte, xa hai tempo que o é tamén dos piratas e para as novas xeracións deste cambio de milenio esa caveira sobre os ósos cruzados evoca simplemente o mundo festivo do rock and roll, xa sen relación coa morte. Esta transmutación de símbolos e de valores afecta un dos elementos básicos da fraseoloxía (a estabilidade).

Pero a caducidade dos símbolos non é total. Ti sabes que a fraseoloxía é capaz de manter en actividade elementos simbólicos que nacen de realidades desaparecidas hai moito tempo: xa vimos qué pasaba co número sete e aínda hoxe seguimos dicindo *estar sen branca, non ter un can, non ter unha cadela, estar sen un patacón*, por máis que esas moedas (branca, can, cadela e patacón) desaparecesen da circulación hai moito tempo. E aínda se oe nalgúns

sítios, como direi despois, *se-la porta da vila* ou *se-la Porta Faxeira* cando xa non hai murallas nas cidades. E ti sabes tamén que fenómenos modernos coma o rap constrúen os seus longos monólogos rimados precisamente con moitos recursos fraseolóxicos.

Esta é a razón de que os autores deste libro administren a falsa caducidade das imaxes rurais e tamén a transmutación urbana dos valores e dos símbolos.

Peculiaridades europeas e peculiaridades galegas

As metáforas dunha lingua poden ser un labirinto para o foráneo que aprende esa lingua. Por iso precisa unha guía para introducirse nelas. Este libro quere ser esa guía e, se te decides a seguilo, aprenderás fraseoloxía galega e acabarás falando con arte.

En tódalas unidades hai unha sección na que se fai ver como certas locucións galegas son comúns a outras linguas europeas: *comer coma un pito* (1.18.); *estar nos ósos* (2.15.); *ter os pés na terra* (3.15.); *recibir cos brazos abertos* (4.17.); *tomar o pelo* (5.14.); *matar dous paxaros dun tiro* (6.16.); *apertar o cinto* (8.12.); *chover a caldeiros* (9.17.). O mesmo acontece con certos refráns. *De grandes ceas están as covas cheas* (1.21.); *Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda* (2.19.); *Dime con quen andas e direiche quen es* (3.19.); *Nunca chove a gusto de todos* (4.22.); *A onde fores fai como vires* (5.19.); *Un gran non fai graneiro pero axuda o compañeiro* (6.21.); *Ovella que berra, bocado que perde* (7.20.); *A avaricia rompe o saco* (8.17.) ou *A mal tempo, boa cara* (9.23.). Neste libro danse as equivalencias nas cinco linguas hispánicas e tamén en francés, italiano, inglés e alemán. Estes paralelismos forman parte dos que Elisabeth Piirainen considera en *Widespread Idioms in Europe and Beyond*, porque estas coincidencias son paneuropeas e mesmo se estenden algo por Asia e países ós que chegou algo da cultura europea. Os exercicios con fraseoloxismos e refráns semanticamente afíns doutras linguas axudan a ve-la semellanza pero tamén as diferenzas que os distintos pobos europeos temos na observación da realidade. Nisto as linguas que teñen un substrato lingüístico e relixioso común teñen maiores semellanzas.

Pero hai outra zona de confluencia internacional, menos concreta nas palabras e nas imaxes aínda que idéntica na estrutura de fondo: é a que luminosamente desvelou en 1980 G. Lakoff en *Metaphors we live by*. Nunha tarde de inverno estabamos á beira do lume; entrou alguén e deixou a porta aberta e todos sentimos unha onda de aire frío. O avó mandouna pechar con esta sutileza fraseolóxica: *Como lle cheira o alento a esa porta!* Non se dirixiu ó causante senón que considerou a porta como unha boca que botaba un mal alento; personificou a porta. Cando os europeos comparamos co boi e os árabes co camelo, baixo palabras diferentes, as nosas metáforas poden dici-los mesmos conceptos; a comparanza de fondo é a mesma. Para o concepto de aforrar diversas linguas falan de *aperta-lo cinto* (8.12.), para o concepto de chover moito utilizamos recipientes (9.4.) e para a temperatura intensificamos comparando coa *neve* ou co *lume* ou o *inferno* (9.14.). Disto é do que falou Lakoff.

Vivimos nas metáforas e nelas é onde actúa a orixinalidade creativa de cada pobo que produce fraseoloxismos diferentes nos froitos (palabras e imaxes) pero idénticos na estrutura de fondo. Cando os galegos dicimos que alguén ten ollos *verdes coma a auga do mar* ou que alguén *morreu coma un can* (1.2.), estamos dicindo algo que non sería imaxinable noutras culturas, nas que predomina o concepto de *azul mariño* ou nas que os cans son mimados e

nunca abandonados. Son estas diferenzas étnicas na realización das metáforas universais as que fan que a fraseoloxía sempre dea a impresión de se-la parte máis exclusiva de cada lingua e, dende logo, é a que máis lles custa aprender ós foráneos. Como é lóxico, é a estas metáforas ás que se dedica a maior parte dos exercicios deste libro.

A fraseoloxía é un repertorio farturento de recursos estilísticos e un dos que máis utiliza é a hipérbole como *sair o río Anllóns polos ollos* (chorar moito) ou *bater cos pés no cu* (correr a moita velocidade) (1.7.) *cae-los paxaros mortos [coa calor]*. Eufemismos como *vesti-lo traxe de piñeiro* (caixa dos mortos) revelan a intención de suaviza-las desgrazas con palabras amables: a fraseoloxía é unha técnica de supervivencia. Metáforas que atravesaron o Atlántico, como *ir para Chacarita* (“morror”) entusiasmaron o presidente da Academia Argentina de Letras, fillo dun emigrante de Banga, no Carballiño, porque a frase rexistrouse precisamente no Carballiño pero Chacarita é o cemiterio de Buenos Aires, así que tivo que chegar aquí traída por algún emigrante retornado: a fraseoloxía é testemuño vivo da nosa historia.

Curiosas motivacións

Un fraseoloxismo ou un refrán é sempre un cadro que nos fai ver unha realidade cun punto de vista diferente do abstracto ou matemático. De aí que, por veces, designemos como *a porta da vila* (ou en Compostela a *Porta Faxeira*) aquela persoa que sempre é a que vén coas últimas noticias e, sobre todo, a que revela tódolos segredos. A porta das vilas era, ata a desaparición da maior parte das murallas nos séculos XVIII e XIX, o lugar onde se encontraban os que entraban cos que saían e sempre había grupos de xente que paraba a falar. Véxase a sección de *Sabías que...?* no remate da Unidade 7.

Todo fraseoloxismo ten unha motivación. Non é casual que a riqueza vaia case sempre asociada en galego a adxectivos negativos, *podre de cartos* (8.3.): se Galicia estivese dentro da cultura calvinista, e non da católica, quizais a fraseoloxía galega tería outra visión da riqueza.

O dominio da fraseoloxía e da paremioloxía é imprescindible

Curros Enríquez resultou condenado, entre outras cousas, porque nuns versos facía que Deus, vendo este mundo tan desastrado, exclamase: *Se este é o mundo que eu fixen, que o demo me leve*. A condena non tivo en conta que a fórmula *que o demo me leve* en galego non ten sentido literal senón metafórico, dado que a súa tradución correcta é “Este mundo non se parece ó que saíu das miñas mans”. O demo é aí parte dunha hipérbole que ningún galegofalante toma ó pé da letra.

Sen entende-lo valor dos ditos e dos refráns é imposible comprender a Rosalía de Castro, a Curros, a Castelao ou, entre os recentes, a Bieito Iglesias ou os capítulos de series da TVG como *Mareas vivas* e, sobre todo, *Pratos combinados*.

Valores didácticos deste método

O libro que tes nas mans é un método xeitoso para aprender fraseoloxía e paremioloxía galega. Os refráns, por exemplo, ofrécechos incompletos, para estimula-la propia memoria paremiolóxica dos alumnos e a seguir ofrece o exercicio de dar con eles a partir da idea que expresan (2.16.-2.17.).

Moitos exercicios están extraídos do uso real na prensa, na literatura ou na internet co seu contexto e iso dálles veracidade e eficacia.

Hai diversidade de exercicios con refráns: uns esixen memoria para completalo (2.16.); outros esixen reconstruí-lo proceso dende o concepto (2.17.); outros estimulan a memoria sabendo que neles a rima é esencial (1.19.).

Resulta moi práctico que, no remate de cada unidade, aparezan as locucións e fórmulas en formato de dicionario organizado ideoloxicamente; e tamén os refráns explicados e contextualizados: esta sección non só axuda a comproba-lo acerto ou desacerto na realización dos exercicios senón que constitúe unha axuda perenne para máis alá do curso acabado.

O remate do método é tamén moi interesante, por ofrecer unha Unidade 10 que presenta 100 exercicios para refresca-la memoria do aprendido; por ofrecer un solucionario (ben útil en casos de autoaprendizaxe); e por ofrecer tamén un glosario de ditos e outro de refráns, todos ordenados pola palabra principal, que multiplica a utilidade máis aló do propio curso.

De cantos libros coñezo de didáctica da fraseoloxía noutras linguas, este está tan meditado coma os mellores. É sabido que todo libro debe algo a libros anteriores e eu percibo que este beneficiase da experiencia anterior en galego (López Taboada, 1995; López Taboada e Soto Arias, 1995) pero tamén da abondosa metodoloxía en linguas como o alemán, o inglés, o francés e mesmo o ruso. Varias autoras deste libro xa tiñan tamén experiencia anterior en didáctica da fraseoloxía: M. Carmen Losada no libro do español (Losada, 2011) e Alba Cid no da fraseoloxía visual (en Internet). As ilustracións, sempre provocadoras de reflexión ou sobre a estrutura ou sobre o significado do dito ou refrán, contribúen moito a facer que o método sexa novo e orixinal.

Este libro lévate ós falantes

Este é un deses libros que, na súa aparente sinxeleza, apuntan moi alto (e terán que vir versións complementarias con outros niveis) porque o manexo atinado dos refráns e dos ditos (colocacións, locucións e fórmulas) é o nivel máis elevado de dominio dunha lingua; é algo que está por riba do nivel C2; algo que só teñen ordinariamente os nativos; e nativos con moita aldea ou con moito mar. Ti, lector, se cadra pensas que esaxero pero así o di a miña experiencia de alumno que, con setenta anos, segue tendo que consultalos a eles.

Por bo que sexa este método, que o é, tes que saber lector ou lectora, que nada supera en eficacia o trato persoal coa xente de moitos anos (non digo *vellos* porque *Vellos son os trapos*). Por qué? Porque só eles teñen a contextualización exacta, espontánea e sen libros de cada dito ou refrán. É curioso isto: os mellores mestres da fraseoloxía non aprenderon a fraseoloxía en libro ningún. Así que este libro que tes na man é un libro propedéutico ó trato coa xente entrada en anos, ós teus avós: xente que nada desexa tanto coma ter saúde e que lle pregunten algo. Non hai mellor manual de fraseoloxía e paremioloxía que a convivencia cos avós e coas avoas.

Se este libro te leva a intensifica-lo trato con eles e con elas, practicarás, nun mesmo exercicio, fraseoloxía e humanismo: será *filloas con mel*.

Xesús Ferro Ruibal

Introdución

As acepcións do fraseoloxismo *dar trela* (‘animar’, ‘deixar liberdade para facer’, ‘dar confianza para falar moito e sen preocupación’, ‘dar conversa’ e incluso ‘aceptar o galanteo dun namorado’) sérvennos como declaración explícita e directa dos nosos obxectivos co traballo que aquí presentamos. O noso interese pola lexicografía supuxo o punto de arranque e guiounos ao longo das nosas pescudas e reflexións coa fin de elaborar o volume que tes nas mans. Bríndase coa intención de avanzar no tratamento das unidades fraseolóxicas no ámbito do ensino e da aprendizaxe da lingua galega. Xorde como unha proposta dirixida fundamentalmente aos usuarios independentes dos niveis soleira (B1) e avanzado (B2), descritos no *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* (MECR) e nos *Niveis de competencia en lingua galega* (NCLG).

Este manual pretende continuar a liña de libros pioneiros como *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica* de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias ou a iniciativa na rede da *Fraseoloxía visual 1, 2 e 3* de Manuel Bermúdez Blanco e Alba Cid Fernández. Inspírase fundamentalmente no repertorio lexicográfico do *Dicionario de fraseoloxía galega* tamén de Carme López Taboada e María do Rosario Soto Arias, no *Dicionario fraseolóxico galego* de Ramón Anxo Martínez Seixo, no *Dicionario fraseolóxico do mar* de Paco Rivas, no *Dicionario Cumio de expresións e frases feitas: castelán-galego* de Xosé Antonio Pena, no *Refraneiro galego máis frecuente* de Xesús Ferro Ruibal, na sección de “Parecias galegas” do *Refraneo multilingüe* do Centro Virtual Cervantes e, indiscutiblemente, nas distintas compilacións e achegas dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, dirixidos por Xesús Ferro Ruibal. Así mesmo son esenciais na súa redacción o *Dicionario de Dicionarios*, coordinado por Antón Santamarina, o *Dicionario da Real Academia Galega*, dirixido por Manuel González e Antón Santamarina e o *Gran Dicionario Xerais da Lingua*, coordinado por Xosé María Carballeira Anllo.

Os fraseoloxismos —tamén chamados frases feitas, modismos ou locucións idiomáticas— son secuencias compostas por dúas ou máis palabras, caracterizadas pola fixación da súa forma, a lexicalización (idiomaticidade do seu significado) e a institucionalización do seu uso. Neste volume presentamos unha selección duns 800 fraseoloxismos de núcleo verbal, regulares dende un punto de vista formal, bastante transparentes dende unha perspectiva semántica e cunha posible alta proximidade a fraseoloxismos doutras linguas europeas. Tamén presentamos un repertorio de 120 refráns vinculados tematicamente aos fraseoloxismos escollidos por compartiren elementos propios da linguaxe figurada.

A nosa selección de fraseoloxismos e refráns ten moi presentes os temas, o léxico e a natureza das estruturas morfosintácticas que contemplan os descritores do MECR e os inventarios dos niveis B1 e B2 establecidos para a consecución do dominio da lingua galega (NCLG).

Para favorecer a retención na aprendizaxe, o volume atende á dimensión icónica dos fraseoloxismos e refráns, pois o sentido literal adoita sustentar ou orientar o sentido figurado —idiomático— a través da construción dunha imaxe que serve de base a un

proceso cognitivo de interpretación metafórica. Así, algunhas das unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas aparecen acompañadas de ilustracións gráficas (ata un cento) que axudan a visualizar a imaxe do sentido literal e derivala ao significado figurado, que é portador dunha gran carga expresiva no discurso lingüístico.

Á hora de dispoñer e presentar os fraseoloxismos e refráns seleccionados, pareceunos que a clasificación conceptual era a máis apropiada por ser o sistema onomasiolóxico o que máis se asemella á organización do lexicón mental. Así, o volume xira en torno a nove unidades temáticas: (1) accións vitais; (2) aspecto físico; (3) carácter; (4) sentimentos e emocións; (5) relacións; (6) problemas, éxito, fracaso; (7) comunicación e conversa; (8) cartos; (9) tempo meteorolóxico e unha unidade final (10) de revisión. Cada unha das nove unidades temáticas garda a seguinte estrutura:

- Un texto inicial que amosa o uso contextualizado dalgúns dos fraseoloxismos que se tratan nesa unidade.
- Listaxes de fraseoloxismos agrupados en táboas temáticas. O coñecemento duns fraseoloxismos e refráns facilita a aprendizaxe doutros novos por proximidade ou asociación.
- Repertorio de exercicios (por volta de vinte en cada unidade).
- Caricaturas e ilustracións visuais dos fraseoloxismos creadas por Evaristo Corujo, *Tito*.
- Citas que exemplifican e reforzan a comprensión e uso das unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas.
- Actividades de fraseoloxía e paremioloxía contrastiva que ofrecen a oportunidade de experimentar como o coñecemento doutras linguas redundante na mellora da nosa competencia fraseolóxica en lingua galega. Ao mesmo tempo, a reflexión nesta lingua facilita a descuberta da linguaxe figurativa doutras linguas europeas.
- A sección “Para estar de humor!” presenta dúas actividades para o estímulo da expresión e interacción oral baseadas en escenas de Luis Davila.
- O apartado “Para falar” lanza varias suxestións para desenvolver a expresión e a interacción oral.
- A sección “Sabías que...?” ofrece curiosidades que axudan a entender a motivación dalgúns dos fraseoloxismos e refráns vistos na unidade.
- A parte de “Fraseoloxismos e refráns desta unidade” é a compoñente lexicográfica do volume. Respectando sempre a lei de sinonimia, presenta as formas canónicas, os significados e os exemplos de uso co obxectivo de facilitar a comprensión das unidades, a súa descodificación.

Os exemplos proceden maioritariamente de obras de referencia galegas, de dicionarios fraseolóxicos, de consultas no *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), no *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), no *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo* (CLUVI) e de buscas en Internet, aínda que algunhas unidades ofrecen textos da nosa autoría ou recollidas da produción oral espontánea. Os casos de adaptación de textos

galegos obedecen ao carácter didáctico e divulgador do traballo. No caso dos exemplos ilustradores de uso de fraseoloxismos e refráns, a adaptación responde especialmente á necesidade de dotar de elementos de contorna e de contextos suficientemente significativos que poidan servir de modelo no emprego posterior por parte do usuario, na liña dunha práctica produtiva, de codificación.

Os exercicios deseñados (un total de 196) abranguen tarefas de observación, reflexión, consulta, clasificación, selección, substitución, contraste e conversa. Foron creados tendo en conta o sentido literal e figurado dos fraseoloxismos e os refráns, a súa dimensión icónica, a súa complexidade formal, as súas variantes, o seu uso e os posibles paralelismos que poidan existir entre a fraseoloxía da lingua galega e a doutras linguas coñecidas polo usuario, dando cabida á diversidade lingüística como base dunha competencia multilingüe e intercultural. Na selección dos equivalentes noutras linguas aparecen unidades fraseolóxicas e paremiolóxicas de distinto tipo e de uso desigual (na súa frecuencia e rexistro) seguindo as suxestións dos expertos e dos informantes consultados.

Coa fin de desenvolver a aprendizaxe autónoma aconsellada no MCER, o apartado de solucións ofrece as respostas aos exercicios das dez unidades, así como suxestións para as prácticas de carácter interactivo que se poden realizar tamén en contextos de aprendizaxe de aula.

Os glosarios galegos recollen os fraseoloxismos e refráns ordenados alfabeticamente polos seus compoñentes principais (os de maior peso semántico, fundamentalmente adxectivo, substantivo e verbo) con indicación da unidade na que son tratados. O glosario de fraseoloxismos e refráns noutras linguas agrupa as locucións e paremias mencionadas ao longo do volume. O apartado “Achegas dos usuarios” convida a recoller por escrito outros fraseoloxismos e refráns galegos ausentes nestas páxinas. E para rematar, o apartado de referencias ofrece ao usuario do volume a oportunidade de descubrir máis polo miúdo a fraseoloxía e paremioloxía galegas.

Para dar trela. Manual práctico de fraseoloxía galega foi guiado por unha inquietude e un desexo, animar ao desenvolvemento da competencia fraseolóxica e paremiolóxica tendo como horizonte a construción dunha competencia comunicativa multilingüe e intercultural.

M. Carmen Losada Aldrey
Alba Cid Fernández
Xurxo Fernández Carballido

Universidade de Santiago de Compostela
San Xoán, 2015

As portas ás que batemos

Velaquí os nosos agradecementos...

por virnos como auga de maio o seu saber, sentidiño e acolledora dispoñibilidade nas consultas sobre lingua galega e fraseoloxía: Erundina Aldrey Otero, María Álvarez de la Granja, Germán Conde Tarrío, Xesús Ferro Ruibal, Marisol Martínez López e Carmen Mellado Blanco;

pola prontitude de resposta e polo asesoramento nas buscas dos equivalentes dos fraseoloxismos e refráns galegos noutras linguas: Geneviève Lecorre, M. Mercè López Casas, Christina Marchisio, Nuno Manarte, Ana Marques, Carmen Mellado, Juan Carlos Odriozola, José Manuel Pérez Pena, Dolors Perarnau, Dolors Sabaté, Marta Saracho e John Philip Wall. Foi chegar e encher!

por deixarnos sempre coa palabra na boca, pola inspiración e adecuación do cento de imaxes e caricaturas creadas para o volume: *Tito*, Evaristo Corujo Martínez;

por ir ao conto e non ter pelos na lingua, nin no lapis, pola colaboración coas viñetas nestas páxinas: Luis Davila;

por ter tan boa man, polo seu inigualable soporte técnico: Mercedes Botana Couselo, Esther Domínguez Castro, Beatriz Méndez Ferreiro, Sara Pancorbo, Estrella Paz González, Susana Sotelo Docío e Óscar Troncoso Pereira;

e moi especialmente ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por poñernos ao abrigo da súa senlleira Biblioteca Fraseolóxica.

Unidade previa... para entrar en materia

Que é un fraseoloxismo?

A secuencia **ver a luz** amosa dous significados diferentes nos seguintes exemplos:

- (a) Antón **viu a luz** da casa dende a fraga → ‘percibiu pola vista a luz’
- (b) Rosalía de Castro **viu a luz** en Santiago de Compostela en 1837 → ‘naceu’

En (a) estamos ante un significado literal (igual ao da suma dos significados dos seus compoñentes) e en (b), ante un significado non literal (distinto ao da suma dos significados dos seus compoñentes). Neste segundo exemplo atopamos un *fraseoloxismo*, unha unidade formada por dúas ou máis palabras, que está fixada na lingua e gardada na memoria. Ademais, presenta unha lexicalización, é dicir, o seu significado non é literal, non responde á suma dos significados dos seus compoñentes, senón que abrangue algo máis ou deriva en algo diferente. Este novo significado é normalmente de carácter metonímico ou metafórico e vén motivado pola imaxe creada polos propios compoñentes da unidade na nosa mente. É un significado idiomático, fraseolóxico. Outro bo exemplo é o fraseoloxismo **entrar en materia**, unidade pluriverbal, fixada e que significa ‘comezar a tratar un asunto que se debe desenvolver’.

Exercicio previo 1. Indica que tipo de significado teñen as secuencias seguintes.

		Significado
1.	a) Antón viu a luz da casa dende a fraga. → ‘percibiu pola vista a luz’	literal
	b) Rosalía de Castro viu a luz en Santiago de Compostela en 1837. → ‘naceu’	fraseolóxico
2.	a) Está preocupado porque o cabalo lle come terra . → ‘inxire terra’	
	b) Esta persoa leva comendo terra xa hai dous anos. → ‘morta e soterrada’	
3.	a) Roi é un espeto , por iso súa nai quere que coma máis. → ‘está moi fraco’	
	b) O que precisas para asar o polo é un espeto . → ‘é un utensilio de cociña’	
4.	Xunqueira estivo nas nubes durante a aula. → ‘estivo distraída’	
5.	Anxo, por favor, non me veñas con gaitas e fai o teu traballo. → ‘me amoles’	
6.	Ese rapaz caeume atravesado e non o podo ver. → ‘resultoume antipático’	
7.	Esa moza ten moita lingua e axiña insulta. → ‘fala moito e sen respecto’	
8.	Matriculouse, examinouse e aprobou no mesmo día: foi chegar e encher . → ‘conseguiuno de forma inmediata e sen grande esforzo’	
9.	Con ese negocio fixo o agosto . → ‘obtivo un gran beneficio’.	
10.	Colleuno a tormenta sen paraugas e chegou a casa coma un pito . → ‘moi mollado’	

Que é un refrán?

Os refráns ou paremias son máximas sentenciosas expresadas de maneira clara, directa e concisa. Conteñen pensamentos cargados de experiencia, configúranse en mostras da vitalidade da lingua e interprétanse como espello da identidade dun pobo. Como os fraseoloxismos, os refráns tamén se caracterizan por presentaren fixación e idiomaticidade. Normalmente son unidades oracionais complexas cunha estrutura bimembre que actualiza dúas realidades. Presentan un alto coidado estético e adoitan usar, entre outros recursos estilísticos, a rima. Deste xeito, interiorízanse mellor na memoria colectiva e logo é moi doado lembralos e empregalos, segundo mellor conveña na fala e na escrita.

Exercicio previo 2. Engade estes compoñentes nos refráns que os precisan.

ceas	eito	falador	lobos	madruga
muda	queda	regalado	San Xoán	sentado
1. De grandes ... <i>ceas</i> ... están as covas cheas.				
2. Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona				
3. Home non fai bo mandado.				
4. Do dito ao feito, vai un grande				
5. Na terra dos, hai que ouvear coma todos.				
6. A quen, Deus o axuda.				
7. A bo entendedor, curto				
8. A cabalo non lle mires o dentado.				
9. Tempo e fartura, logo se				
10. Polo a sardiña molla no pan.				

Por que son importantes os fraseoloxismos e os refráns?

Ambos os dous, os fraseoloxismos e os refráns, forman parte inherente da lingua e tenden a aparecer decote nas interaccións xenuínas dos falantes, na literatura e nos distintos medios de comunicación. O dominio dunha lingua, saber usala con naturalidade e propiedade, pasa por ter un bo coñecemento da súa fraseoloxía e paremioloxía, para poder activalas nas conversas, nas redes sociais e nos xornais. Sirva este manual práctico como modesta achega á engaiolante luz desta importante compoñente da lingua galega, reforzo indiscutible da nosa expresividade. Sen dúbida, incorporar a fraseoloxía á vida cotiá proporciona un valor engadido de calidade.

Unidade 1. Accións vitais

Unha avoa e o seu neto adolescente conversan. Comentan como era a festa grande da aldea. Repara nos fraseoloxismos empregados.

- Oíches, avoa? Levan media mañá tirando fogos...
- Si, trouxeron o fogueteiro onte á noite. Canto cambian as cousas! Hai sesenta anos **non pegaría ollo**¹ nunha noite coma esta!
- E logo?
- Da emoción! Da emoción porque comezasen as festas **pasaba a noite en branco**², inqueda, pensando quen viría, adiantándome aos bailes...
- E que facía a xente na festa?
- Pois máis ou menos o que se fai hoxe, pero co entusiasmo do que tarda en se repetir. Había quen pasmaba diante da orquestra e quen bailaba: a túa nai, por exemplo, **bailaba coma unha buxaina**³, era un espectáculo vela, non me estraña que teu pai lle botase o ollo de contado! Tamén había quen comezaba a **mollar a palleta**⁴ pola tarde e acababa **agarrando unha tranca**⁵. No segundo pase, xa moitos **estaban peneques**⁶ e **facían eses**⁷.
- E ao día seguinte?
- Pois ao día seguinte, ninguén **ficaba a durmir nas pallas**⁸, todos se puñan ben guapos e ían á misa das 12. Despois, tanto os que **estaban a pan e auga**⁹ coma os que todo o ano **comían coma curas**¹⁰, **enchían o bandullo**¹¹ na comida familiar. Nós sempre preparabamos un cocido que **resucitaba un morto**¹², salvo o ano en que **dei a luz**¹³ ao teu pai...
- Entón papá foi nacer en plena festa grande?
- Claro! Aconteceu xusto antes da misa do domingo, con 24 anos. Cando o teu pai **veu ao mundo**¹⁴, a igrexa e a aldea estaban todas engalanadas! É curioso, tamén por estas datas **pasou a mellor vida**¹⁵ moita xente da parroquia...
- Como? Que á xente **lle chegaba a hora**¹⁶ precisamente nas festas?
- Si, si, senón mira a cantidade de cabodanos que hai estes días. Home, a calor das datas pode ter algo que ver...
- A calor e as enchentes! Falando diso, avoa, non vexas como **me ladra o estómago**¹⁷ con esta conversa e con ese arrecendo... Con que imos **matar o becho**¹⁸?

¹ non durmíría.

² estaba esperta toda a noite.

³ danzaba moi ben.

⁴ beber.

⁵ embebedándose moito.

⁶ estaban algo borrachos.

⁷ zigzagueaban por estaren bébedos.

⁸ quedaba durmido.

⁹ tiñan falta de comida.

¹⁰ comían moito e ben.

¹¹ comían moito.

¹² devolvíalle a enerxía a calquera.

¹³ tiven, parín.

¹⁴ naceu.

¹⁵ finou.

¹⁶ morría.

¹⁷ sinto algo de apetito.

¹⁸ calmar o apetito.

Exercicio 1.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións.

1. O neto non podía durmir polo ruído dos fogos. ☐
2. A avoa di que a ela lle gustaba moito brincar na festa. ☐
3. O pai do rapaz ten 24 anos. ☐
4. Polo que di a avoa, na festa grande da aldea todos comían e bebían moito. ☐
5. Nesa aldea había moita xente que morría canda as festas. ☐

As accións vitais do ser humano centran gran número de fraseoloxismos que poñen en relación a traxectoria vital con realidades do día a día.

Exercicio 1.2. De seguido, repara nestes grupos de fraseoloxismos e asígnalle o tema que corresponda a cada grupo.

NACER	EVACUAR	DURMIR	COMER	MORRER	BEBER
1. ... NACER ... vir ao mundo ver a luz traer ao mundo	3. ladrarlle o estómago a alguén matar o becho gardar a boca encher o bandullo ter bo dente	5. andar pitoño vir Pedro Chosco deitarse coas galiñas non pegar ollo pasar a noite en branco quedar a durmir nas pallas			
2. estar cos pés na cova chegar a hora encartar a gaita estirar o rabo vestir a caixa de piñeiro ir para o buraco saír da casa por pés alleos comer terra estar a criar malvas	4. mollar a palleta afogar a ra cargar o carro coller unha tralla apañar unha boa prea estar coma unha cuba levar unha trompa enriba	6. ir ao cen ir entre o milllo facer as necesidades facer de corpo facer bis-bis sacar o paxaro a respirar			

① **Pedro Chosco** é unha personaxe mítica galega que fai durmir os meniños e meniñas con suaves aloumiños.

Os máis vellos contos din que **Pedro Chosco** é o ananiño que fai durmir os nenos pón dolles pedras sobre as pálpebras. Este Pedro Chosco anda polas casas escusado e ninguén o pode ver. Cando chega a noite, vaise achegando aos nenos deitados no colo da nai, ou nos bancos a carón do lume, e fainos durmir do xeito que sabemos.

Miguel A. Mato Fondo, *Xope de Lilaina* (adaptado)

Se me dormes pronto tamén che darei os catro cabalos dos fillos do rei, as sete estreliñas do carro dos ceios i as lúas noviñas que gardo nos seios, un galo que baila e un año que canta, un arbore de zucre e un anxo de prata, un mar pequerrecho que teño escondido con cen mariñeiros de branco vestidos... O bon **Pedro Chosco** xa comenza a vir. Probes meus ollíños non se poden abrir!

Eduardo Blanco Amor, *Cancioneiro* (adaptado)

Exercicio 1.3. Relaciona as palabras en destaque co seu significado literal.

- | | |
|--|--|
| 1. <i>Adoro esa blusa con ese lindo estampado de malvas que traes hoxe. Onde a mercaches?</i> | A. Instrumento tradicional galego de sopro constituído por fol, ronco, soprete e punteiro. |
| 2. <i>A miña compañeira de piso toca a gaita e a cada vez que se pon a ensaiar parece que a casa vai derruír.</i> | B. Árbore moi común no territorio galego e que dá piñas e unhas follas aguzadas chamadas fasco ou agullas. |
| 3. <i>Apoia a bicicleta nese piñeiro para que non caía.</i> | C. Flores pequenas de cor máis clara ca o morado, tirando a rosa. |
| 4. <i>Cando o meu pai se pon a contar historias do rancho durante o servizo militar obrigatorio, é mellor fuxir; porque non para! Non se decata de que afortunadamente iso xa non existe!</i> | D. Marxe, orla marítima ou fluvial. |
| 5. <i>Na outra beira do río Miño sitúase Portugal.</i> | E. Comida para soldados ou mariñeiros. |
| 6. <i>Vou ter que comprar unha palleta nova para a gaita, porque a vella xa está estragada.</i> | F. Lámina metálica ou de cana cuxas vibracións producen o son en certos instrumentos de vento. |

① A gaita ten unha palleta que precisa certo grao de humidade para que soe ben. Ese é o motivo polo que os gaiteiros tocan antes da actuación para que a palleta estea húmida e o instrumento en boas condicións. Hai quen considera que a expresión **mollar a palleta** está ligada ao hábito de os músicos iren aos bares entre peza e peza. Sempre hai quen convida a un vaso de viño ou a unha copa de augardente a aqueles que amenizan as festas e romarías con alboradas e pasacalles por Galicia adiante.

Exercicio 1.4. Relaciona as palabras en destaque co seu significado literal.


- | | |
|--|---|
| 1. <i>Vas ter que controlar máis a dieta, porque ese bandullo non che para de medrar.</i> | A. Cola, prolongación da columna vertebral dalgúns vertebrados na parte posterior do seu corpo. |
| 2. <i>Sempre que chego á casa o meu can non para de lle dar ao rabo cheo de ledicia por me ver.</i> | B. Corpo de animal morto en descomposición. Despoxos. |
| 3. <i>Nos tempos dos meus pais os nenos da escola sempre estaban a xogar á buxaina.</i> | C. Recipiente grande, construído de diversos materiais, normalmente en forma cilíndrica e para conter líquidos. |
| 4. <i>Despois da vendima enchemos dúas cubas de viño.</i> | D. Trompo, brinquedo tradicional de madeira que se lanza contra o chan cunha baraza para que xire. |
| 5. <i>Aves e outros animais aproveitan as preas do monte para a súa alimentación.</i> | E. Estómago dos animais; barriga moi grande dunha persoa. |

Exercicio 1.5. Relaciona.

- | | |
|-----------------------------|-----------------------|
| 1. encartar | A. malvas |
| 2. estar a criar | B. a gaita |
| 3. vestir $\longrightarrow$ | C. a caixa de piñeiro |
| 4. matar | D. a rancho |
| 5. comer | E. o becho |



bailar coma unha buxaina



vestir a caixa de piñeiro

Exercicio 1.6. Repara nos seguintes fraseoloxismos e asigna o tema correspondente.

apagar a sede	encher o bandullo
apañar unha boa chea	gardar a boca
cargar o carro	mollar a palleta
comer coma un pito	non pegar ollo
deitarse coas galiñas	pasar a noite en branco
durmir coma unha pedra	ser un saco sen fondo

BEBER	<i>apagar a sede</i>
BEBER MOITO (EMBEBEDARSE)	
COMER MOITO (FARTARSE)	
COMER POUCO	
DURMIR	
NON DURMIR	

Estou seguro que os feirantes son máis felices que os habitantes de Manhattan, en Nova Iorque, entre outras cousas, porque non comen cachelos con sardiñas, como dicía Castelao. Nas feiras era obrigado **mollar a palleta** con algún viñiño nobre, xeneroso, fiel e confidente coma un Mencía ou un Godello. Se podía ser da Ribeira Sacra mellor, pois ó ser sagrado está abençoado, é manso de corazón, humilde, razoador e está arrolado pola música dos dous grandes ríos galegos, o Sil e o Miño.

Xosé Estévez, *A lagoa da memoria* (adaptado)

- ❶ O refrán **Non se fai o palleiro sen palla** é moi empregado cando queremos dicir que alguén está gordo porque, aínda que ás veces queiramos finxir que non comemos tanto como os quilos demostran, comemos. Ou sexa, para facermos o palleiro (o corpo con exceso de quilos), precisamos palla (comida).

Exercicio 1.7. Identifica o fraseoloxismo que fai referencia a cada unha das seguintes accións vitais.

1. CHORAR

- a) estar pitoño
- b) pingar o moco
- c) ir entre o millo

2. OURIÑAR

- a) cambiar a auga ao paxaro
- b) vir Pedro Chosco
- c) traer ao mundo

3. CORRER


- a) estar máis alá ca aquí
- b) ladrar o estómago
- c) bater cos pés no cu

4. BOCEXAR

- a) erguerse co galo
- b) abrir a boca
- c) pasar a noite en branco

5. DANZAR

- a) ter bo dente
- b) bailar coma unha buxaina
- c) saír o río Anllóns polos ollos



bater cos pés no cu



saír o río Anllóns polos ollos

- ① Cando alguén abre a boca a bocexar e a facer moito ruído, reacciónase dicindo **Ou fame ou sono ou maña do dono**. A persoa que bocexa debe confirmar por que bocexa, se pola fame, polo sono ou polo costume desagradable do protagonista, pois abrir a boca en público non é considerado de boa educación. Tamén podemos escoitar a variante **Ou fame ou sono ou ruindade do dono**.

Exercicio 1.8. Os fraseoloxismos establecen unha división clara entre o nacemento, que relacionamos coa luz, e a morte, ligada á escuridade. Relaciona.

NACER	→	a. ir para o buraco
		b. ver a luz
		c. dar a luz
MORRER		d. apagarse a candeia da vida
		e. ir para a cova

- ① Existe algo que poida **resucitar un morto**? Pois para moitos galegos comer e beber a fartar! Un bo caldo, unha mariscada, unha churrascada, un bo viño do Condado ou un albariño poden ter esa capacidade milagreira. Aínda que xa se sabe que mesmo que os excesos nos poidan **levar para o outro mundo** (o que hai despois da morte), sempre podemos dicir **perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe**.

Exercicio 1.9. Completa cada secuencia cun fraseoloxismo.

- | | |
|--|--|
| <ol style="list-style-type: none"> O teu pai vai ter que comezar a facer dieta. Iso de ir beber viños e _____ todos os seráns polas tabernas fixo que engordase moito. Papá! Non me poñas aínda o xeadro porque teño que _____. Veño xa! Xa sabes como che son os meniños, brincan, pelexan, póñense a _____ e aos cinco minutos xa son amigos outra vez. O profesor de galego debeu _____, porque xa son e vinte e non dá chegado ás aulas. Mari debeu _____ na festa de onte. Chegou a cantar o Miudiño e foi a tombos até a cama. Toda unha vida a traballar, a criar os fillos, a pasar apertos e agora que podía gozar da vida ten que _____. | <ol style="list-style-type: none"> mollar a pestana cargar o carro ficar a durmir nas pallas encher o papo saír da casa por pés alleos ir ao cen |
|--|--|

① **Ir ao cen**

Nos camiños de ida e volta das migracións, rexístranse historias lingüísticas curiosas. Por exemplo, na área de Vigo dise **ir ao cen** cando queremos dicir que precisamos ir ao cuarto de baño. Probablemente os emigrantes galegos retornados introduciron na lingua galega a expresión porteña “ir al cien”, que así eran coñecidas as latrinas, por seren identificadas co número “100” nos baños públicos.

Exercicio 1.10. Agora emprega os verbos do cadro para formares fraseoloxismos.

pingar	cambiar	comer	pasar	matar
encher	caer	coller	ir	vir

1. _____ ao mundo (NACER)
2. _____ terra (MORRER)
3. _____ unha tralla (EMBEDARSE)
4. _____ a noite en branco (NON DORMIR)
5. _____ o becho (COMER)
6. _____ para o buraco (MORRER)
7. _____ co sono (DORMIR)
8. _____ a auga ao paxaro (OURIÑAR)
9. _____ o papo (COMER)
10. _____ o moco (CHORAR)

- ① A orixe do fraseoloxismo **pasar a noite en branco** pode estar no ritual dalgunhas ordes de cabalaría nas que se esixía que o aspirante pasase a noite anterior a ser armado cabaleiro velando as súas armas. Estes futuros cabaleiros debían estar limpos e ben vestidos. Tras recibir a confesión e a comunión, normalmente cubríanse cunha túnica branca, símbolo de pureza. Así pasaban a noite, vestidos de branco, orando, pedindo perdón polos seus pecados e solicitando a asistencia divina para acometer as tarefas que se lle ían asignar como cabaleiro.

Exercicio 1.11. Por desgraza, nin sempre se pode comer o que se precisa. Por iso existen fraseoloxismos que lembran a fame que se pasou noutrora ou que se pode chegar a pasar.

1. Este rapaz é moi mixiriqueiro: non quere cebola, non gosta dos chicharos, aparta as patacas... É todo vicio! Eu que _____, sei ben do que falo.	
2. Cando chegaron de correr os 40 quilómetros da carreira popular traían unha fame doente, _____!	a. pasar máis fame ca no corenta e un
3. A profesora de galego estivo moi atarefada a facer exercicios de fraseoloxismos e cando chegou á hora do xantar e viu a empanada de millo con xoubas, _____.	b. estar a pan e auga
4. Unha cousa é facer dieta e outra moi diferente é _____! Iso non é bo para a saúde.	c. comíaa cos ollos
5. Durante a Guerra Civil e a posguerra, a xente pasou moitísima fame, por iso os máis vellos sempre empregan a expresión _____.	d. comían a Deus polas pernas
	e. pasei máis fame ca un mestre de escola

Exercicio 1.12. Fai a mellor escolla, segundo o contexto.

1. O tempo pasa e non para. A miña profesora de piano xa era moi vella cando me daba aulas. Eu penso que xa debe _____.	a) estar a criar malvas	b) estar a cargar o carro	c) estar a durmir nas pallas
2. Xoana e André andan con sono porque pasaron a noite a namorar sen tempos nin medidas. Tamén é certo que esa é a mellor razón para _____!	a) estar pitoño	b) facer de corpo	c) cambiar a auga ao paxaro
3. O dono deste edificio foi un home moi abastado e influente, mais por problemas co banco acabou por _____.	a) encher o papo	b) matar o becho	c) morrer coma un can
4. Pola festa do San Xoán na zona de Vigo é tradicional ir roubar portais e cancelas, mais xa se sabe, tes que estar pronto para _____, porque se che sae o dono dáche unha boa malleira.	a) saír da casa por pés alleos	b) chamarlle aos pés compañeiros	c) facer de corpo
5. O que peor levo do horario da tafona é que teño que _____ e non podo nin cear como as persoas!	a) ir entre o millo	b) ir para a cova	c) deitarme coas galiñas

Exercicio 1.13. Dentro das accións vitais, existen algúns campos tabú, como defecar ou ouriñar. Para beber ou comer empregamos a ironía. Utiliza os fraseoloxismos á dereita para evitar a secuencia subliñada.

- | | |
|--|--|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Xa son as dúas da tarde e Carme non chega, vou ter que <u>comer algo para aguantar un pouco máis</u>. 2. Eu é tomar café, fumar un pitillo e <u>ir cagar</u>. 3. Fernanda sempre debe <u>acordar cedísimo</u>, porque cando eu me ergo da cama, mesmo ao domingo, xa vén ela de correr, tomar un café, ler o xornal e comprar o pan. 4. Tendes que desculpar, mais teño que <u>ir botar unha mexada</u>. 5. O teu fillo onte debeu <u>acabar baixo os efectos das bebidas alcólicas</u>, porque aínda eran as once da noite e xa ía facendo eses! | <ol style="list-style-type: none"> a. erguerse co galo b. matar o becho c. apañar unha boa chea d. cambiar a auga ao paxaro e. ir entre o millo |
|--|--|

❶ **Ir entre o millo** é un fraseoloxismo que parte dunha realidade concreta. Nos tempos nos que as casas non tiñan cuartos de baño, sobre todo no mundo rural, as persoas empregaban as cortes dos animais, as esterqueiras ou espazos entre o millo para faceren as súas necesidades. Hoxe, afortunadamente, só nos fica o fraseoloxismo.

Exercicio 1.14. Substitúe en cada un dos seguintes textos os treitos subliñados por un dos fraseoloxismos traballados na unidade.

Exemplo:

Xosé María Díaz Castro, escritor homenaxeado co Día das Letras Galegas 2014 naceu na comarca luguesa da Terra Chá: viu a luz / veu ao mundo

1. Xoana non está afeita a beber e púxose fatal co viño, mesmo se puxo a mexar entre os contedores á porta da discoteca.
2. Onte atacáronme dous cans cando paseaba pola alameda e tiven que correr a toda velocidade.
3. Cando Alba ten unha paparota na casa excédese e come ata fartar.
4. Como é este tipo! Ten un horario aburridísimo, vai para a cama moi cedo.
5. Ai chachiña! Non che somos nada! Toda unha vida de traballo, laboura e criar os fillos para morrer agora, que acababa de coller a xubilación.

Exercicio 1.15. Elix a opción correcta.

1. E como decote se deitaba cedo, veulle _____ e quedouse durmido no seu recuncho, ó pé do lume. Nesa foi cando se botou a soñar. Soñou que os Reis lle trouxeran un cabaliño pequecho. Un cabaliño feituco, de pau de buxo, que abundaba con poñerlle unha man no rabo pra que saíse voando coma unha anduriña.

Xosé Neira Vilas, *O cabaliño de buxo*

- a) un frade b) o bandullo c) a gorxa d) Pedro Chosco

2. Queríao (quéroo) para min soa e mais ninguén. Quero entrar en cada recanto da súa mente e investigar cada centímetro da súa pel. Pero sempre anda co badulaque ese que sempre o estraga todo. ¡Ah! Pero podo agardar que chegue a hora na que, bébedo coma _____ caía nun sofá e o deixe só.

Xerardo Méndez, *O abrente é un desatino*

- a) a caixa de piñeiro b) a palleta c) un cura d) unha prea

3. Cando se come polbo, non se debe beber auga, pois os anacos reúnen de novo no estómago e reconstrúen o animal. Pódese mesmo estoupar e non hai remedio. Díóxenes o cínico morreu rebentado por _____ de polbo. Non se pode comer polbo os meses que non teñen erre, ou sexa de maio a agosto («mentres cante o cuco, non comas raia nin polbo»).

Xoán R. Cuba Rodríguez et alii, *Diccionario dos seres míticos galegos* (adaptado)

- a) malvas b) unha tralla c) unha enchente d) un cuco

4. Naturalmente, o xulgado de Bande inclinouse pola hipótese de suicidio e don Plácido Mazaira fixo intento de non lle _____ sagrada á defunta, pero desistiu de seguida ao parecer temeroso da reacción dos populares de Lobosandaus e fixo coma se non fose sabedor.

Xosé Luís Méndez Ferrín, *Arraianos*

- a) dar terra b) cargar o carro c) ir ao cen d) matar o becho

5. Medo, non: tristura, sabendes? Porque a miña vida cóntase por días ou cicais por horas. Eu ben quixera ter folgos dous aniños máis; pero non tardarei en _____. Avisoume a Morte, sabendes? Ela mesma.


Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Os vellos non deben de namorarse* (adaptado)

- a) ir peneque b) comer terra c) comer papas d) comer coma un frade


Exercicio 1.16. Mira estas imaxes e escribe o fraseoloxismo.



1. pito



2. galiñas



3. estómago



4. ollos

Exercicio 1.17. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Alguén non pega ollo porque pasa a noite en branco. ☐
2. Unha persoa déitase coas galiñas porque precisa cambiarlle a auga ao paxaro. ☐
3. Cando unha persoa molla a palleta, tamén encarta a gaita. ☐
4. Se che ladra o estómago é mellor que mates o becho. ☐
5. Alguén está a criar malvas porque saíu da casa por pés alleos. ☐

Exercicio 1.18. Observa este fraseoloxismo en diferentes linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do fraseoloxismo galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

comer coma un pito
(galego)

menjar com un ocellet (catalán)
comer coma un paxariño

comer como un pajarito (español)
comer coma un paxariño

avoir un appétit d'oiseau (francés)
ter o apetito dun paxaro

mangiare come un uccellino (italiano)
comer coma un paxariño

comer como um passarinho (portugués)
comer coma un paxariño

txori batek bezala jan (éuscaro)
comer coma un paxaro

wie ein Spatz essen (alemán)
comer coma un pardal

eat like a bird (inglés)
comer coma un paxaro

Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñeças. Coméntao.

- ❶ Beber alcol, sobre todo viño, é algo absolutamente natural nas terras galegas e aínda que o refrán **O que se dá á bebida, ben pouco estima a súa vida** chama a atención sobre o problema do alcolismo, son moitos os refráns que fan referencia ás bondades do viño: **O que non bebe viño, non ten amigo; A bo viño non hai mal bebedor; Polo San Martiño, proba o teu viño; Un gotiño de augardente deixa o estómago quente e fai o home forte e valente; Cando o vello non pode beber, pódennlle a cova facer.**

Exercicio 1.19. Procura nas seguintes combinacións o refrán galego.

1. De morrer ninguén escapa,	a) aínda que corras moito. b) se non quere. c) nin o rei nin o papa.
2. O que se dá á bebida, —————→	a) ben pouco estima a súa vida. b) fai ben. c) foxe da cova.
3. A comida que se perde por comida,	a) xa está no bandullo. b) non é perdida. c) que se lle vai facer.
4. Caldo sen pan	a) dáselle ao can. b) é unha desgraza. c) é o mellor que hai.
5. A todo porquiño	a) se lle abre a boca. b) lle chega o seu San Martiño. c) se lle dá por durmir na esterqueira.
6. Comer e rañar,	a) todo o malo é comezar. b) polo San Xoán. c) enriba da maseira.

Exercicio 1.20. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. –Era un ditador cruel e sanguinario, que oprimiu e torturou o pobo a través da policía política e os militares, pero a revolución depúxoos, foi xulgado e condenado polo Tribunal Internacional da Haia. Xa se sabe, _____.
2. –Antonio ten un problema gravísimo de alcolismo. O refrán non engana, _____.
3. –Non comas agora pan, que vas xantar.
–Non te preocupes, que _____.
4. –Avoa, iso de botar pan no caldo é moi estraño!
–Cala mociña, cala, que _____.
5. –Non escoitaches as noticias, morreu Don Celidonio Mourente Ferreira, dono do Banco de Esteiro!
–Ai, ho! Xa cho di o refrán, _____.
6. –No día do Entroido puxémonos a xantar lacón con grelos ás dúas da tarde, eran as oito e aínda estabamos co café!
–O refrán non mente, _____.

- ❶ A paremioloxía galega conta con refráns que poden guiarnos á hora de comer: **Almorza ben, come máis e cea pouco, e vivirás; Boa cea cea aquel que (case) non cea; O que cea e vaise deitar, mala noite quer pasar; Se queres enfermarse, cea moito e vaite deitar.** Outros advirten do perigo dos excesos: **De grandes ceas están as sepulturas cheas; De fame non morre ninguén; de moito comer máis de cen.**

Exercicio 1.21. Observa os equivalentes do refrán **De grandes ceas están as covas cheas** noutras linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Comenta cos compañeiros.

**De grandes ceas
están as covas cheas**
(galego)

Un bon sopar fa anar al fossar (catalán)
Unha boa cea fai ir para o cemiterio

De grandes cenas están las sepulturas llenas (español)

On creuse sa tombe avec ses dents (francés)
Un cava a súa tumba cos seus dentes

Ne uccide più la gola che la spada (italiano)
Mata máis a gula ca a espada

Das grandes ceias estão as covas cheias (portugués)

Guti hiltzen goseak, hainitz, aldiz, aseak (éuscaro)
A fame mata poucos pero a fartura moitos

Große Bäuche, frühe Leiche (alemán)
Grandes barrigas, cadáveres temperáns

Don't dig your grave with your own knife and fork (inglés)
Non caves a túa tumba co teu propio coitelo e garfo

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

➔ Para estar de humor!



Luis Davila, *O bichero I*



Luis Davila, *O bichero IV*

Escena 1. Repara no primeiro deseño. Describe a situación e os comportamentos destes comensais e as súas consecuencias. Que fraseoloxismos ou refráns poderíamos empregar?

Como son as comidas familiares na cultura do teu país? A xente **enche o bandullo** ou **come coma un pito**? Reúnese moita xente? As grandes celebracións familiares costuman ser ao xantar ou á cea? Segundo a túa cultura cales son os principais pratos nunha festa? Varían os pratos segundo a altura do ano? Que bebidas se consomen?

Escena 2. No segundo deseño temos un bo exemplo de que **o palleiro non se fai sen palla**. Describe a situación da escena empregando fraseoloxismos e refráns.

→ Para falar...

Exercicio 1.22. Chegou o momento de falarmos! A morte é a outra cara da vida. Só que o grao de pena, mágoa e anguria á volta da morte varía tamén na fraseoloxía: desde o sufrimento, o transe até o sentimento de paz. Consegues describir as sensacións que che transmiten estes fraseoloxismos?

FRASEOLOXISMO	DESCRICIÓN
comer terra	<i>Cando alguén morre, deixa de comer outra cousa que non sexa terra.</i>
estar entre catro velas	
descansar en paz	<i>Relaciónase a morte coa idea da paz eterna, fóra das preocupacións dos vivos.</i>
encartar a gaita	
estar a criar malvas	<i>As malvas son unhas plantas que nacen nos cemiterios e que por iso son relacionadas coa morte.</i>
vestir a caixa de piñeiro	
estar entre o caldeiro e a cruz	<i>Estar morto e rodeado de simboloxía relixiosa: a cruz á cabeza e o caldeiro con auga bendita aos pés.</i>
estar máis alá ca aquí	
morrer coma un can	<i>Morrer só, en soidade, esquecido e con sufrimento.</i>
pasar a mellor vida	

Exercicio 1.23. A vida é un teatro! Repara que moitos fraseoloxismos parten de imaxes que podemos construír na nosa imaxinación. Consegues teatralizar estes fraseoloxismos?

EXEMPLO: ver a luz → *Ir á xanela e ver a luz do sol que penetra.*

1. comer terra.
2. encher o bandullo.
3. estar borracho coma un bocoí.
4. durmir coma unha pedra.
5. apagarse a candeia da vida.
6. mollar a pestana → *Choromicar sen importancia.*



estar borracho coma un bocoí

① O andar miudiño

Como moitas outras veces, non se sabe que foi antes, se a cantiga popular ou a canción do grupo vigués *A Roda*. O certo é que esta banda popularizou esta cantarela ata o extremo que non hai festa, saída á noite, xantarada familiar ou entre amigos, que non acabe a cantar ata a extenuación “O andar miudiño”, cuxa letra é:

Éche un andar miudiño,
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño,
miudiño, miudiño,
o que eu traio.
Que eu traio unha borracheira
de viño, que auga non bebo.
Mira, mira Maruxiña;
mira, mira, como eu veño.
Éche un andar miudiño...

→ Sabías que...?

Pasar máis fame ca no corenta e un

A posguerra, o illamento político e a recrudescencia da II Guerra Mundial provocaron grandes dificultades no noso país. Era o ano mil novecentos corenta e un, e a xente pasaba moita fame, angurias e necesidades. Esa é a orixe da expresión **pasar máis fame ca no corenta e un**, que a maioría dos nosos avós repiten sen parar cando alguén está con fame, cando alguén estraga, desaproveita ou anda con mixiricadas á hora de comer e, sobre todo, enuncian este fraseoloxismo con sufrimento cando lembran aqueles duros anos das súas vidas.

Por desgraza, os conflitos bélicos provocan morte, dor e fame, mais tamén son orixe de moitos fraseoloxismos: **máis se perdeu en Cuba, estar entre gregos e troianos, pasar as de San Quintín, non haber mouros na costa** etc.

Tamén facendo referencia á fame, temos en galego o fraseoloxismo **pasar máis fame ca un mestre de escola**, porque nin sempre os profesores tiveron o prestixio e os salarios dignos que teñen hoxe. Daquela eran persoas que recibían salarios moi baixos por parte do Estado ou mesmo eran pagos polos pais, con todas as limitacións económicas da sociedade da altura. Mesmo había profesores que recibían en produtos agrícolas a compensación polo traballo de docentes, eran as coñecidas como escolas de ferrado.

O morrer

O morrer é algo tan importante, orixina tal multitude de reaccións (tristura, xenreira, medo...) que, por forza, un idioma vese na obriga de forxar as denominacións concordes co mundo das inxedanzas que a morte provoca entre as xentes. O morrer non sempre se presenta como un feito grave ou doloroso. Xusto por ser un feito patético, unha terrible mágoa, é polo que o home inventa os eufemismos, é dicir, aquelas fórmulas que, aludindo a unha realidade tremenda, réstanlle tremendismo (finar, falecer, entregar a alma, irse etc. no canto de morrer). Tamén o humor, a rexouba e mais o xogo poden presidir algunha denominación cando concorren algunhas circunstancias (irlle gardar os pitos ó cura, ir dar esterco). Nesas intres nós estamos por enriba da morte, perdémoslle o respecto, e podemos xogar a nomeala de cen maneiras expresivas. Non nos estrañe, pois, que a realidade “morrer” orixine en calquera lingua un feixe, non pequeno, de denominacións.

Xesús Alonso Montero, “As duascenas vinte maneiras de morrer en Galicia” (adaptado)

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→Fraseoloxismos

1.1. NACER

dar a luz

traer ao mundo a alguén

Parir: *Sabela **deu a luz** onte á noite. / Ana non ten nin unha soa variz e iso que **trouxo ao mundo** tres fillos.*

ver a luz

vir ao mundo

Nacer: *Eduardo Blanco Amor **veu a luz** en 1897. / Manuel Lustres Rivas **veu ao mundo** na vila de Ribeira en 1888.*

1.2. MORRER

ESTAR MORIBUNDO

apagárselle a candeada da vida a alguén

Estar a piques de morrer; comezar o transo á morte: *Desde que lle morreu a muller **fóiselle apagando a candeada da vida.***

estar cos pés na cova

estar cos pés para a cova

Estar a piques de morrer por ter pouca saúde ou moitos anos: *Xa non se ergue da cama, **está cos pés na cova.***

estar máis alá ca aquí

Estar moribunda unha persoa, á beira da morte: *O seu avó **está máis alá ca aquí.** Non penso que chegue a mañá.*

MORRER

chegar a hora

***Chega a hora** cando menos o agardas. Ao Tucho acabáballo de tocar o Euromillóns e morreu dun infarto ao coñecer a noticia!*

encartar a gaita

*Seu pai pasou moitas dificultades e morreu, ou, como el dicía, **encartou a gaita**, sen saber o que era pasar uns días de descanso na praia.*

estirar o rabo

*O patusco do Ñuco **estirou o rabo** no día de San Martiño, a comer e a beber. Mellor non se pode morrer.*

ir para a cova

*Non soporto as persoas hipocondriacas, todos **imos para a cova**, daquela para que tanto medo!*

ir para o buraco

*Como continúes sen lle facer caso á médica vas **ir para o buraco** decontado.*

pasar a mellor vida

*A miña mestra de primaria, que xa debeu **pasar a mellor vida**, foi a mellor docente que xa tiver.*

saír da casa por pés alleos

*Non te preocupes polos cartos Xoán, que has de **saír da casa por pés alleos**, como facemos todos.*

vestir a caixa de piñeiro

*Debe haber unha praga pola aldea, porque no que vai de mes xa van sete os que **vestiron a caixa de piñeiro!***

morrer coma un can

Morrer só e abandonado, sen fortuna: *Con todos os cartos que tiña ese home e foi **morrer coma un can**, só e arruinado!*

SOTERRAR

dar terra

Sepultar, enterrar un finado: *Ao meu avó **démoslle terra** nun triste día de xaneiro.*

comer terra

Estar unha persoa morta e soterrada: *Coitado do Leliño! Xa alá van vinte anos que está a **comer terra.***

ESTAR MORTO

descansar en paz

Estar morta unha persoa e ter acadada a felicidade eterna: *Morreu tranquilamente na cama, que **descanse en paz.***

estar a criar malvas

Estar unha persoa morta e soterrada: *Non vale moito a pena andar cunha chea de preocupacións, ao final todos imos **estar a criar malvas.***

estar entre catro velas**estar entre o caldeiro e a cruz**

Estar morta unha persoa, aínda sobre a terra, de corpo presente: *O finadiño do Antón xa está entre catro velas.* / *Cando a nai expirou os familiares apartaron a filla compunxida, non había nada máis que facer, dona Antonia xa estaba entre o caldeiro e a cruz.*

Estar entre catro candeas ou entre o caldeiro de auga bendita e a cruz amosan a disposición dos finados nos rituais funerarios católicos galegos.

1.3. COMER / NON COMER**TER APETITO****ladrarlle o estómago a alguén**

Ter apetito. O fraseoloxismo actualiza o son das tripas cando hai fame: *A profesora debe estar con fame, porque non lle para de ladrar o estómago.*

COMER**comer a rancho**

Comer a oito, do mesmo prato ou recipientes, un conxunto de persoas: *O mellor do campismo é ese convivio de comermos todos a rancho.*

resucitar un morto

Devolver un alimento a enerxía vital a unha persoa decaída: *A lamprea que preparan os meus amigos de Salvaterra resucita un morto.*

[Consultar **resucitar un morto** § 1.4. BEBER]

COMER POUCO**comer coma un pito**

Comer moi pouco: *Xan come coma un pito, unha coxiña de polo e xa para.*

estar a pan e auga

Comer moi pouco, por obriga ou necesidade: *Vou ter que estar a pan e auga para pôr estas calzas, co ben que me estaban!*

gardar a boca

Restrxinir a inxestión de alimentos. Non tomar cousas que prexudican: *Xoán, vas ter que gardar a boca, porque estás a engordar moito.*

matar o becho

Comer unha pequena cantidade de comida para satisfacer o apetito ou para calmar a fame: *Vou facer un taco de queixo e xamón para matar o becho antes do xantar.*

[Consultar **matar o becho** § 1.4. BEBER, **matar o becho** § 4.1 PLACIDEZ / ALEGRÍA]

COMER MOITO**comer a Deus polas pernas**

Comer moito, con voracidade: *Cando veño da praia despois de facer mergullo chego con tanta fame que como a Deus polas pernas e deixo a neveira baleira.*

comer coma un cura**comer coma un frade**

Comer moito: *Moito papou Fernando no posto da festa de San Roque en Vigo. Comeu coma un cura.* / *No casamento do meu curmán comemos coma frades, marisco á esgalla e peixe e carne a fartar.*

comer cos ollos

1 Gorentar ou comer algo polo seu aspecto e en exceso: *Os bolos de chocolate que fai a avoa María cómense cos ollos.*

2 Amosar a ollada unha gran paixón cara a alguén: *Non apartaba a ollada do mozo, comíao cos ollos.*

3 Ollar algo con insistencia, con desexo, con interese etc.: *Desde que lle ensinaron as xoias, comíaa cos ollos.*

encher o bandullo**encher o papo**

Comer en grande cantidade, satisfacer plenamente a fame: *Despois de estar todo o Nadal a encher o bandullo, vou ter que facer dieta.*

ser un saco sen fondo

Ser unha persoa que come grandes cantidades de comida: *David é un saco sen fondo, ponse a comer orellas e non é capaz de parar.*

ser de bo dente**ter bo dente**

1 Comer moito: *Bótalle máis caldo, que este é de bo dente.*

2 Ser bo comedor, que come de todo e non é esixente coa comida: *É de bo dente e para ela todo está bo.*

3 Ser unha persoa apreciadora da boa gastronomía: *Roberto **ten bo dente**, non hai restaurante do Baixo Miño que non coñeza.*

PASAR FAME

pasar máis fame ca no corenta e un
pasar máis fame ca un mestre de escola

Experimentar unha forte necesidade de alimentarse, por causa da escaseza de alimentos, da falta de medios para conseguilos etc. durante un longo período: *Durante o meu Erasmus en Montpellier **pasei máis fame ca no corenta e un**, só recibín a bolsa en xuño.*

[Consultar § **Sabías que...**?]

DESPOIS DE COMER

perdoarlle o mal que lle fai polo ben que lle sabe

Desculpar unha persoa o dano que lle pode facer unha comida á súa saúde porque é compensado polo pracer que lle provoca: *A min sempre me repite o pemento, pero **perdóolle o mal que fai polo ben que sabe.***

quedar coma un cuco

Sentirse ben unha persoa despois de comer por quedar saciada e satisfeita, por ter comido ben e abondo: *Despois de cear os chinchos **quedei coma un cuco.***

1.4. BEBER

BEBER

apagar a sede
mollar a gorxa

Beber para saciar a sede: *Non te preocupes que ao longo do camiño has de atopar boas fontes para **apagar a sede.***

afogar a ra

Beber alcol: *Chéirache o alento a ron, seica estiveches a **afogar a ra?***

mollar a palabra

Beber de xeito intercalado durante unha conversa; beber viño nunha taberna: *O Derby de Santiago era o café preferido de Valle-Inclán para **mollar a palabra.***

mollar a palleta

Beber un grolo de viño ou doutra bebida:

*Tiven que **mollar a palleta**, que xa non daba falado.*

[Consultar **mollar a palleta** despois do Exercicio 1.3.]

matar o becho

Beber alcol; tomar unha copa de augardente en xaxún: *Bebía pola mañá para **matar o becho.***

[Consultar **matar o becho** § 1.3. COMER, **matar o becho** § 4.1. PLACIDEZ / ALEGRIA]

resucitar un morto

Inxerir unha bebida de forte teor alcólico que axuda á reactivación dunha persoa. Dar novo pulo a unha persoa decaída: *Esta augardente é moi forte, consegue **resucitar un morto.***

[Consultar **resucitar un morto** § 1.3. COMER]

cargar o carro

Beber en exceso: *O teu irmán **cargou o carro** e non me explico como chegou tan ben á casa.*

EMBEBEDARSE

agarrar unha tranca

*Despois de **agarrar unha tranca** así, o mellor que podes facer é pasar o domingo a descansar.*

Unha **tranca** é un pau groso ou barra de ferro que se emprega para asegurar por dentro unha porta, xanela etc. e impedir que se abran.

apañar unha (boa) chea

apañar unha (boa) prea

*No aniversario de Marieta **apañamos unha boa chea** de viño. / Paula **apañou onte unha prea** que non se levantaba da cadeira.*

Unha **prea** é un animal morto en descomposición.

Unha **chea** é o aumento do caudal dun río ou doutra corrente de auga. Tamén é a gran cantidade de comida ou bebida que se toma.

coller unha enchente

*Na festa **collín unha enchente** de licor café horrible e hoxe teño unha forte dor de cabeza!*

Unha **enchente** é o efecto producido por comer ou beber demasiado. Tamén é a gran subida das augas dun río, o movemento ascendente da marea ou a lúa crecente.

coller unha tralla

Onte Paulo colleu unha tralla impresionante, non foi nin capaz de chegar á cama e quedou a durmir no corredor.

A **tralla** é o cabo onde van colocadas as cortizas e a chumbada nas redes de pesca; unha **tralla** tamén é unha vara cunha correa no extremo empregada para encerrar o gando.

ESTAR BORRACHO**estar bébedo coma unha prea****estar borracho coma un bocoí****estar borracho coma unha cuba**

Vaia troula tivo onte o do 2ºB, estaba bébedo coma unha prea! Estivo vinte minutos para enfiar a chave na fechadura! / Estou borracho coma un bocoí, non podo nin falar! / Na festa da Coca de Redondela Tito estaba borracho coma unha cuba, púxose a beber licor café e acabou moi mal.

levar unha trompa enriba

Bea leva unha trompa enriba que non se ten.

estar peneque

Estar eufórica unha persoa por ter bebido algo de alcol; ter unha contenteira; estar borracha ou case borracha: *Mencia, só tomaches unha copíña de licor café e xa estás peneque!*

facen eses

Estar embebedada unha persoa e zigzaguar, moverse formando unha liña ondulada debido á embriaguez. Desprazarse sen equilibrio: *Mari non soporta o alcol, bebe dúas cervexas e xa vai facendo eses.*

1.5. DURMIR / NON DURMIR**caer co sono**

Ter moita necesidade de durmir, ter moito sono: *Desde que preparo as oposicións á Xunta chegan as dez e caio co sono.*

deitarse coas galiñas

Ir cedo para cama: *Desde que teñen fillos, déitanse coas galiñas, aínda mal son as nove da noite, xa van durmir.*

durmir coma unha pedra

Durmir moito e con facilidade: *Eu non son capaz de durmir na praia, pero o meu mozo dorme coma unha pedra.*

erguerse co galo**espertar cos paxaros**

Erguerse moi cedo: *Mariña érguese co galo todos os días, mesmo que saia á noite.*

estar pitoño

Estar con moito sono e cos ollos pechados polo cansazo: *Tes que lavar a cara, que estás pitoño.*

ficar a durmir nas pallas

Ficar durmido: *É raro que Álvaro chegue atrasado, debeu ficar a durmir nas pallas.*

[Confrontar durmirse nas pallas § 6.7. NON ESFORZARSE]

non pegar ollo**pasar a noite en branco**

Non conseguir durmir. Non poder durmir nada en toda a noite: *Ao estar preocupado é normal que non pegase ollo. / Con todos os nervios do exame, pasei a noite en branco.*

vir Pedro Chosco

Estar a piques de ficar durmida unha persoa, virlle o sono [linguaxe infantil]: *Parece que a Aloia lle está a vir Pedro Chosco, vai ser mellor metela na cama.*

[Consultar **Pedro Chosco** antes do Exercicio 1.3.]

1.6. EVACUAR**cambiar a auga ao paxaro****sacar o paxaro a respirar**

Ouriñar, mexar: *Vou ir cambiar a auga ao paxaro, porque con tantas cervexas!*

facen as necesidades**facen de corpo**

Expulsar os ouriños ou os excrementos, defecar, cagar: *No festival de música había poucos espazos adecuados para que as persoas fixesen as necesidades.*

facerlle bis-bis a alguén

Provocarlle a mexada a unha crianza: *Temos que facerlle bis-bis ao neno antes de metelo no coche.*

ir ao cen**ir entre o millo**

Satisfacer as necesidades orgánicas de defecar ou ouriñar, ir ao baño: *Nada máis tomar o café de despois do xantar teño que ir entre o millo.*

[Consultar **ir ao cen** antes do Exercicio 1.10. e **ir entre o millo** logo do Exercicio 1.13.]

1.7. CHORAR

mollar a pestana

Chorar sen importancia, choromicar: *Deixouno co mozo pero só **mollou a pestana**, aos dous días xa o tiña esquecido.*

pingar o moco

Chorar: *Antón anda a **pingar o moco**, porque lle romperon o libro na escola.*

saír o río Anllóns polos ollos

Chorar moito: *Que desgusto apañou Lois co suspenso en Dereito Romano, **saíalle o río Anllóns polos ollos!***

O río Anllóns é un río caudaloso que nace na Laracha e desemboca na ría de Corme e Laxe. No seu percorrido rega as terras de Cerceda, Carballo, Coristanco, Ponteceso e Cabana de Bergantiños. Os seus afluentes principais son os ríos Ramallás, Pedamio, Acheiro, Rosende, Pego e Cundíns.

[Consultar § 4.2. TRISTURA]

1.8. BOCEXAR

abrir a boca

Bocexar, abrir a boca involuntariamente a causa do sono, o aburrimiento ou a fame: ***Abreseche a boca**, Susana, vai ser mellor que vaías para a cama.*

[Confrontar **abrir a boca** § 4.7. SORPRESA, **abrir a boca** § 7.2. FALAR]

➔ Refráns

A bo viño non hai mal bebedor

Cando o viño é de calidade, todo o mundo o aprecia e o bebe: *Iria dixera que non ía beber no xantar pero foi probar o viño do Rosal e non poder deixar de bebelo para acompañar as vieiras. Está visto que **a bo viño non hai mal bebedor**.*

A comida que se perde por comida, non é perdida

Todo o que se come presta; sempre aproveita; se non se come é porque xa se comeu: *Estás a berrar comigo porque petisco queixo e pan antes da cea. **Esquéceste que a comida que se perde por comida, non é perdida.***

1.9. CORRER

bater cos pés no cu**dar cos pés no cu**

Botar a correr, correr moi de prèsa, correr moito: *Os delincentes **bateron cos pés no cu cando viron a policía**. / Tiña tanto medo de que o pillase o touro que **daba cos pés no cu**.*

chamarlle aos pés compañeiros

Saír fuxindo dun lugar, correr moito: *Os turistas da praza de María Pita **chamáronlle aos pés compañeiros** cando ía comezar a chover.*

darlle sebo ás canelas

Fuxir precipitadamente, correr moito: *Querían entrar no concerto sen pagar, pero cando chegaron os gardas non lles quedou outra ca **darlle sebo ás canelas**.*

1.10. BAILAR

bailar coma unha buxaina

Bailar, danzar moi ben: *Antía **baila coma unha buxaina**, ten xeito para calquera danza.*

A buxaina, trompo ou peón é un xoguete feito en madeira que se fai xirar cunha baraza.

A todo porquiño lle chega o seu San Martiño

Toda persoa remata a súa vida morrendo no seu día sinalado. Trátase dunha xustiza que acaba por se cumprir, do mesmo xeito que polo San Martiño (11 de setembro) o porco é matado: *Despois de todo o que fixo sofrer á coitada da muller, agora vai para a cadea. Como di o refrán **a todo porquiño lle chega o seu San Martiño**.*

Caldo sen pan, dáselle ao can

O caldo é para ser comido acompañado dun anaco de pan. Comer sen pan non se considera moi admisible entre persoas de bos costumes: *A doutora díxome que deixase*

*de comer tanto pan para coidar o colesterol, mal sabe ela que **caldo sen pan, dáselles ao can.***

Cando o vello non pode beber, pódennlle a cova facer.

Se alguén non pode beber nin comer á vontade é posible que estea con algunha doenza grave e, daquela, próximo da morte: *O meu pai agora anda amargado, a médica díxolle que tiña que comer sen sal, sen azucre e non beber nada de alcol. El non se farta de dicir que **cando o vello non pode beber, pódennlle a cova facer!***

Comer e rañar, todo o malo é comezar

Non é preciso ter apetito para comer porque é unha actividade moi prazenteira. Unha vez comezada, non podemos parar até fartar. O mesmo acontece cando rañamos un proído ou unha comichón, que non podemos evitar facelo todo o tempo: *Esa mañá da Peregrina non tiña fame ningunha, pero cando probei un churro recién feito alí mesmo na feira, non puiden resistir a tentación de comer catro máis. Éche ben certo, **comer e rañar, todo o malo é comezar.***

Ás veces, este refrán emprégase para animar a superar a dificultade de dar o primeiro paso nunha actividade que inicialmente non agrada, pero que logo resulta moi doada e satisfactoria: *A Rita non lle gustaba nada mirar para a televisión, pero cando comezou a ver a serie de “Mareas vivas”, a que rodaron en Laxe, non perdía episodio. Chegounos a aburrir de tanto falar de Portozás e dos personaxes: o xuíz, Petróleo, Ladislao, Currás... Está visto que **comer e rañar, todo o malo é comezar.***

De grandes ceas están as covas cheas

Cear moito produce a morte. As ceas deben ser moderadas e non moi farturentas para ter unha boa dixestión e durmir ben á noite: *Que fas, ho! Como vas cear toda esa morea de churrasco, catro chourizos, zorza e raxo! Besta, ti non sabes que **de grandes ceas están as covas cheas?***

De morrer ninguén escapa, nin o rei nin o papa

Todas as persoas van morrer e non importa a súa condición social ou económica. A morte é un feito igualitario para todo o xénero humano: *Polo menos na morte todos somos iguais, pois como di o refrán **de morrer ninguén escapa, nin o rei nin o papa.***

Non se fai o palleiro sen palla

Alguén é gordo porque come moito e resulta difícil aceptar outras razóns para explicar a súa causa: *Uxío sempre anda a dicir que non come case nada, pero xa se sabe que **non se fai o palleiro sen palla** e os 120 kg que pesa non son de comer leituga.*

O que non bebe viño, non ten amigo

Beber unha cunca de viño en compañía de amigos e veciños fai que sexa un factor de socialización: *O xenro do Xepe é abstemio, e non vai nunca tomar un viño e pasa o día chuzado na casa. Éche ben certo, **o que non bebe viño, non ten amigo.***

O que se dá á bebida, ben pouco estima a súa vida

A persoa que ten dependencia do alcol non valora a súa vida, estrágaa. Tampouco se aprecia a si mesma: *Desde que se meteu na bebida, perdeu fillos, home, casa, emprego... Unha desgraza! Éche ben certo, **o que se dá á bebida, ben pouco estima a súa vida.***

Polo San Martiño, proba o teu viño

En novembro é tempo de probar o viño novo: *No día 11 de novembro hai festa en moitas cidades, vilas e aldeas galegas, nelas faise o magosto, cómese cocido e bébese o viño novo, xa o di o refrán: **polo San Martiño, proba o teu viño.***

Un gotiño de augardente deixa o estómago quente e fai o home forte e valente

Beber un pouco de augardente é bo para a saúde física e mental: *Xa que o meu médico di que con moderación podemos beber e comer de todo, sempre tomo o café con gotas porque **un gotiño de augardente deixa o estómago quente e fai o home forte e valente.***

Unidade 2. Aspecto físico

Dúas amigas falan por teléfono. Unha delas tivo unha idea para unha festa de disfraces próxima. Repara nos fraseoloxismos empregados.

ANA. –Diga?

OLGA. –Ana, son eu. Non o vas crer, xa teño o noso disface para a festa do sábado!

ANA. –E logo que se che ocorreu?

OLGA. –A ver, a ver se adiviñas... Ambas **estamos coma un fiúncho**¹, **somos bonitas coma un sol**² e gústanos **ir feitas un pincel**³...

ANA. –Ummm, si... Pero que pretendes, ir de guapas?

OLGA. –A min sempre me pareceron moi adiantadas ao seu tempo, pero hai quen che diría que unha delas, con semellante nariz, **era fea coma un croio**⁴. Miña avoa dicía que **eran uns paus viradoiros**⁵!

ANA. –Pero en que quedamos? Primeiro dis que imos **ir feitas un pincel**⁶ e logo que imos **ser uns cangallos**⁷...

OLGA. –A ver, Ana, pensa: dúas mulleres de ganchete, **esveltas coma unha abrótea**⁸, saíndo pasear ás dúas da tarde, todas coloridas e maquilladas, polo Santiago da posguerra...

ANA. –Ai, Deus! Queres que vaíamos das dúas Marías?

OLGA. –Claro, muller! Amañando uns retallos como elas facían, **somos cuspidiñas**⁹!

ANA. –E imos **ir en canelas**¹⁰ co frío que vai?

OLGA. –Nada diso, que elas levaban unhas medias moi chuscas. Ademais, vestían con panos e mantóns, eu podo ir de Maruxa co brazo estendido e ti vas de Coralía, que é a que sostén o paraugas! Non te me queixes, incluso nos podemos acoller!

ANA. –Haha! Dende logo, o que ti non maquines...

¹ estamos moi delgadas.

² somos moi fermosas.

³ adobiarnos e ir elegantemente vestidas.

⁴ era moi pouco agraciada.

⁵ eran unhas desamañadas.

⁶ ir moi acicaladas.

⁷ ser unhas desastradas.

⁸ moi lanzais.

⁹ somos moi parecidas a elas.

¹⁰ ir sen medias.

Exercicio 2.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.

- | | |
|--|-----------------------|
| 1. Ana móstrase algo reticente coa idea da súa amiga. | ☐ |
| 2. As dúas amigas son parecidas fisicamente e teñen hábitos similares. | ☐ |
| 3. A escolla deste disface vaina facer pasar frío. | ☐ |


Exercicio 2.2. Mira a listaxe de fraseoloxismos e asígnalle o tema que corresponde a cada grupo.

DELGADEZA	SEMELLANZA	FEALDADE
OUTRAS APARENCIAS	ESVELTEZA	ROBUSTEZ / FORTALEZA
FERMOSURA	GORDURA	DESAMAÑO
		ESTATURA


1. ... FERMOSURA ...	2.
Unha persoa...	Unha persoa...
é ben feita	é do montón
é bonita coma unha rosa	é un croio
é bonita coma un caravel	é fea coma un corvo
é bonita coma un sol	é fea coma un ourizo cacho
está coma un tren	é fea coma un sapo
ten boa percha	é un camastrón
3.	4.
Unha persoa...	Unha persoa...
está coma un fiúncho	está coma un bocoi
está coma un garabullo	está coma un pote
está coma unha argana	está coma un rebolo
está coma un arenque	está coma un zoncho
está no chasis	é coma un saco de patacas
é un espeto	
5.	6.
Unha persoa...	Unha persoa...
é máis dereita ca unha cana	é forte coma un buxo
é dereita coma un fuso	é forte coma un penedo
é esvelta coma unha abrótea	
7.	8.
Unha persoa...	Unha persoa...
cómelle as papas na cabeza a outra	é un cangallo
parece un longueirón	é un fargallo
é baixa coma un pote	é un pau viradoiro
é unha mincha	
9.	10.
Unha persoa...	Unha persoa...
é cuspid a a outra	vai ás troitas
é cagada a outra	vai en canelas
é o vivo retrato de alguén	vai feita un píncel
Dúas persoas parécense coma dúas pingas	está picada da troita
de auga	ten moita pantalla
	ten patas de galo

Exercicio 2.3. Cando queremos referirnos ao aspecto físico das persoas botamos man das similitudes co mundo animal, vexetal e mineral, así como dos aparellos presentes na nosa experiencia máis directa do mundo. Relaciona estes exemplos co significado literal da palabra en grosa.

- | | |
|--|--|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Na Granxa do Xesto collemos un sapo grandísimo a carón do estanque. 2. O ourizo cacho ou ourizo cacheiro vive oculto polo día e enróscase para se defender. 3. O corvo ten singular importancia na poesía de Eduardo Pondal e considérase ave de mal agoiro. 4. Os cativos tolean cando andan ás minchas polas rochas. 5. Os mergulladores apañan longueiróns nas praias de Fisterra. | <ol style="list-style-type: none"> A. Molusco comestible de dúas conchas longas e estreitas semellante á navalla, pero máis longo e menos curvado. B. Animal parecido á ra cos ollos moi saíntes. Ten o corpo gordecho e deprimido, patas curtas e pel rugosa de cor parda. C. Animal mamífero cuberto de espiñas ou pugas. Ten un fociño parecido ao do porco, é lento no andar e aliméntase de insectos. D. Paxaro carnívoro de plumaxe negra cun pico grosso e ás dun metro de envergadura. E. Caramuxo; pequeno caracol mariño comestible que vive nas rochas da ribeira. |
|--|--|



ser feo coma un ourizo cacho



estar coma unha argana

Exercicio 2.4. Relaciona estes exemplos co significado literal da palabra en grosa.

- | | |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Tanto lle tiñan crocas ou zonchos, devecía polas castañas e era doado atopalo mordiscando nelas. 2. O torneiro está a traballar en culleres de buxo. 3. Só con ver o capó entendíase que a colisión fora forte, aínda que non afectou ao chasis. 4. Vístete como debe ser, non aparezas o primeiro día de traballo cun fargallo calquera! 5. Todo o mundo sabe que está prohibido mexar, cuspir ou soarse na piscina. | <ol style="list-style-type: none"> A. Armadura metálica da parte inferior do automóbil, sobre a que se sostén o resto. B. Guindar cuspe, saliva ou outra cousa pola boca. C. Castaña cocida coa pela. D. Madeira do arbusto do mesmo nome que é moi dura e que se emprega para facer ferramentas, cuncas, gaitas etc. E. Anaco de tea ou peza de roupa moi gastada e rota. |
|---|---|

Exercicio 2.5. Relaciona estes exemplos co significado literal da palabra en grosa.

- | | |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Os golpes nas canelas son moi dolorosos. 2. Ao meu avó gústalle poñer as sardiñas nun espeto, sentado ao carón do lume. 3. Cómpre moita habilidade para traballar o liño co fuso e a roca. 4. Xuntou uns garabullos secos para acender a lareira. 5. A adega está chea de bocois. | <ol style="list-style-type: none"> A. Instrumento de madeira, de forma arredondada e alongada, no que se vai debandando o fio que se fia na roca. B. Recipiente de madeira para o viño, máis grande ca o barril. C. Barra de madeira ou ferro rematada en punta, na que se crava a carne ou o peixe para asalos nas brasas. D. Ósos longos e grosos (as tibias) que unen o xeonllo co pé. Por extensión, tamén son as partes das pernas onde están estes ósos. E. Paus pequenos, secos e delgados, que serven para facer lume. |
|---|---|

Exercicio 2.6. Relaciona estes exemplos co significado literal da palabra en grosa.

- | | |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. A abrótea é unha das primeiras plantas colonizadoras das superficies queimadas. 2. Os rebolos cortados volven medrar. 3. Viñeron os merlos e só deixaron os cangallos. 4. Xoana sempre ten unha cunca de castañas cocidas recendendo a fiúncho e un xerro de viño. 5. Temos que ter coidado ao comer congro para non cravar unha argana na gorxa. | <ol style="list-style-type: none"> A. Ramas dun acio de uvas. B. Planta silvestre de talo ergueito e liso rematado nun conxunto de flores brancas. C. Planta aromática, de sabor semellante ao anís, que ten follas fendidas en tiras finas coma fíos. D. Espiña do peixe. E. Carballos de tronco pequeno. |
|---|---|



estar coma un garabullo



estar coma un bocoi

Exercicio 2.7. Relaciona para facer todas as combinacións posibles.

	coma dúas pingas de auga
estar	ben feito
estar coma	no chasis
ir feito	boa percha
parecerse	un croio
ser	un fargallo
ter	un pau viradoiro
	un fiúncho
	un pincel



óso

estar no chasis,

.....

Exercicio 2.8. Completa.



pote

forte	baixo	as papas	esvelta	un longueirón
1. ser	coma unha abrótea			
2. comerlle a alguén	na cabeza			
3. ser	coma un penedo			
4. parecer				
5. ser	coma un pote			

Exercicio 2.9. Busca no dicionario outros fraseoloxismos con ÓSO para referírmonos á DELGADEZA.

COMPOÑENTES DO FRASEOLOXISMO		FRASEOLOXISMO	EXEMPLO
todo	ÓSOS		
ÓSOS	corpo		
feixe	ÓSOS	ser un feixe de ósos	Ese rapaz é un feixe de ósos.
saco	ÓSOS		
só	ÓSOS		


Exercicio 2.10. Relaciona as seguintes afirmacións cos grupos de fraseoloxismos.

- | | |
|--|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. A morte, a culpa e o erro son negativos, polo tanto, están vinculados coa fealdade. 2. A idea de esvelteza, en galego, exprésase facendo referencia á verticalidade, delgadeza e flexibilidade de certos elementos vexetais. 3. As partes do corpo están moi presentes nos fraseoloxismos galegos e de todas as linguas. 4. Por veces, a xente da costa e a do interior crea comparacións atendendo ás realidades que teñen máis preto. Queren dicir o mesmo, pero a imaxe escollida é diferente. 5. A cor (das flores) e a luz están relacionadas coa fermosura. | <ol style="list-style-type: none"> A. <i>estar coma un arenque, parecer un longueirón / ser un pau viradoiro</i> B. <i>ser máis dereito ca unha cana / ser dereito coma unha faia / ser esvelto coma unha abrótea</i> C. <i>ser bonito coma un sol, ser bonito coma unha rosa, ser bonito coma un caravel.</i> D. <i>ser feo coma a morte / o demo / a culpa / ser máis feo ca o pecado</i> E. <i>estar nos ósos, ser de poucas carnes</i> |
|--|---|


1D,

O home levaba unha chaqueta curta cruzada, calzóns estreitos e tamén curtos –dos que denantes chamaban «**de ir ás troitas**»– calcetíns e zapatos baixos, sempre de cor negra. Coa súa cara de fame, o coiro apegado ós ósos, e aquela vestimenta, semellaba un espantallo dos que se poñen nas leiras para tornar os merlos e gorrións, que veñen papar os figos ou os chicharos.

Xosé Fariña Jamardo, *Co sorriso nos beizos* (adaptado)




ser máis dereito ca unha cana



ser bonito coma un sol

Exercicio 2.11. Completa.

1. Coñecía ao Cholas e sabía que, aínda que era baixo e lixeiro, era duro _____. Todos lembraran que aló en Abeledo, cando andaba a serrar, caéranlle tres toradas dun castiñeiro derriba e non o abaixaran. Carlos Reigosa, <i>Homes de tras da Corda</i> (adaptado)	
2. Era a figura dun home, deses de _____ que hai aí, polas aldeas (e nas vilas, e nas prazas), que levantan a cabeza, e espurrean, coma unha vaca, e arquean a barriga e miden moito as palabras, para que o vulgo os admire, cal a uns grandes de España. Celestino Cabarcos, <i>Cóxegas</i> (adaptado)	moita pantalla
3. «Os deuses danlle pan a quen non ten dentes» comentaban as criadas de Gala ao vela erguerse antes da saída do sol e camiñar _____ polos montes e enmagrecer a causa dos continuos xexúns. María Xosé Queizán, <i>Amantia</i>	feito un pincel coma un buxo
4. Pero aquela mirada, aqueles ollos, eran os del. Sempre pensara que saíra enteiramente a mamá. Era _____ a ela. Pero aqueles ollos saltóns e feros eran os del. Como non o vira deica agora? E a noz, a noz que se movía incesante naquel rostro inmóbil tamén era súa. Cada vez estíbase a parecer máis a el. Suso de Toro, <i>Tic-tac</i> (adaptado)	estás nos ósos en canelas
5. Come Samuel, veña, come, pero se _____! Has de engordar en Aita! Xa verás como has de engordar en Aita. Manuel Rivas, <i>Os comedores de patacas</i> (adaptado)	cuspidiño
6. Chegou a aquela pequena vila nunha mañá de primavera co seu sombreiro habaneiro e os guantes de ante. Os seareiros quedaron pampas ao veren pasar aquel figurino, como o denominou o taberneiro. Andaba sempre _____ e asistía ao chocolate que organizaban as mulleres dos notables. Xavier Senín, <i>O figurino</i> (adaptado)	



estar no chasis

Chegou tarde á casa do amo, que xa o agardaba diante da cancela **feito un pincel**, cunhas roupaxes distintas ás do día anterior pero non menos luxosas e escintilantes.


Marcos Sánchez Calveiro, *Sari, soñador de mares*

Forte era o señor de Quellien, coma a durísima madeira de **buxo**.

X. L. Méndez Ferrín, *Bretaña Esmeraldina*

Exercicio 2.12. Completa. Hai dúas opcións erradas.

- | | |
|--|---|
| <p>1. Mais o principal mérito desta receita que eu utilizo é que non actúa só sobre a beleza do rostro, sobre engurras ou _____, que vai máis a dentro, e fai acudir o riso ao rostro, e fai sentir feliz, e fai mirar a existencia con ganas, e fai que os ánimos nazan das pequenas fermosuras que trae cada xeira. Teresa Moure, <i>Herba moura</i> (adaptado)</p> <p>2. Cando o oínte lle preguntou a Carlos Núñez como recuperaba os seis quilos que perdera despois de ofrecer un concerto, o músico contestoulle deste xeito: “Se eu chegase a perder seis quilos en cada concerto estaría _____. Despois de cada actuación o que perdo son un par de quilos e, como din os Chieftains, recupéroos con <i>liquids</i>”. <i>O Correo Galego</i>, 1999 (adaptado)</p> <p>3. Paula falaba polo nariz, estreito e picudo, botando faíscas marelas polos seus ollos inquisidores. O seu físico, pensaba María, coincidía co seu temperamento. Era _____, desgairada, osuda. As chaquetas parecían unha talla meirande da que lle correspondía. M.^a Xosé Queizán, <i>Ten o seu punto a fresca rosa</i> (adaptado)</p> <p>4. Criárase o Conselleiro de un oitenta cunha dieta rica en alimentos constitutivos –ovos, leite gordo–, coméndolle _____ na cabeza ás xeracións precedentes de mulleriñas e homúnculos de corpo rateño e cabeza enorme. Bieito Iglesias, <i>Pan e coitelo</i> (adaptado)</p> <p>5. O tío quitoume o meu lugar e a confianza do Domínguez. Non é máis que un chafalleiro, ten menos idea ca min de case todo. Vai de elegante e de moderno. O cabrón _____. Hoxe con catro pesos calquera pailán parece un modelo. Suso de Toro, <i>Calzados Lola</i> (adaptado)</p> <p>6. Khora, a pasaxeira malanita que coñecín o primeiro día da viaxe, entrou e servínlle un vaso de kasuki. Ela sorriu, e díxenme que era moi fermosa, a condenada, con aqueles ollos grandes e aquel corpo lanzal. Os seus rasgos de humanoide semellábanse coma _____ aos dos humanos da Terra, o planeta onde eu nacín. Lois Fernández Marcos, <i>Galaxia lonxana</i> (adaptado)</p> | <p>ten percha</p> <p>está picado da troita</p> <p>dúas pingas de auga</p> <p>un cangallo</p> <p>as papas</p> <p>feito un pincel</p> <p>no chasis</p> <p>patas de galo</p> |
|--|---|




troita

Exercicio 2.13. Escolle o fraseoloxismo que mellor conveña.

1. Cando Xaquín quedou sen traballo, comezou a gardar longos silencios. Se falabas con el, tiña a mirada perdida. Tamén mirrou fisicamente: _____.
 - a) ía feito un pincel.
 - b) contábonselle os ósos.
 - c) tiña moita pantalla.
2. Contan que a tía Sara, de moza, non só tiña un andar lixeiro e un corpo feitiño: _____.
 - a) era o seu vivo retrato.
 - b) era esvelta coma unha abrótea.
 - c) estaba coma un zoncho.
3. Os irmáns eran completamente diferentes. Pepe quitáballe dous anos a Xaime e era un saco de ósos, pero o irmán _____.
 - a) era forte coma un penedo.
 - b) era máis dereito ca unha cana.
 - c) era un espeto.
4. Non vistes a nena de María? A xente arregala os ollos cara a ela e sorrí, é _____.
 - a) un croio.
 - b) bonita coma un sol.
 - c) fea coma un ourizo cacho.
5. Non me fagas rir... como pretendedes facer de Xoel o repartidor da empresa? Se _____.
 - a) ten patas de galo!
 - b) é unha mincha!
 - c) é o vivo retrato!



ser o vivo retrato de alguén



comerlle as papas na cabeza a alguén

Exercicio 2.14. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Unha persoa que ten moita pantalla é, necesariamente, moi feitiña. ☐
2. Cando alguén está coma un fiúncho, está nos ósos. ☐
3. Alguén que é forte coma un penedo, non está no chasis. ☐
4. Polo xeral, alguén que lle come as papas na cabeza a outra persoa, vai ás troitas. ☐
5. Se es baixo coma un pote, vese o día por ti. ☐

–Que tío! Vaia cara máis difícil! Quen é?
–preguntou Ramiro.

–Orson Welles! –respondeu Andrés.

–Pois non está mal –comentou Flora.

–**Está coma un tren!** –replicou Felisa.

–Ptch! Non é para tanto –engadiu Ramiro.

Xurxo Borrazás, *Cabeza de chorlito* (adaptado)



ser do montón

Exercicio 2.15. Observa este fraseoloxismo en diferentes linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do fraseoloxismo galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

estar nos ósos
(galego)

estar amb la pell i l'os (catalán)
estar coa pel e o óso

estar en los huesos (español)

n'avoir que la peau sur les os (francés)
non ter máis que a pel sobre os ósos

essere pelle e ossa (italiano)
ser pel e ósos

ser pele e osso (portugués)
ser pel e óso

hezur eta azal besterik ez izan (éuscaro)
non ter máis que ósos e pel

(nur) Haut und Knochen sein (alemán)
ser (soamente) pel e óso

be nothing but skin and bone (inglés)
non ser máis que pel e óso

Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

Exercicio 2.16. Engade estes remates aos seguintes refráns.

engorda o cabalo

ande ou non ande

has de tirar a quen es

fol de veneno

tamén Deus o fixo

que grande e burro

1. Home pequeno,

2. A vista do amo

3. O ourizo

4. Máis vale pequeno e agudo

que grande e burro

5. Ou nas unllas ou nos pés,

6. Cabalo grande,

Exercicio 2.17. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

SIGNIFICADO

REFRÁN

1. Adoitamos preferir aquilo máis grande ou forte, por intuïlo mellor, aínda que non sempre o sexa.

Cabalo grande, ande ou non ande

2. Tradicionalmente, aos homes pequenos, coma aos frascos de veneno, supónselles estar cheos de maldade.

3. As semellanzas cos nosos, coa familia, sempre acaban por mostrarse fisicamente.

4. Cada un de nós, sen importar beleza ou fealdade, maldade ou bondade, ten o seu sitio e merece todo o respecto.

5. Contra a habitual preferencia polo tamaño grande nas persoas, a intelixencia pode atoparse nas pequenas.

6. A querenza ou a pertenza fannos esaxerar as calidades positivas de persoas e cousas.

Exercicio 2.18. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. – De pequeno, Ismael tiña unha cara moi feitiña, co nariz chato... pero foi chegar a adolescencia e medrarlle de máis.
– Ese defecto tamén o ten o seu pai. Está claro, _____.
2. – Que mala viaxe de bus tiven desde Irún! A partir de León, co bus cheo, tocoume de compañeiro de asento un tipo que cheiraba moi mal, e non me puiden remover en moitas horas.
– Mantén a calma, home. Xa sabes, _____.
3. – Non sabes o testán que se pon Manuel ao gabar as roscas de anís que lle fai a nena! Díxome que non probamos un doce igual en toda a vida!
– Xa será para menos! Mira que _____.
4. – E acórdaste daquel vello pequeneiro que vivía ao lado da igrexa? Era algo ruín, sempre a intentar zouparnos co caxato aos nenos que xogabamos demasiado preto da súa porta!
– Xa o di o refrán: _____!
5. – Ti que dis, Mario? Eu a unha mochila de montaña pídolle que sexa cómoda e resistente, pero entre a de 20 litros de capacidade e a de 40, cal escollo?
– Pois eu se fose ti, levaría a de 40 litros: _____.
6. – Que corpazo ten Fidel, e aínda así falla todos os tiros...!
– E mira ti, Anselmo de alto non ten nada, pero xa apuntou tres triplas!
– Tes razón, _____.



ser coma un saco de patacas

Exercicio 2.19. Observa os equivalentes deste refrán noutras linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Comenta cos compañeiros.

***Aínda que a mona
se vista de seda,
se mona era,
mona queda***
(galego)

Encara que es vesteixi de seda, la mona mona es queda (catalán)
Aínda que se vista de seda, a mona mona queda

Aunque la mona se vista de seda, mona se queda (español)

Le singe est toujours singe, fût-il déguisé en prince (francés)
O mono é sempre mono, aínda que se disfrace de príncipe

L'abito non fa il monaco (italiano)
O hábito non fai ao monxe


O macaco é sempre macaco, mesmo vestido de púrpura (portugués)

Astoa zaldiz jantzi arren, beti asto (éuscaro)
Aínda que o burro se vista de cabalo, sempre será burro

Man schmücke den Esel, er behält seine Ohren (alemán)
Aínda que o burro se adorne, conserva as orellas

*An ape is an ape, a varlet is a varlet, though they be clad in
silk and scarlet* (inglés)
Un simio é un simio, un paxe é un paxe, aínda vestidos de seda e escarlata

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.



ser un cangallo

Non falamos de defectos nesta unidade. No entanto, o galego, quizais por interpretar as **pernas** como un símbolo de robustez, ten moitas expresións sobre elas.

Fitei, sen erguer os meus, nos ollos pequechos, faiscantes e perennemente inxectados en alcohol e xenreira de don Fernando. Medín o seu corpo pequeno e untuoso, as pernas tortas de **canchés**, o toro ensullado e vermello do pescozo, as mans desproporcionadamente grandes e peludas, sempre a suar...

Xosé Ramón Pena, *A era de Acuario*

Medía dous metros, aínda que **era algo carrancas**, e levaba botas abertas pola biqueira, por onde lle asomaban as dedas como raíces de carballo.

Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*

Exercicio 2.20. Indica que expresión corresponde a estes significados.

<i>ter pernas de cabra</i>	<i>ser trenco, ser zambro, ser canchés</i>
<i>ser un carrancas, ser un carranchelo, ser un cambelo</i>	<i>prender nos pés</i>

1. Ter as pernas mal feitas, ou excesivamente delgadas.	
2. Ter as pernas tortas, arqueadas cara a fóra.	<i>ser un carrancas, ser un carranchelo, ser un cambelo</i>
3. Torcer as pernas ao camiñar.	
4. Andar cos xeonllos xuntos e cos pés separados.	

→ Para estar de humor!



Luis Davila, "Subconsciente"



Luis Davila, "Repetindo a historia"

Mira as escenas anteriores. Describe os personaxes e o que acontece empregando os fraseoloxismos e os refráns desta unidade.

→ Para falar...

Chegou o momento de falar! E ti? **Estás coma unha argana** ou **coma un rebolo**? Dixéronche algunha vez que **eras cuspidiña a alguén**? Comparábante con alguén da familia ou cunha persoa famosa?

Caracteriza tres persoas próximas (familiares, colegas...) ou personaxes do ámbito público empregando fraseoloxismos e refráns referidos ao aspecto.

Un dos meus mellores amigos chámase Eduardo. É o vivo retrato da súa avoa Hortensia na cara. É un rapaz dereito coma un fuso, e de complexión normal, aínda que ultimamente, co conto de combinar traballo e estudos, está a quedar nos ósos...

→ Sabías que...?

O galego escolle con grande frecuencia falar de **ollos verdes coma o mar** –e non azuis, como é común noutras culturas–, polo verdor que as algas proporcionan aos mares galegos.

E o vello das brancas barbas caeu tendido no chan,
Pechou os seus ollos verdes, **verdes como a auga do mar**.
O bispo que esto oíu, alí o mandou enterrar.
E así morreu, señores, Gaíferos de Mormaltán.

Popular, *Romance de don Gaíferos* (adaptado)

Como estamos a ver nas seguintes coplas, a **cor dos ollos** relaciona a beleza coa lealdade dunha a persoa.



Ollos verdes son traidores,
azules son mentireiros,
os negros e acastañados
son firmes e verdadeiros.

Na beira do mar, cantiga popular

As luces que me alumean
son as dos ollos castaños;
casarei coa dona diles
queira Dios por moitos anos.

Xaquín Lorenzo Fernández,
Cantigueiro popular da Limia Baixa

Os ollos verdes son falsos,
nos negros non se ve claro;
eu quero os ollos castaños,
pois nises non hai engano.

Xaquín Lorenzo Fernández,
Cantigueiro popular da Limia Baixa

O fraseoloxismo **ir feita unha Berenguela** non fai referencia á Torre do Reloxo da catedral de Santiago de Compostela, senón a unha figura histórica.

A emperatriz Berenguela, esposa de Afonso VII o Emperador, enterrada na capela das reliquias da catedral de Santiago, foi muller de beleza senlleira. Otero Pedrayo di que o acredita a proverbial fermosura, recato do rostro e elegancia do tocado e indumentaria da súa estatua xacente. Unha tradición, que algunha vez oín, asegura que ten permiso de Deus para saír do seu sartego unha vez por ano, na noite dos Fogos do Apóstolo, a noite do 24 ao 25 de xullo, e pasear entre a xente; e que Deus tamén lle dá o poder de, esa noite, contaxia-la súa beleza ás santiaguesas.

É moito o cariño que Deus lle ten ás santiaguesas para facer tal milagre. E indirectamente tamén aos santiagueses, testemuñas e destinatarios de tanta beleza. De feito o máis grande piropo que se lle pode botar en Santiago a unha moza que pasa é o de **Vai feita unha Berenguela!**

Xesús Ferro Ruibal, *Cada quen fala coma quen é* (adaptado)

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→Fraseoloxismos

2.1. FERMOSURA

ser ben feito

ser moi feito

Ser unha persoa de belas faccións, agradable á vista, que resulta fermosa: *É un rapaz **ben feito**. Dá gusto mirar para el! / Esa nena **éche moi feita**, todo o mundo queda engaiolado con ela!*

ser bonita coma unha rosa

Ser unha nena ou unha muller moi fermosa: *A heroína do conto tiña todo: **era bonita coma unha rosa**, e ademais, espelida.*

ser bonito coma un caravel

ser lindo coma un caravel

ser bonito coma un sol

ser guapo coma un sol

Ser unha persoa moi fermosa: *Era un meniño de manteiga, **bonito coma un caravel**. / Tiñan unha filla **bonita coma un sol**.*

estar coma un tren

Ser unha persoa moi bela ou fisicamente moi atractiva; ter moi bo corpo: *Hoxe en día, na miña opinión, para ser un cantante de éxito hai que cantar algo ben e **estar coma un tren**.*

ter (boa) percha

Ter boa presenza ou tipo: *Ese mozo **ten boa percha**, por iso todas as mozas devecen por el.*

2.2. FEALDADE

ser do montón

Ser unha persoa corrente, que non destaca porque é igual a moitas outras: *Durante os anos de instituto, Armando nunca espertou paixóns para ben nin para mal, **era do montón**.*

ser un croio

Ser unha persoa moi fea, carente de beleza: *Ramón **é un croio**, pero ten engaioladas a todas as rapazas porque é moi chistoso.*

ser feo coma un corvo

ser feo coma un ourizo cacho

ser feo coma un sapo

ser feo coma o demo

ser máis feo ca o demo

ser máis feo ca o pecado

ser feo coma a culpa

ser feo coma a morte

Ser unha persoa extremadamente fea, desprovista de fermosura: *Tira de aí! Ademais de ruín, **é feo coma un ourizo cacho**! / O profesor de galego pensa que é guapo... non debe ter espello, **é feo coma un corvo**! / Non é mal neno, pero **é feiño coma un sapo**. / Co comedida que ti es para criticar, vaia zuna lle debes ter á rapaza para dicir que **é fea coma o demo**! / A miña avoa sempre dicía que o baldreu de Pepe **era máis feo ca o pecado**. / Home, a xenética non lles fixo ningún favor, os irmáns todos **son feos coma a culpa**. / Esa actriz ten uns trazos faciais moi marcados, hai quen di que **é fea coma a morte**.*

ser un camastrón

Ser unha persoa corpulenta e mal feita: *A avoa Emilia nunca lle quixo ben a Delmira, incluso lle criticaba o tamaño e o aspecto dicindo: que **camastrón** de muller!*

2.3. DELGADEZA

(ser) de poucas carnes

Ser unha persoa delgada: *Catuxa **é de poucas carnes**, lócelle pouco o que come.*

estar coma un fiúncho

estar coma un garabullo

estar coma unha argana

Estar unha persoa extremadamente delgada: *Aurelio debe usar un talle 38 de pantalón. Ben ves que **está coma un fiúncho**. / Non vira a Eduardo desde que volveu do Erasmus... e moito baixou! **Está coma un garabullo**! / Sabela non come nada e **está coma unha argana**.*

estar coma un arenque
estar coma un figo (paso)
estar coma unha quenlla

Estar unha persoa mirrada, moi fraca, seca e engurrada: *Non sei se é cousa dos apuros económicos que nos tocaron ou son as marcas dunha vida botado ao mar, pero o teu cuñado **está coma un arenque**. / Canto envelleceu o sogro de Amadora desde que o trouxeron da aldea, **está coma un figo**!*

estar no chasis

Estar moi fraca, moi delgada unha persoa: *Roberto **está no chasis** por culpa dos tratamentos que lle dan contra o cancro.*

ser coma un fuso

Ser unha persoa moi delgada e de aparencia extremadamente fráxil: *A súa avoa é bastante maior e **delgada coma un fuso**, pero **está moi ben conservada** para os seus anos.*

ser un espeto

Ser unha persoa extremadamente delgada: *Poderás dicirme que o rapaz é moi forte e afeccionado ao barranquismo, pero de corpo **é un espeto**.*

verse o día por unha persoa

Estar esa persoa extremadamente delgada: *Antía sempre foi delgada, pero logo da apendicite, **vese o día por ela**!*

contárselle os ósos a alguén

estar nos ósos

estar feito un saco de ósos

non ter máis ca ósos (no corpo)

Estar unha persoa extremadamente delgada: *Desde que enfermou **contánselle os ósos**. / Alberte era un malpocado, **estaba nos ósos** e era todo ollos e cachola.*

ser só ósos

ser todo ósos

ser un feixe de ósos

ser un saco de ósos

Ser unha persoa extremadamente delgada: *Cando viviamos en Londres, ía moito con Bill ao British Museum, e recordo pensar que el, como a momia do pantano de Irlanda, **era todo ósos**. / Terá toda a afección pola repostería que queiras, pero entón non proba o que cociña, porque **é un saco de ósos**.*

2.4. GORDURA

estar coma un bocoi

estar coma un pote

ser coma un saco de patacas

estar coma un rebolo

estar coma un zoncho

Estar unha persoa moi gorda, ter un peso excesivo: *Xa non é cuestión de estética, senón de saúde, Hugo é cardiópata e **está coma un bocoi**. / Xerardo deixou de fumar, empezou a coller peso e agora **está coma un pote**. / Non sei como puiden sacar a Antonio da piscina, **está coma un saco de patacas**! / Adelgaza un pouco, home, que **estás coma un rebolo**. / A pequena comía moita repostería industrial, **estaba coma un zoncho**.*

[confrontar **ser (baixo) coma un pote**, § 2.7. ESTATURA]

2.5. ESVELTEZA

ser máis dereito ca unha cana

ser dereito coma un fuso

ser dereito coma unha faia

ser esvelto coma unha abrótea

Ser unha persoa esvelta, alta, delgada e ben proporcionada: *Desde logo, para todos os gustos che hai nas familias: ti andas todo engruñado, e a avoa **era máis dereita ca unha cana**. / A señora Delia **era dereita coma un fuso**, e confesaba camiñar con especial repenique se sabía que estaba a ser observada. / O busto que conservamos de Nefertiti é impresionante, debía ser unha muller **dereita coma unha faia**. / Dician que tiña unha elegancia natural de nova, e que **era esvelta coma unha abrótea**.*

2.6. ROBUSTEZ / FORTALEZA

ser (forte) coma un buxo

Ser unha persoa moi forte e sa: *David é **forte coma un buxo**, sobe el só as bombonas de butano ata o terceiro andar.*

estar (forte) coma un buxo

Gozar unha persoa de boa saúde: *Xa ten setenta e cinco anos, pero **está coma un buxo**.*

ser forte coma un penedo

Ser unha persoa cunha grande forza física, capaz de realizar grandes esforzos: *O meu tío Xosé Manuel sempre foi forte coma un penedo. De cativas, levantábanos ás curmás en peso e facíanos dar cabriolas no aire, moito nos gustaba!*

2.7. ESTATURA

comerlle as papas na cabeza a alguén

Ser unha persoa moito máis alta ca outra: *É máis novo ca o irmán, pero xa lle come as papas na cabeza.*

parecer un longueirón

Ser unha persoa moi alta e á vez moi delgada, esmirrada, chuchada: *Deu as medras típicas da adolescencia nuns mesiños e non hai quen o coñeza, parece un longueirón.*

ser (baixo) coma un pote

Ser unha persoa moi baixa: *Son baixos coma potes, toda a familia Quintás comparte unha complexión semellante.*

[Confrontar **estar coma un pote**, § 2.4 GORDURA]

ser unha mincha

Ser unha persoa de tamaño moi pequeno: *Non me digas que tes medo de que che faga algo, se é unha mincha!*

2.8. DESAMAÑO

ser un cangallo

1 Ser unha persoa moi fraca ou estar moi desmellorada: *Elisa é unha aventureira, pero o tratamento preventivo contra a malaria deixouna feita un cangallo xusto antes de viaxar a Mali.*

2 Ser unha persoa moi alta, lenta, zoupona ou pouco elegante nos seus movementos: *Imítalle ao pai en ser un cangallo, os dous altos e cambaleantes no andar.*

ser un fargallo

Ser unha persoa desamañada no relativo á roupa: *Non hai que lle facer, o teu sobriño é un fargallo, non vestiría con xeito nin se fose convidado aos Oscar.*

ser un pau viradoiro

Ser unha persoa alta e sen donaire, desamañada, unha cangallana: *Ti veslle o*

encanto, pero digas o que digas, o rapaz éche un pau viradoiro.

O **pau viradoiro** é o pau ou pértega que usan os barqueiros dos ríos en substitución do remo.

2.9. SEMELLANZA

[parecerse] coma dúas pingas de auga

Ser fisicamente iguais ou moi semellantes dúas persoas: *Non podo distinguir estas dúas rapazas, parécense coma dúas pingas de auga.*

ser cuspidio a alguén**ser cagado** a alguén [VULGAR]**ser espetado** a alguén**ser xarado** a alguén**ser o vivo retrato** de alguén

Imitarlle moito fisicamente a esa persoa, semellarse a ela, ser case idéntico: *Maruxa e Xiana son cuspidiñas porque son xemelgas. / Recoñecerás a Fuco decontado porque é cagadiño a súa nai [VULGAR]. / É algo sorprendente, até no acenar son espetados ao pai! / Sexa no carácter ou na aparencia, é xarado ao avó. / A miña avoa tratou moito á avoa de Sara, e sempre que ve a Sara insiste en que ela é o seu vivo retrato.*

2.10. OUTRAS APARENCIAS

ir ás troitas

Levar unha persoa uns pantalóns rabelos, máis curtos do normal: *Vai poñer outro pantalón, anda, que así vas ás troitas!*

[ir] en canelas

Ir unha persoa coas pernas espidas, ao aire, sen calcetíns ou medias: *As xeracións que nos anteceden consideraban inapropiado ir en canelas as mulleres a certos actos sociais, talvez por considerar as medias un ben de consumo distintivo.*

[ir] feita unha Berenguela

Ir unha muller adobiada de modo que chama a atención pola súa fermosura: *Cando se ve unha muller fermosa e engalanada díselles que vai feita unha berenguela.* [Confrontar § Sabias que...?]

[ir] feito un pincel

Ir unha persoa moi acicalada ou moi elegantemente vestida: *Severino sempre vai feito un pincel porque di que quere respectar ao máximo o protocolo institucional.*

[estar] picado da troita

Ter pencas: *De cativa sempre xogaba moito ao sol, por iso estaba picada da troita.*

ter moita pantalla

1 Ter unha persoa unha presenza moi visible, ter boa facha: *E ti que pensas que fixeron para animar o ambiente? Dedicáronse a seleccionar camareiros e camareiras que tivesen moita pantalla.*

→ Refráns**A vista do amo engorda o cabalo**

A vinculación afectiva aos obxectos e animais a miúdo implica unha valoración esaxerada das súas calidades, normalmente superior á real: *Moito me falara Varela da nova máquina de cortar o céspede que mercara, tiña wifi e todo! Pero cando ma deixou probar levei unha decepción, está claro que a vista do amo engorda o cabalo.*

Aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda

Por moitos adobíos e enfeites exteriores que se empreguen, a condición natural non se pode esconder: *Antía anda toda amolada porque a Sara lle van confeccionar o disface nunha modista. Que tontería que se amouque, se aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda!*

Barco grande, ande ou non ande**Cabalo grande, ande ou non ande**

Por norma xeral, maior tamaño significa maior valía, posto que o primeiro se relaciona co poder, a forza, a abundancia...: *Cando buscamos piso para alugar en Lisboa chistábannos moito uns estudios que había pola Baixa... pero ao final ofrecéronnos un pisiño en Saldanha polo mesmo prezo e picamos. Xa sabes, cabalo grande, ande ou non ande.*

2 Ser unha persoa moi rechamante no físico:

Ten moita pantalla, pero non se lle ve moita traza para adestrar o equipo de rugby.

3 Estar unha persoa adobiada en exceso ou inapropiadamente: *O cantante tiña moita pantalla e bailaba coma un tolainas, fartámonos de rir mirando para a orquestra.*

(ter) patas de galo

Ter unha persoa engurras na parte exterior dos ollos: *Seica as patas de galo son das primeiras engurras en aparecer no rostro dunha persoa.*

Home pequeno, fol de veneno

Existe certa prevención respecto aos varóns de baixa estatura, que adoitan considerarse malvados: *Tan pouquiña cousa e con tan malas intencións... Antonio é o exemplo perfecto para o dito: home pequeno, fol de veneno.*

Máis vale pequeno e agudo que grande e burro

Malia á xeral preferencia polo tamaño, que unha persoa sexa espelida e sagaz é o máis importante: *Cando Miguel chegou á adolescencia, o pai, que é adestrador de balonmán, estaba un pouco chafado porque o fillo non medraba. Entendo que lle doese, pero sempre pensei que máis vale pequeno e agudo que grande e burro.*

O ourizo tamén Deus o fixo

Tamén as persoas e seres que son considerados cativos ou ruíns teñen dereitos: *Non me gusta nada que Anselmo veña con nós á audición para a nova serie de televisión, pero claro... o ourizo tamén Deus o fixo.*

Ou nas unllas ou nos pés, has de tirar a quen es

Nuns detalles ou noutros, a semellanza cos nosos acabará por revelarse: *A nai loira e ela morena, unha alta e esvelta e a outra máis gordecha, pero se as ves camiñar xuntas quedache claro o parecido. Certo tiña que ser que ou nas unllas ou nos pés, has de tirar a quen es.*

Unidade 3. Carácter

Dúas mozas están a falar da nova relación entre a súa amiga Silvia e Cibrán. Repara nos fraseoloxismos empregados.

- A que non sabes a nova? Silvia e Cibrán están saíndo!
- Que dis, muller? Pero se Cibrán **é un toxo**¹!
- Si, sempre o foi, e para máis, **ten moitos fumes**² desde que lle ascenderon o pai a director de banco... pero xa sabes que Silvia **é un anaco de pan**³, ve as cousas boas de calquera.
- Pois debe afinar ben a vista para verllas a ese, que **é un lura**⁴. A Silvia **ándalle o sentidiño polas silveiras**⁵. Xa hai que **ser botada para diante**⁶ para comezar algo con Cibrán...
- Déixaos, muller. Silvia díxome que con ela **é como a auga mansa**⁷, que están moi ben.
- A Silvia, nin caso. Ese rapaz **é o demo**⁸, dígocho eu. A ver, pódeste fiar de alguén que sempre **vai e vén coma a faba na ola**⁹, **arrimándose ao sol que máis quenta**¹⁰? Non duran nin dúas semanas.
- Pois si que **é duro de domear**¹¹, Lara, pero ti tamén **o tes cruzado**¹². O tempo dirá en que acaba a cousa, calma.
- O tempo non, vólvocho repetir: non duran nin dúas semanas. Coma unha cabra, Silvia **está coma unha cabra**¹³...

¹ é áspero e brusco no trato cos demais.

² é moi altivo e vaidoso.

³ é moi boa.

⁴ é un egoísta, un avaro.

⁵ ten moi pouco siso, pouco entendemento.

⁶ ser valorosa.

⁷ é moi tranquilo e fácil de tratar.

⁸ é malvado e astuto.

⁹ ten pouca seriedade.

¹⁰ é moi comenenciudo.

¹¹ é difícil de dominar.

¹² sentes moita antipatía cara a el.



¹³ está tola.

Exercicio 3.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.


1. As rapazas que conversan consideran a Silvia e Cibrán tal para cal. ☐
2. A unha delas, Lara, Cibrán cáelle peor. ☐
3. Ademais, Lara augúralles unha relación longa. ☐

Os seguintes **mapas conceptuais** permítennos ver con claridade todo un abano de fraseoloxismos relacionados coa **personalidade**. Aquí temos as diferentes **actitudes** e **comportamentos** que pode adoptar unha persoa.

Exercicio 3.2. Incorpora estes temas nos seguintes mapas conceptuais:



arrimarse ao sol que máis quenta




Adeus, señora María! Non faga caso dese **sarillo** que lle dá voltas na cabeza. Unha petrucia coma vostede ha ser forte, rexa, serea, coma os penedos. As boas noites.

Ramón Otero Pedrayo, *A lagarada* (adaptado)

O **cuco** é moi señorito e, por máis que todos pensen que cuca para anunciar a primavera, non é así, cuca para tirar proveito, para que os outros paxaros vaian poñendo os ovos. E cando os teñen postos, tras!, deixa el caer o seu en calquera niño. Entón eles chócana coma se lles pertencesen. Certamente que o cuco é un gran folgazán.

Anxela Gracián, *Nun lugar chamado Labirinto* (adaptado)



ter a cabeza a paxaros
ter a cabeza chea de paxaros



ser bruto coma un arado



ser manso coma un año

Exercicio 3.3. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|---|--|
| 1. <i>Gustáballo ver saltar as chispas desde a pedra do afiadador.</i> | A. Pecho rústico, formado por unha soa peza de madeira que xira sobre unha punta cravada no centro e pecha portas, ventás, cancelas etc. |
| 2. <i>O candil colgaba dunha baraza de coiro.</i> | B. Seres imaxinarios cos que se engana a un incauto. |
| 3. <i>Rindo divertidos, foron buscar biosbardos e confeccionar gaiolas de grilos para pasar a tarde.</i> | C. Faísca, partícula incandescente que salta dun corpo golpeado ou rozado con outro. |
| 4. <i>Os compañeiros facían o que querían del, era unha alma cándida, un xan.</i> | D. Home de pouco carácter e personalidade, que se deixa dominar por calquera. |
| 5. <i>Asegurou as contras cos tarabelos antes de saír.</i> | E. Corda delgada, tira de coiro, fita etc., con que se ata algunha cousa. |

Exercicio 3.4. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|--|---|
| 1. <i>Levo media tarde na gardaría, contándolles contos ás cativas sentadas coma indios, en roda, e agora teño o formigo nos pés.</i> | A. Recipiente de lata ou aluminio, con asa e tapadeira, normalmente utilizado para transportar o leite. |
| 2. <i>O avó preparou unhas luras recheas na súa tinta boísimas.</i> | B. Molusco de cuncha cónica e rugosa, que vive pegado ás rochas. |
| 3. <i>Até non hai moito, as leiteiras deixábanche o leite nunha caldeireta.</i> | C. Sensación de proído ou cóxegas que se sente nunha extremidade logo de que esta estivese dobrada ou apertada, impedindo a normal circulación do sangue. |
| 4. <i>Recollía buguinas diminutas, lapas desprendidas ou fragmentos nacarados de cunchas que atopaba na praia.</i> | D. Peza do tear para facer madeixas de fio, formada por varias aspas de madeira que viran con rapidez accionadas por un veo. |
| 5. <i>A bisavoa facía xirar moi rápido as aspas en cruz do sarillo, por iso lle dicían que o facía “bailar”.</i> | E. Molusco cefalópodo con oito brazos e dous tentáculos máis longos ca os brazos, que expulsa borra cando está en perigo. |

Exercicio 3.5. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|--|--|
| 1. <i>Levou por primeira vez as cabuxiñas a pacer ao carón da casa.</i> | A. Pelouro, pedra pequena lisa e arredondada pola erosión. |
| 2. <i>O azougue utilízase na fabricación de termómetros.</i> | B. Cascabel, esfera oca de metal que leva dentro unha boliña e que produce son ao ser axitada. |
| 3. <i>O bandoleiro levaba unha enorme faca no cinto.</i> | C. Mercurio empregado para medir a temperatura ambiente. |
| 4. <i>O río está cheo de callaos.</i> | D. Cría da cabra cando xa deixou de mamar. |
| 5. <i>Colgoulle un axóuxere no pescozo ao gato.</i> | E. Navalla ou coitelo de grandes dimensións e que se leva envaiñado. |

Exercicio 3.6. Relaciona para formar fraseoloxismos.

1. caer	o azougue
2. estar	ben
3. saber	latín
4. abrir	a man
5. ser	nas nubes
6. ter	un sarillo

caer ben,

Exercicio 3.7. Relaciona para formar fraseoloxismos.

1. ser agudo	coma un allo
2. ser bo	coma un cuco
3. ser agarrado	coma un arado
4. ser bruto	coma un año
5. ser bulideiro	coma a virxe do puño
6. ser listo	coma unha baraza de la
7. ser manso	coma un axóuxere

ser agudo coma un allo,

Exercicio 3.8. Relaciona para formar fraseoloxismos.

1. arrimarse ao sol	que máis quenta
2. dar máis voltas	na ola
3. ter un corazón	ao muíño
4. ir e vir coma a faba	e peitear
5. ir e vir coma o fol	e callao
6. ser de faca	ca un muíño
7. ser de rapar	que non lle cabe no peito



ser can vello

arrimarse ao sol que máis quenta,

Exercicio 3.9. Relaciona as seguintes afirmacións cos grupos de fraseoloxismos.

1. Noutra altura histórica, na que a educación estaba intimamente ligada ás clases relixiosas, o latín era unha das marcas de cultura na sociedade. Aínda hoxe recoñecemos o coñecemento e a astucia cando dicimos que alguén...
2. Os elementos volátiles, ou incluso os animais capaces de voar, relaciónanse coa incertidume, co cambiante, co impredecible. Por iso é negativo dicir que...
3. Para alguén con pouco xuízo temos cualificativos moi “musicais” e “lúdicos”, que poden lembrarnos o son dalgúns instrumentos de vento.
4. A intelixencia relaciónase moitas veces coa rapidez de reacción. Para expresar esta idea, valémonos de elementos ou animais caracterizados pola súa velocidade ou viveza. Por iso dicimos que alguén...
5. Para representar a tolemia ou a falta de sentido pénsase, por veces, nun recipiente ou instrumento, esburacado ou non. Por iso dicimos que alguén...

A. *está coma unha criba /
peneira / caldeireta /
chocolateira*

B. *é listo coma unha
centella / un esquí /
unha denosiña*

C. *ser un tiruleco /
turuleque / tarambaina*

D. *sabe latín / é can vello/
sabe a agulla de marear*

E. *alguén ten a cabeza
chea de paxaros / chea
de fume / está nas
nubes*

Exercicio 3.10. Completa.

estar nas patacas	o demo no corpo	é un toxo
da virxe do puño	ten sentidiño	coma unha chispa

1. Peregrinos _____

Os albergues galegos son os únicos gratuítos do Camiño. O peregrino pode saír do Cebreiro e chegar a Santiago sen gastar un euro en aloxamento. O madrugador asegúrase, ademais de teito e ducha quente, unha cama diaria. Os peregrinos, cando poden, esconden a carteira. Non hai cifras de recadación, pero os responsables do refuxio do Cebreiro aseguran que as doazóns só alcanzan para financiar o papel hixiénico e os produtos de limpeza. Valente achega! Abunda o solto, o billete máis grande que se viu era de cinco euros.

Rocio García, *La Voz de Galicia* (adaptado)

2. _____

Fóiseme a frase nunha intervención pública, para explicar a realidade dun país que, tendo oportunidades e cartas que xogar, non sempre dispón de masa social suficientemente crítica (capital humano) para desenvolvelas [...]. A frase quería dicir isto: unha parte importante do país segue aínda nas patacas, ou na verza, segundo outra expresión popular; dito doutra maneira: na premodernidade, instalada na resignación e na pasividade (pobriños de nós!), cando non na autocompracencia (que ben nos vai!), no subsidio conformista e na lamentación [...].

Víctor F. Freixanes, *La Voz de Galicia* (adaptado)

3. Cando eu era nena non se falaba de nenos hiperactivos, simplemente dicían “ten o formighiño no cu” ou “ese rapaz ten _____”... xa me entendedes.

blogspot.com (adaptado)

4. Teño unha filla de 10 anos; éche preciosa: áxil como un mono, veloz como unha centella, fresca coma a auga do mar, lista _____.

server3.foros.net (adaptado)


5. Adoitaban xuntarse os dous irmáns coas mulleres e mais os fillos para pasaren xuntos a Fin de ano, e así ían facer desta vez. Despois da cea, tiñan previsto deixar os cativos ao cargo da maior das nenas, que xa fixo os catorce anos e _____ abondo para coidar dos outros tres.

Xavier Senín, *El Correo Gallego* (adaptado)

6. Teño unha filla que _____, por iso cada vez que me di algo cariñoso pregúntolle asustado: que pasou?



saber latín



ser coma unha chispa

Exercicio 3.11. Completa.

- | | |
|---|--|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Ela non se me dá acougado, é _____, xoga ao matarile, séntase, érguese, agáchase e vólvese agachar, con suspiros curtos, longos, posturas diferentes no sofá. Xohana Torres, <i>Adiós, María</i> (adaptado) 2. A súa nai tampouco o deixaba andar con aquel rapaz porque dicía que tiña _____ e que as veciñas falaban de que roubaba nas casas e outras cousas peores. Ramiro Fonte, <i>O retornado</i> (adaptado) 3. –Este tipo está _____. É un fanático, un aluado –exclamou o doutor Jackson coa ledicia do médico ante un caso insólito. Jack London, <i>O viaxeiro astral</i> (adaptado). 4. E como a fame aguza os sentidos, o Xoquiñas era _____ e entendía axiña todo o que pasaba ao seu redor. Xosé Ramón Fernández-Oxea. <i>Andrómenas. Contos pra o pobo</i> (adaptado) 5. El na Mansión era _____ que non apostaba pola causa de uns nin de outros, supoñendo que houbera causa algunha e que a loita entre Mam e a Dama non se reducise a un simple xogo de nai e filla. Xosé Cid Cabido, <i>O camiño de Middelharnis</i> (adaptado) | <ol style="list-style-type: none"> a. listo coma un allo b. trallado c. un cero á esquerda d. o demo no corpo e. un sarillo |
|---|--|

Exercicio 3.12. Completa.

1. Todo o mundo ten na boca a Gonzaliño; pois como el é tan estribillante, que parece que _____, non hai ninguén con quen non vaia bater, nin ninguén que non teña que ver con el. Antonio López Ferreiro, <i>O castelo de Pambre</i> (adaptado)	
2. Pero os aristócratas, que naceran en berce de ouro, que levaban unha vida regalada, que non sabían nin o que tiñan, era indignante que aínda _____.	
3. –Mauricio era un pobre apalermado que coa morte de súa nai, _____. Sechu Sende, <i>Made in Galiza</i> (adaptado)	a. fosen a virxe do puño
4. O Ribeirán era un cativo de catorce anos, bicho, espilido coma un allo e _____, que as collía polo ar. Xesús Rodríguez López, <i>A crus de salgueiro</i> (adaptado)	b. presumía eu máis ca un rato encima dun queixo
5. Os compañeiros da infancia comezaban a presumir de homes, fumando os seus pitillos polas festas adiante. Eu ía a algunha, cun traxiño que me deran para arranxar. Inda findei ben traxes que foran dunha familia que sempre nos quixo moito. Cando se vían cansos dunha peza, dábanma para min, e despois, _____.	c. fino coma a la de gato
Enrique Iglesias Alvarellos, <i>Botei corenta anos</i> (adaptado)	d. ten o formigo
	e. o sentidiño andáballe polas silveiras

Exercicio 3.13. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. A persoa que vai e vén coma a faba na ola, pode que vaia cos da feira e volva cos do mercado. ☐
2. Normalmente, de quen dicimos que ten un corazón de ouro, tamén diríamos que ten un corazón que non lle cabe no peito. ☐
3. Poderías dicir dunha cativa que é un anaco de pan aínda que pareza que lle está a nacer o rabo? ☐
4. Se alguén abre a man é un toxo. ☐
5. Estar coma unha cabra equivale a ser bulideiro coma un axóuxere. ☐
6. Ser coma a auga mansa e ser fino coma unha tranca son equivalentes. ☐

Exercicio 3.14. Aínda que neste volume nos centremos nos fraseoloxismos, o certo é que para describir o carácter dunha persoa botamos man, sobre todo, da adxectivación. Relaciona os seguintes fraseoloxismos coas series de calificativos.

O fraseoloxismo...	aplicase a unha persoa...
1. ser agarrada coma a virxe do puño	A. farruca, rufa, tesa, pretenciosa
2. ser unha cabeza choca	B. cotrosa, roñosa, atada, amarrada
3. ser moi chea	C. chaiñas, baldrogas, malpocado, miñaxoia
4. ser unha baraza de la	D. besbello, bulebule, fedello, fervello
5. ter o demo no corpo	E. tiruleca, turuleque, tarambaina, badulaque



ser o demo



ser bo coma o pan

Exercicio 3.15. Observa este fraseoloxismo en diferentes linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do fraseoloxismo galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

ter os pés na terra
(galego)

tocar de peus a terra (catalán)
tocar con pés na terra

tener los pies en la tierra (español)

avoir les pieds sur terre (francés)

avere i piedi per terra (italiano)

ter os pés assentes na terra (portugués)
ter os pés na terra

lurrean oinak mantendu (éuscaro)
manter os pés no chan

mit beiden Füßen auf der Erde stehen (alemán)
parar con ambos os dous pés na terra

keep one's feet on the ground (inglés)
manter os pés dun no chan


Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

Exercicio 3.16. Por medio de refráns, moitas culturas pónennos sobre aviso da importancia de escoller boas compañías, porque tanto as virtudes coma os vicios acaban imitándose. Aquí tes os comezos dalguns destes refráns, escolle os remates que correspondan. Só un é correcto.

- | | |
|--------------------------------------|--|
| 1. Dous que dormen no mesmo colchón, | a) sufrirán a mesma contusión.
b) son dous, aquí e en Xapón.
c) vólvense da mesma opinión. |
| 2. O que a boa árbore se acolle, | a) boa sombra o cobre.
b) non hai quen o molle.
c) é porque ben escolle. |
| 3. Pensa o ladrón | a) que todos son da súa condición.
b) cando terá ocasión.
c) se o verá o patrón. |
| 4. Dime con quen andas | a) e con quen saes de cañas.
b) e direiche as túas mañas.
c) para ver quen apanda. |
| 5. Perdido é | a) o que se regala.
b) quen con perdidos anda.
c) quen non se encontra. |



ter o formigo



ser fino coma la de gato

Exercicio 3.17. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

SIGNIFICADO	REFRÁN
1. As nosas compañías defínennos, posto que non escollemos ambientes ou amizades opostas a nós ou hostís, senón semellantes a nós.	<i>Dime con quen andas e direiche as túas mañas</i>
2. As persoas sospeitan con demasiada facilidade que os outros son coma elas no que se refire á falta de honestidade e malas actitudes.	_____
3. Aqueles que pasan moito tempo xuntos, acaban igualando certos comportamentos e opinións. Aplícase especialmente a parellas.	_____
4. Ter protectores ou amizades poderosas está cheo de vantaxes.	_____
5. Relacionarse con xente de mal proceder, irrespectuosa consigo mesma e os demais, implica ser igual ca eles.	_____

Exercicio 3.18. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. –Non sei que pensar de Isaac, paréceme bo rapaz, pero sae de festa cos impresentables de segundo, os que rebentaron o cristal da xastraría...
–Non te fies, _____.
2. –Isa non quere quedar con nós se vén Serxio. Podes crelo? A min chéirame que Serxio e o seu mozo aínda non se levan despois daquela agarrada...
–Pois moito me temo que tes razón. Xa sabes, _____.
3. –Non sei canto poderei aturar esta situación. Xesús entrega todos os deseños fóra de prazo, pero como é a gran promesa do deseño para a xefa...
–Ben certo é, _____.
4. –E vai mercar xa as cousas para a festa! Non me veñas a última hora dicir que tiñas o fontaneiro na casa ou que xa pechara o supermercado...
–Se a experta en escusas es ti! Desde logo, _____.
5. –Despois do incidente coa caixa rexistradora, non me chista moito que a encargada me vexa con Luís, que aínda é o principal sospeitoso.
–Enténdote, pode facerse unha idea errada de ti, por iso do _____.

Exercicio 3.19. Observa os equivalentes deste refrán noutras linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

	<i>Digues-me amb qui vas i jo et diré qui ets</i> (catalán)
	<i>Dime con quién andas y te diré quién eres</i> (español)
	<i>Dis-moi qui tu hantes, et je dirai qui tu es</i> (francés)
	Dime a quen frecuentas e direiche quen es
<i>Dime con quen andas e direiche quen es</i> (galego)	<i>Dimmi con chi vai, e ti dirò chi sei</i> (italiano)
	<i>Diz-me com quem andas (e) dir-te-ei quem és</i> (portugués)
	<i>Esak norekin habilen, esango diat nor haizen</i> (éuscaro)
	<i>Sage mir, mit wem du umgehst, so sage ich dir, wer du bist</i> (alemán)
	<i>You can tell a man by the company he keeps</i> (inglés)
	Podes coñecer un home pola compañía que ten

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

Exercicio 3.20. A crítica a determinadas actitudes xerou refráns moi expresivos, ligados ao ámbito máis inmediato, do cotiá e familiar. Relaciona estes refráns con aquilo que critican.


- a) BONDADE b) ENVEXA c) PREGUIZA
d) FACHENDA e) INGRATITUDE

1. A cabra da veciña sempre dá máis leite ca a miña.
2. Moitas olas ao lume e un garavanzo a cocer!
3. A ovella mansa moitos anos a mamam.
4. A galiña da miña veciña sempre dá máis ovos ca a miña.
5. Cría corvos e sacaranche os ollos.
6. Home sentado, non fai bo mandado.
7. Quen todo é mel, cómeno as abellas.
8. Comer sardiña e arrotar pescada.
9. Raposo que moito dorme, galiña non come.
10. Non é galiña boa a que come na casa e pon o ovo fóra.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, *O bichero II*



Luis Davila, *O bichero IV*

Mira as escenas anteriores. Describe os personaxes e os problemas que intúes en cada escena. Emprega os fraseoloxismos e refráns vistos na unidade.

→ Para falar...

1. Seguro que coñeces a alguén que sempre **se arrima ao sol que máis quenta**. Como describirías a esa persoa?
2. Como son as persoas que che **caen mal**? Son **máis malas que a peste**? Ou son xente con carácter, **duras de domear**?
3. E cando se trata de convidar... ti es **agarrada coma unha lapa** ou **abres a man**? En que ocasións, e con quen?
4. En que situacións da vida cómpre **ter os pés na terra**? Por que?
5. As persoas déixannos recordos variados... alguén te impactou pola súa sagacidade, por **ser listo coma un allo**? E polo contrario, por **ter poucas luces**?

→ Sabías que...?

Os biosbardos

Os **biosbardos** son unha figura mitolóxica existente en Galicia e coa que se fan bastantes brincadeiras, algunhas delas relacionadas cos nosos ríos. Tamén se chaman *cocerellos*, *gazafellos* e *cazarells*, coñecidos noutros lugares como *gamusinos*, *cordoveyos* ou *gambozinos*. De biosbardos está chea a literatura galega, aprende como cazalos:

1. Os **biosbardos** son seres imaxinarios, non ben precisados.
2. Os **biosbardos** son seres de gran fermosura que poden ser paxaros ou mozos. Para cazalos hai que empregar un saco e buscar unha noite escura e un camiño estreito e afastado, con moito silencio. Ábrese o saco e invócanse os biosbardos deste xeito:

*Biosbardo,
ven ao fardo,
que alpabarda
por ti agarda*

A persoa que consiga cazalos ten despois moita sorte na vida, pero non debe ensinalos a ninguén. Hai quen pensa que os biosbardos non existen e que son bromas para mofarse dos inocentes.

Enciclopedia Galega Universal (adaptado)

Falar das nosas cousas: Do país de ningures, das illas que non hai, do arbore das escumas, dos **biosbardos**, da ave fénix e dos peixes que choran.

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*

Di a sabedoría popular que quen consegue cazalos, os **biosbardos**, ten moita sorte na vida. Mais, como saber se os cazaches ou non?

Manuel O'Rivas, *Tempos Novos*

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→ Fraseoloxismos

3.1. BONDADE

ser bo coma o pan

ser coma un anaco de pan

ser un anaco de pan

ter un corazón que non lle cabe no peito

Ser unha boa persoa, ter moi bo carácter ou moi bo fondo: *Luis sabía que a señora Irma ía pasar a Noiteboa soa, e convidouna para cear con eles. Ese rapaz **ten un corazón que non lle cabe no peito**.*

ser (bo coma) unha baraza de la

1 Ser unha boa persoa, ter moi bo carácter: *Nunca se anoxa por nada porque **é unha baraza de la**.*

2 Ter pouca vontade, ser pusilánime: ***É un baraza de la**, fai todo o que lle din os amigos.*

ser un xan

Ser un home bo de máis que se deixa dominar por outros. Ser un home de pouca vontade, de pouca personalidade, sen carácter, pusilánime: *Levan un mes xuntos e mangoneáo como quere, **el é un xan**.*

3.2. MALDADE

ser o demo (en persoa)

Ser unha persoa con maldade: *Dicián que ese conde **era o demo en persoa** porque lle arrincaba os corazóns aos seus inimigos derrotados.*

[Confrontar **ser o demo** § 3.11. ASTUCIA]

ser máis malo ca a peste

ser máis malo ca a tiña

ser máis malo ca Caín

ter máis maldade ca sete raposas

Ser unha persoa con moita maldade, ruín: ***É máis malo ca a peste**, non intentes defendelo. / Desde que puxo un pé no despacho da directora, cegouno o desexo de poder e comezou a enturbiar o ambiente de traballo, **é máis malo ca a tiña**.*

3.3. SIMPATÍA

caer ben

Resultar agradable, simpática unha persoa; ser do agrado de alguén: *Considero importante que che **caían ben** os veciños, ao fin e ao cabo vas compartir con eles espazos, ruidos e inclemencias.*

ter moita chispa

Ser moi ocorrente, moi graciosa unha persoa: *Xenaro **ten moita chispa**, por iso é tan bo contando chistes.*

3.4. ANTIPATÍA

caer mal

Resultar desagradable, antipática unha persoa; non ser do agrado de alguén: *Chegoume ver como trataba ao persoal en público para **caerme mal**.*

ter cruzado (a alguén)

Sentir rexeitamento cara a esa persoa por resultar moi desagradable: ***Teno cruzado**, e non me estraña, aproveitouse sen vergoña do traballo alleo para escalar posicións.*

ser un toxo

Ser unha persoa áspera e brusca no trato cos demais: *Ese home **é un toxo**, sempre che dá moi malas contestacións.*

3.5. XENEROSIDADE

abrir a man

Dar con liberalidade: *O profesor **abriu a man** na última avaliación e houbo moitos alumnos que aprobaron.*

ter o corazón de ouro

Mostrar unha bondade destacable, caracterizarse alguén polos seus bos sentimentos: *Tal e como o meu pai me contaba o conto, a Cinsenta **tiña o corazón de ouro**; era boa e obediente incluso con quen non llo merecía.*

3.6. MESQUINDADE

ser (agarrado) coma a virxe do puño

ser (agarrado) coma unha lapa

Tratar de evitar calquera tipo de gasto: *Dóelle moito convidar, é coma a virxe do puño. / Ten o chaquetón todo cheo de bólas e non o cambia nin nas rebaixas, é agarrado coma unha lapa.*

ser dos que terman ben dos cartos

Actuar de xeito comedido co diñeiro e as pertenzas: *Henrique traballa a media xornada desde os dezasete anos e vén aforrando o 80% do que gaña cada mes, é dos que terman ben dos cartos.*

ser unha lura

ser unha nécora

Ser unha persoa avara, egoísta: *O xefe do cadro de persoal é un nécora, nin sequera colabora cando poñemos dous euros para facerlle un agasallo a alguén da oficina.*

3.7. COMENENCIA

arrimarse ao sol que máis quenta

Mostrar un comportamento intereseiro, achegarse a alguén con vistas a sacar proveito: *Ultimamente véxoo moito co fillo do alcalde, xa sabes, sempre se arrima ao sol que máis quenta.*

ir cos da feira e volver cos do mercado

Mudar de opinión, ser voluble e inconstante por querer quedar ben con todos: *Non me amoles, iso non é posicionarse, ti o que queres é ir cos da feira e volver cos do mercado.*

querer ferver en todos os pucheiros

Pretender participar en todas as circunstancias ou situacións das que se poida tirar proveito: *Xa está ben! Estou cansa de que queiras ferver en todos os pucheiros... debes ter medo de non acadar nunca nada.*

3.8. SOBERBIA

ser moi cheo (de si)

Ser unha persoa moi segura e orgullosa: *Se a camisa non é de marca non cha vai pór, el éche moi cheo.*

ter moito flus

ter moitos fumes

Ser unha persoa activa e presuntuosa, especialmente cando non ten motivos para iso: *Xesús ten moitos fumes desde que ascendeu a encargado e non lle pode pedir que faga fotocopias. / Coincidín coa nova xerenta e pareceume que tiña moito flus, que era a típica persoa encantada de coñecerse.*

presumir máis ca o rato enriba do queixo

Facer alarde dos seus méritos, calidades ou posesións: *Aprobou o Selectivo e regaláronlle a moto que quería, agora pasa fumegando por diante do instituto... presume máis ca o rato enriba do queixo!*

3.9. INQUIETUDE

dar máis voltas ca un muíño (de vento)

parecer que lle está a nacer o rabo a alguén

ter (o) azougue

Mostrarse unha persoa moi inquedada, moverse moito, non ter acougo: *Se vai estudar á biblioteca, Carlos subliña, bebe auga, mira o móbil e móvese na cadeira todo o tempo, parece que lle está a nacer o rabo. / Para quieta, Tareixa! Seica tes o azougue?*

Ter o azougue pode estar relacionado con **azougar**, intoxicarse ao absorber vapores do azougue, o que produce un tremor continuado.

ser o demo

[Consultar **ser o demo** § 3.11. ASTUCIA]

levar o demo no corpo

metérselle o demo no corpo a alguén

ter o demo no corpo

1 Estar nervioso, non parar quieto: *Hoxe esta rapaza ten o demo no corpo, non para quieta para comer nin poñéndolle os debuxos animados!*

2 Actuar con furia ou de forma irracional: *Cando vin como se dirixiu ao seu propio irmán asusteime, tiña o demo no corpo.*

3 Manifestar inclinación a facer o mal: *Cando estou no vestiario da piscina, sempre reparo en como tratan os cativos de natación a un pequerrecho que vai canda eles: son ruíns de verdade, teñen o demo no corpo!*

ser buldeiro coma un axóuxere

ser un fervellasverzas

ser un sarillo

Ser unha persoa que se move moito e non para quieta: *A túa irmá pequena é un sarillo, non deixou de xogar a mil e unha. / Damián é bo para moitos traballos, pero non lle pidas concentración absoluta e moitas horas sentado, que é un fervellasverzas.*

ter o formigo

ter o formigo no cu [VULGAR]

Estar inquieta unha persoa, non ter acougo físico ou psíquico: *Ten o formigo desde que sabe a noticia.*

3.10. CALMA

ser coma a auga mansa

Ser fácil de tratar, amosar serenidade: *Non vas ter problema ningún coa técnica de son, Isa é coma a auga mansa.*

ser manso coma un año

Ser fácil de tratar, amosar docilidade: *Non podo crer que Mateo che dese unha labazada... se é manso coma un año!*

ser tranquilo coma Amancio

Ser moi tranquilo, non alterarse con facilidade: *Xulio coñece ben ao teu irmán, por iso non lle deu importancia ás barbaridades que saíron da súa boca, o certo é que é tranquilo coma Amancio.*

O referente deste fraseoloxismo é Amancio Amaro Varela, futbolista do Deportivo da Coruña e do Real Madrid con sona internacional nos anos sesenta e setenta. É considerado un dos mellores xogadores galegos de todos os tempos.

3.11. ASTUCIA

ser coma unha chispa

ser (listo) coma un allo

ser (agudo) coma un allo

ser (vivo) coma un allo

Ser unha persoa moi aguda, enxeñosa e áxil de mente: *Demo de cativa!, para o que quere é coma unha chispa. / É coma un allo, entendeu todo á primeira.*

ser (listo) coma un cuco

Ser unha persoa enxeñosa e astuta; saber aproveitar as ocasións e ter moita habilidade para conseguir os seus obxectivos: *O neno é listo coma un cuco, pídeche a ti o chocolate porque sabe que eu non llo dou.*

ser o demo

1 Ser unha persoa malvada e astuta, pícara: *Inés é o demo, fixo e fixo e non parou ata devolverlle a broma pesada a Lorena, case a deixou en evidencia.*

2 Ser unha persoa moi divertida: *Miro é o demo, podes crer que comezou a imitar xente coñecida e case choramos coa risa no medio da crónica?*

3 Ser unha persoa moi inqueda, que se move moito e non para quieta: *Ese cativo é o demo, non para sentado.*

[Confrontar **ser o demo (en persoa)** § 3.2. MALDADE]

ser can vello

Ser unha persoa moi experimentada, astuta e precavida: *Non o engana calquera porque é can vello.*

saber latín

Ser unha persoa moi espelida, aguda, sagaz, instruída: *Cóidate del, que sabe latín.*

ser fino coma la de gato

Ser unha persoa pillá, astuta, con habilidade para conseguir o que quere e ata para enganar: *Enredoume para facer de balde os subtítulos de todos os filmes do ciclo e logo aínda pretendía que xestionase eu os espazos mentres ela collía tardes libres... Maruxa é fina coma la de gato.*

3.12. TORPEZA

ser bruto coma un arado

ser máis bruto ca un arado

Ser moi torpe, moi basta, moi ruda unha persoa: *Notei a Suevia algo tensa por levar a Jonathan á cea do aniversario de vodas dos avós: sabes que eles adoran a ritualidade e o protocolo, pero Jonathan é máis bruto ca un arado.*

ser burro coma unha cesta

Ser moi pouco intelixente: *Tiña un problema de formato no documento e foille pedir axuda*

ao novo informático, que é burro coma unha cesta.

ser fino coma unha tranca

Ser moi pouco delicado nas formas e nos xestos: *Pode contratar un estilista ou o que ti queiras, pero vai ter traballo quen a reedueque, que Anabel sempre foi fina coma unha tranca.*

ser un cero á esquerda

Non ser válida; non contar unha persoa coa consideración dos outros: *Ao marcharen vivir cos seus fillos, algúns maiores din que son un cero á esquerda, aínda que a súa axuda é inestimable.*

ter poucas luces

Ser curto de entendemento: *María ten poucas luces, tardou en identificar o motivo de todas as inocentadas que lle gastaban.*

3.13. VALENTÍA

ser botado para diante

Ser ousado, decidido; ser moi atrevido, mesmo chegando á imprudencia: *Hai que controlar á pequena de Xurxo se vai ao parque: máncase por ser moi botada para diante.*

ser de peito (e de arranque)

Ser valente e decidida unha persoa: *Afeccionouse á espeleoloxía durante os primeiros anos de carreira, e logo quixo comezar a facer montañismo e deportes de risco... Manuel é de peito.*

ter peito

Ter valor, coraxe; ser valoroso: *Dígoche que hai que ter peito para acompañar as afeccións do teu colega: agora quere facer paracaidismo.*

3.14. TEMPERAMENTO

ser de faca e callao

ser de rapar e peitear

Ter un carácter moi forte, ser difícil de tratar, manexar etc.: *Ten coidado con Manola, fomos compañeiros de traballo e é de rapar e peitear!*

ser duro de domear

Ter mal carácter, ser difícil de manexar ou aconsellar: *Saiúlles un fillo moi intelixente*

pero moi duro de domear: todo o que ten de crítico e sagaz, teno de rebelde.

3.15. COVARDÍA

ser unha galiña

ser coma unha galiña (choca)

Ser covarde, pusilánime: *Cando o meu tío lle mandou poñer o traxe para ir con el ás colmeas, comezou a recuar... Héctor é un galiña.*

3.16. REALISMO

ter os pés na terra

Ser realista e ter unha actitude pragmática; actuar con sentido común: *Se non queres levar unha desilusión, é mellor que teñas os pés na terra.*

3.17. FORMALIDADE

ter sentidiño

Actuar con sensatez e de maneira lóxica, razoable e correcta: *Hai que ter sentidiño cando se colle o coche porque o número de accidentes por empregar o móbil ao volante estase incrementando.*

ter a cabeza enriba dos ombreiros

Actuar con siso e con sentido, sen deixar que as novidades ou as boas novas aparten a un da realidade: *Talvez coidar do irmán desde pequeno fixo que tivese sempre a cabeza enriba dos ombreiros.*

non ter a cabeza de adorno

ter a cabeza para algo máis que se peitear

Actuar con sensatez, facendo o esforzo de pensar: *Pensa ben o que lle vas contestar... non tes a cabeza de adorno! / Deiche o mapa antes de subir ao avión e aínda así perdícheste? Non entendes os mapas? Hai que ter a cabeza para algo máis que se peitear!*

3.18. POUCA FORMALIDADE

andarlle o sentid(iñ)o polas silveiras a alguén

Estar despistada ou des centrada esa persoa; ter pouco siso; ter ideas alouçadas: *Aínda non se recuperou da quebra do bar e xa anda pensando en buscar investidores e axudas para montar un parque acuático... ándalle o sentidiño polas silveiras!*

ir e vir coma a faba na ola

ir e vir coma o fol ao muíño

ir e vir coma o xerro vai á boca

Andar dun lado para outro sen parar e sen amosar un comportamento coherente; actuar con pouca formalidade, con pouca seriedade: *Nunca lle fixen moito caso a Luís cando me contaba leas do resto de compañeiros, sei que é dos que van e veñen coma o xerro vai á boca e se a min me dicía unha cousa, aos outros dicíalle outra.*

ser coma o vento

Ser unha persoa moi voluble, variable nas súas opinións: *Quérolle ben, pero é coma o vento, sabes que pensa hoxe pero non que pensará mañá.*

ser un tarabelo

Non ser unha persoa seria nin constante nas súas opinións e accións: *É un tarabelo, non ten formalidade ningunha.*

ser unha cabeza choca

ser unha cabeza no aire

ser unha festa no aire

Ser unha persoa aloucada, ter pouco siso ou xuízo: *Nin tola envío os cartos do pedido por medio do teu irmán... é un cabeza choca, nunca chegarían ao seu destino. / Non lle encargues a ela mercar os petiscos e as bebidas para esta tarde, María é unha festa no aire, é capaz de mercar só o que lle apeteza no momento.*

ser un pintalareiras

Ser unha persoa irresponsable, informal, inconstante e pouco seria: *É un pintalareiras: logo de moito o pedir, ofrecémolle a Xurxo decorar o muro do instituto cun graffiti, e aínda non apareceu.*

3.19. DISTRACCIÓN

andar nas patacas

estar nas patacas

andar nas verzas

estar na verza

estar nas verzas

Apartar unha persoa a atención daquilo no que debería poñela, estar distraída: *O profesor de latín enfadouse porque Xiao estaba nas verzas durante a súa explicación.*

estar nas nubes

andar nas nubes

Non estar atenta unha persoa; estar distraída, fóra da realidade: *O neno non escoita o que lle dis porque está nas nubes.*

andar aos biosbardos

estar nos biosbardos

pensar nos biosbardos

ollar para os biosbardos

Andar a perder o tempo; estar moi despistada unha persoa ou completamente distraída, fóra da realidade: *Este carteiro anda aos biosbardos! Xa é a cuarta vez que nos deixa cartas que están dirixidas a outro enderezo. / Non ves que o semáforo leva un bo anaco en verde? Parece que estás nos biosbardos. / Vaiche quedar o peixe frío no prato como non deixes de ollar para os biosbardos.*

[Consultar **Sabías que...**]

3.20. FANTASÍA

ter a cabeza a paxaros

ter a cabeza chea de paxaros

traer a cabeza aos paxaros

Ter ilusións vas ou aloucadas, ser unha persoa fantasiosa ou pouco asisada: *Dende que sabe que os melenudos eses van vir tocar ás festas de Ourense a nosa Paula ten a cabeza a paxaros.*

ter a cabeza chea de fume

Ter ilusións ou proxectos pouco fundamentados: *Non me digas que fas plans con ela, se ten a cabeza chea de fume e nunca remata o que comeza!*

perder o norte

Desvariar, comportarse de xeito desordenado ou errático, coma quen está desorientado en múltiples ámbitos: *Non podemos perder o norte agora, logo do que levamos loitado conxuntamente.*

[Consultar **perder o norte** § 6.9. FRACASO]

3.21. TOLEMIA

estar coma unha cabra

estar coma unha cabuxa

estar coma unha chiba

Non actuar segundo se espera dunha persoa normal; estar algo tola: *Non é mal tipo, pero di moitas parvadas, está coma unha cabra.*

estar coma unha peneira

estar coma unha criba

estar coma unha caldeireta

Non ter ben as facultades mentais, non rexer ben; demostrar pouco xuízo no que se di ou se fai: *Non lle fagas caso ningún, que **está coma unha caldeireta**.*

→ Refráns

Dous que dormen no mesmo colchón, vólvense da mesma opinión

Cando dúas persoas son parella ou teñen un trato de intimidade, adoitan acabar opinando o mesmo: *Coñecendo o temperamento da súa muller, e o influenciable que é el, dígoche eu que non tarda en cambiar de bando no conflito. Por algo din que **dous que dormen no mesmo colchón, vólvense da mesma opinión**.*

O que a boa árbore se acolle, boa sombra o cobre

Aquela persoa que escolle amizades ou contactos influentes, ten asegurada boa protección e oportunidades: *Hai medio ano morría coa fame e hoxe non dá feito a presentar en galerías e feiras de arte! Éche ben certo que os contactos o son todo: **o que a boa árbore se acolle, boa sombra o cobre**.*

Pensa o ladrón que todos son da súa condición

Quen actúa de modo deshonesto ou desagradable con naturalidade, adoita pensar que o resto das persoas tamén o fan: *E cando se descubriu que modificara os arquivos, ese mal becho aínda miraba para min querendo botarme as culpas... Dende logo, **pensa o ladrón que todos son da súa condición**.*

Dime con quen andas e direiche as túas mañas

Dime con quen andas e direiche quen es

As nosas compañías habituais e amizades defínnos, descubren aspectos do noso modo de ser: *Antón volveu entregar as contas da comunidade sen cadrar, pero tampouco é raro deixándose levar por trapalleiros coma o do quinto... Xa se sabe, **dime con quen andas e direiche quen es**.*

estar trallada

Estar moi tola unha persoa, xeralmente con carácter despectivo: *E poste así porque deixou caer unha lágrima? Se sabes que ademais de ser un manipulador, **está trallado**!*

Perdido é quen con perdidos anda

Por regra xeral, unha persoa que se rodea de malas compañías, actuará coma elas: *Non mo gabes, non estuda nin traballa nin ten curiosidade vital ningunha... e anda coa xente máis deixada que coñezo. Parece que **perdido é quen con perdidos anda**.*

A cabra da veciña sempre dá máis leite ca a miña

A galiña da miña veciña sempre dá máis ovos ca a miña

Aínda que non sexa certo, tendemos a considerar que as posesións e situacións alleas son mellores ca as nosas, envexosamente: *Tanto ten o que consiga, no momento en que fala coa nai de Xusto volve convencida de que el vai moito máis encamiñado ca min vitalmente. Está claro que **a galiña da veciña sempre dá máis ovos ca a miña**.*

Moitas olas ao lume e un garavanzo a cocer!

Comer sardiña e arrotar pescada

A actitude de quen aparenta vivir cunha riqueza que non ten resulta ridícula, é obxecto de mofa: *Anda contando que comeron ata rebentar no banquete o día do seu aniversario, pero todos sabemos que Sabela é das de **comer sardiña e arrotar pescada**.*

A ovella mansa moitos anos a maman

Quen todo é mel, cómeno as abellas

A excesiva bondade ou docilidade pode resultar prexudicial para un mesmo, xa que dá lugar a un posible abuso: *Paréceme ben que sexas agradable co grupo, pero tamén tes que deixar claro o nivel de esixencia, que **quen todo é mel, cómeno as abellas**.*

Home sentado, non fai bo mandado

Raposo que moito dorme, galiña non come

O repouso está rifado co traballo. Mentres se descansa non se consegue alimento nin se adianta nas tarefas: *Non ten xeito ningún que deixes durmiñar ao rapaz ata as 12 do mediodía, ben se sabe que raposo que moito dorme, galiña non come.*

Non é galiña boa a que come na casa e pon o ovo fóra

Agárdase que quen aproveita certas circunstancias e medios corresponda. A ingratidade é criticable: *A tía xefa e os teus compañeiros da empresa si merecen recibir polo menos un cava para festexar o teu premio na lotaría, que non é galiña boa a que come na casa e pon o ovo fóra.*

Cría corvos e sacaranche os ollos

Por veces, o coidado e a dedicación a alguén vense recompensados cunha actitude desagradecida, negativa e incluso destrutiva: *Estaba convencida de que Gabriel me tiña lei e un aprecio sincero, pero acaba de demostrar quen é. Desde logo, cría corvos e sacaranche os ollos.*

Unidade 4. Sentimentos e emocións

A chegada do Entroido implica a preparación das comparsas e os disfraces. Duarte e Xiana manteñen unha conversa telefónica sobre o tema. Repara nos fraseoloxismos empregados.

–Xiana, que? Que tal por aí por Xinzo? **Estarás coma o peixe na auga**¹, non? Chámote para ver se sabes algo de Santi, a min **deume coa porta nos focinhos**² o outro día e non sei se ao final facemos a comparsa de xente nunha montaña rusa ou non...

–Ola, Duarte. Vas **quedar coa boca aberta**³ cando che conte o que pasou... A verdade é que eu xa **andaba coa mosca tras da orella**⁴ desde que o vin con moi poucas ganas de ir conseguir o porexpán... e onte souben que lle estivo a **dar a roncha**⁵ ao meu curmán para que lle deixase o traxe de pantalla!

–Que?

–Sí, si. E o chiste é que foi miña nai quen **o colleu nas patacas**⁶. Ela estaba na casa da miña tía cando chegou el **facendo chorar as pedras**⁷ e falando da alma do entroido tradicional, do bater das vexigas e que sei eu...

–Pero isto **é unha gaita**⁸! Entón **víranos as costas**⁹ a última hora, choromícalle ao teu curmán o traxe... e nós temos que **aguantar mecha**¹⁰!

–Máis ou menos... Ao principio eu **botaba lume polos ollos**¹¹, pero logo pensei que non tiña sentido **levar as mans á cabeza**¹². Seica a camisa e o calzón lle valen, e ben sabes que a faixa, a capa e o pano non teñen problema... así que un día irá de pantalla, pero non o martes. Para o desfile das comparsas, vén con nós...

–Aaaah! De todas as maneiras, que non pense que o vou **recibir cos brazos abertos**¹³, que as cousas non se fan así. E espero que logo da que armou non sexa un miñaxoia e aguante o peso do cinto coas campaiñas e os axóuxeres...

–Mira... Santi **estache alegre coma un pandeiro**¹⁴ por ser pantalla! Aguantará, home... séríalle unha vergoña non facelo, haha!

–É verdade, ho! **Sarna con gusto non pica**¹⁵! (...)

¹ Estarás moi contenta e feliz.

² rexeitoume.

³ ficar abraiado.

⁴ desconfiaba.

⁵ amolar.

⁶ o sorprendeu.

⁷ causando grande compaixón.

⁸ é un contratempo, é un problema.

⁹ négase a vir con nós.

¹⁰ aceptar e soportar con paciencia.

¹¹ púxenme furibunda.

¹² anoxarse.

¹³ aceptar de bo grado.

¹⁴ estache moi contento.

¹⁵ As incomodidades non son importantes cando unha persoa goza co que fai.

Exercicio 4.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras ou falsas as seguintes afirmacións.

1. Xiana e Duarte van facer unha comparsa de montaña rusa cos seus amigos. ☐
2. Santi tamén ten outros plans para o Entroido. ☐
3. Duarte está incomodado con Santi porque non lle contou que quería ir de pantalla. ☐

Exercicio 4.2. Cando queremos referirnos aos **sentimentos** e ás **emocións** na fraseoloxía galega empregamos os animais e os instrumentos musicais como referentes que nos axudan a expresarnos. Relaciona.

1. <i>lobo</i>	
2. <i>moucho</i>	ALEGRÍA
3. <i>fera</i>	TRISTURA
4. <i>galiña</i>	FASTÍO
5. <i>gaita</i>	IRA
6. <i>pandeiro</i>	TINO
7. <i>rulo</i>	MEDO
8. <i>cuco</i>	

Exercicio 4.3. Tamén empregamos outros elementos do entorno inmediato. Relaciona.

FRASEOLOXISMO	SIGNIFICADO
1. <i>estar coma o peixe na auga</i>	A. Aceptar sen protestar; humillarse, ceder.
2. <i>estar alegre coma un pandeiro</i>	B. Decatarse da inminencia dun perigo.
3. <i>baixar as orellas</i>	C. Desconfiar, recear.
4. <i>andar coma un moucho</i>	D. Mostrar moito enfado.
5. <i>botarlle os cans a unha persoa</i>	E. Ter moito tino.
6. <i>verlle as orellas ao lobo</i>	F. Sentir e manifestar moita alegría.
7. <i>aguantar mecha</i>	G. Sentirse moi a gusto.
8. <i>botar lume polos ollos</i>	H. Sentirse e mostrarse triste.
9. <i>andar coa area no zoco</i>	I. Soportar unha situación desagradable.
10. <i>andar con pés de manteiga</i>	L. Reprendela, censurala.



andar coma a galiña cos ovos



estar coma a ovella na boca do lobo

Exercicio 4.4. Mira as listaxes destes grupos de fraseoloxismos e asígnalle a calidade que corresponde a cada grupo.

PLACIDEZ / ALEGRÍA	REXEITAMENTO	TRISTURA	ACEPTACIÓN
1. <i>PLACIDEZ / ALEGRÍA</i>			
estar coma o peixe na auga			
estar coma a cabra no monte			
estar coma o carracho na la			
estar alegre coma un pandeiro			
estar alegre coma a gaita nas festas			
estar contento coma un cuco			
estar contenta coma unha rula			
estar contento coma un rulo			
cantar vitoria			
3.			
encher o ollo			
recibir cos brazos abertos			
aguantar mecha			
andar coa cruz ao lombo			
baixar a cabeza			
baixar as orellas			
	2.		
	caerlle a alma aos pés a alguén		
	andar coma un moucho		
	facer chorar ás pedras		
	partírselle a alma a alguén		
	partírselle o corazón a alguén		
	4.		
	torcer o bico		
	torcer o fociño		
	deixar tirado		
	virarlle as costas a alguén		
	darlle coa porta nos fociños a alguén		
	botarlle os cans a alguén		

SORPRESA

PREOCUPACIÓN

FASTÍO

IRA

MEDO

5.

cheirar a **can**
 andar coa **area** no **zoco**
 andar coa **mosca** tras da **orella**
 andar con **pés de la**
 andar con **pés de manteiga**
 andar coma a **galiña** cos **ovos**

ter o **corazón** nun **puño**
afogar nun **vaso de auga**

7.

coller na **allada** a alguén
 coller na **pateira** a alguén
 coller na **figueira** a alguén
 coller nas **patacas** a alguén

ser (algo) cousa de **meigas**

levar as **mans á cabeza**
 quedar de **pedra**
 quedar coa **boca aberta**
 quedar aberto de **peito**

6.

estar coma a **ovella** na **boca do lobo**
 verlle as **orellas** ao **lobo**
 verlle os **ollos á curuxa**

8.

ser (algo) unha **gaita**

darlle a **roncha** a alguén

tocar a gaita
 andar con **gaitas**
 meter os **fociños**

non estar o **alcacén** para **gaitas**
 non estar para **gaitas**
 estar ata as **orellas**

deixar en **paz** a alguén

9.

poñerse de **cornos**
 poñerse feito unha **fera**
 comer **lume**
 botar **lume** (pola boca / polos ollos)
 ensinar os **dentes**
 subir polas **paredes**



andar coa mosca tras da orella



meter os fociños

Exercicio 4.5. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

1. O berro da rula é algo así como «rrur; rrur» ou «turr turr».	A. Orxo, avea ou principalmente centeo, que se utiliza como forraxe para os animais.
2. Ándalle catando os carrachos ao can.	B. Rola, ave semellante á pomba pero máis pequena. Ten un debuxo branco e negro nos lados do pescozo. O seu nome venlle do seu berro.
3. A curuxa ten plumas de cor clara e os seus ollos varían entre o castaño escuro e o negro.	C. Parasitos que se alimentan do sangue de aves e mamíferos.
4. As meigas foron perseguidas pola Igrexa porque se lles atribuíu un pauto co demo.	D. Ave rapaz nocturna que se considera ave de mal agoiro.
5. O canto do cuco anuncia a primavera.	E. Bruxas, feiticeiras.
6. Afiou o fouciño para apañar o alcacén .	F. Ave gabeadora pequena de plumas grises e cola negra con puntos brancos. O seu nome obedece ao canto característico do macho.

Exercicio 4.6. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

1. O pandeiro é de coiro, rectangular e tócase cos cotelos da man.	A. Ave rapaz nocturna de cor parda agrisada cun canto que pode ser considerado como presaxio da morte.
2. A gaita é unha parte esencial na cultura tradicional galega.	B. Triunfo, éxito.
3. Un chisqueiro é un acendedor de mecha .	C. Pequenas erupcións cutáneas.
4. O Deportivo da Coruña tivo a súa primeira vitoria ante o Barcelona F. C. no Camp Nou na tempada 2000-2001.	D. Instrumento musical de percusión, formado por un marco de madeira cunha pel estirada suxeita a el.
5. O moucho é castaño e ten os ollos de cor amarela brillante con cellas brancas.	E. Cordón ou trenza de fíos que poden estar impregnados de combustible e aos que se lles prende lume.
6. Cando tes o xarampón, éncheseche a cara de ronchas .	F. Instrumento musical de vento, formado por un fol que se enche de aire e varios tubos de madeira.

Exercicio 4.7. Relaciona para formar fraseoloxismos.

estar coma a cabra	á curuxa
estar coma a gaita	ao lobo
estar coma o carracho	na auga
estar coma o peixe	na boca do lobo
estar coma a ovella	na la
verlle as orellas	nas festas
verlle os ollos	no monte



estar coma a cabra no monte

Exercicio 4.8. Insire os fraseoloxismos anteriores na columna que lles corresponde.

PLACIDEZ / ALEGRÍA <i>estar coma a cabra no monte</i>	MEDO
--	------

Exercicio 4.9. Relaciona para formar fraseoloxismos.

andar	tras da orella
andar coa area	con gaitas
andar coa mosca	cos ovos
andar coma a galiña	de la
andar con pés	no zoco

Exercicio 4.10. Insire os fraseoloxismos anteriores onde corresponde.

FASTÍO PREOCUPACIÓN

Exercicio 4.11. Relaciona.


recibir	a gaita
torcer	a cabeza
aguantar	as costas
baixar	ás pedras
darlle a alguén	coa porta nos fociños
estar a tocar	cos brazos abertos
facér chorar	en paz
non deixar	o corazón
partírselle a alguén	o fociño
virarlle a alguén	mecha

Exercicio 4.12. Insire os fraseoloxismos anteriores onde corresponde.

ACEPTACIÓN 😊	
ACEPTACIÓN IMPOSTA 😊	
REXEITAMENTO ☹️	
FASTÍO ☹️	
TRISTURA ☹️	



aguantar mecha



andar coa cruz ao lombo

Exercicio 4.13. Relaciona.

1. Despois de **cantar vitoria** durante sete partidos, o Rácing de Ferrol foi perder o máis doado!
2. Foi recibida **cos brazos abertos** e mesmo o anfitrión lle pediu que sentase á súa beira.
3. Anxo é o típico agonías que **afoga nun vaso de auga**. Cre que non lle vai dar tempo a ler nun mes Cartas de inverno de Agustín Fernández Paz. Non sabe o que engancha!
4. Non quería facer o que lle dicía seu pai, pero non lle quedou máis remedio que **baixar as orellas**.
5. Xiao estaba sempre **coma a gaita nas festas**. Polo seu enxeño e simpatía era reclamado por todos.
6. Coa suba do IVE temos que ter moito coidado cos gastos. Nestes tempos **non está o alcacén para gaitas** se queremos aforrar un pouco.

- A. aceptalo con submisión.
- B. está excesivamente preocupado por algo que non é tan grave como pensa
- C. moi contento
- D. gañar, conseguir un triunfo
- E. non é o mellor momento
- F. con agarimo, afectuosamente

Exercicio 4.14. Escolle a opción máis axeitada para os seguintes textos.

andar con pés de la	botaba lume polos ollos
co corazón nun puño	collidos nas patacas
	dar a roncha

1. _____

A policía detivo a dous homes despois de que rompesen un cristal e subtraesen dúas bandexas de pasteis dunha panadería do Porriño. En plena faena doce pillaron o luns a dous ladróns, en concreto en masa de follado que conformaba unhas rosquillas da panadería. Tan boa pinta tiñan, que os dous homes non dubidaron en romper un dos cristais laterais do escaparate para levaren dúas bandexas cos doces. Nesa historia estaban ás tres da mañá cando os localizaron e foron detidos. Terminaron a doce aventura cun final máis ben agre. www.lavozdegalicia.es (adaptado)

2. Moitos pais recoñecen a fascinación que senten os rapaces polas consolas. Xa se sabe que coa *PlayStation* e as *Nintendos* é fácil que queden agochados no seu cuarto sen _____.


3. As chuvias e os temporais destes últimos días provocaron que conducir polas estradas fose toda unha aventura e que houbera que _____ para non ter desagradables incidentes. www.usc.es (adaptado)

4. A diferenza estaba en que meu avó non se enfadaba nunca nin por nada, mentres que aquel zoqueiro, de cando en vez, _____! En definitiva, eran tan distintos que ata se levaban ben. gomezvilabella.blogspot.com.es (adaptado)

5. El entrou cruzando o dedo nos beizos dicíndolle que non berrase, que calase, que... Pero ela ergueuse cunha axilidade que nunca apreciara en si, propulsada por unha forza nunca experimentada. Subiu polas escaleiras ata o terceiro, chamou ao timbre, afogando, _____, os ollos vivos, suando, morta e viva a un tempo. Cando súa nai lle abriu a porta, tiña o medo espetado na mirada, pero non dixo nada. Miguel Suárez Abel, *Co dedo nos beizos* (adaptado)



baixar a cabeza



partírselle o corazón a alguén

Exercicio 4.15. Escolle a opción correcta.

- | | |
|---|--|
| <p>1. A túa avoa estaba de oito meses e o mundo _____. Tivo que aturar o odio cotián das calumnias e a xenreira silenciosa da xente que aproveitou a ocasión para fomentar mentiras ás que moitas veces non alcanzaba a imaxinación. Antón Riveiro Coello, <i>As Rulas de Bakunin</i> (adaptado)</p> <p>2. O enorme peteiro aberto do pequeno cuco ten un brillo engaiolante e o seu poderoso berro de súplica reclamando comida _____, de maneira que recibirá boa parte da comida que chegue. Como é de supoñer, comendo con tal devoción, logo medra. Xavier Lorenzo Tomé, <i>O paxaro que canta un nome</i> (adaptado)</p> <p>3. –Se Carolina escapou, ela saberá onde está. Ademais, é de supoñer que escapou porque quixo, pola súa propia vontade. Deben saber que as persoas non se poden meter en gaiolas como se fosen paxaros. De xeito que se a perderon, se se lles foi, se levantou voo, búsquena e a min non me _____. –Ímoste escarallar, Xandón –dixo, moi teso, un dos irmáns da Carolina–. Xa nos tes fartos ata os mesmos collóns das túas altiveces e das túas provocacións. Xosé Fernández Ferreiro, <i>A saga dun afiador</i> (adaptado)</p> <p>4. Dende o fondo da Avenida, víase a Ponte Vella abarrotada de xente. Acudiran a aquel miradoiro porque, no tallamar, facía exercicios circenses alguén que identificou axiña. Os curiosos, _____, vociferaban reclamando aos bombeiros para que evitasen o brinco mortal. Bieito Iglesias Araúxo, <i>Vento de seda</i> (adaptado)</p> <p>5. Eu teño moito empuxe para adiante, non me deixo _____, penso que todo ten arranxo, se lle fas cara. A vida é preciosa, carai, e logo, non é bonita? A vida hai que mirala polo lado bo. Úrsula Heinze, <i>Arredor da muller en 18 mundos</i> (adaptado)</p> | <p>a) foi cousa de meigas
b) cantou vitoria
c) viroulle as costas</p> <p>a) anda coma un moucho
b) fai chorar ás pedras
c) velle os ollos á curuxa</p> <p>a) veñan con gaitas
b) anden con pés de la
c) anden coa cruz ao lombo</p> <p>a) coa porta nos fociños
b) co corazón nun puño
c) co rabo entre as pernas</p> <p>a) afogar nun vaso de auga
b) recibir cos brazos abertos
c) quedar de pedra</p> |
|---|--|

Exercicio 4.16. Completa facendo as transformacións necesarias.

verlle as orellas ao lobo

dar a roncha

botar as mans á cabeza

parecer cousa de meigas

recibir cos brazos abertos

1. Cando el descubriu que escribía coa man esquerda alporizouse todo, como se tivese acontecido unha desgraza. Era coma se eu lle tivese feito un dano irreparable. Non me é doado describir o que eu sentía. El daba voltas pola casa, vermello de ira, _____, maldicindo e lamentándose. Xesús Manuel Valcárcel, *O capitán lobo negro* (adaptado)
2. Os arqueiros chegaron onda el e dixerónlle que tiña que acompañalos ata a caseta do posto de garda, na porta principal. Manuel quedou mudo de pasmo. Non podía entendelo. Deixara algunha pista que o delataba, ou que? Era imposible. _____. Ergueuse coma un somnábulo e saíu do comedor con aqueles dous sen saber que facía el alí, tan indefenso, a tantos quilómetros da súa casa. Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos* (adaptado)
3. Mandáronnos esposados para a comisaría. Alí metéronnos en celas independentes e empezou unha malleira-interrogatorio. Declarei alí todo canto quixeron, fixéronme fichas en todos cantos papeis tiñan e despois de botarme un sermón, tivéronnos alí tres días tras de sucesivas malleiras e interrogatorios. Cando nos cebaron dixerónnos que a cousa quedaba así porque non tiñamos antecedentes e en espera de que escarmentásenos. Daquela, _____ por primeira vez. Manuel Anxo Laxe Freire, *Loita e morte* (adaptado)
4. Aínda te acordas cando chegaches unha vez á súa casa, canso, cheo de fame, despois dunha boa camiñada. Abriuche as portas, _____, coma un amigo, coma se foses da familia. Desde aquel intre fostes amigos, unha amizade entre dous polos opostos, que se alimenta precisamente da diferenza que hai entre os dous. Úrsula Heinze, *O soño perdido de Elvira M.* (adaptado)
5. O veterano policía tiña présa por trasladarse ao despacho do director da policía para poñer as cousas no seu sitio. Tiña dous tipos para investigar: Grant, o ex-marido, ese lunático inseguro que a tiña ameazada desde que se separaron e o director de cine, B. S., un individuo que sempre estivo namorado dela, axexándoa na sombra, e _____ para que regresase á escena. Tiña que deixar o senador en paz, se quería ter unha xubilación feliz. Xosé Durán, *O asasino invisible* (adaptado)

Exercicio 4.17. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Unha persoa que afoga nun vaso de auga tamén está coma peixe na auga. ☐
2. Cando a alguén se lle parte a alma, tamén se lle pode partir o corazón. ☐
3. Alguén que está coma a cabra no monte, está coma o carracho na la. ☐
4. Se comes lume, quedas coa boca aberta. ☐
5. Polo xeral, cando alguén está a dar a roncha, tamén está a tocar a gaita. ☐



recibir cos brazos abertos

Observa como a imaxe do fraseoloxismo galego **recibir cos brazos abertos** aparece tamén nos fraseoloxismos doutras linguas para significar ‘acoller ben algo ou a alguén’, ‘mostrarse moi receptivo con algo ou alguén’.

***recibir cos brazos abertos a
alguén*** (galego)

rebre amb els braços oberts (catalán)

recibir con los brazos abiertos (español)

recevoir à bras ouverts (francés)

accogliere a braccia aperte (italiano)

receber de braços abertos (portugués)

besoak zabalik jaso (éuscaro)

jemanden mit offenen Armen empfangen
(alemán)

receive with open arms (inglés)

Exercicio 4.18. Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

❶ O *Dicionario da Real Academia Galega (DRAG)* define a **sarna** como unha enfermidade contaxiosa da pel, ocasionada por un ácaro parasito, caracterizada pola aparición de pequenas vinchocas que producen unha intensa comechón.

Exercicio 4.19. Engade estes remates aos seguintes refráns.

<i>a gusto de todos</i>	<i>que pasar sen dous</i>
<i>corazón que non sente</i>	<i>ten medo</i>
<i>que por ben non veña</i>	<i>non pica</i>

1. Nunca chove	<u>a gusto de todos</u>
2. Non hai mal	_____
3. Sarna con gusto	_____
4. Máis vale comer un ovo	_____
5. Ollos que non ven,	_____
6. O que ten cu,	_____

Exercicio 4.20. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

SIGNIFICADO	REFRÁN
1. O que agrada ou é bo para uns, desagrada ou é malo para outros, por iso non se pode satisfacer e agradar a todos.	<i>Nunca chove a gusto de todos</i>
2. Hai que se conformar co que se ten seguro aínda que sexa pouco. O moito e incerto non nos pertence.	
3. A ausencia apaga o amor. Na mesma liña, unha desgraza ou unha contrariedade que non se presencia afecta moito menos.	
4. Toda contrariedade ten unha lectura positiva. Este refrán anima ao consolo ante o infortunio.	
5. Unha persoa ten medo porque sente un perigo ou unha ameaza.	
6. Cando unha persoa fai algo a gusto, non sente o esforzo nin a fatiga pois a satisfacción de facelo compénsalle cumpridamente.	

Exercicio 4.21. Reacciona ás seguintes situacións cun refrán.

1. –A outra noite, cando saímos, Farruco volveu fumar, e mira que non está avisado co da asma...! É mellor que súa nai non o saiba para que non se desguste.
–Si, seguro que foi algo puntual, _____.
2. –Cando foron vivir para Santiago decatáronse de que era moi difícil atopar piso porque xa comezara o curso, por iso alugaron este apartamentoño que é pequeno e un pouco máis caro.
–Fixeron ben. _____. Xa atoparán algo mellor máis adiante.
3. –A Diego gústalle moito as verbenas e xa leva tres anos organizándoas coa comisión de festas... Logo di que está mallado o luns seguinte.
–Non te preocupes por el, xa sabes que _____.
4. –Miña nai estaba moi cansa de tanta choiva porque non podía saír da casa.... por iso volveu coller as agullas e púxose a calcetar nunha chaqueta que facía tempo tiña parada.
–Pois mira ti, xa ves, _____.
5. –Reduciron a iluminación do Nadal nas rúas da cidade para aforrar nestes momentos de crise, pero hai establecementos comerciais que non están de acordo porque din que así lles baixan as vendas.
–Non me estraña nada, está claro que _____.
6. –Cando estaba facendo a ruta dos Ancares, no cruzamento ao refuxio de Charcas, eran xa as seis da tarde. Quedaban soamente tres horas de luz e a miña única obsesión era chegar a Tres Bispos de día. Nalgúns treitos de baixada podíame a cabeza e botaba a correr, que como di miña nai, _____.



Vale máis paxaro na man que cento voando

Exercicio 4.22. Observa este refrán e o seu equivalente noutras linguas. Aparece a tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

Nunca chove a gusto de todos
(galego)

Mai no plou a gust de tothom (catalán)
Nunca chove a gusto de todo o mundo

Nunca llueve a gusto de todos (español)

On ne peut contenter tout le monde et son père (francés)
Non se pode contentar a todos e ao pai

Una scarpa non è buona per ogni piede (italiano)
Un zapato non é bo para todo pé

Não se pode agradar a gregos e troianos (portugués)
Non se pode agradar a gregos e troianos

Ooren gogara egitea, gauza nekea (éuscaro)
É cousa difícilísima facer o gusto de todos

Was dem einen recht ist, ist dem andern billig (alemán)
O que a un lle parece ben, ao outro pouco importante

One man's meat is another man's poison (inglés)
A carne dun home é o veneno doutro home

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, "Saquesos"



Luis Davila, "As vacacións"

Mira estas escenas con atención. Describe como se poden sentir os personaxes que falan e os personaxes aos que fan referencia. Emprega os fraseoloxismos e os refráns vistos na unidade.

→ Para falar...

1. Sempre hai alguén derredor que **dá a roncha**. Como describes a esa persoa? Por que cres que actúa dese xeito? Como podes reaccionar con ela?
2. Ao longo do día hai cousas que **son unha gaita**. Comenta algunha delas.
3. En que situacións tes que **andar con pés de la**? Pon algún exemplo.
4. Algunha vez **che botaron os cans** e tiveches que **aguantar mecha**? Como foi?
5. Describe algunha situación na que **quedases de pedra**.
6. Fala das cousas que che **parten o corazón**.

7. Lembras ter **estado coma peixe na auga** nalgún momento? Como foi?
8. Algunha vez **cantaches vitoria**? Con que motivo? Conta que pasou.
9. Ao longo do tempo imos vendo que **non hai mal que por ben non veña**. Comenta algunha situación negativa da que poidas facer algunha lectura positiva.
10. En que situacións podes dicir que **nunca chove a gusto de todos**? Describe algunha.

➔ Sabías que...?

A orixe de **ir coma un rei nunha cesta** lévanos a lembrar os nenos expósitos.

Ir coma un rei nunha cesta quiere dicir ‘ir ben’, ‘ir cómodo’, ‘salvarse dun apuro’, ‘vivir moi ben’. Tendo en conta que a vida dun rei ten moitas regalías e que en francés, no XVIII, dicíase ser feliz coma un rei (*être heureux comme un roi*), podía ser que o dito aludise á cobizable vida do Xefe dun Estado. Pero que *rei* é este que vai nunha cesta? Ou a palabra *rei* ou a palabra *cesta* deben de estar aí con sentido metafórico. Tendo en conta que ás veces o dito continúa así ... *e a cesta polo río abaixo*, un pensa que pode ser Moisés que de abandonado no río chegou a ser o gran líder de Israel. Sen embargo unhas palabras do Cura de Fruíme no século XVIII lévanme a pensar nun rei ben distinto. Nese século houbo unha enorme cantidade de nenos expósitos, ben por seren ilexítimos, ben porque naceran sifilíticos, ben porque non había con que mantelos (tal era a fame!). O caso é que alguén acababa levando estes meniños ao Hospital dos Reis Católicos en Compostela, coa boquiña untada de manteiga. E, aínda que un 25% deles morría antes de chegar á Inclusa, alí a caridade pública salvaba a moitas destas criaturas dunha morte segura, bautizábaas, púñalles un nome e buscáballes nutriz nunha aldea para os primeiros cinco anos. Para a distribución polas parroquias máis ou menos próximas a Compostela, catro meniños compoñían unha *cesta*, pero antes de entregalos marcábanos co selo do Hospital, para evita-la fraude de traeren as nutrices un rapaz distinto do que lles encomendaran, cando viñeren cobrar.

Xesús Ferro Ruibal, *Cada quen fala coma quen é* (adaptado)

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

➔Fraseoloxismos

4.1. PLACIDEZ / ALEGRÍA

estar coma o peixe na auga

estar coma a cabra no monte

estar coma o carracho na la

Estar contento e feliz. Sentirse moi cómodo, no elemento adecuado: *Seica mandaron ao mozo de María de monitor de campamento na Serra do Suido. A el gústalle moito o montañismo, seguro que **está coma o peixe na auga!** / Ao ter un bo pomar na aldea e unhas tesoiras de podar, o teu pai **está coma o carracho na la**, fedellando nas árbores como quere!*

estar alegre coma un pandeiro

estar coma a gaita nas festas

estar alegre coma unha gaita nas festas

estar contento coma un cuco

estar contenta coma unha rula

estar contento coma un rulo

Estar moi contento, alegre: *Desde que Afonso soubo que unha directora de teatro quere adaptar os seus relatos, **está alegre coma un pandeiro**. / Á miña irmá volveulle o mozo do Erasmus, **está coma a gaita nas festas!** / Neste último semestre, quitou de enriba algunha das materias máis difíciles, e **está contento coma un cuco**. / Vin á túa colega na entrada da facultade e **está contenta coma unha rula**, seica lle acaban de comunicar a concesión dunha bolsa de estudos! / O diácono, **contento coma un rulo**, fixolle unha reverencia ao santo ao comezo da cerimonia.*

caerlle a baba a alguén

[Consultar **caerlle a baba** a alguén § 5.7. AMOR]

cantar vitoria

Manifestar alegría por un triunfo: ***Non cantes vitoria**, que aínda non rematou o partido.*

matar o becho

Satisfacer algunha necesidade, arela, desexo ou curiosidade: *Levaba xa uns días sen saír da casa e baixou ao bar **matar o becho** de botar a partida.*

[Consultar **matar o becho** § 1.3. COMER, **matar o becho** § 1.4. BEBER]

4.2. TRISTURA

caerlle a alma aos pés a alguén

Levar unha desilusión moi grande: *Cando viu todo o seu traballo tirado, **caerlle a alma aos pés**.*

andar coma un moucho

Estar pouco animoso; amosarse calado e ensimesmado: *Ese fulano sempre **anda coma un moucho**. Sempre está triste e nunca fala con ninguén.*

facen chorar ás pedras

Conmover, provocar unha gran compaixón: *As necesidades polas que pasou Fernanda desde que lle ardeu a casa **fan chorar ás pedras**.*

partírselle a alma a alguén

partírselle o corazón a alguén

Sentir unha gran mágoa ou aflicción, unha dor moi profunda: *Os relatos dos ladróns mexicanos célebres son un reflexo tan claro da súa miseria que **lle parten a alma a calquera**. / **Párteseme o corazón** ao velo tan mal.*

[Consultar § 1.7. CHORAR]

4.3. ACEPTACIÓN

encherlle o ollo a alguén

Agradar moito: *Esa rapaza **énchelle o ollo** ao teu fillo.*

recibir cos brazos abertos a alguén

Aceptar, acoller ou recibir a unha persoa con agarimo, con agrado, afectuosamente, cordialmente: ***Recibírono cos brazos abertos** e mesmo lle prepararon unha festa sorpresa.*

aguantar mecha

Soportar con paciencia contrariedades ou incomodidades máis ou menos graves. Resistir estoicamente unha situación negativa. Sufrir sen se queixar: *O adestrador **aguantou mecha** cos apupos do público.*

andar coa cruz ao lombo

Soportar as adversidades con moito sufrimento e xeralmente con resignación: *A maioría dos emigrantes **andan coa cruz ao lombo** antes de chegar a certa prosperidade.* Este fraseoloxismo activa unha imaxe da

tradición cristiá, a de Xesús cargando coa cruz ao calvario despois de ser condenado.

baixar a cabeza

1 Mostrar conformidade e submisión, aceptar sen réplica, obedecer, someterse aínda sen estar de acordo: *O home calou e baixou a cabeza.*

2 Avergoñarse: *Anxo tivo un fracaso, pero iso non é para baixar a cabeza.*

baixar as orellas

Calar obedecendo; humillarse: *Xa coñeces a Xosé: pode parecer moi fero, pero se as reprimendas veñen do xefe, baixa as orellas decontado.*

marchar co rabo entre as pernas

[Consultar § 4.4. REXEITAMENTO]

4.4. REXEITAMENTO

torcer o bico

torcer o fociño

1 Facer xestos de desaprobación coa cara, pór mala cara por enfado ou desagrado: *Cando lle dixen se traballabamos a fin de semana, torceu o bico.* / *Cando lle dixen que tiña que madrugar, torceu o fociño.*

2 Manifestar desacordo con algo: *Non torzas o bico cada vez que che mando facer algo.* / *Torceu o fociño porque lle pareceu moito o que tiña que pagar.*

deixar tirado a alguén

Abandonar a esa persoa, defraudando as expectativas que lle creara; deixala sen a axuda ou o servizo que esperaba: *Despois de traballar tantos anos nesa empresa, deixárono tirado sen recoñecerlle os seus méritos.*

darlle as costas a alguén

virarlle as costas a alguén

Negarlle o apoio ou a confianza a alguén: *Antón agora despreza os amigos que na súa desgraza lle deron as costas.*

baterlle coa porta nos fociños a alguén

darlle coa porta nos fociños a alguén

1 Cerrarlle a alguén a porta na súa presenza, negarlle ostensiblemente a entrada: *Supoño que te convencerías de que non debes baterlle coa porta nos fociños á fortuna.*

2 Rexeitar unha persoa, desairala, negarlle a axuda: *Moitos países danlle coa porta nos*

fociños aos inmigrantes sen decatarse de que contribúen a enriquecer a sociedade.

botarlle os cans a alguén

1 Recibir mal ou botar fóra a esa persoa: *Fun falar con el para arranxar as súas débedas e botoume os cans.*

2 Reprender a esa persoa, chamarlle a atención, ou atacala de palabra ou de obra: *Xerardo copiou o informe de Carme, por iso ela lle botou os cans na cea da empresa, con todo o mundo diante.*

[Confrontar **botarlle o can** a alguén § 7.11. RECRIMINAR]

marchar co rabo entre as pernas

Ir avergoñado, humillado, ridiculizado, escarnecido: *Xandre marchou co rabo entre as pernas cando descubrimos que el collera a chave que faltaba.*

O can e o lobo, cando teñen medo, meten o rabo entre as pernas en sinal de submisión.

[Consultar **marchar co rabo entre as pernas** § 6.9. FRACASO]

4.5. PREOCUPACIÓN

cheirar algo a can

Provocar a desconfianza ou facer sospeitar de que algo malo vai pasar: *Aquela escusa tan insólita nel cheirounos a can.*

cheirar algo ao chamusco

Provocar a sospeita de que hai algún tipo de engano ou trampa; suscitar receo: *Tanta cortesía pola súa parte cheírame ao chamusco; quen sabe o que estará argallando?*

andar coa area no zoco

andar coa mosca tras da orella

Recear, desconfiar, sospeitar: *Déronlle vez para mediados de xaneiro no Hospital Clínico e xa anda coa area no zoco, non vaia ser que lle descubran algo malo.* / *Tito anda coa mosca tras da orella porque ultimamente fáltanlle aparellos do alpendre.*

andar con pés de la

andar con pés de manteiga

andar coma a galiña cos ovos

Andar con moito coidado, con moita precaución, con moita discreción: *Para non ferir a ninguén, cómpre que andemos con*

pés de la co que dicimos. / O feito de que os comentarios críticos sobre a emigración galega me amolasen, confirmoume que debía andar con pés de manteiga nese asunto. / Na véspera dos aniversarios, o meu irmán pequeno anda coma a galiña cos ovos: vixía que o seu agasalho siga no escondedoiro e que ninguén o atope antes de tempo.

ter o corazón nun puño

estar co corazón nun puño

quedar co corazón nun puño

1 Estar intranquilo ou agoniado: *Até que me chegou a quenda para facer o exame práctico de conducir, tiven o corazón nun puño.*

2 Estarrecer de medo: *Uxía é bastante afeccionada aos programas de ciencia ficción e misterio, aínda que despois queda co corazón nun puño.*

deixar co corazón nun puño a alguén

Facer sentir mágoa, dor: *As historias de orfandade sempre me deixan co corazón nun puño.*

afogar en pouca auga

afogar nun vaso de auga

ferver en pouca auga

Preocuparse en exceso por un perigo insignificante ou por cousas que non son tan graves como se pensa. Non saber reaccionar perante unha situación que non é complicada: *Non sei se será boa idea que Anselmo atenda as reclamacións, porque afoga nun vaso de auga.*

[Confrontar § 6.3. PREOCUPACIÓN]

4.6. MEDO

estar coma a ovella na boca do lobo

Ter medo, ver a inminencia dun perigo: *Coñecendo as manías da súa xefa e o ritmo de despedimentos nos últimos meses, Ana está coma a ovella na boca do lobo.*

ter o corazón nun puño

estar co corazón nun puño

quedar co corazón nun puño

[Consultar § 4.5. PREOCUPACIÓN]

poñerlle a carne de galiña a alguén

poñerlle a pel de galiña a alguén

Sentir medo, frío ou arrepío: *Esas historias de medo pónenme a carne de galiña. /*

Púxoseme a pel de galiña cando escoitei a terrible noticia.

verlle as orellas ao lobo

verlle os ollos á curuxa

Pasar por unha situación difícil, decatarse da proximidade dun perigo e coller medo:

Cando na compañía se barallou unha futura inspección, os que actuaron indebidamente víronlle as orellas ao lobo. / Pola Ascensión, coa proximidade dos exames, calquera estudante que aínda non tocasse os materiais comeza a verlle os ollos á curuxa.

4.7. SORPRESA

abrir a boca

Abrairse, pasmarse: *Os expedicionarios abriron a boca extasiados pola aurora boreal.*

[Confrontar **abrir a boca** § 1.9. BOCEXAR, **abrir a boca** § 7.2. FALAR]

coller na allada a alguén

coller nas patacas a alguén

coller na pateira a alguén

Sorprender a unha persoa facendo unha cousa que normalmente non está ben ou nun asunto que está a levar en segredo: *Andaba revolvendo nas miñas cousas e collino na allada. / Que risa con Antón! Collino nas patacas, ripando filloas recén feitas da cociña cando todos estabamos na sala. / Ese rapaz quedou sen choio porque se afeccionou a ripar as lambetadas do quiosco e collérono na pateira.*

ser algo cousa de meigas

Ser algo increíble, que non se pode explicar e que adoita acontecer de xeito repetido: *A avoa di que lle desapareceron outra vez os alfinetes da caixa de costura. Ninguén remexe por alí, isto xa é cousa de meigas!*

levar as mans á cabeza

Anoxarse, mostrarse asombrado ou desesperado: *Cando soubo que tiña un 4,9 na nota final, André levou as mans á cabeza.*

quedar de pedra

Quedar abraiado, moi sorprendido ou afectado por algo inesperado, ata o punto de non poder reaccionar ou de non saber que facer: *Estudara moito e quedei de pedra cando suspendín.*

quedar coa boca aberta

Ficar abraiado, moi sorprendido e sen saber que dicir: *Quedamos coa boca aberta cando soubemos que un grande incendio provocado pola tormenta destruíu a igrexa de Santa María de Muxía.*

deixar coa boca aberta a alguén

Deixar a esa persoa abraiaida, moi sorprendida e sen saber que dicir: *O novo modelo de coche deixou a todas coa boca aberta.*

deixar de pedra a alguén

Deixar a esa persoa moi sorprendida, moi afectada por algo inesperado, ata o punto de non poder reaccionar ou de non saber que facer: *A noticia do accidente aéreo deixoume de pedra.*

quedar aberto de peito

Quedar aterrizado por unha emoción moi dolorosa: *Logo de ver ao seu pai no box do hospital, cheo de tubos e amarelento, quedaron abertos de peito.*

4.8. FASTÍO

ser algo unha gaita

Amolar ou resultar pouco agradable. Ser un contratempo, un inconveniente, unha contrariedade: *Ter que ir adestrarme agora con este frío é unha gaita.*

andar con gaitas**irle con gaitas a alguén****virle con gaitas a alguén**

Facer ou dicir cousas que amolan, molestan, enfastían: *Fai o traballo axiña e non andes con gaitas. / Non lle vaías con gaitas queixándote do número de materias que che quedaron para este ano... amais de irresponsable es pesado! / Non me veñas con gaitas que non estou con ganas de aturar a ninguén.*

tocar a gaita

Amolar: *Agora o novo goberno está a tocar a gaita cunha subida nos impostos municipais. Xa está ben!*

non estar o alcacén para gaitas

Non estar as circunstancias para andar con bromas ou para perder o tempo: *Apura, que non está o alcacén para gaitas.*

Este fraseoloxismo remite ao costume de faceren os rapaces frautiñas coa cana seca

desa planta. Está tamén relacionado co refrán *Alcacén mollado non toca a gaita.*

non estar para gaitas

Non ter ánimo para bromas ou diversión, non estar para lérias: *Hoxe levantouse de mal humor, non che está para gaitas.*

É curioso como a **gaita** aparece en fraseoloxismos relacionados coa ALEGRÍA, pero maioritariamente en fraseoloxismos que se refiren ao FASTÍO.

darlle a roncha a alguén

Amolar, molestar, importunar: *Non sei como tes paciencia para aguantar a tantos nenos mimados dándoches a roncha con pequeneces e antollos.*

estar roncha

Estar molesto e ser desagradable, en particular un neno: *Ese rapaz está roncha, ten sono.*

estar ata as orellas (de algo ou alguén)

Estar moi canso e moi farto: *Estou ata as orellas de que sempre deixe os cacharros sen fregar enriba do vertedoiro.*

meter os fociños en algo

Intervir nun asunto alleo sen que lle sexa pedido, causando molestia; entremeterse importunando, inmiscirse: *Xa cho teño dito, non metas os fociños en casa allea!*

deixar en paz a alguén

Deixar de molestar a unha persoa, deixala tranquila: *Déixame en paz dunha vez. Non ves que estou a traballar?*

4.9. IRA

poñerse de cornos con alguén

Enfadarse moito: *Púxose de cornos con súa irmá por mor dunha parvada.*

poñerse coma unha fera**poñerse feito unha fera**

Estar moi enfadado, cheo de carraxe: *Ao descubrir o engano, Ana púxose feita unha fera e abandonou a reunión.*

botar lume (pola boca)**botar lume (polos ollos)**

Estar cheo de ira ou de carraxe. Andar moi enfadado: *Desde que se decatou da falcatuada que lle fixeron está que bota lume.*

comer lume

Experimentar moita ira por aguantar algo que senta moi mal: **Come lume** cando ten que traballar os sábados.

ensinarlle os dentes a alguén

mostrarlle os dentes a alguén

Ameazar ou mostrarse ameazante; demostrar a capacidade de defenderse ou de atacar á outra persoa: Tivo que **ensinarlle os dentes** para que o deixara traballar tranquilo.

subir polas paredes

Estar unha persoa moi anoxada, contrariada, irritada e mostrar mal xenio: *Dixéronlle que tiña que pagar moitos impostos e subiu polas paredes.*

→ Refráns

Máis vale comer un ovo que pasar sen dous

Vale máis paxaro na man que cento voando

É mellor conformarse co que hai porque é seguro. Non se debe subestimar o que se ten, aínda que sexa pouco, pensando na posibilidade de conseguir algo mellor, porque isto último é incerto: *A outra noite no bingo, mira que lle insistín en que non apostase máis, que estaba ben co que gañáramos até o momento, que máis valía comer un ovo que pasar sen dous... pero nada, non houbo maneira de paralo.*

Non hai mal que por ben non veña

Toda cousa negativa ten a súa parte positiva e hai que saber vela: *O mesmo día que houbo folga de traballadoras do metro reparei naquel anuncio no quiosco, e desde entón coido a Martiño polas tardes. Xa ves, non hai mal que por ben non veña.*

Nunca chove a gusto de todos

É moi difícil contentar a todo o mundo ao mesmo tempo, e sempre xorden desacordos e queixas: *Eu fíxeno así porque me pareceu mellor, pero a eles non lles gustou. Xa ves, nunca chove a gusto de todos.*

O que ten cu, ten medo

Unha persoa que se sente vulnerable, que pode ser danada ou ferida, ten medo e reacciona con prudencia: *Cando é de noite pechada sempre saio do ximnasio moi axiña, correndo pola rúa para a casa, xa sabes aquilo de que o que ten cu, ten medo.*

Ollos que non ven, corazón que non sente

Unha persoa sofre menos ante unha contrariedade ou unha desgraza afastada, que non presenza, que non ve: *Non sei se é xustiza cósmica ou divina, pero a Gabriela veulle moi ben que os pais de Paulo cambiasen de cidade. Así, polo menos, non se cruzarán polos corredores, e ollos que non ven, corazón que non sente.*

Sarna con gusto non pica

Unha persoa non sente as posibles incomodidades ou molestias de algo que busca voluntariamente e goza. Non lle importa pasalo mal porque valora máis o que consegue: *Se ves o arsenal de produtos que leva a miña irmá para broncearse na praia, quedas parva. Que se aceite, que se loción, que se aerosol... está claro que sarna con gusto non pica.*

Unidade 5. Relacións

As comunidades de veciños son un lugar propicio para laretar. Le o seguinte texto no que Mariña e Isabel falan de Ana e Carlos. Repara nos fraseoloxismos empregados.

(Rexouba entre dúas veciñas)

MARIÑA. —Chhhst, chhhst, Isabel, espera un momentíño, muller! Sabes que o do 5º e a do 4º **andan ás agarradas**¹?

SABELA. —Algo oíra, si. Conta, conta. Vou pousar aquí a compra.

MARIÑA. —Pois si. Díxome Ana que **non o podía ver nin en pintura**², que tiña hábitos moi nocturnos e a espertaba cada vez que limpaba de noite ou se duchaba ás tres da mañá. É certo que lle queda xusto enriba do piso, pero entre nós... algo máis debe haber, que **o ten atravesadísimo**³.

SABELA. —Ha! Iso tenche outra explicación: Carlos e Ana **facían boa masa**⁴ ao inicio, non lembras como se apoiaban nas reunións da comunidade?

MARIÑA. —Ai si...

SABELA. —Pois **lévanse a matar**⁵ desde que Carlos **lle fai as beiras**⁶ á do 6º, a profesora de patinaxe que veu vivir hai cousa dun mes. **Cáelle a baba**⁷ cando se cruzan no portal...

MARIÑA. —A Susana? Déixasme parva... Pero eu nunca os vin xuntos, claro!

SABELA. —Pois si, seica **anda detrás dela**⁸ desde hai dúas semanas. Eu penso que come e dorme detrás da porta, calzado e vestido, para saír á escaleira cada vez que a oe saír da casa.

MARIÑA. —Claro, así pode baixar con ela coma quen non quere a cousa...

SABELA. —...e ir **facéndolle o conto**⁹! Tiñas que ver que labia ten, como **lle baila a auga**¹⁰!

MARIÑA. —Desde logo... non che hai como mocear, muller. Agora temos a dous **coma o can e o gato**¹¹ e a dous en amores!

SABELA. —Pois si... E vexo moi rabiosa a Ana, esa é capaz de **facerlle unha faena**¹². Ata é capaz de **botarlle o mal de ollo**¹³! E a ti que non **che veña** máis **con andrómenas**¹⁴ nin nocturnidade...

MARIÑA. —...que o que está é ciumental!

SABELA. —Iso é, Mariña. Veña, marchó que teño marchar!

MARIÑA. —Tamén eu vou...

¹ andan rifando.

² o detestaba.

³ lle ten moita manía.

⁴ entendíanse moi ben.

⁵ téñense moita hostilidade.

⁶ trata de namorar.

⁷ queda embobado.

⁸ fai por conseguir a súa atención, por namorala.

⁹ eloxiándoa insistentemente.

¹⁰ a adula.

¹¹ que están enfrontados, se levan moi mal.

¹² causarlle algún mal.

¹³ botarlle un maleficio.

¹⁴ che ande con trécolas, con historias fantasiosas.

Exercicio 5.1. Segundo o que din Mariña e Isabel na súa conversa, repara nos fraseoloxismos e decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as secuencias seguintes.

1. Ana e Carlos tiveron unha boa relación ao principio. ☐
2. Carlos non está namorado da veciña do 6º. ☐
3. Carlos tamén intenta seducir a Ana. ☐
4. Ana non acepta que Carlos se sinta atraído pola profesora de patinaxe. ☐
5. Ana está moi anoxada e pode prexudicar a Carlos. ☐

Exercicio 5.2. Hai verbos que teñen un significado diferente cando se empregan para falar das relacións. Busca o mellor exemplo para ilustrar estes significados.

- | | |
|------------------------------|--|
| 1. ESTAR MOI NAMORADO DE | A. Non sabía que o home a enganaba . |
| 2. INTENTAR OBTER O SEU AMOR | B. Quixerón untar o árbitro antes da final da Copa. |
| 3. SER NOIVOS | C. Avelino toleaba por Helena e non podía durmir pensando sempre nela. |
| 4. SER INFIEL | D. Andou detrás dela pouco tempo porque logo se decatou de que era unha soberbia. |
| 5. TER UNHA RELACIÓN AMOROSA | E. Hai dous anos que anda con ese mozo e aos pais parécelle ben. |
| 6. ENCIRRAR | F. Sempre ten moito tino porque anda a falar cunha muller casada. |
| 7. SUBORNAR | G. O entrevistador abelloaba na invitada con aquel tipo de preguntas. |

❶ Fíxate como o actual **saír con alguén** é o equivalente de fraseoloxismos como **andar con alguén** ou o máis antigo **falar con alguén**.

abelloar o
avesporeiro



Exercicio 5.3. Hai diferentes modos de **relacionarse**. Observa as listaxes destes grupos de fraseoloxismos e asígnalles o tema que corresponde a cada grupo.

CONXENIAR	EMBRUXAR	CONCILIAR	AMOR	LEALDADE
NON CONXENIAR	INCOMODAR	SEXO	DESLEALDADE	

1. ...**CONXENIAR**.....

darse **ben**
 facer **bo caldo**
 facer **bo xugo**
 facer **boa masa**
 facer **xeira**
 comer no **mesmo prato**
 estar cortados pola **mesma tesoira**
 levarse coma o **pan** e o **leite**
 ser **uña** e **carne**
 moer no **muíño** de alguén

2.

caerlle **atravesado** a alguén
 levarse coma o **can** e o **gato**
 andar ás **agarradas**
 levarse a **matar**
 non poder ver nin en **pintura** a alguén

3.

mornear as **aguas**
 temperar **gaitas**

4.

andar con **andrómenas**
abelloar o **avesporeiro**
 meter os **cans** na **bouza**

5.

terlle **lei** a algo ou a alguén
 ver polos **ollos** de alguén
 non ver máis ca polos **ollos** de alguén
servir a alguén coma un **can**

6.

terlle **mala lei** a alguén
 facerlle unha **faena** a alguén
 xogar a **dúas bandas**
 xogar a **dúas barallas**
 poñerlle os **cornos** a alguén

7.

andar **detrás** de alguén
 andar ao **rabo** de alguén
 facerlle as **beiras** a alguén
 facerlle a **roda** a alguén
 facerlle o **amor** a alguén
 andar en **amores**
 comer a **bicos**
 levar na **alma** a alguén
 levar a alguén nas **capeliñas** dos **ollos**
 ser o **chiche** de alguén
 ser o **doe-doe** de alguén
 caerlle a **baba** a alguén

8.

bater na **biqueira**
 botar un **foguete**
 botar un **quiqui**
 facer o **amor**

9.

facer a **figa**
 botar o **mal de ollo**

Exercicio 5.4. Observa estas outras listaxes de fraseoloxismos que aluden á **adulación**, ao **engano** e ao **dominio**. Asígnalles o tema que corresponde a cada grupo.

ADULACIÓN	ENGANO	DOMINIO
-----------	--------	---------

10.

poñer nos **cornos** da **lúa** a alguén
poñer polas **alturas** a alguén
traer no **peneiriño** a alguén
traer en **bandexa** a alguén
traer en **andas** a alguén
facerlle o **conto** a alguén
bailarlle a **auga** a alguén
darlle **xabón** a alguén
lamberlle os **pés** a alguén
lamberlle o **cu** a alguén
darlle **unto** a alguén
untarlle o **bico** a alguén

11.

gardar as **aparencias**
tomar por **parvo** a alguén
comerlle a **boroa** a alguén
meterlle unha boa **xarda** a alguén
encherlle a **albarda** de **palla** a alguén
dar **gato** por **lebre**
dar **estopa** por **liño**
tomarlle o **pelo** a alguén
facerlle a **cambadela** a alguén
caer na **rede**
caer na **trampa**
enganar a alguén coma a un **bendito**

12.

ter a **tixola** polo **cabo**
cortar o **bacallau**
dar **carta branca**
facer de alguén **un pandeiro**



lamberlle os pés a alguén



facer boa masa con alguén

Exercicio 5.5. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|--|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Segundo o avó, unha xeira de sega en Castela facíase longa, custaba o que dúas aquí.</i> 2. <i>A súa madriña regaloulle unha figa de acibeche para levar no peto.</i> 3. <i>A xarda guisada é unha das especialidades dese restaurante da Pobra do Caramiñal.</i> 4. <i>Xa case ninguén emprega unto para facer o caldo, pero se buscas ben na Praza de Abastos, aínda o poderás mercar.</i> 5. <i>Na parte alta do armario gardábanse as sabas de liño, pero naquela época do ano, na cama estaban as de estopa.</i> | <ol style="list-style-type: none"> A. Graxa que envolve os intestinos dos animais, en particular a do porco, que se conserva curada ou no sal. B. Tea gorda e brava que se tece coa parte de peor calidade do liño, a que queda logo de pasarlle o restrelo. C. Xornada de traballo sen interrupción. D. Cabala, rincha. Peixe mariño alongado, de cor verde ou azul irisada con listas verticais negras no lombo e prateada no ventre. E. Amuleto que ten a forma dunha man pechada, co polgar entre o índice e o medio, usado tradicionalmente como obxecto supersticioso contra o mal de ollo, doenzas etc., para evitar feitizos ou como adorno. |
|--|---|

Exercicio 5.6. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|---|--|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Pechou as capelas dos ollos por culpa da intensidade da luz.</i> 2. <i>É habitual que o xugo vaia decorado a fin de identificar o propietario ou como signo protector contra o meigallo.</i> 3. <i>Cómpre rozar esa bouza para evitar incendios.</i> 4. <i>Tes que poñerlle a albarda ao burro antes de saír.</i> 5. <i>O defensa fíxolle a cambadela ao dianteiro e guindouno no chan.</i> 6. <i>Non te achegues ao valado, que hai un avesporeiro.</i> | <ol style="list-style-type: none"> A. As pálpebras, as membranas móbiles que cobren e protexen a parte visible do ollo. B. Especie de almofada que se lles coloca no lombo ás bestas, xeralmente chea de palla, e que fai de asento. C. Empurrón que se lle dá a unha persoa pódolle unha perna no medio das súas para que caia. D. O niño ou panal das avespas. E. Aparello de madeira que se lle coloca a unha parella de bois ou vacas no pescozo para que tiren xuntos dun carro ou arado. F. Terreo que está a monte (sen cultivar) e cheo de matogueira. |
|---|--|

❶ Nalgúns xogos de naipes a **carta branca** non é figura ou non ten ningún valor especial, polo que serve de comodín e pode adoptar o valor que lle quere atribuír o xogador, de tal xeito que se pode combinar de múltiples formas. A expresión **dar carta branca** podería proceder deste uso.

Exercicio 5.7. Relaciona para formar fraseoloxismos.

comer	lei
dar	xabón
dar	a boroa
facér	a cambadela
facér	carta branca
ter	o bico
tomar	o conto
untar	o pelo

comer a boroa,

caer		trampa
caer	a	alma
comer	na	capeliñas dos ollos
levar	nas	cornos da lúa
levar	no	dúas barallas
poñer	nos	mesmo prato
xogar		rede

caer na trampa,

dar	gato		carne
dar	estopa		lebre
levarse coma	o can	e	liño
levarse coma	o pan	por	o gato
ser	uña		o leite

dar gato por lebre,

Para quen seña home cristiano, sempre ten que haber engano en vender estopa por liño e gato por lebre e xoana por viño.

Xosé Manuel Gil de Bernabé e López, *O liño* (adaptado)

Exercicio 5.8. Completa cada secuencia cun dos seguintes compoñentes. Hai tres opcións erradas.

a tixola a auga o prato a cambadela a baba o pelo a roda o cu

1. Poucas veces a vin tan animada como no período de prácticas no instituto. Non fai máis que pensar nas aulas de cada semana e cáelle _____ ao falar do grupo, di que é moi chusquiño e curioso!
2. A representante da Sociedade Galega de Ornitoloxía opúxose ao emprazamento do vertedoiro nas inmediacións do areal, e respondeu que xa estaba ben de tomarlle _____ á veciñanza e ás persoas que queren gozar dese espazo natural.
3. Disque os seareiros do equipo están fartos dos xornalistas, que con tal de lamberlle _____ ao presidente, son capaces de falsear os partidos.
4. Susana e Lidia coincidían en que a compra de Serxio fora nefasta, pero a soas, cando estaban diante do seu entusiasmado amigo, bailábanlle _____.
5. É moi obvio que ao teu irmán lle gusta Adela, está a facerlle _____ sempre que a ten diante.

❶ **Facer a figa** é ensinar o puño coa punta do polgar entre os dous dedos inmediatos, o índice e o medio, en sinal de escarnio ou para esconxurar un posible mal: *Diante daquelas serpes Sinbad **fucía a figa** tres veces por se eran cobras venenosas.* Por extensión, a **figa** é o amuleto coa mesma forma, usado tradicionalmente como obxecto supersticioso contra o mal de ollo, doenzas etc., para evitar feitizos ou como adorno: *Din que trae boa sorte pendurar unha **figa** detrás da porta.*

Dicionario da Real Academia Galega (adaptado)


Destaca entre todos [estes amuletos] a **Figa** (e, entre as figas, a de acibeche compostelán) que defende non só do **mal ollo** e da envexa, senón tamén das malas linguas, das linguas mesturadoras, que dixeran Ferrín, que abundan.

Xoán. R. Cuba Rodríguez et alii, *Dicionario dos seres míticos galegos*

Exercicio 5.9. Completa facendo as transformacións necesarias.

facer as beiras	ter lei	facer a cambadela
facer a figa	andar con andrómenas	

1. Ás veces esmorezo, síntome derrotada, vencida sen remisión, incapaz de seguir o forte ritmo do pelotón. Onde estás ti para me animar desde a beira do camiño, para ofrecerme un grolo apurado que me permita continuar a carreira? Non, non podes ser ti quen me _____, quen encha de valados un camiño xa de seu torto e inconmensurable. Xosé Durán, *O asasino invisible* (adaptado)
2. ANISIO. –Diso nada, eu sei respectar! Mañá baixarei onda ela a _____ cortesmente, ata lle levarei un galano... esta saia seguro que lle senta que nin pintada... Cándido Pazó, *Raiñas de pedra* (adaptado)
3. Para min os alcaldes son peor que as meigas, eu _____ como aquel que venta ao demo do inferno da súa beira. *Parrafeio 58 n' O Tío Marcos da Portela* (adaptado)
4. “Meu querido Bernaldo: Sei que estás para entrar no Seminario e mándoche a miña beizón. Ben pouco vale a dun pobre monxe enclaustrado, mais nela van os meus mellores votos. (Eu) _____ a ti e á casa... Se Deus me dá algúns anos de vida, de maneira que te alcance feito un home e ordenado de sacerdote, heiche facer a confesión dun segredo que coido importante para a túa paz espiritual”. Otero Pedrayo, *Arredor de si* (adaptado)
5. Eu non che son das que _____, como as culipavas das túas tías, pero querer quérote como quixen á túa nai, como vos quixen e vos quero a todos... como a luz destes ollos que case xa non te ven. Eduardo Blanco Amor, *La catedral y el niño*



facerlle a cambadela a alguén



comer no mesmo prato

Exercicio 5.10. Completa o fraseoloxismo das seguintes secuencias facendo as transformacións necesarias.

comer a boroa

dar xabón

cortar o bacallau

ter a tixola polo cabo

dar carta branca

1. Eu, agardando unha bronca, e aquel policía pedíndome perdón. E veña a me _____ e palmadiñas no ombreiro, coma se precisase vencer o baleiro que había entre nós os dous. Francisco Xosé Fernández Naval, *Tempo de Crepúsculo* (adaptado)
2. Eu quero que acerte o que estea no poder para mellor gobernación da xente. Que governe o problema da lingua, que anime á xente, que estableza avances, que logre consensos, que dite normas etc. Gustárame que o fixesen todos. Especialmente o que _____. <http://asuvasthanalaina.blogspot.com.es>
3. E o pobo, cando sospeita que alguén o toma por parvo , ou quere enganalo, di: Seica me queres _____? Fausto Galdo, *Abecedario das mantenzas* (adaptado)
4. A min tampouco me gustaría dicir que un técnico non ten nin idea... e se o digo é porque o sei. O que pon a faciana é o arxentino. Quen _____ é o portugués. <http://foro.pontevedracf.net>
5. Onde máis libros lía era no manicomio, pero a intervalos sempre, só entre depresión e depresión e se non tiña quenda de limpeza. O doutor Vilanova _____ para servirme da súa biblioteca. Xesús Rábade Paredes, *Como levar un morto* (adaptado)



ter a tixola polo cabo

Exercicio 5.11. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Se dous están cortados pola mesma tesoirá, téñense lei. ☐
2. Cando tal persoa é o chiche de alguén, é que lle cae atravesado. ☐
3. As meigas poden abelloar o avesporeiro e botar o mal de ollo. ☐
4. Se lle pos os cornos a alguén, estás a xogar a dúas barallas. ☐
5. Polo xeral, ao facer xeira con alguén, vas servilo coma un can. ☐

Exercicio 5.12. Relaciona.

- | | |
|---|---|
| 1. Sobreestimar a alguén implica, dalgún xeito, “elevalo” máis do que é ou máis ca o resto de persoas, por iso os fraseoloxismos empregados teñen moito que ver coas alturas. | A. facerlle as beiras
facerlle a roda
andar detrás de alguén
andar ao rabo de alguén |
| 2. Para falar de enganar, empréganse espontaneamente fraseoloxismos que xogan co valor de dous elementos, dando a entender que se lle colocou a alguén o de menor calidade. | B. poñer nos cornos da lúa a alguén
poñer polas alturas
traer en andas
traer a alguén en bandexa |
| 3. Se hai un ámbito no que os elementos deben combinar para obter un bo resultado, ese é o da alimentación. Ademais, comer con alguén implica certa confianza. Por ese motivo contamos con fraseoloxismos sobre a amizade como... | C. darlle unto a alguén
darlle xabón a alguén
untarlle o bico |
| 4. Do mesmo xeito, o traballo en común, ou o empréstamo de ferramentas e útiles, require moi bo entendemento. Temos amizade ao... | D. dar estopa por liño
dar gato por lebre
meterlle unha boa xarda a alguén |
| 5. Se se quere namorar a alguén, non queda outra que procurar estar próximo a el ou ela, por iso dicimos... | E. facer bo caldo
facer boa masa
levarse coma o pan e o leite
comer no mesmo prato |
| 6. Adular a alguén equivale, tamén, a suavizar a situación con esa persoa, facer que as cousas poidan fluír, deslizarse sen aspereza. Por iso contamos con fraseoloxismos que inclúen elementos esvaradíos, viscosos. | F. facer xeira con alguén
moer no muíño de alguén |

Exercicio 5.13. Escolle a opción correcta.

1. A rapaza _____ ao Xepe, mais sempre fora ben mandada, e ao seu pesar, casou polo San Brais co ferreiro das Bouzas. Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos* (adaptado)
 - a) enganaba como a un bendito
 - b) enchéralle a albarda de palla
 - c) levaba nas capeliñas dos ollos
2. Nesa mesma urbanización conseguiu que un curmán se fixera con outra vivenda –isto xa é máis difícil de entender, porque esa relación nunca gozara de boa saúde–, e dende entón vense as caras, e de cando en vez hai que _____ compartindo algunha mesa aínda que a conversa trate do tempo. <http://verin.blogia.com> (adaptado)
 - a) encher a albarda de palla
 - b) gardar as aparencias
 - c) facer a cambadela
3. Pois se imos coller as bicis e facer a ruta do “Bispo Santo” en Foz, teño que _____ á avoa, a ver se abre a carteira e solta algún céntimo, que a min non me chega ben. www.ciclaspontes.creatuforo.com (adaptado)
 - a) facerlle a figa
 - b) facerlle o conto
 - c) facerlle as beiras
4. Aínda que poida soar paradoxal, polo xeral, os pobos indíxenas e as organizacións ecoloxistas _____. Os enfrontamentos están á orde do día. *O Correo da Unesco* (adaptado)
 - a) lévanse a matar
 - b) xogan a dúas barallas
 - c) dan estopa por liño
5. Había no pobo outro personaxe importante. Sete Vidas era un gato arteiro que vivía co can da casa. Aínda que respiraban o mesmo aire, non _____. Cada un ía ó seu. Úrsula Heinze, *Arredor da muller en 18 mundos* (adaptado)
 - a) metían gato por lebre
 - b) cortaban o bacallau
 - c) eran uña e carne



xogar a dúas barallas



levarse coma o can e o gato



poñerlle os cornos a alguén

Exercicio 5.14. Observa o fraseoloxismo **tomar o pelo** en diferentes linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do fraseoloxismo galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

tomar o pelo
(galego)

prendre el pèl (catalán)

tomar el pelo (español)

mettre quelqu'un en boîte (francés)
meter a alguén nunha lata

prendere per il naso qualcuno (italiano)
coller polo nariz a alguén

gozar com a cara de alguém (portugués)
gozar coa cara de alguén

adarra jo (éuscaro)
tocar o corno

jemanden auf den Arm nehmen (alemán)
coller alguén no colo

pull someone's leg (inglés)
tirarlle a alguén da perna

Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

Exercicio 5.15. E ti... de quen ves sendo? A identidade familiar é importante á hora de presentarnos. Refrás como **De tales pais, tales fillos** fan fincapé en que a herdanza familiar determina a personalidade. Relaciona.

1. O fillo de cabra	marrao seguro.
2. Os cachos	tales nabos.
3. De mal pano,	tiran ás olas.
4. De tales terras,	é cabrito.
5. Fillo de porco,	non se compra.
6. O que se herda	fillos michiños.
7. De pais gatos,	mala saia.

Exercicio 5.16. Busca nas seguintes combinacións cal é o refrán galego.

1. O casado	a) no inicio, encantado. b) casa quere. c) aos tres días, nubrado.
2. Cando a esmola é grande	a) sobran os rezos. b) é para que o mal sande. c) ata os santos desconfían.
3. Val máis só	a) que pelexado cun amigo. b) que mal acompañado. c) que a falta de amigos.
4. Na terra dos lobos	a) non te vistas de año. b) non fan falta coitelos. c) hai que ouvear coma todos.
5. Non che erra	a) o que invirte nunha serra! b) quen ao seu semella! c) quen fai o peixe á grella!
6. Os amigos	a) pasos coma os figos. b) son para as ocasións. c) non se fan de cativos.

Exercicio 5.17. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

1. Sexas como sexas, se te semellas aos teus, non está tan mal. A herdanza das virtudes ou defectos é unha xustificación.	<i>Non che erra quen ao seu semella!</i>
2. A parella casada, e aínda máis a recén casada, precisa dun fogar propio. Vivir baixo o teito dos proxenitores sempre trouxo problemas.	
3. Antes que aturar a alguén con quen non teñamos afinidade, ou que non nos achegue nada bo, é mellor estar sós.	
4. Alí onde vaias, deberás adaptarte para ser ben acollido, por estraños que che resulten os costumes.	
5. Cando alguén mostra un comportamento demasiado agradable ou fai un agasallo ou ofrecemento excesivo, non está de máis desconfiar: por que motivo o fai? Que espera?	
6. A amizade real compróbase nos momentos difíciles.	

Exercicio 5.18. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. –Pois Ana sabe que aínda me queda unha semana ingresada no hospital, podes crer que non pasou a verme nin cinco minutos? –Desde logo! É ben certo que _____.
2. –O Xosé e a muller alugaron un piso na vila e entran esta semana a vivir alí. Os sogros non dan creto. –Era visto! Xa sabes que _____.
3. –Ben sabes que para min onde estea un filete que se quite unha verza, pero claro... fun á festa de aniversario de Lidia, e como ela é vexetariana acabei rillando nos espárragos e nas tostas de tofu. –Ai, _____!
4. –A verdade é que me sinto moi só desde que Alicia e eu cortamos, pero neste momento, non podo perdoarlle os enganós... –Ti verás o que fas, pero _____.
5. –Pois esoutro día, Olaia apareceume na oficina co café e un libro todo envoltioño, dicindo que o vira e se acordara de min. Fáiseme raro, ti ben sabes que non temos moito trato... –Uuuui, si que é sospeitoso, _____.
6. –Eu sei que Antón é bo rapaz, pero é un pouco tímido, ao igual que os desa familia... –Mira, _____!



Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos

Exercicio 5.19. Fuchín, fuchán, facer como fan ou **Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos** son refráns que advirten sobre a necesidade de adaptarse ao contexto. Observa este fraseoloxismo en diferentes linguas. Comenta que teñen en común e en que se diferencian. Empréganse do mesmo xeito? Reflexiona cos compañeiros.

A onde fores fai como vires
(galego)

Terra on vagis, fés el que facin (catalán)
Terra onde vaias, fai o que fan

Donde fueres, haz lo que vieres (español)

Il faut vivre à Rome comme à Rome (francés)
En Roma hai que vivir coma en Roma

Quando a Roma vai, fa come vedrai (italiano)
Cando vaias a Roma, fai como vexas

Em Roma sê romano (portugués)
En Roma, sé romano

Gorostian gorosti, Donostian Donosti (éuscaro)
No acivro, acivro; En Donostia, Donostia

Andere Länder, andere Sitten (alemán)
Outros países, outros costumes

When in Rome do as the Romans do (inglés)
En Roma fai o que fan os romanos

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, "Tácticas"

Luis Davila, *O bichero IV*

Mira estas historias con detemento. Describe os personaxes e as súas actitudes. Que relación manteñen? Como poden continuar as conversas? Emprega os fraseoloxismos e refráns vistos na unidade.

→ Para falar...

1. E ti? Fíxecheslle algunha vez **o conto a alguén**? **Trouxeches** a alguén **en bandexa**? Comenta con que obxectivo, e se obtiveches os resultados que desexabas.
2. Con quen es ti **uña e carne**? E con quen **te levas coma o can e o gato**? Por que? Coméntao.
3. E a día de hoxe... **andas ás agarradas** con alguén? Cal é o motivo?
4. Con quen che **cae a baba**, quen **é o teu doe-doe**? E con quen **fas boa masa**?
5. **Metéronche gato por lebre** algunha vez? E que fixeches, **caíches na rede** e tardaches en decatarte... ou reclamaches?

➔ Sabías que...?

O **mal de ollo** ou **Ferida de Olló**, segundo o *Dicionario dos seres míticos galegos*, é un “mal que se causa coa vista ás persoas, animais, plantas, froitos, colleitas ou calquera cousa material”. Non só poden causalo as bruxas, senón tamén persoas, vítimas dunha especie de fado, que teñen esta propiedade. Hai quen considera que calquera que mire as cousas con envexa ou mala intención pode causalo, por iso a sabedoría popular aconsella ter moito coidado cando alguén nos eloxia desmesuradamente, e tamén vender aquelas propiedades que consideramos afectadas.

O mal de ollo aplicado a un contexto veciñal e rural deixounos historias de pitiños que se tiran ao lume de cabeza, vacas que dan sangue en vez de leite e doenzas espontáneas. Autores como Vicente Risco (“Apuntes sobre el mal de ojo en Galicia” ou “Etnografía. Cultura espiritual”) describiron este poder e esta enfermidade, chegando a afinar incluso na cor e tipo de mirada que posúen os aolladores.

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→ Fraseoloxismos

5.1. CONXENIAR

darse ben con alguén

Ter boa relación con esa persoa, levarse ben:
*Non te preocupes por deixar a Xerardo na casa de Álvaro, eses dous **danse ben**.*

facér bo caldo con alguén

facér bo xugo con alguén

facér boa masa con alguén

facér xeira con alguén

Levarse moi ben dúas ou máis persoas. Entenderse moi ben ou manter unha relación harmoniosa por seren compatibles, teren o mesmo xenio ou afinidade de carácter: *El cos curmáns **fai bo caldo**. / **Fixeron boa masa** desde a gardaría, aínda hoxe son amigos inseparables.*

estar cortados pola mesma tesoirá

Seren unhas persoas iguais na forma de ser, teren a mesma condición e por iso levarse ben [xeralmente con valor despectivo]: *Un ten a comunidade sen pagar e o outro aínda debe a reparación do tellado, **están cortados pola mesma tesoirá**.*

levarse coma o pan e o leite

Entenderse ben dúas persoas, ter unha grande amizade: *Nacemos porta con porta, e desde cativas, **levámonos coma o pan e o leite**.*

ser uña e carne

Compenetrarse ben dúas persoas, levarse moi ben, estar moi unidas por vínculos de amizade, ser inseparables, ser íntimas amigas: *Non vin outros tan ben levados, **son uña e carne**.*

5.2. NON CONXENIAR

non comer no mesmo prato

Non teren dúas persoas moita confianza no trato: *Non son boas compañeiras: cando unha precisa un día libre na tenda, a outra nunca a cobre, **está visto que non comen no mesmo prato**.*

non moer no muíño de alguén

Non ser amigo certo: *Esa compañeira de curso sempre evita o teu irmán, ben se ve que **non moe no muíño dela**.*

caerlle atravesado a alguén

ter atravesado a alguén

Resultarlle a unha persoa molesto ou desagradable alguén ou algo: *Os nenos **teñen atravesado** a Martiño porque é un acusón. / De pequena resultábanme moi difíciles as matemáticas, **tiñaas atravesadas**.*

levarse coma o can e o gato

Non entenderse dúas persoas, ter unha relación de hostilidade, levarse mal: *Lévanse **coma o can e o gato** e por iso sempre están a rifar por calquera parvada.*

andar ás agarradas con alguén

ter unha agarrada con alguén

Pelexar fisicamente, rifar, disputar: *Andaban **ás agarradas** e case acaban a golpes. / De mozos berrabamos moito entre nós, e ás veces **tiñamos agarradas** polo aquel das diferenzas políticas, mais tamén eramos moi amigos.*

estar a matar

levarse a matar

Ter moita hostilidade, inimizade: *Eses veciños **lévanse a matar** por mor da auga que rega os prados.*

non poder ver nin en pintura a alguén

Sentir odio ou aversión total cara a esa persoa, aborrecela: *A adestradora de balonmán non me convocou para a Selección Galega, **está claro que non me pode ver nin en pintura**.*

5.3. CONCILIAR

mornear as augas

temperar gaitas

Actuar con habilidade e cautela nunha situación tensa para suavizala, evitando ferir sensibilidades encontradas: *Hoxe tivemos un claustro axitado, menos mal que estaba alí Lucas para **mornear as augas**. / Avelino é moi bo para a diplomacia porque **sabe temperar gaitas** de xeito moi natural.*

Temperar consiste en poñer no punto axeitado de entoación un instrumento musical, así temperar unha gaita é afinar o punteiro e o roncón até conseguir un son harmónico.

5.4. INCOMODAR

andar con andrómenas**vir con andrómenas**

1 Andar con historias para despistar, para enredar: *Non me veñas con andrómenas, que estou traballando.*

2 Andar con contemplacións, miramentos, precaucións: *O policía non andaba con andrómenas para aplicar as multas de tráfico.*

Na mitoloxía grega, **Andrómeda** (do grego antigo Ἀνδρομέδα, ‘gobernante das persoas’) era a filla do rei Cefeo, unha muller de gran beleza á que cortexaban moitos homes. Dela namorouse Perseo ao vela encadeada a unha rocha, onde estaba por decisión do seu pai, que quería empregala como vítima expiatoria para salvar o seu pobo do monstro enviado por Poseidón. Grazas ás súas sandalias aladas, liberouna do monstro e casou con ela.

Unha **andrómena** é unha mentira, unha trola, un embuste, unha invención fantástica e de carácter burlesco, aquilo que se discorre para enganar ou despistar a alguén: *Déixate de andrómenas, que non che creo nada.*

abelloar o avesporeiro

Causar alteración, desorde ou molestia nun grupo de persoas: *A moción de censura non iría adiante se non viñese Suevia coas últimas probas a abelloar o avesporeiro.*

Abelloar é o que fan as abellas cando saen da colmea. Por extensión, significa facer barullo e tamén amolar, causar molestias.

meter os cans na bouza

Encirrar unhas persoas contra outras para que discutan. Provocar enfrontamento: *Non lle fagades caso, que é moi amigo de meter os cans na bouza.*

5.5. LEALDADE

collerlle lei a alguén**gardarlle lei a alguén****terlle lei a algo ou a alguén**

Admirar a esa persoa, respectala, estimala, terlle cariño; gardarlle lealdade ou fidelidade: *Os cans gárdanlle moita lei aos seus amos. /*

Querer a unha rapaza é terlle lei un día e outro día.

ver polos ollos de alguén**non ver máis ca polos ollos de alguén**

1 Querer moito a esa persoa: *Non lle pidas que sexa xusto nas partillas, sabemos de sobra que o tío Tucho non ve máis ca polos ollos do seu afillado.*

2 Sentirse influído por esa persoa e carecer de autocrítica, cumprir en todo a súa vontade, sen facer caso aos demais: *Non lle digas nada, que non ve máis ca polos ollos do fillo.*

servir a alguén coma un can

Traballar fiel e responsablemente para esa persoa chegando a amosar unha actitude servil ou de submisión: *Xa debe estar ben pagado, porque agora, na nova asesoria, serve ao xefe coma un can.*

5.6. DESLEALDADE

terlle mala lei a alguén

Querer mal a alguén: *Sempre lle tivo mala lei ao rapaz, como lle cadre no tribunal da oposición, ambos estarán tensos.*

[Confrontar **terlle lei a alguén** § 5.5. LEALDADE]

facerlle unha faena a alguén

Causar algún prexuízo a esa persoa: *Fíxolle unha boa faena, non lle axudou a rematar o traballo.*

xogar a dúas bandas**xogar a dúas barallas**

Ter intereses en dous asuntos opostos, antagónicos; estar de acordo con alguén e tamén coa persoa contraria: *O candidato elixido anda a xogar a dúas barallas nestes momentos de incerteza, pero axiña terá que escoller entre un partido político ou outro.*

poñerlle os cornos a alguén

Serlle infiel a esa persoa sexualmente, faltarlle á fidelidade conxugal: *Diciase que o marido lle poñía os cornos cando ía de viaxe.*

5.7. AMOR

andar atrás de alguén**andar detrás de alguén****andar ao rabo de alguén**

1 Seguir a esa persoa continuamente, non se separar dela: *Sempre me chistou moito ver*

as fileiras de pitiños andar ao rabo da galiña.

2 Procurar a esa persoa, facer por conseguir a súa atención e o seu amor, namoralas: *Andou atrás daquela rapaza máis dun ano pero pronto se desanimou. / Se el ten partido, ela aparece nas gradas: sempre anda ao rabo del.*

falar con alguén

Tradicionalmente, manter unha relación sentimental con esa persoa, mocear, pretender: *Falou dous ou tres anos cunha moza de Vilanova.*

facelle as beiras a alguén

1 Tratar de conquistar unha persoa, cortexala, seducila, namoralas: *Macías o “namorado” facíalle as beiras ás mozas recitando as súas cantigas alá polo século XIII.*

2 Dicirlle gabanzas a alguén para conseguir algo, tratar de agradarlle por interese propio, adulalas: *Ándalle facendo as beiras ao seu pai para que o deixe ir de cámping cos amigos.*

facelle a roda a alguén

Tratar de conseguir o amor dunha muller, cortexala, seducila: *Meu avó contoume que lle fixera a roda á miña avoa durante dous anos, que ningunha rapaza lle gustara máis ca ela.*

facelle o amor a alguén

1 Tratar de conseguir o amor dunha muller, cortexala, seducila: *Ándalle a facer o amor a unha rapaza de Lugo porque quere ser noivo dela.*

2 Ter relacións sexuais, realizar o acto sexual: *Fíxolle o amor e ela quedou grávida.*

andar en amores con alguén

Establecer ou manter unha relación amorosa: *Xaquín vai ter problemas para andar en amores con Merche, porque falou moi mal do seu pai.*

andar con alguén

saír con alguén

Manter un trato frecuente cunha persoa e ir na súa compañía de maneira habitual, especialmente cando se mantén unha relación amorosa con ela. Ser noivos: *Hai dous anos que anda con ese mozo.*

comer a bicos

1 Bicar moito e reiteradamente, como mostra efusiva de cariño: *A avoa levaba tanto tempo sen ver á súa netiña que ese día comeuna a bicos.*

2 Beixar repetidamente e con ímpeto nun estado de certa excitación sexual: *A parella comíase a bicos cada vez que tiñan ocasión.*

levar na alma a alguén

Querela moito, amala con intensidade: *Ese mozo ha casar con esa rapaza porque se ve que a leva na alma.*

levar nas capeliñas dos ollos a alguén

Querer moito a unha persoa: *Carla foi a miña profesora predilecta, aínda hoxe a levo nas capeliñas dos ollos.*

ser o chiche de alguén

Ser a persoa máis querida, consentida ou preferida da casa: *Uxía é a neta máis pequena e por iso é o chiche dos seus avós.*

ser o doe-doe de alguén

Ser unha persoa querida, ser a muller amada: *Náir sempre foi o doe-doe de Hugo, xa levan vinte anos casados.*

caerlle a baba a alguén

Quedar unha persoa embobada por experimentar moita compracencia ou por sentir moita admiración por alguén: *Tanto ten o que fagan, cáelle a baba ao falar dos fillos.*

5.8. SEXO

bater na biqueira

botar un foguete

botar un quiqui

Ter relacións sexuais de maneira rápida e ocasional: *A fin de semana na vila botou un foguete cun mozo que coñeceu na discoteca.*

O fraseoloxismo **botar un quiqui** procede do inglés *to have a quickie*.

facer o amor

Ter relacións sexuais: *Leu consellos para facer o amor por vez primeira en revistas adolescentes, pero xa sabes, a realidade é outra cousa.*

[Confrontar **facelle o amor** a alguén § 5.7. AMOR]

5.9. EMBRUXAR

botar o mal de ollo

Botar un meigallo, un maleficio: *A miña bisavoa contaba que a alguén lle morreran todas as pitas do curral porque lle botaran o mal de ollo.*

facér a figa

Facer unha invocación cos dedos para afastar os demos ou os malos espíritos que rodean a esa persoa, esconxurala: *Sempre que pasaba ao seu carón **facíalle a figa** e cuspiá no chan.*

5.10. ADULACIÓN

poñer nos cornos da lúa a alguén

Gabar a esa persoa en exceso: *Como a nova secretaria era moi boa en inglés e francés, a xefa **poñíaa nos cornos da lúa** sempre que falaba dela.*

poñer polas alturas a alguén

Admirar moito a esa persoa ata o punto de idealizala, de santificala: *Na presentación da novela, o libreiro pasouse: **puxo a Uxío polas alturas**, cando non é tan bo.*

[Confrontar **pór polas alturas** § 7.10. LOUVAR]

poñer no peneiriño a alguén**traer no peneiriño** a alguén**traer en bandexa** a alguén**levar en andas** a alguén**traer en andas** a alguén

Apreciar a esa persoa, tela na máis alta estima e consideración e polo tanto tratala moi ben, con moito tino e cariño: *Conscientes do capital que atesouraba, todos eles **o traían en bandexa**. / Como é o irmán pequeno, **tráeno en andas**.*

As **andas** son un soporte de madeira apoiado en dúas varas grosas paralelas, que serve para transportar unha carga sobre o ombreiro entre varias persoas: *Nas romarías **levan o santo en andas**.* As **andas** tamén son un unha especie de cama estreita e portátil para o traslado de enfermos ou feridos: *O xogador lesionado foi retirado do campo en **andas**.*

[Confrontar **pór nun pedestal** a alguén § 7.10. LOUVAR]

facérlle o conto a alguén

Gabar interesadamente a unha persoa, chegando a ter unha actitude teatreira: *Se quero saír de festa por Sanxenxo, preciso cartos: **teño que facérlle xa o conto ao pai**.*

bailarlle a auga a alguén

Loar en exceso, afagar, adular esa persoa. Estar sempre de acordo coas súas accións ou opinións, normalmente para conseguir algo

a cambio: *Inés non debería fiarse de Helena, ben se ve que **lle baila a auga**, algo lle quere.*

Nalgunhas culturas, é tradición que quen convida a alguén á casa o acolla ofrecéndolle auga para beber e lavarse. No episodio cristián do lavatorio dos pés (Xoves Santo) vese aínda reflectido este rito, símbolo de modestia e submisión de Xesús cara aos seus discípulos.

Tamén se pensa que unha forma de agradar a unha persoa é moverse con ela, poñerse diante, facerlle reverencias, coma se se bailase diante dela.

darlle xabón a alguén

Adular esa persoa, intentar gañar a súa confianza para obter beneficio: *Xosé está moi equivocado. Pensa que **dándolle xabón** ao profesor vai pasar o curso.*

O fraseoloxismo **darlle xabón a alguén** pode estar relacionado co antigo costume de dar xabón ás cordas ou ás rodas das máquinas para que se deslizasen con máis facilidade.

Tamén pode ter relación co fraseoloxismo **bailar a auga** [Consultar enriba en § 5.10. ADULACIÓN].

lamberlle os pés a alguén**lamberlle o cu** a alguén [vulgar]

Loar excesivamente a esa persoa e andar sempre detrás dela para conseguir algún beneficio: *Por moito que **lle lambas os pés** non vas conseguir nada. / Non me gusta nada como actúa, anda sempre **lambéndolle o cu** ao xefe.*

darlle unto a alguén**untarlle o bico** a alguén

Subornar a esa persoa, conseguir dela un favor dándolle cartos ou calquera outra cousa de valor: *Quería **untarlle o bico** a un concelleiro para conseguir unha licenza de obra.*

5.11. ENGANO

gardar as aparencias

Ocultar o que pode prexudicar a reputación: *O matrimonio xa estaba separado, pero seguía vivindo na mesma casa para **gardar as aparencias**.*

tomar por parvo a alguén

Considerar a unha persoa menos intelixente do que realmente é para tentar enganala: *Presentoulle un reparto de horas moi desigual, intentou **tomalo por parvo**.*

comerlle a boroa a alguén

Intentar enganar a unha persoa tratándoa como pouco intelixente, subestimándoa: *A avoa foi mercar o xamón que tanto nos gustara, pero desta vez **coméronlle a boroa**: non é nin parecido.*

meterlle unha boa xarda a alguén

Enganar: *Díxome que non podía cubrirme porque tiña unha voda, e logo vírono no ximnasio: **meteume unha boa xarda**.*

encherlle a albarda de palla a alguén

Aproveitarse desa persoa mediante enganar: *Petáronlle á porta uns supostos revisores do butano. Menos mal que o meu avó non os deixou pasar; só querían **encherlle a albarda de palla á xente**.*

dar gato por lebre**meter gato por lebre****dar estopa por liño**

Enganar dando unha cousa diferente á solicitada, normalmente de peor calidade: *Creo que me **deron gato por lebre** porque este peixe que merquei non está moi fresco. / Fun á praza e merquei un mel que parecía caseiro, pero creo que me **deron estopa por liño**.*

Parece ser que nos anos da posguerra era normal vender gatos facéndoos pasar por **lebres** ou coellos porque, unha vez esfolados, tiñan o mesmo aspecto e sabor.

O **liño** é o fio téxtil que se obtén da planta do mesmo nome é tamén o tecido ou tea que se confecciona con este fio: *Pola voda regaláronlle un mantel de **liño**.*

A **estopa** é a parte basta que queda do liño despois de limpalo co restrelo: *A **estopa** podía fiarse para facer tea con ela.* Por extensión, a **estopa** tamén é esa tea gorda e brava que se tece con ese liño de peor calidade: *Antes **facíanse** sabas de **estopa** e mesmo camisas.*

tomarlle o pelo a alguén

Burlarse desa persoa aproveitando a súa inxenuidade: ***Tomoulle o pelo** ao neno cando lle dixo que non había máis lambetadas na*

festa, porque despois sacou uns poucos caramelos do peto e deullos.

facerlle a cambadela a alguén

1 Facer que alguén caia poñéndolle a perna diante do pé: *O defensa **fixolle a cambadela** ao atacante.*

2 Facer que unha persoa teña dificultades para prexudicala: *Tivo que marchar da fábrica porque os compañeiros **lle facían a cambadela** continuamente.*

caer na rede**caer na trampa**

Sentirse unha persoa atraída por un engano ou por unha artimaña e ser enganada: *Sabía ser tan engaiolante que era moi fácil **caer na súa rede**.*

enganar coma a un bendito a alguén

Enganar a alguén abusando da súa confianza ou boa fe: *Vendéronlle o colgante asegurando que era da casa Swarovski, pero pronto nos decatamos de que era unha imitación: **enganárono coma a un bendito**.*

5.12. DOMINIO

ter a tixola polo cabo

Estar unha persoa nunha posición de poder para tomar decisións: *É moi doado enfrontarse á dirección cando se é o investidor principal... calquera o fai **tendo a tixola polo cabo**!*

cortar o bacallau

Ser quen realmente manda ou dispón nunha colectividade ou nun asunto: *Non lle deas máis voltas, tes que falar con Edelmiro, que é quen **corta o bacallau** no Liceo.*

darlle carta branca a alguén

Concederlle autorización sen límites a unha persoa para que actúe segundo o seu criterio e vontade; darlle permiso para que faga o que queira: *A xefa **deulle carta branca** para organizar o traballo da fábrica na súa ausencia.*

facér de alguén un pandeiro

Tratar a unha persoa á propia conveniencia, con desconsideración, sen respecto, facendo moi visible o dominio que se ten sobre ela, vulnerando a súa dignidade: *Os netos sempre **fan de Pascoal un pandeiro** cando veñen velas nas vacacións.*

→ Refráns

A onde fores fai como vires

Fuchín, fuchán, facer como fan

Na terra dos lobos, hai que ouvear coma todos

Cómpre acomodarse aos costumes e tradicións de cada lugar: *Crucei antes dúas ou tres mensaxes con Susana, que está a buscar receitas para o pastel de cabaza. Mañá celebran o Día de Acción de Grazas por alá, e xa sabes... a onde fores fai como vires.*

Cando a esmola é grande, ata os santos desconfían

É natural mostrar receo ao recibir un trato adulator ou máis positivo que o habitual: *O mesmo día en que Isaac lle enviou o ramo de rosas ao traballo, Elisa volveu entrarlle no correo electrónico. Muller, cando a esmola é grande, ata os santos desconfían.*

Os amigos son para as ocasións

A amizade compróbase nos momentos difíciles: *Cando acusaron ao seu irmán de provocar o accidente, algúns colegas non volveron achegarse a ela, nin para preguntarlle como estaba. Éche ben certo que os amigos son para as ocasións.*

Val máis só que mal acompañado

A soidade é preferible á compañía de alguén que nos é pernicioso: *Desde a última vez que discutimos, Rocío non volveu vir correr comigo... pero val máis soa que mal acompañada!*

Non che erra quen ao seu semella!

Para ben ou para mal, que alguén se pareza aos seus, ás persoas da súa familia ou condición, é natural: *Ao meu sobriño sempre lle gustaron moito as construcións e o debuxo... pero tendo os pais arquitectos é normal. Non che erra quen ao seu semella!*

O fillo de cabra é cabrito

Fillo de porco, marrao seguro

De pais gatos, fillos michiños

Os cachos tiran ás olas

De mal pano, mala saia

De tales terras, tales nabos

O que se herda non se compra

A herdanza familiar é determinante nunha persoa: *Mari xoga moi ben ao balonmán, xa o seu pai foi capitán no Teucro. É ben certo que os cachos tiran ás olas.*

Unidade 6. Problemas, éxito, fracaso

Dous amigos conversan sobre as habilidades culinarias de Manuel para facer unha empanada. Repara nos fraseoloxismos empregados.

- Vouche contar a última: Manuel decidiu **pór toda a carne no espeto**¹ e cociñar para a familia o domingo!
- Ai, si? O certo é que xa lle eran horas de **baixar o lombo**², leva medio mes no curso ese de cociña e aínda **non movera unha palla**³ coa comida da casa...
- Pois si: logo de tanto dicir que **tiña madeira de**⁴ chef, soltou que facer unha empanada **era pan comido**⁵, e alá se puxo...
- E como foi? **Ten man**⁶ para elas?
- Uuuuf, xa **meteu a zoca**⁷ na preparación da masa, estivo a punto de empregar auga fervendo! Se chega a facelo, iso non levaría en séculos... Menos mal que chegou mamá para **botar unha man**⁸ e **sacoulle as castañas do lume**⁹.
- Home... a masa pode ser delicada se non se ten práctica, pero o rustrido tivo que **ir vento en popa**¹⁰, non si?
- Esa foi outra! Déuselle por dicir que ía **matar dous paxaros dun tiro**¹¹: saíra riquísima e moi sa, seica ía ter tres cuartas partes de cebola e pementos e só unha de atún. Non se pode negar que o refrito cheiraba ben, pero non mediu as consecuencias...
- Aaaah, **tivo mal ollo**¹² con iso! Seguro que a cebola soltou demasiada auga e **botou por terra**¹³ a base da empanada, deixándoa moi húmida...
- Exactamente. Ademais xa **coñeces o percal**¹⁴, Manuel é un fervellasverzas. Cando o manxar levaba media hora no forno, quería **botarse atrás**¹⁵ e dicir que se xantaba outra cousa...
- Pero ao final coméstela, ou?
- Comemos, si! Pero dáme a min que o futuro de Manuel como che **vai quedar en auga de bacallau**¹⁶!

¹ arriscarse completamente.

² traballar.

³ non fixera nada.

⁴ valía para.

⁵ era moi doado.

⁶ Ten habilidade.

⁷ se trabucou.

⁸ axudar.

⁹ solucionoulle o problema.

¹⁰ ir estupendamente.

¹¹ acadar dous logros á vez.

¹² non tivo habilidade, non acertou.

¹³ estragou.

¹⁴ sabes como é, sabes o que hai.

¹⁵ renunciar a facer o que se comprometera.

¹⁶ vai quedar en nada, non vai poder ser.

Exercicio 6.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.

1. Manuel está facendo un curso de cociña porque quere aprender a asar carne. ☐
2. Un día púxose a facer unha empanada e saíulle ben porque o axudou a súa nai. ☐
3. Proximamente vai facer receitas con castañas e bacallau. ☐



non mover unha palla

Exercicio 6.2. Mira as listaxes destes grupos de fraseoloxismos e asígnalle o tema que corresponde a cada grupo.

DIFICULTADE	AXUDA	PROBLEMAS	FACILIDADE
1. ... FACILIDADE... Algo... é coser e cantar é pan comido Unha persoa... sabe a agulla de marear coñece o percal 3. Unha persoa... afoga en pouca auga está coa auga ao pESCOZO mete a pata mete o zoco non dá pé con bóla búsalle os tres pés ao gato ten as mans atadas	2. Algo... é como atopar unha agulla nun pallar / palleiro é como buscar un de capa negra en Santiago custa ferro e fariña Algo ou alguén... é duro de roer 4. Unha persoa... bota unha man bota un cabo sácalle as castañas do lume a alguén ve o ceo aberto Algo... vén como auga de maio		

ÉXITO	FRACASO	ESFORZARSE
NON ESFORZARSE		ESFORZARSE EN BALDE

5. ... **ESFORZARSE** ...

Unha persoa...

baixa o **lombo**
 traballa coma unha **besta**
 deixa o **pelello**
 pon toda a **carne** no **espeto**
 bota toda a **auga** ao **muíño**
 non dá **puntada** sen **nó**

Algo...

paga a **pena**

6.

Algo...

é mallar en **ferro frío**
 é apañar **auga** nunha **peneira**
 é botar **milllo** aos **paxaros**
 é como **arar** no **mar**
 cae en **saco roto**
 queda en **auga de bacallau**

7.

Unha persoa...

está de **brazos cruzados**
 non dá **pancada**
 non move unha **palla**
 ten mala **angueira**
 fáille **rabos** ás **culleres**

8.

Unha persoa...

naceu de **pé**
 naceu en **domingo**
 ten **madeira**
 ten (boa) **man**
 cae de **pé**
 mata dous **paxaros** dun **tiro**
 fai **carreira**
 sae do **túnel**

Algo...

é **chegar** e **encher**
 vai **vento** en **popa**

9.

Unha persoa...

empeza a **casa** polo **tellado**
 pon o **carro** diante dos **bois**
 vende o **peixe** antes de pescalo
 bótase **atrás**
 bota por **terra**
 non levanta **cabeza**
 pide **papas**
 tira a **toalla**
 marcha co **rabo** entre as **pernas**

Algo...

vai á **deriva**
 vai a **pique**

Estala unha **castaña** na bocaSae a **galiña choca**

- ❶ Empregamos **ir vento en popa** co significado de navegar ben, sen dificultades, con vento favorable, aínda que a física demostra que o punto óptimo polo que debe vir o vento depende do deseño da embarcación e da disposición das velas. Raramente é só pola súa parte traseira, pola popa. Un xefe de máquinas consultado di que “o mellor vento para navegar é pola aleta de babor ou estribor”. Cando o barco se desvía da súa ruta, vai sen goberno, vai sen norte, **vai á deriva**. No caso de que afunda, **vai a pique**.

Exercicio 6.3. O mundo do mar ofrece unha realidade chea de imaxes que se activan na fraseoloxía galega. Os seguintes exemplos presentan elementos desa realidade. Relaciónaos co significado literal dos compoñentes.

- | | |
|---|--|
| 1. Botáronlle un cabo ao náufrago para que subise á lancha salvavidas. | A. En sentido vertical, cara a abaixo. |
| 2. Os mariñeiros largaban o aparello pola popa . | B. A parte superior de cada un dos costados dun barco. |
| 3. O navegante realizou o cálculo da deriva . | C. Parte de atrás dun barco. |
| 4. Esta costa baixa a pique deica ao mar. | D. Desviación que sofre unha embarcación por efecto das correntes ou do vento. |
| 5. Estivo a punto de caer pola borda . | E. Corda que se usa nos barcos. |

Exercicio 6.4. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|---|--|
| 1. Os ratos non roen por pracer, senón para manteren os dentes nun tamaño axeitado. | A. Incubar, quentar os ovos ata que nace a cría. |
| 2. A galiña está deitada, a chocar os ovos. | B. Cortan algo duro cos dentes, xa sexa superficialmente ou en anacos moi miúdos. |
| 3. A angueira dos alumnos é estudar. | C. Roupas de abrigo, sen mangas e aberta por diante, que se pon sobre os ombros e enriba da roupa. |
| 4. A casa da aldea ten un ballar e unha adega anexas, ambos os dous moi amplos. | D. Traballo ou a actividade na que unha persoa está ocupada. |
| 5. Nos nosos días, asociamos a capa a determinados oficios ou aos días de Entroido, pero foi unha peza de vestir básica hai séculos. | E. Golpe brusco dado coa man, co pé ou cun obxecto. |
| 6. Ía distraído e deu unha pancada contra un farol. | F. Lugar onde se garda a herba seca ou a palla para o gando. |



botar unha man

Exercicio 6.5. Relaciona.

1. Aí onde a ves, traballou coma unha formiga durante todo este tempo e conseguiu doutorarse en física cuántica.	A. traballou moito, minuciosa e discretamente
2. Os compañeiros botáronme un cabo e rematei o traballo a tempo.	B. arruináronse
3. Xa sabe que é un proxecto calamitoso pero ten as mans atadas e non pode facer nada.	C. axudáronme
4. Se queres, fala con el, pero advírtoche que é malo de roer .	D. é moi difícil de tratar
5. É unha persoa moi interesada e non che dá puntada sen nó .	E. fai as cousas ben, ordenadamente
6. Teresa ten boa man coas filloas. Fainas moi saborosas.	F. non fai nada sen obter un beneficio
7. Despois de traballar tantos anos con Ladislao, xa coñece o percal e non se fía de que remate a web a tempo.	G. non ten independencia para actuar
8. É un nugallán, non dá pancada en todo o día.	H. non traballa nada
9. Antes de alugar o local para o negocio terás que conseguir os cartos, non poñas o carro diante dos bois .	I. coñece moi ben a esa persoa
10. Nesta rúa moitos comercios foron a pique e por iso están pechados.	L. ten moita habilidade

ter as mans atadas



Exercicio 6.6. Relaciona para formar fraseoloxismos.

baixar	carreira
botar	madeira
caer	a pena
cruzar	a zoca
facer	a toalla
meter	o lombo
pagar	o pelo
ter	os brazos
tirar	unha man

baixar o lombo,

Exercicio 6.7. Relaciona para formar fraseoloxismos.

afogar	á deriva
botar	de pé
caer	do túnel
ir	en pouca auga
saír	por terra

afogar en pouca auga,

Exercicio 6.8. Relaciona para formar fraseoloxismos.

apañar auga	ao gato
botar milllo	ao mar
buscarlle os tres pés	aos paxaros
dar golpes	nunha peneira
empezar a casa	polo tellado
estar coa auga	aberto
matar dous paxaros	antes de pescalo
poñer o carro	ao pescozo
sacar as castañas	diantes dos bois
vender o peixe	do lume
ver o ceo	dun tiro

apañar auga nunha peneira,

Exercicio 6.9. Relaciona para formar fraseoloxismos.

vir como auga	de maio
ser como arar	no aire
ser como atopar	no mar
ser como buscar	un de capa negra en Santiago
ser como escribir	unha agulla nun paleiro

vir como auga de maio, _____

Exercicio 6.10. Escolle a opción máis axeitada para os seguintes textos e incorpóraa facendo as transformacións necesarias.

afogar en pouca auga	como auga de maio	meter a zoca
sacar as castañas do lume	ser coser e cantar	tirar do carro


1. Non todo o mundo está preparado para ter unha vida sa e equilibrada nas novas redes de comunicación. Se non tes moito siso e aínda por riba es un persoeiro famoso, entón xa temos unha boa lea montada. Isto aconteceu os días pasados con Alejandro Sanz (que _____ comparando os nenos de África coas descargas), e agora volve pasar con David Bisbal. *codigocero.com* (adaptado)
2. Estas foron as palabras do rexedor: “Os concellos estamos a _____ ao Goberno central, que quere vender que crea emprego en tempo de crise pero faino á custa do esforzo dos concellos para elaborar, aprobar, contratar e executar proxectos nun tempo récord” *www.lavozdeg Galicia.es* (adaptado)
3. A prensa salientou sobre todo o chamamento do monarca para que, en época de crise, todos _____ na mesma dirección. *www.galiciahoxe.com* (adaptado)
4. Se se enche de pena e non proba bocado será el o que máis perda, as cousas do mundo hai que saber levalas como veñen, e _____ nunca é bo. *O Tío Marcos da Portela* (adaptado)
5. Por fin chegou o último día de escola. Día que eu esperaba _____ dende o enfrontamento que o meu pai mantivera co mestre. Aquilino Poncelas, *O mestre píxose louco* (adaptado)
6. A derrota do Pontevedra fraguábase xa antes do inicio da contenda. Os seguidores visitantes acalaron a parroquia granate. No campo, moi enlamado, pero apto para a práctica do fútbol, tralo asubío inicial do árbitro, todo _____ para o Ourense que amosou unha gran superioridade sobre o rival. *El Correo Gallego* (adaptado)

Exercicio 6.11. Escolle a opción máis axeitada para os seguintes textos e incorpóraa facendo as transformacións necesarias.

botar un cabo	ser como atopar unha agulla nun palla
ser pan comido	ter as mans atadas
ser malo de roer	traballar coma unha besta

1. Meu pai quería que eu fose mestre de escola, e _____ para pagarme os estudos. Quería que eu fose mestre para librarme da escravitude da terra. Darío Xohán Cabana, *O cervo na torre* (adaptado)
2. A miña irmá era un tanto tímida e cortábase diante da xente descoñecida. Quedou mirando para nós os tres sen decidirse a dar os bos días. A miña nai _____:
—Non saúdas, Pauliña?
A miña irmá dubidou. Non se atrevía a dicir nada. Permanecía calada, mirando para a miña nai e para min alternativamente agardando a que lle deramos algunha explicación acerca da presenza daquela estraña. Leticia Costas, *Unha estrela no vento* (adaptado)
3. Apostei por unha carta, e gañei; fun pola outra, e tamén gañei; pola terceira, e seguí collendo cartos. Xa coidei que aquilo para min _____, e apostei forte. Perdín. Quíxenme desquitar, e volví perder. Piqueime un chisco, e apostei máis, volvendo perder. Metín a man na faldriqueira, e vin que xogara e perdera todo o que levaba. Enrique Iglesias Alvarellos, *Botei corenta anos* (adaptado)
4. O primeiro que lle contaba Exeria a Amantia na súa misiva era a busca infrutuosa de Camala e o seu anel. Aproveitara o seu percorrido curioso pola capital para pescudar en tódolos cantos. Pero, sabendo que dar con Camala en Constantinopla _____, enfocaba as súas pesquisas cara os mandos do exército onde se encontraría o enigmático militar con quen contaba a exiliada galega en terras orientais. M^a Xosé Queizán, *Amantia* (adaptado)
5. Outro proverbio salientaba que: «Casar, bo é de facer, pero _____, ou de soster». O prudente pragmatismo popular insistía unha e outra vez na importancia de ter medios de subsistencia, desdeñando as idealizacións sentimentais: «Casar, para deitarse sen cear despois de mal xantar, a ninguén lle pode agradar». Xavier Castro, *Servir era o pan do demo. Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX* (adaptado)
6. Antes de marchar para Santiago cearon xuntos cabeza de xabril e un viño de Amandi que non lles serviu para levantar o ánimo, pero si para lembrar o acontecido como se fosen dous vellos amigos que teñen moreas de anécdotas en común. O Trallas prometeulle facer o posible para desvelar o que os papeis oficiais podían ofrecer á investigación, aínda que agora _____ e xa non puidese moverse coa liberdade de antes. Xabier Quiroga, *Atuado na braña* (adaptado)

ser chegar e encher




Exercicio 6.12. Escolle a opción máis axeitada para os seguintes textos.

1. Aquel día o Evaristo díxome: «Pois mira, se aprobas e non tes que estudar nas vacacións, heiche dar eu un choíño no cine, que necesito alguén que me axude na cabina e, se che deixa o teu pai, podíasmeme vir _____ nas sesións infantís...» E, como dicía ao principio, desde aquel verán todo cambiou e xa sempre fun amigo do Evaristo o do cine. Xavier Alcalá, *Evaristo o do cine*, en *O lar visión e outros relatos* (adaptado)
 a) botar pola borda b) botar unha man c) botar millo aos paxaros
2. Agardabamos a dona Segundita _____. Era tan bondadosa e tiña tanta piedade! Adorámola sempre polo agarimo e o afán que poñía ás cousas, e tamén por aquel maletín cheo de argalladas, de todas aquelas miudezas que nos fascinaban. Medos Romero, *Dubido se matei a Lena* (adaptado)
 a) en auga de bacallau b) coma unha formiga c) como auga de maio
3. Ti podes saír ben desta lea se contas todo. Se nos dis onde se agacha ese malnacido. _____ por ires canda el. Leoute. Teñen esa habilidade eses tipos. Xosé A. Ballesteros Rey, *Talego* (adaptado)
 a) Tiraches a toalla b) Caíches de pé c) Metiches a pata
4. O primeiro que podes facer é alugar un cuarto na taberna da aldea, alí podes aguantar algún tempo sen problemas. Despois tes que procurar abrir o teu propio camiño, _____. Non che será difícil, Rosendo. A túa disertación causou sensación entre os especialistas e ha ter peso na procura dunha colocación. Ursula Heinze, *O soño perdido de Elvira M.* (adaptado)
 a) facer carreira b) botar por terra c) meter a zoca
5. Todo lle veu xunto./ Ao empezo do ano/ morreulle a filliña/ que era o seu amparo./ Despois, tivo un preito./ venceuse o reparto,/ perdeu media anada/ en xeadas e orballos./ e ao caer as rendas/ topouse trabado./ _____/ sen froitos nin cartos. Ramón Cabanillas, *Vento mareiro* (adaptado)
 a) chegar e encher b) coa auga ao pescozo c) vento en popa

Exercicio 6.13. Escolle a opción máis axeitada para os seguintes textos.

1. Na parroquia están os que se consideran veciños, aqueles que nos _____ cando certas tarefas da casa así o requiren. M^a Pilar de Torres Luna e Rubén C. Lois González, *A parroquia e a xeografía de Galicia*
 - a) empezan a casa polo tellado
 - b) poñen os carros diante dos bois
 - c) botan unha man
2. Nos casos do modelo hiperprotector, o discurso é outro: «ti non te preocupes que xa che resolvo eu todo». Nestas familias, os pais procuran adiantarse aos problemas dos fillos, sendo incapaces de castígalos e tratando de _____ continuamente. Nestes casos os rapaces convértese nuns nugalláns irresponsables, con condutas de risco ou de abuso de substancias. Alexandre García Caballero e Ramón Area Carracedo, *Psicopatoloxía do retorno* (adaptado)
 - a) tirarlles as castañas do lume
 - b) dar golpes no mar
 - c) cruzar os brazos
3. Chicago era nos derradeiros anos do século XIX unha vila grande de gandeiros, de moita xente que arcaba o pipo, que arrincaba pedra cos dentes. E alí naceu a reivindicación básica dos traballadores pola que _____. A xornada de oito horas de duración. E o primeiro primeiro de maio foi o primeiro de maio de 1886. Xosé Ramón López Boullón, *Galicia Hoxe* (adaptado)
 - a) apañaron auga nunha peneira
 - b) botaron toda a auga ao muíño
 - c) venderon o peixe antes de pescalo
4. Os nenos e nenas de 4ºB de Primaria apreciaron problemas de seguridade vial nas inmediacións do colexio. Lonxe de quedar nunha queixa puntual, decidiron dar un paso máis e puxéronse en contacto co Sr. Alcalde. Escribíronlle un escrito formal solicitando melloras neste aspecto. Unhas semanas despois recibiron unha carta coa contestación á súa solicitude, co que o seu exercicio de cidadanía non _____ e puideron ler as explicacións do alcalde. *bibliosantome.blogspot.co.uk* (adaptado)
 - a) caeu en saco roto
 - b) moveu unha palla
 - c) caeu o pelo
5. Atrás quedan aqueles anos nos que o disco de vinilo era un obxecto de culto e de amor pola música. Daquela os consumidores intentaban atesourar cantos máis discos mellor e era un sinal de cultura e dun certo elitismo. A industria discográfica _____. Pero os tempos cambiaron e agora o consumidor aplica a sinxela regra de tres de que o bo, se barato, dúas veces bo. R. Rodríguez, *El Correo Gallego*
 - a) ía a pique
 - b) ía á deriva
 - c) ía vento en popa



poñer o carro diante dos bois

Exercicio 6.14. Relaciona os seguintes grupos de fraseoloxismos cos temas da realidade cotiá dos que toman as imaxes para construír os seus significados.

A. baixar o lombo, deixar o peello, estar de brazos cruzados, botar unha man, ter as mans atadas, ter (boa) man, ter bo ollo, ter mal ollo, caer o pelo, marchar co rabo entre as pernas	1. O corpo
B. botar pola borda, botar un cabo, ir á deriva, ir a pique, ir vento en popa, saber a agulla de marear, vender o peixe antes de pescalo	2. O agro
C. ver o ceo aberto, vir como auga de maio	3. O tempo
D. traballar coma unha besta, gardar o rego, tirar do carro, botar millo aos paxaros, pór o carro diante dos bois	4. O mar
E. non dar puntada sen fío, non dar puntada sen nó, coñecer o percal	5. A cociña
F. saír do túnel	6. A costura
G. ferver en pouca auga, quedar en auga de bacallau, sacar as castañas do lume, pór toda a carne no espeto, ser pan comido	7. A forxa
H. non dar pé con bóla, tirar a toalla	8. A construción
I. mallar en ferro frío, non dar golpe	9. A circulación
L. empezar a casa polo tellado	10. O deporte



ser coser e cantar

Ser coser e cantar dise dun labor sinxelo, que non representa dificultade e que se fai con gran rapidez. O traballo dos xastres e costureiras era considerado un traballo descansado e que se facía con alegría.

María Montaña, *A tradición oral en Galicia* (adaptado)

Exercicio 6.15. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Cando algo é coser e cantar, sabemos que require un grande esforzo. ☐
2. Unha persoa que non dá pancada está cos brazos cruzados. ☐
3. Cando unha persoa ten as mans atadas, non dá puntada sen nó. ☐
4. A alguén lle cae o pelo porque mata dous paxaros dun tiro. ☐
5. Botar millo aos paxaros é como apanñar auga nun cesto. ☐
6. Se algo cae en saco roto tamén queda en auga de bacallau. ☐
7. Algo que vai á deriva tamén vai a pique. ☐
8. Dicimos que vai a auga ao rego cando algo vai vento en popa. ☐
9. Tirar a toalla é pedir papas. ☐
10. Cando algo vén como auga de maio, vemos o ceo aberto. ☐



vir como auga de maio

Exercicio 6.16. Observa o fraseoloxismo **matar dous paxaros dun tiro** en diferentes linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do fraseoloxismo galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

matar dous paxaros dun tiro
(galego)

matar dos pardals d'un tret (catalán)
matar dous pardais dun tiro

matar dos pájaros de un tiro (español)

faire d'une pierre deux coups (francés)
facer dunha pedra dous acertos

prendere due piccioni con una fava (italiano)
atrapar dúas pombas cunha soa fava

matar dois coelhos com uma só cajadada (portugués)
matar dous coellos dun golpe de caxato

harri batez bi txori hil (éuscaro)
matar cunha pedra dous paxaros

zwei Fliegen mit einer Klappe schlagen (alemán)
darlle a dúas moscas cunha tapa

kill two birds with one stone (inglés)
matar dous paxaros cunha pedra



matar dous paxaros dun tiro

Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñeças. Coméntao.

Exercicio 6.17. Engade estes remates aos seguintes refráns.

ándase o camiño

cen se abren

máis devagar

que aguante a súa vela

que non escampase

- | | |
|----------------------------|---------------------|
| 1. Nunca choveu | |
| 2. Se unha porta se cerra, | |
| 3. Canta máis présa | <i>máis devagar</i> |
| 4. Cada pau | |
| 5. Con pan e viño | |

Exercicio 6.18. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

SIGNIFICADO	REFRÁN
1. Por máis duradeiras que parezan as dificultades, como acontece coas rachas de fenómenos meteorolóxicos, nalgún momento mudarán.	<i>Nunca choveu que non escampase</i>
2. As présas non axudan case nunca e poden converterse nunha dificultade innecesaria.	
3. Cando unha oportunidade se perde, moitas outras poden aparecer.	
4. Coa comida ou coas axudas necesarias, as tarefas acométense mellor.	
5. Cadaquén debe aturar os seus problemas e asumir as súas responsabilidades sen cargárillelos aos demais.	

Exercicio 6.19. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. – Estivemos traballando toda a tarde na presentación do día seguinte. Menos mal que contra as seis Antía trouxo algo de merenda, e continuamos con máis forzas.
– Claro, é que _____.
2. – Non sei que facer, Ismael, desde que non me chamaron da última empresa farmacéutica despois da entrevista de traballo estou paralizada, coma se xamais fose conseguir nada.
– Pero tranquila, muller, non ves que _____?
3. – En canto chegou mamá, Xulio comezou a cargarme a min todo o acontecido o mércores, cando fixemos a festa na casa. Non é xusto, e menos cando el convidou a máis de trinta!
– Iso, iso, _____. Ademais, o episodio da lámpada foi culpa del.
4. – Descúlpame polo atraso, de verdade. Estaba saíndo da cociña ás prásas e esvarei, con tan mala sorte que ao intentar agarrarme, vertín a cunca de leite que a cativa aínda non tomara. Tiven que limpar os cristais e meter a lavar o pixama...
– Xa se sabe, _____.
5. – Todo se torce ultimamente: a Luís non lle concederon a bolsa, o caseiro vai facer que nos mudemos para poder obrar no apartamento, ...
– Só son malas rachas. Ti nunca oíches que _____?

i A procedencia do refrán **O que non chora non mama** hai que buscala nos meniños que aínda non falan e reclaman a súa comida a través do pranto. Chorando é como se comunican e por medio dos seus diferentes tons pódese distinguir se teñen fame, sono ou algunha molestia ou dor. Se non chorasen, non recibirían a atención que precisan.

Exercicio 6.20. Estes outros refráns dan consellos sobre como facer o traballo e ter éxito. Relaciónaos co seu significado.

REFRÁN	SIGNIFICADO
1. A quen madruga, Deus o axuda.	A. Erguerse cedo pola mañá ofrece posibilidades máis vantaxosas de facer cousas e a divindade premia o esforzo.
2. Mariñeiro que dorme, peixes non colle.	B. Cando as cousas están feitas, xa non meten présa e hai tranquilidade.
3. O que non chora non mama.	C. Todo require o seu esforzo, incluso o que parece curto e rápido.
4. Traballo feito non mete apuro.	D. Se non se piden as cousas, non se conseguen.
5. Non hai atallo sen traballo.	E. Con preguiza non se fai o traballo.

Exercicio 6.21. Observa os equivalentes deste refrán noutras linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

Un gran non enche celeiro, pero axuda ao compañeiro (galego)	<i>Un sol gra non fa el graner, més sí que l'ajuda a fer</i> (catalán) Un só gran non fai celeiro, mais si que axuda a facelo
	<i>Un grano no hace granero, pero ayuda al compañero</i> (español) Un gran non fai celeiro, pero axuda ao compañeiro
	<i>Les petits ruisseaux font les grandes rivières</i> (francés) Os pequenos regatos fan os grandes ríos
	<i>A granello a granello s'empie il sacco</i> (italiano) Gran a gran énchese o saco
	<i>Grão a grão enche a galinha o papo</i> (portugués) Gran a gran enche a galiña o papo
	<i>Harri batek berak ez du pareta egiten</i> (éuscaro) Unha soa pedra non fai parede
	<i>Viele kleine Bäche machen einen großen Strom</i> (alemán) Moitos regueiros pequenos fan unha corrente grande
	<i>Many hands make light work</i> (inglés) Moitas mans fan o traballo lixeiro

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, *O bichero I*



Luis Davila, "Volta ciclista: dopados"

Mira as escenas anteriores. Describe os personaxes e os problemas que intúes en cada escena. Que fraseoloxismos e refráns desta unidade podemos empregar?

→ Para falar...

1. Enumera tres cousas que **sexan coser e cantar** na túa cidade, e dúas que **sexan como buscar unha agulla nun palleiro**.
2. E ti, es unha persoa que **afoga en pouca auga** ou aguantas ben o estrés? Como o fas? Coñeces a alguén que sexa completamente diferente? Describeo.
3. Coñeces a alguén que **traballa coma unha formiga**? E a alguén que **non dá pancada**? Como son esas persoas? Que fan? Como é a túa relación con elas?
4. Hai persoas moi prácticas que **matan dous paxaros dun tiro** con frecuencia. Es ti unha delas? Comenta algunha anécdota.
5. Algunha vez che **sacaron as castañas do lume**? Explica a situación.
6. Nalgunhas ocasións as persoas non poden garantir o éxito de algo porque **poñen o carro diante dos bois**. Coñeces algún caso deste tipo? Coméntao.

→ Sabías que...?

Todos teredes oído o consello que se lles dá moi a miúdo aos xornaleiros para que aproveiten as primeiras horas do día: «Non fagas coma o zorro, que se perde a mañá perde o día todo» [...] É doado comprender que a raposa ten que aproveitar a mañá ou perder o día enteiro, pois as galiñas vanse ao poleiro en canto se pon o sol; así que, se quere pillar unha pita, a raposa ten que principiar a traballar cedo, antes de que comece a trasfega na aldea. Precisa principiar o traballo ao romper o día, co canto dos primeiros galos. Quen dá primeiro dá dúas veces, **a quen madruga Deus o axuda**, e quen aproveita a mañá ten feita a xornada.

Luís Moure Mariño, *Sempre matinando* (adaptado)

O fraseoloxismo arcaico *buscar un de capa negra en Santiago* significa ‘buscar o que dificilmente pode acharse por imprecisión dos datos’, e refírese aos tempos nos que había moitos curas e eles e mailos estudantes levaban capa negra.

Xexús Ferro, *Cada quen fala coma quen é* (adaptado)

- Pero eu, señor, non veño pola absolución... eu veño polos cartos.
- Polos cartos! E por que cartos, muller, por que cartos?
- E por que cartos hei vir? Polo peso dos polos que lle vendín a seu sobriño.
- O crego botouse fóra do confesionario:
- Eu non teño ningún sobriño nin mandei a ninguén mercar os polos de que falas.
- Pois ese mozo que me trouxo aquí díxome que era seu sobriño, e que os polos eran para vostede.
- Ese pillabán enganounos. A min tomoume o pelo, e a ti roubouche os polos.
- [...]
- Mais isto non pode quedar así. Nin vostede ten por que perder os cartos nin eu os polos. Debiamos ir contarlle todo o que pasou a un sereno, buscar o mozo e entregarllo ao xuíz.
- E ti sabes quen é? Coñécelo ben?
- E non hei coñecer, señor! É un de capa negra.
- Pois éche o mesmo que se llo fósemos a contar aos vinte e sete da Porta Santa. Garda os cartiños e vaite para a casa. Calquera **che busca un de capa negra en Santiago!**

Victoriano Taibo, “Un de capa negra”, en *Da agra aberta. Contos e lendas* (adaptado)

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→ Fraseoloxismos

6.1. FACILIDADE

ser algo coser e cantar

ser algo pan comido

Ser moi fácil de facer, conseguir, manexar etc.: *Logo acabamos, isto é coser e cantar.* / *Para os rapaces de hoxe, acostumbrados ás consolas, manexar os videoxogos é pan comido.*

saber a agulla de marear

Cóñecer a maneira de actuar para obter un bo resultado: *Xa lle sabe a agulla de marear a isto de cociñar para tanta xente.*

A **agulla de marear** é o compás, o aparello circular onde están representados os puntos cardinais, cunha agulla imantada que indica a dirección norte.

coñecer o percal

Cóñecer ben a unha persoa ou ter bo coñecemento dun asunto, ambos de carácter negativo: *A afección do Compostela está moi satisfeita porque o novo adestrador xa coñece o percal da 2ª división e vai traballar sobre seguro.*

O **percal** é o tecido de algodón, fino, liso e tupido.

6.2. DIFICULTADE

ser algo como atopar unha agulla nun palla

ser algo como atopar unha agulla nun palleiro

ser algo como buscar un de capa negra en Santiago

Ser algo moi difícil de conseguir: *Á praia de Samil ven moita xente no verán e saber onde está Casiano vaiche ser como buscar unha agulla nun palleiro.*

custar algo ferro e fariña

Ser algo moi difícil de facer, supoñer un grande esforzo: *Solucionar o enigma custounos ferro e fariña.*

ser duro de roer

ser malo de roer

Ser moi difícil de tratar, soportar, aguantar, sufrir etc.: *Prepárate para Estatística se cha dá Manuela Penas, é mala de roer.* / *Aquel exame era duro de roer.*

6.3. PROBLEMAS

afogar en pouca auga

ferver en pouca auga

afogar nun vaso de auga

Preocuparse por cousas que non son tan graves como se pensa, que non son realmente un problema: *Hai cousas que non lle podo contar porque afoga nun vaso de auga.*

[Confrontar § 4.5. PREOCUPACIÓN]

estar coa auga ao pescozo

Estar con moitas dificultades: *Estaba coa auga ao pescozo, non daba pagado as débedas.*

meter a pata

meter a zoca

meter o zoco

Equivocarse, intervir de maneira errada nun asunto: *Non lle debiches falar diso, metiches a pata.*

non dar pé con bóla

Equivocarse seguido: *Hoxe non dou pé con bóla, todo me sae mal.*

buscarlle os tres pés ao gato (cando non ten máis que catro)

Buscar complicacións innecesarias ou ver dificultades onde non as hai: *É unha persoa moi desconfiada, así que non che estrañe que sempre lle estea a buscar os tres pés ao gato.*

ter as mans atadas

Non ter liberdade ou independencia para actuar: *O valedor do Pobo admitiu ter as mans atadas para buscar unha solución ao problema.*

6.4. AXUDA

botar unha man

botar un cabo

Axudar: *Se a ves apurada coa preparación dos doces de Nadal bóttalle un cabo, que ti tes boa man coa repostería.* / *Bóttalle unha man a teu pai na aldea, que non te vas herniar!*

quitarlle as castañas do lume a alguén

sacarlle as castañas do lume a alguén

tirarlle as castañas do lume a alguén

Solucionar o problema doutra persoa, axudar nas dificultades de outros: *Menos mal que*

chegou Alfredo co furgón para carretar os mobles. Sacoulles as castañas do lume, coma sempre.

bater a todas as portas

Pedir axuda, nunha situación difícil, a moitas persoas: *Ainda que bateu a todas as portas, non conseguiu nada.*

ver o ceo aberto

Ver a ocasión para saír dunha situación apurada: *Os alumnos viron o ceo aberto cando o profesor reduciu os temas que entraban no exame.*

(esperar algo) como auga de maio

(vir algo) como auga de maio

Oportunamente: *Nesas vilas pintorescas sempre están esperando a chegada dos turistas como auga de maio para poder facer algo de cartos. / Estes cartiños véñenme como auga de maio.*

6.5. ESFORZARSE

baixar o lombo

Traballar: *Neste país todos temos que baixar o lombo para que as cousas funcionen.*

gañar o pan

Traballar e gañar o necesario para vivir: *Todos os días madruga para ir gañar o pan.*

traballar coma unha besta

Traballar moito, con moito aguante e resistencia: *Sempre di que súa nai traballou coma unha besta para poder darlle unha educación aos seus fillos.*

traballar coma unha formiga

Traballar moito e con moi bo goberno: *Susana traballa coma unha formiga, é moi minuciosa e sempre leva as cousas ao día, ordenadamente.*

deixar o pelexo

Esforzarse o máximo posible, ata a extenuación: *Tivo que deixar o pelexo nese proxecto para desenvolve-lo ata o final.*

tirar do carro

Soportar a maior carga dun traballo no que participan varios; coller a responsabilidade: *Se o traballo en equipos non se administra e controla ben, ao final só un ou dous tiran do carro e non se acada colaboración ningunha.*

botarlle toda a auga ao muíño

pór toda a carne no espeto

Arriscalo todo dunha vez: *Elisa é unha muller decidida porque ao pouco de separarse, decidiu botar toda a auga ao muíño. Investiu o que tiña para montar unha papelería. / Luísa é moi boa nas negociacións, sabe conterse ou pór toda a carne no espeto segundo conveña.*

non dar puntada sen fío

non dar puntada sen nó

Traballar con proveito. Non facer nada sen asegurarse de que se vai obter un resultado favorable: *Sempre aproveita a ocasión, non dá puntada sen fío. / Ese non dá puntada sen nó, sabe ben o que fai.*

gardar o rego

Realizar disciplinadamente unha tarefa encomendada: *Mentres vivas baixo o mesmo teito ca eles, non che queda outra que gardar o rego e procurar levarvos ben.*

pagar algo a pena

Recompensar unha cousa o traballo que custa facela: *Estudou moito pero pagoulle a pena porque acadou moi boas notas.*

6.6. ESFORZARSE EN BALDE

bater en ferro frío

Facer algo sen ter resultado ningún: *Tantas veces levo batido en ferro frío que xa non o volvo intentar.*

mallar en ferro frío

Intentar convencer a alguén sen éxito: *Botou todo o mes a falar co neto para que se puxese a traballar nos estaleiros, pero foi mallar en ferro frío.*

A orixe dos fraseoloxismos **bater en ferro frío** e **mallar en ferro frío** está na realidade da forxa: soamente se pode traballar co ferro cando se quenta.

ser algo apañar auga nunha peneira

ser algo coller auga nun cesto

ser algo dar golpes ao mar

ser algo como arar no mar

ser algo como escribir no aire

Ser unha actividade inútil, un obxectivo imposible: *Antía é unha fan exaltada, compra todas as revistas e escribelle cartas en inglés*

a ese pailán cando calquera sabe que iso é coller auga nun cesto, e que se chegan algures será á discográfica.

ser algo botarlle millo aos paxaros

Ser unha actividade da que non se tira ningún proveito: *De veras, improvisar unhas prácticas co teu irmán antes do exame práctico de conducir foi botarlle millo aos paxaros: por riba de temer a multa, non mellorou nada!*

caer algo en saco roto

Non ser recordado e aproveitado, non ser tido en conta: *Non lle deas máis consellos a Eladio, que pensa que do mar xa o sabe todo, e canto lle digas vai caer en saco roto.*

quedar algo en auga de bacallau

quedar algo en auga de castañas

Quedar en nada, non ter importancia, non ter un resultado útil: *Ao final a discusión quedou en auga de bacallau. / Esquece o asunto, que vai quedar en auga de castañas.*

6.7. NON ESFORZARSE

durmirse nas pallas

Descoidarse no que require actividade, non estar vixiante e desaproveitar a ocasión; non esforzarse: *Carme ten dúas semanas para sacar o carné de conducir. Non se pode durmir nas pallas!*

[Confrontar **ficar a durmir nas pallas** § 1.15.

DURMIR / NON DURMIR]

estar de brazos cruzados

Estar ou quedar sen facer nada, con actitude de indiferenza ante unha situación: *Alí había catro obreiros, pero non facían nada, estaban de brazos cruzados.*

non dar golpe

non dar pancada

non mover unha palla

Non traballar, non facer nada, estar sempre folgando: *Hoxe tivo tantas visitas que non deu golpe. / Ese rapaz está cos videoxogos todo o día e non dá pancada. / Ai o tes! Non move unha palla.*

A **panca** é a barra que serve para accionar un mecanismo. A **pancada** é o golpe dado coa panca e, por extensión, o dado coa man, co pé ou con calquera obxecto.

ter mala angueira

Traballar pouco: *É un nugallán, ten mala angueira.*

A **angueira** é o quefacer, a tarefa ou actividade que realiza ou debe realizar unha persoa.

facerlles rabos ás culleres

Facer que se traballa: *Non te podes fiar dos rapaces de Antonio, que son moi dados a facerlles rabos ás culleres: onte pasaron toda a tarde para modelar unha figuriña de nada.*

6.8. ÉXITO

caer de pé (coma o gato / o galo)

nacer de pé

nacer en domingo

Ter moi boa sorte: *Caíches de pé, todos suspenderon menos ti. / Parece que naciches de pé, sempre che asignan os traballos máis doados. / Carlos, sempre che sae ben todo, vese que naciches en domingo!*

ter madeira

Ter unha aptitude natural para algo: *Sempre dixeron del que tiña madeira de artista.*

ter (boa) man

Ter habilidade para unha determinada actividade, ser mañoso para algo: *Ten moi boa man para a cociña.*

ter (bo) ollo

Ter bo tino para as cousas, acertar: *O teu pai ten bo ollo co peixe, por iso queremos que vaia mercalo el.*

matar dous paxaros dun tiro

Conseguir dous obxectivos cunha soa acción: *Non, non penso ir ao caixeiro pola mañá, á tardiña vou achegarme a unha presentación e xa o farei de camiño, así mato dous paxaros dun tiro.*

O fraseoloxismo **matar dous paxaros dun tiro** pode estar relacionado cun antigo sistema de caza de pichóns que consistía en reutilizar un balín para capturar un segundo paxaro.

facer carreira

Ter sorte, prosperar, ascender, acadar unha posición de prestixio nunha profesión ou actividade: *Axiña fixo carreira como avogada.*

saír do túnel

Superar un período difícil: *Pese a todos os problemas logrou saír do túnel.*

ser algo chegar e encher

Lograr algo sen apenas esforzo, ter éxito no que se pretende nada máis intentalo: *O seu foi chegar e encher: a primeira xeira na revista e xa consegue unha primicia.*

ir a vento en popa

Ir ben, ir estupendamente, de maneira próspera, sen atrancos, sen dificultades: *Moi ben lle van as cousas a Pedro desde que cambiou de patrón, parece que todo lle vai a vento en popa.*

ir a auga ao rego**vir a auga ao rego**

Acontecer as cousas de forma favorable: *Ana comezou o ano con moi malas noticias, pero desde que atopou traballo e o apoio de novas compañeiras, foi vindo a auga ao rego.*

6.9. FRACASO**empezar a casa polo tellado**

Facer algo seguindo unha orde inversa á que se consideraría natural, equivocarse: *Se insistes en chegar ás conclusións antes de ter todos os datos, vas empezar a casa polo tellado.*

pór o carro diante dos bois

Facer as cousas ao revés, precipitándose, adiantándose aos acontecementos: *Falar dos pactos antes das eleccións paréceme poñer o carro diante dos bois.*

vender o peixe antes de pescalo

Facerse ilusións con algo antes de tempo: *Deixa de pensar no que vas mercar co que aínda non gañaches, Tomé. Ti vendes o peixe antes de pescalo, e así che vai a vida.*

botarse atrás

Retirar o que se dixo ou renunciar a unha actitude que se adoptara: *Non o pensou moi ben cando tomou a decisión e logo tivo que botarse atrás.*

botar pola borda**tirar pola borda**

Botar a perder algo que custou traballo conseguir: *Ante a primeira crítica, non podes tirar pola borda unha análise que tanto che custou elaborar.*

botar por terra**tirar por terra**

Arruinar unha idea, un proxecto etc. frustrándoo, invalidándoo: *Aínda que traballou incansablemente nese proxecto, acabaron botándollo por terra. / A idea non prosperou, tiráronlla por terra.*

caerlle o pelo a alguén

Recibir un castigo ou reprimenda por algo que esa persoa fixo mal: *Vaiche caer o pelo por chegares tan tarde.*

[Consultar § 7.11. RECRIMINAR]

non levantar cabeza

Non darse recuperado dunha situación negativa ou dun transo difícil: *Comezaron a irlle as cousas mal e xa non levantou cabeza.*

pedir papas

Darse por vencido nun xogo ou competición: *Pides papas ou seguimos xogando?*

tirar a toalla

Renderse, darse por vencido: *Ante o perigo non tardou en tirar a toalla.*

O fraseoloxismo **tirar a toalla** procede do mundo do boxeo. Cando un dos preparadores ve que o seu boxeador está case derrotado, guinda a toalla ao centro do cuadrilátero en sinal de abandono, e o púxil xa non remata a pelexa.

marchar co rabo entre as pernas

Fracasar en algo. Acabar unha actividade sen lograr proveito e marchar esa persoa avergoñada, burlada, humillada: *Moitos viñeron pescar por aquí, pero marcharon co rabo entre as pernas.*

[Consultar **marchar co rabo entre as pernas** § 4.4. REXEITAMENTO]

ir a pique

1 Afundirse unha embarcación: *O barco foi a pique porque non resistiu o temporal.*

2 Malograrse, frustrarse, fracasar, estragarse unha empresa, un negocio, ir á creba: *O André foi a pique no negocio que puxo en terra e agora volveu enrolarse con Vicente.*

ir á deriva

1 Desviarse da dirección que debe seguirse, ir sen rumbo, sen norte, ir a mercé das circunstancias: *O barco, sen temón, ía á deriva.*

2 Fracasar, ir á ruína por estar a mercé das circunstancias, sen goberno ou sen control: *É un perdedor que vai á deriva pola vida.*

perder o norte

[Consultar **perder o norte** § 3.20. FANTASÍA]

estalar unha castaña na boca

estalar unha castaña nos dentes

Levar unha decepción; xurdir un contratempo inesperado: *Cando crían que o novo modelo reunía todos os requisitos para ser o coche do ano, estaloulles unha castaña na boca por un problema no carburador. / Ia demasiado*

seguro ao exame de Matemáticas e ao final estaloulle unha castaña nos dentes.

saír a galiña choca

Saír algo mal, ter un mal resultado: *Confiaba moito en ter uns días libres para viaxar ao estranxeiro pero saíulle a galiña choca porque precisamente agora hai moito traballo na empresa.*

A **galiña choca** é a que está en período de incubar, entón non pon ovos nin se pode matar.

[Consultar § 8.7. ARRUINARSE]

→ Refráns

A quen madruga, Deus o axuda

Levantarse cedo sempre trae proveito porque ese sacrificio conta cunha recompensa divina: *A xente do rural galego comeza a xornada ao pouco de sentir os quiquiriquís do galo. O dito a quen madruga, Deus o axuda aínda ten vixencia entre os nosos maiores.*

Cada pau que aguante a súa vela

Cada persoa ten as súas responsabilidades e debe responder por elas sen esquivalas: *Con certo disimulo, Rafa intentou cargarme tamén coa revisión do seu proxecto. Obviamente, negueime... só me faltaba iso! Cada pau que aguante a súa vela!*

Canta máis présa, máis devagar

As présas non son boas porque no canto de aforrar tempo, poden complicar máis as cousas, por iso é mellor facer todo co tempo e coidado que precisa: *Unha das probas de habilidade do certame era solucionar un crebacabezas, por iso o obriguei a tomar unhas tilas e respirar profundo. Para esas cousas, canta máis présa máis devagar.*

Con pan e viño ándase o camiño

É importante coidar os aspectos de avituallamento para poder facer o traballo nas mellores condicións: *Programaron unha ruta de sendeirismo polo Monte Pindo para este sábado, e prometínlles pasar eu polo supermercado. Xa sabes, con pan e viño ándase o camiño.*

Mariñeiro que dorme, peixes non colle

Para conseguir as cousas hai que espelirse: *Ao meu ver, para preparar ben as probas de acceso o primeiro que debes cumprir é un horario, e un horario que comece cedo! Xa se sabe, mariñeiro que dorme, peixes non colle!*

Non hai atallo sen traballo

O que semella ser máis curto e rápido tamén implica esforzo. Non hai que deixarse enganar pola aparencia: *Os de 5º B estaban tolos de alegría porque trazaran un plan para botarlle un ollo ao exame do día seguinte. Pero non hai atallo sen traballo, e ao final case lles custou o mesmo conseguir o exame que preparalo.*

Nunca choveu que non escampase

As desgrazas non duran eternamente, do mesmo xeito que despois da choiva vén a escampada: *Logo de arderlles parte da casa da aldea coa vaga de incendios do pasado ano quedaron afundidos... pero o remonte das vendas na queixaría parece que os está animando. Nunca choveu que non escampase!*

O que non chora non mama

Se un nada pide, nada lle dan: *Logo de moito insistiren os investigadores, o Departamento de Bioloxía Molecular mercou material do trínque... está claro que o que non chora non mama.*

Se unha porta se cerra, cen se abren

A vida ofrece múltiples posibilidades e despois de algo adverso sempre hai esperanza: *Non imaxinas como estaba o meu irmán cando o deixou a moza. Apunteino a mil actividades, fixeno saír da casa e díxenlle, xa imaxinas, que se unha porta se cerra, cen se abren.*

Traballo feito non mete apuro

Cómpre facer as cousas hoxe e non deixalas para mañá: *Ana leva as lecturas e os traballos ao día desde o inicio do curso, sempre di que traballo feito non mete apuro.*

Un gran non enche celeiro, pero axuda ao compañeiro

Unha contribución pequena non resolve unha situación completamente, pero fai máis doada

a situación doutra persoa: *Xa sabemos que o banco de alimentos non resolve o problema das familias sen recursos, pero as pequenas contribucións cidadás son moi importantes. Non esquezamos que un gran non enche celeiro, pero axuda ao compañeiro.*

O celeiro é o sitio ou local onde se garda a gra.

Unha man lava a outra e as dúas lavan a cara

É importante a colaboración pequena porque ao final acádanse empresas maiores: *Na casa andamos todos moi ocupados e temos que repartir ben as tarefas, porque xa se sabe que unha man lava a outra e as dúas lavan a cara.*

Unidade 7. Comunicación e conversa

Na comunidade de veciños de Rosa teñen que recortar gastos. Le esta conversa que acontece durante a xunta anual de propietarios. Repara nos fraseoloxismos empregados.

— (...)

ROSA. —Podedes **darlle á trécola**¹ o que queirades, pero para min o asunto principal na orde do día é o da limpeza. Non penso **dicir amén**² a manter esas cotas mensuais astronómicas! Con estes langráns da axencia de limpeza caín na conta de que bastante limpaba Herminio...

ABEL. —Pero Rosa, imos ver... primeiro, **poñiades a pan pedir**³ a Herminio dicindo que tanto tiña telo coma non, agora **botádeslle flores**⁴ porque vos doe pagarlle o dobre á axencia. Calquera diría que só queredes **levar a contra**⁵!

ROSA. —Non creo que ti poidas **botárnolo na cara**⁶, cando fuches o primeiro en **cantarlle as corenta**⁷ a el cando tiveches ocasión...

ABEL. —E fixen ben! No inverno botabamos días co portal enlamado!

ROSA. —E agora non?

ABEL. —Pero non **mestures allos con bugallos**⁸. Se algo teño claro, é que eu **non vou dar o meu brazo a torcer**⁹: temos unha derrama que amañar, e se hai que recortar gastos, que sexa de aí!

ROSA. —E logo vas limpar ti? Rapaz, apunta aí: Limpeza, Rosa Lamela, do 4º B. Isto é moito, eh... O que non se pode permitir é que quen **cala coma un peto**¹⁰ reunión tras reunión logo se queixe!

ABEL. —Como tampouco se pode permitir que os que **falan sen ton nin son**¹¹ se crean os donos do edificio! Non me **tiros da lingua**¹², que aínda lembramos aquela época en que alguén debía mensualidades durante anos...

SARA. —Rosa, ti tamén... Non vaiades ao persoal, centrémonos. O que cómpre aquí é menos **falar por falar**¹³ e máis sentidiño... Éche ben certo, **garda o bico e terás paz**¹⁴.

¹ falar moito.

⁵ estar en desacordo.

⁹ non vou ceder.

¹² fagas falar.

² dar a miña aprobación.

⁶ reprochárnolo.

¹⁰ non di absolutamente

¹³ barallar, esbardallar.

³ criticabades.

⁷ reprendelo.

nada.

¹⁴ cala e terás tranquilidade.

⁴ eloxiádelo.

⁸ confundas as cousas.

¹¹ esbardallan.

Exercicio 7.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.

1. As persoas que falan están de acordo.

☐

2. Nesta conversa falan principalmente da limpeza das zonas comúns do edificio.

☐

3. O pai do rapaz ten 24 anos.

☐

Na cultura galega a discreción é polo xeral preferida socialmente á comunicación espontánea. Mesmo así, hai fraseoloxismos abondo para **falar moito** ou **falar pouco** e para **louvar** e **criticar** a alguén.

Exercicio 7.2. Repara nestas listaxes de fraseoloxismos e asígnalles o tema que corresponder a cada grupo.

FALAR	FALAR SEN SABER	CALAR
FALAR CLARAMENTE	NON FALAR CLARAMENTE	
FALAR MOITO	FALAR POUCO	

1. ...**CALAR**...

botar **terra**
 calar coma un **peto**
 comer a **lingua** o **gato**
 morder a **lingua**
 non soltar un **can**
 quedar en **branco**
 tapar a **boca**

3.

falar **catro palabras** contadas
 falar **miudiño**
 ser de **poucas palabras**

5.

ir ao **conto**
 non ter a **lingua** trabada
 non ter **papas** na **boca**
 falar coma un **libro** (aberto)
 ter o **don** da **palabra**

7.

ser un **tarabelo**
 botar a **lingua** a pacer
 falar por **falar**
 falar por **non estar calado**

2.

ter na **punta** da **lingua**
 abrir a **boca**
 arranxar o **mundo**
 dar **trela**
 darlle á **palleta**
 dicir coa **boca pequena**
 estar de **parola**
 espallar aos catro **ventos**
 falar para as **paredes**
 quebrar o **xeo**
 tirar da **lingua**

4.

darlle á **trécola**
 falar os **sete falares**
 falar polas **orellas**
 repetir coma un **papagaio**

6.

andar con **voltas**
 falar entre **dentes**
 mesturar **allos** con **bugallos**
 falar dos **biosbardos**
 falar sen **ton** nin **son**

Exercicio 7.3. Estas outras listaxes de fraseoloxismos tamén fan referencia a **falar** con algunha **intención**. Escribe o nome ao que pertence cada grupo.

LOUVAR	RECRIMINAR
REXOUBAR e CRITICAR	BLASFEMAR
ESTAR DE ACORDO	ESTAR EN DESACORDO

8. dicir amén	9. levar a contra non dar o seu brazo a torcer
10. botar flores pór nun pedestal pór polas nubes	11. apertar as caravillas botar na cara botar o can caer o pelo cantar as corenta facer un traxe (á medida) levar nas orellas
12. andar na boca da xente arrastrar pola lama lavar a roupa pór a pan pedir ter lingua (de víbora) viperina	13. botar sapos e cóbregas (pola boca) botar veleno pola boca

i O fraseoloxismo **lavar a roupa** para se referir a rexoubar (falar dos outros, criticar) ten a súa orixe no feito de que as mulleres, cando ían aos lavadoiros comunais das vilas e aldeas, aproveitaban as longas horas do duro traballo para falaren das vidas, propias e alleas.



botar sapos e cóbregas (pola boca)



facerlle un traxe (á medida) a alguén

Exercicio 7.4. Relaciona as seguintes palabras en destaque co seu significado literal.

- | | |
|---|---|
| 1. <i>Uxía tivo unha caída cos patíns e partiu o cóbado. Vaise ter que operar en novembro.</i> | A. De tamaño moi pequeno. |
| 2. <i>Eu son da montaña, por iso sempre me pareceu tan engaiolante o son do mar.</i> | B. Da cor da neve ou do leite. |
| 3. <i>Os gatiños, ao naceren, teñen os ollos miudiños.</i> | C. Pecho que consiste nun gancho metálico que encaixa nunha argola ou nunha peza de madeira. |
| 4. <i>O branco está na moda, só que se mancha facilmente e pasamos a vida a lavar.</i> | D. Sensación percibida a través do ouvido. |
| 5. <i>Puxo unha trécola na leira de millo para escorrentar os paxaros.</i> | E. Parte do corpo que liga o brazo e o antebrazo. |
| 6. <i>Temos que amañar a caravilla da cancela porque non abre ben.</i> | F. Instrumento feito de táboas e outros materiais que ao ser movido polo vento ou accionado por algún mecanismo, fai ruído. |

Exercicio 7.5. Relaciona para formares fraseoloxismos.

- | | |
|------------|---------------------------|
| 1. apertar | ao conto |
| 2. dicir | as caravillas |
| 3. repetir | o xeo |
| 4. ir | coma un papagaio |
| 5. quebrar | amén |
| 6. ter | na punta da lingua |



ter algo na punta da lingua

Exercicio 7.6. Para nos referirmos a **calar** ou non falar, aludimos a miúdo a elementos pechados, baleiros, mortos. Relaciona.

1. calar	en branco
2. quedar	coma un peto
3. comerlle	a lingua o gato
4. calar	coma un afogado
5. coserlle	prenda
6. botar	terra a algo
7. non soltar	a boca a alguén

Exercicio 7.7. Nos fraseoloxismos relativos ao falar e conversar, **lingua**, **boca** e **palabra** son os elementos máis empregados. Relaciona estes exemplos co seu significado.

- | | |
|--|---|
| 1. Sempre dá malas contestacións a todo o mundo, ten moita lingua . | |
| 2. Os xornalistas están a tirarlle da lingua ao adestrador do equipo nacional pero el non di quen xogará no seguinte partido. | A. reprimen as ganas de falar |
| 3. Hai políticos que non morden a lingua á hora de descualificar os seus adversarios no terreo persoal. | B. marchar e non escoitar o que di |
| 4. Contoulles toda a verdade do asunto e tapoulles a boca para sempre. | C. incítalo a que fale |
| 5. É de moi mala educación deixar coa palabra na boca a unha persoa . | D. replica de maos modos |
| 6. É unha persoa moi sensible: cando vaias falar con ela, tes que medir as palabras . | E. falar con prudencia |
| 7. No xogo das adiviñas os rapaces tiran a palabra da boca uns aos outros e non hai maneira de saber quen é o gañador. | F. fixoos calar |
| 8. Un dos tertulianos cortoume a palabra e esquecín o que quería dicir. | G. adiántanse a dicir o que ían dicir os outros |
| 9. A conselleira ten unha personalidade moi forte e sempre di a última palabra . | H. ter habilidade para falar ben |
| 10. No exercicio dos discursos políticos hai que ter o don da palabra . | I. interrompeume |
| | L. dá por terminada a discusión |

Exercicio 7.8. Identifica as seguintes secuencias co fraseoloxismo que mellor recolle o seu significado.

- | | |
|--|----------------------------------|
| 1. Cando se xuntan Mabel e Ildu podes esquecer os plans. Comezan a falar e non paran máis. | |
| 2. Hai persoas que nos exames orais non conseguen dominar os nervios e mesmo sabendo o temario non din nada. | A. Falan polas orellas. |
| 3. Eu non soporto a xente tüzara que case non fala nin é capaz de se comunicar. | B. Fala catro palabras contadas. |
| 4. Sabela é tan tímida que cando está entre descoñecidos fala baixiño e moi pouco. | C. Quedan en branco. |
| 5. Nese programa de radio sempre están os mesmos comentaristas a falar de todo: o desemprego, o ciclismo, a crise do euro, o conflito no Kurdistan... Uns días din unha cousa e outros días a contraria. | D. Falar sen ton nin son. |
| | E. Fala miudiño. |

Exercicio 7.9. Podemos **falar moito**, **falar pouco** ou **falar sen saber**. Todas esas actitudes percíbense dun xeito máis positivo ou negativo segundo o contexto. De seguido, relaciona cada un dos fraseoloxismos co significado equivalente.

- | | |
|-------------------------------|--|
| 1. falar polos cóbados | A. Falar de maneira agresiva e moi tensa contra alguén. |
| 2. botar o can | B. Falar moito e facer pouco ou nada. |
| 3. saltar de allos a cebolas | C. Falar de cousas diferentes, inconexas e sen relación. |
| 4. tratar de ti (a ti) | D. Falar moito, sen parar. |
| 5. falar coma un libro aberto | E. Falar sobre un determinado tema con gran coñecemento e sabedoría. |
| 6. ir a forza pola boca | F. Falar con absoluta confianza con alguén. |

botarlle flores a alguén



Exercicio 7.10. Subliña o fraseoloxismo que mellor se adecúe aos seguintes temas.

1. ESTAR DE ACORDO

- a) dicir amén
- b) pór polas nubes
- c) pór verde

2. LOUVAR

- a) espallar aos catro ventos
- b) pór nun pedestal
- c) facer un traxe á medida

3. ESTAR EN DESACORDO

- a) falar polos cóbados
- b) non dar o brazo a torcer
- c) falar os sete falares

4. RECRIMINAR

- a) botar flores a alguén
- b) dicir amén
- c) ir falar de merda o máis cagado

5. REXOUBAR

- a) levar nas orellas
- b) lavar a roupa
- c) dicir coa boca chea

Exercicio 7.11. Elix a opción correcta.

1. Hoxe, este concorrido paseo xa non se leva, pero os habitantes de Vilanova aínda seguen frecuentando a novena da Santa considerando a romaría do Cristal como unha gran romaría á que eles nunca deixan de faltar. Aínda hoxe ós homes do pobo lles queda o costume de se xuntaren os domingos e festivos na praza e pórse de _____ á hora de xantar. José Antonio Fidalgo Santamariña. *Colectivos artesanos. Para unha etnografía dos portadores tradicionais*
 a) parola b) gaita c) cóbado d) víbora
2. O garda, lonxe de darse a coñecer e comprendendo as intencións de Amancio, porque sabía do xuramento que fixeran os tres irmáns, correu meterllo todo no _____ a Laureano Fariña, que acudiu con moita xente armada. Xesús Manuel Valcárcel, *Os ollos da sentinela*
 a) xeo b) cu c) peto d) tarabelo
3. E, só despois dalgúns segundos de silencio, con aire reflexivo, permitírase agregar - O que me parece a min é que ti estás a _____. Non era iso o que estábamos precisamente a discutir... Falabamos doutra cousa. Anxo A. Rei Ballesteros, *Loaira*
 a) falar polos cóbados b) ter na punta da lingua c) misturar allos con bugallos
4. E todo ese tempo, xa no cuarto, xa na cantina, xa sentado nun escano diante da porta á raxeira, calei _____, lembrei desoladamente á miña mai e as mans coma pegadas de Helena Rouco, e os seus ollos que por uns intres me miraran, nada novo coñecín sobre o segredo de Lázaro Rivadulla, a penas vin a Xudas nun par de ocasións, e unha noite souben que íamos cometer outro roubo e que a miña participación era imprescindible. Xosé Miranda, *Morning Star*
 a) coma un peto b) polas nubes c) cunha porta d) coa lingua
5. En xeral, só persoas de bastante confianza, abondo discretas ou non tan curiosas como para se decataren dun segredo que non conviña que andase por aí, pregoado _____. Amais, se cadra non tiñan interese abondo, ou relacións concretas, como para que a súa información suscitase entusiasmo en ninguén. Carlos Arias, *O libro das capitulacións*
 a) á trécola b) ás papas c) ao biosbardos d) aos catro ventos

PROFESOR. —Que elemento ten como símbolo **As**?

ALUMNO. —Hum... Téño na punta da lingua.

PROFESOR. —Pois cúspao enseguida, que é arsénico.

Xesús Ferro Ruibal

Exercicio 7.12. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Alguén que queda en branco é unha persoa ignorante. ☐
2. Cando as persoas están de parola, están a falar amigablemente. ☐
3. Tirámoslle da lingua ás persoas que falan moito, para que calen dunha vez. ☐
4. Dicimos que falamos cunha porta, cando estamos a falar con alguén que non nos atende ou non nos fai caso. ☐
5. Dise que alguén bota a lingua a pacer cando fala con contención e moderación, sabendo do que fala. ☐
6. Dise que unha persoa fala dos biosbardos cando está a dicir cousas que non teñen relación coa conversa que se está a manter. ☐
7. Alguén que bota veneno pola boca, é unha persoa que critica con violencia e con ánimo ofensivo. ☐
8. Arrastramos pola lama a alguén cando o criticamos e ofendemos coas nosas palabras. ☐
9. Pomos polas nubes a alguén cando o louvamos e dicimos cousas positivas desa persoa. ☐
10. Cando non concordamos coas opinións de alguén, dicimos amén. ☐

*pór polas nubes a alguén
pór polas alturas a alguén*



Exercicio 7.13. Este é o comezo da historia de Xan Lamas, orixinalmente, un romance galego recollido por escrito en 1901 por Farruco Porto Rei. Ordena o resto das estrofas para poderes ler ben o texto.

Era Xan Lamas un home
que traballando gañaba
dez reais inda non xustos
de xornal cada semana.
E con eles o pobre tiña
que manterse, pagar casa,
dar de comer a seis fillos
pequerrechos coma ratas,
ir ao valume para a corte,
mercar herba para as vacas,
pagar parteira, menciñas,
trabucos e demais gangas,
que nas chozas dos labregos
dabondo as hai por desgraza.

- A. E o día que estreou todo
saíu foncho pola praza
e asustado oíu que a xente
medio pasmada falaba:
«Xan volveuse un señorito...!
De onde lle virá o que gasta?».
Naquel entón o Xan falando
para o seu chaleque, pensaba:
«Quen atallar esa lingua
da crítica condenada puidera?
Quen será o vivo
que por ser de mellor casta,
non ande en boca desa xente
sen corazón nin entrañas?

- B. E en fin a xente é un rodicio
que mal raio me non parta
se hai mecánico no mundo
que entenda a súa maquinaria.
Farei o que me conveña,
e o que a conciencia me manda.
Beberei se teño sede,
falarei se teño gañas,
que ao fin e ao cabo a esa xente
non lle pedín nunca nada».

- C. Ía Xan para a misa un día,
coa súa monteira furada,
remendada chaquetiña,
malas e vellas polainas,
calzóns de estopa que un século
facía que non se usaran,
e uns zocos tan rachadiños
que unhas cribas semellaban,
cando sentiu que ao seu lado
toda a xente murmuraba:
«Que de mal xeito anda o pobre!
Onde meterá o que gaña?».

- D. Traballou coma un negriño
e aforrou con ansia tanta
que ao cabo de catro meses
puido xuntar unhas brancas
e con elas mercar uns zocos,
uns calzóns e unhas polainas.

E. Se un toma un vaso, é un borracho;
se non o toma, é unha mandria;
se vai á misa, é un beato;
se un non vai, ateo lle chaman;
se andas ben, porque andas ben;
se andas mal, porque mal andas.
Falas ás mozas, moceiro;
soberbio, se non lles falas;
se traballas, usureiro;
folgazán, se non traballas.


F. Oíu a misa calado,
de xeonllos cal Deus manda,
saíu da igrexa e pensando
no que da xente escoitara,
porque a xente non o vira,
fuxiu á présa para a casa.
E Xan, dende entón ergueuse
antes que o sol despuntara.

Farruco Porto Rei, *Papel e tinta* (adaptado)

Exercicio 7.14. Indica cal destes fraseoloxismos resume mellor o texto anterior e coméntao.

- | | |
|---------------------------|--------------------------------|
| 1. botar o can | 4. tirarlle da lingua a alguén |
| 2. levar a contra | 5. pór polas nubes |
| 3. andar na boca da xente | 6. ser un tarabelo |

botarlle o can a alguén



Observa como o fraseoloxismo **quebrar o xeo** / **romper o xeo** mantén a mesma imaxe no seu equivalente nas diferentes linguas.

quebrar o xeo
romper o xeo
(galego)

trencar el gel (catalán)

romper el hielo (español)

briser la glace (francés)

rompere el ghiaccio (italiano)

quebrar o gelo (portugués)

izotzaldia urtu (éuscaro)
converter a xeadá en auga

das Eis brechen (alemán)

break the ice (inglés)

Exercicio 7.15. Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

Exercicio 7.16. Engade estes remates aos seguintes **refróns** sobre a **comunicación** e a **conversa**.

moi bo curral

pola boca

e serás alguén

non ten cancelas

vai un grande eito

1. O falar

2. A lingua ten

3. Do dito ao feito

4. Fala pouco e ben

5. O peixe morre

Quen ten lingua vai a Roma



Exercicio 7.17. Os refráns fixan relacións de elementos que hoxe poden semellar arbitrarios. Así dicimos **Quen ten lingua vai a Roma**, porque Roma é unha das cidades con maior importancia na historia e centro espiritual do catolicismo, e non empregamos os nomes doutras cidades. A seguir escolle a frase que completa os seguintes refráns.

1. Quen ten lingua	a) vai a Compostela. b) vai a Fátima. c) vai a Roma.
2. Quen moito fala,	a) moito cansa. b) pouco dorme. c) moito erra.
3. Cada un fala da feira	a) segundo o que comprou. b) segundo lle foi nela. c) segundo o que vendeu.
4. Cada un raña	a) onde lle proe. b) onde lle peta. c) onde ten erupcións cutáneas.
5. A bo entendedor,	a) bótate a falar. b) curto falador. c) fala moito.



O peixe morre pola boca

Exercicio 7.18. Máis dunha vez escoitamos que **O peixe morre pola boca**. A capacidade de gardar segredos ou simplemente información é moi valorada culturalmente, por iso moitos refráns fan referencia á discreción. Relaciona ata formares os refráns correctamente.

1. Da boca pechada	non saen parvadas.
2. Garda o bico	pola boca.
3. Palabra por dicir	e terás paz.
4. Falar é prata,	moi bo curral.
5. A lingua ten	non ten chata.
6. O peixe morre	calar é ouro.

Exercicio 7.19. Emprega o refrán que mellor se acomode ás seguintes situacións.

O falar non ten cancelas

Do dito ao feito, vai un grande eito

Cada un fala da feira segundo lle foi nela

Quen ten lingua vai a Roma

A bo entendedor, curto falador

1. Non che vou dicir nada que ti non intuíses. Desde hai uns meses eu e a miña moza non estamos ben. Xa sabes, _____.
2. Antón díxome que o pasou moi ben na festa e Ana que foi unha festa aburridísima. Xa o di o refrán, _____.
3. Non sabes onde é a festa? _____, así que pregunta e xa verás como has de chegar!
4. O alcalde prometeu durante a campaña electoral sumidoiro para todas as parroquias do concello. Pasou toda a lexislatura e non cumpriu o prometido. Xa se sabe, _____.
5. Sara, a compañeira de Lía, comezou a esbardallar e a falar de cousas que non sabía. Xa di o outro que _____.

① Ovella que berra, bocado que perde

Este refrán emprégase moi frecuentemente cando hai xente á mesa que fala moito e non come. Se lle damos á lingua, non aproveitamos ben a comida. Por extensión, por falar demasiado pérdense ocasións beneficiosas. Hai que atender ao importante e non se distraer a falar.

Exercicio 7.20. Observa os equivalentes deste refrán noutras linguas. Aparece a súa tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Comenta cos compañeiros.

***Ovella que berra,
bocado que perde***
(galego)

Ovella que bela, perd boci (catalán)

Ovella que bala, perde un anaco

Oveja que bala, bocado que pierde (español)

Brebis qui bêle, perd sa goulée (francés)

Pecora che bela, perde il boccone (italiano)

Ovelha que berra, bocado que perde (portugués)

Beleak ez balu egiten karrakarik, hilikia beretako luke osorik (éuscaro)

Se o corvo non grallase, tería toda a prea para si

Wenn die Schäfe blöcken, fällt ihnen das Futter aus dem Maule (alemán)

Cando bean as ovellas, cáelles o penso do fociño

A bleating sheep loses a bite (inglés)

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, *O bichero*



Luis Davila, "Murmuradoras"

Escena 1: Repara na primeira imaxe, que fraseoloxismos podemos empregar? Pensas que o polbo ha de falar ben da feira? Por que?

Escena 2: Na segunda imaxe temos dúas vellas a rexoubar. Que fraseoloxismos podemos empregar nesta situación? Cres que somos xulgados polo estilo da roupa, do gosto musical, da estética? Coméntao.

→ Para falar...

1. Nas conversas cos amigos, **es de poucas palabras** ou gústache **darlle á trécola**? Coméntao.
2. En que situacións **vas ao conto**? En cales **misturas allos con bugallos**? Por que?
3. Todos coñecemos xente que **non ten papas na boca**. Coñeces algunha? Describe o seu comportamento nalgunha situación concreta.
4. Hai momentos nos que **dicimos amén** ou **levamos a contra**. Lembras algunha situación na que **non deas o brazo a torcer**? Que postura adoitas ter ti? Por que?
5. Cando cometemos erros, temos que saber afrontar as consecuencias. **Apertáronche as caravillas algunha vez**? Conta que pasou.

→ Sabías que...?**ser unha porta faxeira**

O estudoso e grande lexicógrafo Eladio Rodríguez González recolle no seu xa mítico *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* este fraseoloxismo, para se referir a unha persoa que non consegue gardar un segredo. O fraseoloxismo ten a súa orixe no feito de que a Porta Faxeira, unha das portas de entrada á antiga cidade de Santiago de Compostela, era un espazo público e moi concorrido, como aínda o é hoxe, onde a xente paraba a darlle á lingua, a dar trela.

Ao mesmo tempo, este fraseoloxismo reflicte o ritmo e o feitío desta parte da cidade, pois non se recollen mostras lingüísticas fixadas das tamén compostelás Porta do Camiño, Porta de Mazarelos ou Porta da Pena. Podemos concluír que a Porta Faxeira era a máis concorrida, máis se temos en consideración que é a que liga a zona vella coa Alameda. Polo que o movemento de mozos e mozas á procura de ollares pícaros debía dar para moita fala.

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→ Fraseoloxismos

7.1. CALAR

botarlle terra a algo

Facer que non se fale máis dun asunto, esquecelo intencionadamente, facer que sexa ignorado: *Houbo épocas nas que algúns dirixentes políticos querían botarlle terra ao asunto dos presos políticos.*

calar a boca

1 Non falar dun asunto, non mencionalo: *Se non queredes que se saiba nada do tema é mellor calarmos a boca.*

2 Deixar de falar: *Calade a boca un pouco, por favor.*

calar coma un afogado

calar coma un peto

calar coma un rato

Calar. Non dicir absolutamente nada, non falar dun determinado tema: *María calou coma un peto e non lle dixo a ninguén onde tiña os cartos.*

non soltar un can

non soltar prenda

Non dicir, non revelar un segredo ou algo comprometedor: *Eu penso que os meus amigos me están a organizar unha festa sorpresa polo meu dezaioito aniversario, pero non soltan prenda. Non sei nadiña.*

comerlle a lingua o gato a alguén

Calar. Permanecer calado. Non falar por vergoña. Non querer falar: *Non me dis como te chamas, meniña? Seica che comeu a lingua o gato?*

coserlle a boca a alguén

1 Obrigar a calar a esa persoa: *Angustias segue a falar das intimidades da súa familia e os seus irmáns vanlle coser a boca cando comecen a dicir cousas da súa atolada xuventude.*

2 Non falar: *A Xoana parece que lle coseron a boca, nunca máis falou do seu ex-mozo.*

entrar mudo e saír calado

Non falar absolutamente nada nun convivio social: *O marido da Marta é un tizaro, veu á voda, entrou mudo e saíu calado.*

morder a lingua

Conterse e gardar as ganas de falar. Reprimirse para non dicir algo: *Tivo que morder a lingua para non lle chamar a atención diante da súa moza.*

quedar en branco

Non poder falar por esquecer momentaneamente algo que se sabe, calar: *Estudei toda a noite, cheguei ao exame e quedei en branco. Foi unha pena!*

taparlle a boca a alguén

Facer calar a esa persoa con algún tipo de argumento, ameaza ou intimidación: *Coñezo moi ben o seu pasado e con dúas cousas que lle diga xa lle tapo a boca.*

7.2. FALAR

abrir a boca

Falar: *A Paula cústalle abrir a boca, pero unha vez que a abre xa non a pecha máis.*
[Confrontar § 1.8 BOCEXAR; § 4.7 SORPRESA]

arranxar o mundo

Comentar e falar sobre asuntos xerais, políticos, sociais etc. co obxectivo de arranxalos sen ir alén da conversa: *Veña, deixádevos de lerias: estades aí a arranxar o mundo e aínda temos moito que facer.*

botar a lingua a pacer

[Consultar § 7.7. FALAR SEN SABER]

dar trela / trenla

Dar conversa. Dar confianza a alguén para que fale moito e sen se preocupar: *Este manual de fraseoloxía que estás a ler foi pensado para dar trela nas aulas e fóra delas.*

darlle á lingua

Falar de máis ou con pouco tino, latricar: *Para de darlle á lingua que me fas doer a cabeza.*

darlle á palleta

Falar amigablemente de temas xeralmente de pouca importancia: *Sempre aproveito a fin de semana para darlle á palleta cos amigos e repasar a semana.*

deixar coa palabra na boca a alguén

Marchar e non escoitar o que esa persoa está dicindo: *Esa recepcionista sempre **me deixa coa palabra na boca**, non a aturo máis.*

estar de parola

Ter unha conversa informal e amigable sobre calquera tema sen transcendencia: *A estes vellos moito lles gusta **estar de parola** á sombra dun carballo.*

meterlle no cu algo a alguén [VULGAR]

Contar algo inmediatamente a esa persoa, de xeito indiscreto: *Ti xa ben sabes que non podes **falar nada con Sabela sobre Xosé**, porque despois xa llo vai **meter no cu**!*

quebrar o xeo**romper o xeo**

Iniciar a comunicación ou o diálogo entre persoas que non se coñecen ou que están nunha situación tensa: *Comezou a **falar na reunión para quebrar o xeo**.*

[airear] aos catro ventos**[espallar] aos catro ventos****[pregoar] aos catro ventos**

Propagar, difundir unha noticia ou un suceso en todas as direccións, en todas as partes, para que sexa coñecida por máis xente: *Aínda que a voda da súa xefa era un segredo, **aireouna aos catro ventos**. / A fichaxe de Neymar polo Coruxo foi **pregoada aos catro ventos** polos medios de comunicación.*

cortarlle a palabra a alguén

Interromper, non deixar falar: *Oe, xa está ben de **cortarme a palabra**! Agora estou falando eu e quero rematar este argumento dunha vez.*

dicir a última palabra

Dar por terminada unha discusión, decidir nunha cuestión: *Túa nai **dixo a última palabra** e non se fale máis do asunto!*

ter a última palabra

Decidir nunha cuestión: *A directora **ten a última palabra** á hora de decidir as estratexias de venda.*

dicir coa boca chea**falar coa boca chea**

Falar unha persoa de maneira convencida e segura, chea de fachenda, de orgullo: *O ministro*

***dixo coa boca chea** que a investigación en medicina deste país era magnífica.*

[dicir] coa boca pequena**[falar] coa boca pequena**

Intervir unha persoa sen se atrever a dicir algo abertamente ou facelo de xeito breve; facelo de mala gana, con pouco afecto, discreción, timidez ou vergoña: *As cousas importantes non se poden **falar coa boca pequena**, hai que afrontalas con decisión.*

falar cunha porta**falar para as paredes**

Falar unha persoa sen ser escoitada, falar en balde: *Eu debo estar a **falar para as paredes**, porque non consigo que ninguén me preste atención.*

medir as palabras

Falar con prudencia e moderación, conterse: *Cando vaías onda el, **mede as palabras**.*

quitarlle a palabra da boca a alguén**sacarlle a palabra da boca** a alguén**tirarlle a palabra da boca** a alguén

Anticiparse e dicir algo que o falante estaba a piques de dicir: *Íao dicir eu, **quitáchesme a palabra da boca**.*

ter algo na punta da lingua

Estar a piques de dicir algo que momentaneamente non se pode recordar: *Agora non me lembro da capital de Irlanda, **téñoa na punta da lingua**... Si, home si, Dublín, non me acordaba.*

tirarlle da lingua a alguén**tirarlle pola lingua** a alguén

Incitar ou obrigar a alguén arteiramente a que diga ou conte algo; provocar para que fale: ***Tíralle da lingua** a ver se che conta o que pasou. / Á voceira do grupo parlamentario sempre lle hai que **tirar pola lingua** para saber a súa opinión sobre os últimos debates políticos.*

tratar de ti (a ti)

Atuar, utilizar o tratamento de familiaridade con alguén, empregar o pronome *ti* (en vez de *vostede*) para referirse ao interlocutor: *Estou moi contenta porque os colegas do novo bufete xa **me tratan de ti**.*

7.3. FALAR POUCO

falar catro palabras contadas

Falar moi pouco: *A verdade é que cando estou con Óscar apenas conseguimos **falar catro palabras contadas**. É moi tímido.*

falar miudiño

Falar moi baixo: *Se seguen a **falar miudiño** non conseguimos decatarnos de nada. Por favor, falen alto.*

ser de poucas palabras

Ser pouco faladora unha persoa: *A súa nora non dixo nada en toda a cea, disque **é de poucas palabras** e abofê que teñen razón.*

7.4. FALAR MOITO

botar a lingua a pacer

[Consultar § 7.7. FALAR SEN SABER]

darlle á trécola

1 Falar de máis, latricar: *Hai moitos homes que gustan de pasar longas horas na taberna **dándolle a trécola**, sen facer máis nada.*

2 Falar moito: *Adoran **darlle á trécola** cando está cos seus amigos e perden a noción do tempo.*

repetir coma un papagaio

Falar moito e sen substancia. Repetir o dito por outros sen entendolo: *Hai moita xente que se limita a **repetir coma un papagaio** os argumentos doutras persoas, sen sequera saber do que fala.*

falar os sete falares**falar polas orellas****falar polos cóbados**

Falar en exceso: *O meu profesor de galego **fala polos cóbados**, comeza a falar e non para.*

irlle a forza pola boca a alguén

Falar moito e facer pouco: *A Rosa **vaille a forza pola boca**, sempre di que é quen de facer o armario con dúas táboas mais nunca se pon.*

ser un laretas

1 Falar moito e sen acougo ou sentido: *Ese home **é un laretas**, fala o día enteiro sobre fútbol e nunca pisou un campo.*

2 Falar de máis sobre todo cando se debe calar; ser unha persoa indiscreta: *Antía **é unha laretas** e por iso ninguén lle conta nada.*

ser un porta faxeira

[Consultar § Sabías que...?]

7.5. FALAR CLARAMENTE

falar coma un libro (aberto)

1 Falar con erudición dun asunto: *Cando Marisa fala sobre fraseoloxía **fala coma un libro**, nótase que é unha experta.*

2 Falar moi ben, correctamente, con elegancia e notoriedade: *Non me estraña nada que che gustase o discurso humanista de Encarnación porque é unha muller que sempre **fala coma un libro**.*

[falar sen] medias palabras

[Falar sen] insinuacións ou expresións confusas ou ambiguas; falar de maneira clara, directa, sen se acovardar: *O voceiro da oposición é unha persoa que **fala sen medias palabras**, non cala nada.*

ir ao conto

Centrarse nun asunto, sen perder o tempo en divagacións: *Xosé Lago, veña, **vaia ao conto**, que non temos todo o día para estar aquí escoitando as súas historias.*

non ter a lingua trabada**non ter lixos na lingua****non ter papas na boca****non ter pelos na lingua**

Falar claramente e sen rodeos, dicir o que se pensa sen ningún reparo, sen pensar nas posibles repercusións: ***Non ten a lingua trabada**, diche o que pensa. / **Non ten lixos na lingua**, diche o que cre aínda que saiba que non che vai parecer ben. / Serxio **non ten papas na boca**, cando expón as súas opinións fala moito e ben. / Os representantes sindicais **non tiveron pelos na lingua** cando reclamaron transparencia nas xestións.*

ter o ás para matar o tres

Ter unha persoa a resposta adecuada, ou pensar que a ten, para saír airosa dunha réplica: *A túa nai sempre **ten o ás para matar o tres**, se lle dis calquera cousa, sempre che sae cun refrán ou cun conto da vella!*

Na baralla para xogar ás cartas o ás (de copas, espadas, ouros ou bastos) ten superioridade sobre o tres, polo que mesmo con ser unha boa carta, sempre gaña o ás. Eis o fraseoloxismo, mesmo cun bo argumento, sempre alguén pode ter un mellor.

ter o don da palabra

Falar ben: *Se queres ser comercial precisas ter o don da palabra.*

7.6. NON FALAR CLARAMENTE**andar con voltas**

1 Falar dunha cousa de xeito indirecto, sen a expor abertamente: *Mira, non me andes con voltas e dime xa que é iso que che preocupa realmente.*

2 Pór obxeccións a algo: *Ese caloteiro aínda anda con voltas e non paga o que debe.*

falar entre dentes

Falar baixo de xeito que é difícil entender, rosmar, roñar: *Fai favor, non fales entre dentes e se tes algo para me dicir, dimo claramente.*

misturar allos con bugallos**misturar sapos con bolboretas****saltar de allos a cebolas**

Xuntar ideas ou conceptos distintos, misturalos, non distinguilos, tratalos polo igual e provocar confusión: *Considerar unha opinión diverxente coma un insulto, é misturar allos con bugallos.*

O **bugallo** é un vulto arredondado que se forma en certos vexetais, debido á infestación de insectos parasitos, especialmente nos carballos.

falar dos biosbardos

Falar de cousas inconexas; falar de cousas sen interese: *Desde que Belén está namorada só fai falar dos biosbardos, non hai maneira de que se concentre.*

[Consultar § **Sabías que...?** Unidade 3]

falar sen ton nin son

Falar moito e sen sentido, de cousas inconexas, esbardallar: *Non aturo as persoas que falan sen ton nin son e comezan a esbardallar sen parar.*

7.7. FALAR SEN SABER**botar a lingua a pacer**

1 Falar de algo ou alguén sen coñecelo suficientemente. Criticar: *Xa estás botando a lingua a pacer, considerando ese home culpable sen saber se o é.*

2 Normalmente unha persoa que **bota a lingua a pacer** tamén fala moito: *A cada vez que se atopan esas dúas pescas botan a lingua a pacer e non hai quen as pare.*

O fraseoloxismo animaliza a persoa á imaxe dos ruminantes.

falar por falar**falar por non estar calado**

1 Dicar cousas sen fundamento, que non veñen ao caso, ou polo simple feito de dicir algo: *Iso non é máis que falar por falar, era mellor que non dixeses nada.*

2 Esbardallar, barallar, falar sen saber, sen coñecemento: *Moita xente fala por non estar calada sobre as alteracións climáticas, non saben as importantes repercusións que poden ter sobre as nosas vidas.*

ser un falabarato

Ser unha persoa que fala moito, sen saber ou sen ofrecer credibilidade: *Non lle fagas moito caso ao subdirector, é un falabarato, promete unha chea de cousas que despois nunca cumpre.*

ser un tarabelo

Ser unha persoa que fala sen parar e sen saber: *Rubén é un tarabelo, hoxe diche unha cousa e mañá xa che di outra, non hai quen se fie del.*

O **tarabelo** é unha peza de madeira que xira e serve para pechar por dentro portas, xanelas, cancelas etc.

7.8. ESTAR DE ACORDO**dicir amén**

Dar aprobación, consentir, estar de acordo: *A todo o que ti digas eu digo amén.*

Amén é unha palabra de orixe hebrea que significa ‘así sexa’ e que se emprega na liturxia cristiá ao final dunha oración para expresar a conformidade co que se dixo nela: [...] polos séculos dos séculos, **amén!**

7.9. ESTAR EN DESACORDO**andar con voltas**

[Consultar § 7.6. NON FALAR CLARAMENTE]

levar a contra

Oporse ou dicir o contrario do que di outra persoa; estar en desacordo con algo ou

alguén: *Non se pode estar sempre a levar a contra, ás veces tamén hai que ceder.*

non dar o brazo a torcer

Manter dunha maneira obstinada unha determinada opinión ou postura; non ceder perante algo ou alguén: *A Rucha non deu o brazo a torcer e tivemos que facer a festa na súa casa.*

7.10. LOUVAR

botarlle flores a alguén

Eloxiar, dirixir palabras de gabanza, louvar: *Na reunión de onte, o director non parou de botar flores á nova reitora.*

pór nun pedestal a alguén

pór polas alturas a alguén

pór polas nubes a alguén

Admirar moito, gabar moito, louvar de maneira esaxerada: *A adestradora puxo polas nubes o desempeño das súas xogadoras.*

O pedestal é unha peza que sostén e eleva unha estatua.

[Confrontar § 5.10 ADULACIÓN]

7.11. RECRIMINAR

apertarlle as caravillas a alguén

Recriminar con severidade ou rigor, exercendo presión sobre esa persoa para que actúe dunha determinada maneira: *Tivo que apertarlle as caravillas aos veciños para que aceptasen o reparto equitativo dos gastos.*

botar na cara

Reprochar unha acción ou un comportamento; censurar, recriminar: *A miña compañeira do choio botoume na cara que non fago as cousas ben.*

botarlle o can a alguén

botarse a un

Reprender, reprochar de maneira violenta: *Xoán non se conseguiu controlar e botoulle o can ao veciño por culpa do alto volume da música.*

[Confrontar botarlle os cans a alguén § 4.4. REXEITAMENTO]

cantarlle as corenta a alguén

Advertir severamente a alguén dicíndolle as cousas claras, reprender, rifar: *Onte Laura*

incumpriu o horario de chegada e os pais cantáronlle as corenta.

Cantamos **as corenta** ao xogar ás cartas no tute. Acadamos corenta puntos cando nunha mesma man temos cabalo e rei do mesmo pau que sexan trunfos.

caerlle o pelo a alguén

Recibir esa persoa un castigo ou reprimenda por algo que non fixo ou fixo mal: *Esqueciches o teu primeiro aniversario de noivos e agora vaiche caer o pelo, xa verás.*

[Consultar § 6.9. FRACASO]

cortarlle un traxe (á medida) a alguén

facerlle un traxe (á medida) a alguén

Falar mal desa persoa, criticala, sacarlle os defectos. *Aquela xente noxenta todo o quería saber para facerlles un traxe aos veciños.*

levar nas orellas

Ser recriminada unha persoa por algo que fixo mal: *Os estudantes levaron nas orellas, porque a profesora estaba farta de que chegasen sempre atrasados.*

ir falar de merda o máis cagado [VULGAR]

Criticar a unha persoa por falar dalgún defecto de alguén que tamén ten ela: *Non soporto cando Euloxio se pon a falar de ética e honestidade, co corrupto que el é! Xa se sabe que sempre vai falar de merda o máis cagado.*

pór a caldo a alguén

pór verde a alguén

pór a pan pedir a alguén

pór podre a alguén

pór pingando a alguén

[Consultar § 7.12. REXOUBAR e CRITICAR]

[Confrontar pórse pingando § 9.5. MOLLARSE]

7.12. REXOUBAR e CRITICAR

andar de boca en boca

Ser unha persoa ou unha cousa da que fala moita xente: *Non se fala doutro asunto no lugar; anda de boca en boca.*

andar na boca do mundo

andar na boca da xente

Ser unha persoa criticada polos demais publicamente, que é obxecto de comentarios ou murmuracións: *Eu sempre admirei esas persoas que fan o que lles peta, mesmo que*

anden na boca da xente. / Desde que se arrimou anda na boca do mundo.

arrastrar pola lama a alguén

Criticar de maneira violenta, insultar gravemente: *Xosefa pasou toda a vida a arrastrar pola lama as veciñas e agora non ten nin con quen falar.*

botar a lingua a pacer

[Consultar § 7.7. FALAR SEN SABER]

lavar a roupa

Rexoubar, criticar: *Cada vez que se xunta co seu amigo David Carolino comezan a lavar a roupa e repasan a vidiña de toda a vila!*

meterlle no cu algo a alguén [VULGAR]

[Consultar § 7.2. FALAR SEN SABER]

pór a caldo a alguén

pór verde a alguén

pór a pan pedir a alguén

pór podre a alguén

pór pingando a alguén

1 Falar das faltas ou defectos desa persoa para criticala; rexoubar dela, ofendela, maltratala verbalmente: *Os gandeiros leiteiros puxeron a pan pedir os representantes sindicais por non defenderen os seus dereitos!*

2 Reprender fortemente a esa persoa: *Cando lle expliquei que perdera os cartos, a miña*

nai comezou a berrar e púxome a caldo ali mesmo, sen reparar en quen nos ollaba.

[Confrontar **pórse pingando** § 9.5. MOLLARSE]

ter lingua (de víbora) viperina

Ser unha persoa que anda sempre a falar mal dos demais, que murmura e ofende de xeito ferinte e mordaz: *Non soporto ese rapaz, ten lingua de víbora viperina, sempre está a falar mal de todo o mundo.*

7.13. BLASFEMAR

[botar] sapos e cóbregas (pola boca)

Blasfemar, inxuriar ou disparatar; maldicir ou proferir insultos (contra alguén): *O mariñeiro encabuxouse e comezou a botar sapos e cóbregas pola boca fóra.*

A blasfemia e as posesións demoníacas aparecen representadas frecuentemente na iconografía relixiosa cristiá con réptiles ou outros animais similares.

botar veneno pola boca

Blasfemar, criticar con maldade, con moi mala intención; maldicir.: *Eu son un tipo tranquilo, pero cando me tiran do xenio comezo a botar veneno pola boca que non hai quen me pare!*

➔Refráns

A bo entendedor, curto falador

Unha persoa non precisa dar toda a información cando o seu interlocutor é intelixente, esperto e espelido: *Non lle tiven que explicar a Serafin a importancia da confidencialidade dos exames. Nunca mellor dito, a bo entendedor, curto falador.*

A lingua ten moi bo curral

A lingua ten o seu espazo dentro da boca (curral) e aí debe permanecer. Daquela, é mellor non falar nalgunhas situacións inconvenientes ou embarazosas: *Sabes con quen estabas a falar mal do choio? Co fillo da xefa da empresa! Lémbrete para a próxima, a lingua ten moi bo curral!*

Cada un fala da feira segundo lle foi nela

As nosas interpretacións e opinións

confórmanse segundo as nosas experiencias vitais sobre calquera feito. Así, dúas persoas poden ter opinións moi diferentes ante o mesmo acontecemento: *Ti díxime que a festa foi unha trapallada e Lois que foi unha marabilla! Éche ben certo, cada un fala da feira segundo lle foi nela.*

Cada un raña onde lle proe

Unha persoa fala do que lle afecta, do que lle doe; defende o seu: *Cada vez que falamos mal da súa moza, Xián ponse bravo e deféndeala, xa se sabe que cada un raña onde lle proe.*

Da boca pechada non saen parvadas

Para evitar problemas é mellor calar. Se unha persoa non fala, está libre de dicir burradas: *Como es capaz de dicir que no Bierzo non*

*falan galego! Se non sabes do que falas, cala!
Da boca pechada non saen parvadas.*

Do dito ao feito, vai un grande eito

O que se di e o que se acaba por facer non é coincidente. Falar é máis fácil que facer: *Suso díxonos que ía entregar un relatorio completo sobre a viabilidade económica da empresa e ao final entregounos esta merda. Éche ben certo, do dito ao feito, vai un grande eito.*

Fala pouco e ben e serás alguén

É mellor falar de maneira breve e rigorosa, porque no discurso oral son premiadas a concisión e a calidade se queremos ser ben vistos: *Irea, vouche dar un consello, cando interveñas nas reunións da ANPA faille caso ao refrán fala pouco e ben e serás alguén.*

Falar é prata, calar é ouro

Saber calar é aínda mellor do que falar. Prémíase a persoa calada, supostamente máis sabia e precavida nas súas afirmacións: *Falar é prata, calar é ouro, así que cada vez que lle preguntan con quen prefire estar; con papá ou con mamá, non abre a boca.*

Garda o bico e terás paz

Hai que calar para evitar discordias: *Se tes un amigo do Celta e outro do Depor, non lles fales dos movementos na táboa, garda o bico e terás paz.*

O falar non ten cancelas

Falar é unha actividade sen limitacións. A algunhas persoas falar non lles custa nada, por iso o fan sen a suficiente información ou precaución: *Lucas púxose a falar do mar como se pasase a vida de mariñeiro e non ten nin idea, o falar non ten cancelas.*

O peixe morre pola boca

O que sae pola boca dunha persoa pode delatala, expoñela. Falar é unha trampa para nós do mesmo xeito que abrir a boca é unha trampa para o peixe cando se achega ao anzó para comer: *Adriana Bugallo quería gardar o segredo da súa gravidez mais Mencía non resistiu e difundiu, xa se sabe que o peixe morre pola boca.*

Ovella que berra, bocado que perde

[Consultar Exercicio 7.20.]

Palabra por dicir non ten chata

Estar calado evita confusións e problemas. O que non se di non pode ser reprochable: *Estiven tentado de lle retrucar á xefa de sección, pero palabra por dicir non ten chata, así que evitei calquera tipo de liorta.*

Quen moito fala, moito erra

Canto máis fala unha persoa, máis exposta está a equivocarse; falar pouco é errar pouco: *Eu, sinceramente, non concordo co refrán quen moito fala, moito erra, porque os que nada din, nada conseguen.*

Quen ten lingua vai a Roma

Unha persoa que fala e é capaz de preguntar, chega ao seu destino, acada os seus obxectivos: *No ano do Erasmus aproveitei para percorrer toda Alemaña sen ter idea, pero como quen ten lingua vai a Roma non tiven problemas!*

Unidade 8. Cartos

Na seguinte entrevista dun programa de radio estase a falar da traxectoria vital de Anselmo Ferreiro, un personaxe no que podemos identificar a persoas que coñecemos directa ou indirectamente. Repara nos fraseoloxismos empregados.

—Bo día, queridas e queridos oíntes das Ondas de Batallán. Hoxe iniciamos o programa cunha historia de vida que condensa moitas historias a un tempo e recórdanos o poder do diñeiro (clinc clinc! ruído de caixa rexistradora): pode alguén **facerse de ouro**¹ e acabar por **non ter onde caer morto**²? Fállovos de Anselmo Ferreiro, nacido en Batallán contra o ano 1945. Dunha das familias máis humildes da parroquia, soubo desde moi novo que significaba **andar ao xornal**³ e traballar arreo, por iso foi un dos rapaces máis decididos á hora de embarcar rumbo a Venezuela con só dezaseis anos. Quería **facen as Américas**⁴ e loitar até **estar podre de cartos**⁵, e conseguíuno: empregado nos inicios nunha fábrica de tabaco, ascendeu e viuse con posibilidades para **facen carreira**⁶ e lanzou unha nova marca, un selo propio. Tiña mirada de emprendedor, como dirían hoxe. Facendo contactos grazas á súa labia e **termendo ben dos cartos**⁷ nun inicio, **soltou a pita**⁸ para comprar extensas plantacións e organizou grupos de xornaleiros potentes, xente que **estaba sen branca**⁹ e á que lles ofrecía as mellores condicións de traballo. Ao mesmo tempo, deseñou un logo estiloso coa silueta dun galán dándolle ao cigarro... Sen dúbida, os seus paquetes **tiñan música**¹⁰. Animado polo rumbo da empresa, abriu varios negocios, comprou un automóbil ben lustroso e dedicouse a **gastar a rego cheo**¹¹, deixando de supervisar os números. Hai quen di que os empregados de máis confianza **meteron a man**¹² nas contas, outros que foi culpa da súa avaricia... o caso é que Anselmo Ferreiro, o xefe de Tabacos O Vencedor, **deu co cu no ferrado**¹³, pero aínda así non volveu á aldea **cunha man diante e outra detrás**¹⁴. Trouxo unha maleta de habanos, roupas pensadas para a calor e o coche máis grande da comarca, lembrádelo...?

¹ enriquecerse.

² ser completamente pobre, non ter nada.

³ traballar por un soldo fixado por día.

⁴ volverse rico traballando en América.

⁵ ter moitísimos cartos.

⁶ medrar, prosperar.

⁷ aforrando.

⁸ gastou uns cartos.

⁹ que non tiña cartos.

¹⁰ custaban caros porque eran especiais.

¹¹ dilapidar, gastar moitos cartos.

¹² roubaron.

¹³ arruinouse.

¹⁴ na extrema pobreza.

Exercicio 8.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.


1. Anselmo Ferreiro era dunha familia de xornalistas internacionais. ☐
2. Foi a Venezuela e alí comezou unha intensa vida dedicada ao negocio do tabaco. ☐
3. Cando veu de volta a Batallán, comprou un bo ferrado de terra. ☐

ficar cunha man diante e outra detrás



Exercicio 8.2. Relaciona.

1. AFORRAR	custar os cartos
2. ARRUINARSE	soltar os cartos
3. GAÑAR	perder os cartos
4. GASTAR	facen cartos
5. VALER	mirar os cartos



facen cartos

Exercicio 8.3. Escolle a opción que explica o significado do fraseoloxismo.

1. Tamén sei que traballas moito e que aforras moito tamén, mesmo non gastas esas cousas miúdas que son o **aforro do pirixel**. Sempre souben que ti non es dos homes que aproveitan as faragullas e tiran os anacos. Xesús Alonso Montero, *Sofía Cordal Piñeiro, labrega do Ribeiro de Miño...* (adaptado)
a) bo condimento b) falso aforro c) valor do sabor
2. Desde que lle saíron ben os negocios facía todo o posible por aparentar que **estaba podre de cartos**. Nun prazo breve de tempo comezou unha carreira sen parada por acumular cousas, «signos exteriores de riqueza», como adoitaba chamarlles un seu amigo da infancia. Por desgraza o bo gusto non acompañaba sempre cada nova adquisición, máis ben era todo o contrario. Xavier Senín, *Coche novo*
a) tiña unha infección b) tiña problemas coas plantas c) tiña moitos cartos
3. Mentres o licor me queimaba a gorxa observaba os homes de ollos vidrosos e asolagados, case todos empregados da Plantación. Os que **estaban sen branca** formaban roldas en torno ás mesas onde xogaban os demais, coa inmovilidade ensinándolles o inútiles que eran (o escuro golpe que troca o rumbo da vida e outorga a riqueza ou condena á indixencia). Xesús Manuel Marcos, *Terra queimada* (adaptado)
a) non tiñan compañía b) non tiñan obxectivos c) non tiñan cartos
4. Ann tiña unha nena de doce anos e, aínda que parecese difícil de entender, a ambas as dúas deixáraas plantadas o home, fuxindo, había unha ducia de anos. Daquela **ficara cunha man diante e outra detrás** pero andara lixeira e montara unha perruquería da que vivir. Joaquim Fariña, *Blues para un asasino. First we take Manhattan* (adaptado)
a) tiña mancheas de cartos b) non tiña cartos c) tiña cartos por todas partes
5. Temín que o tal Xabier pretendese instalarse con Silvia na miña casa, así que dediqueime a acosalo con preguntas nada indirectas. Dixo que era decorador de tendas de moda, pero non vestía en consonancia con esa profesión que, relacionada cun sector en alza, faría supoñer un bo nivel económico. Non era un tirado, pero tampouco aparentaba **nadar na abundancia**. Xosé Cid Cabido, *Días contados*
a) traballar na natación b) ter nadado moito c) ser moi rico

Exercicio 8.4. Mira as listaxes destes grupos de fraseoloxismos e asígnalle o tema que corresponde a cada grupo.

GAÑAR CARTOS	TER CARTOS	GASTAR CARTOS	AFORRAR
VALER	ROUBAR	NON TER CARTOS	ARRUINARSE

1. *GAÑAR CARTOS*

andar ao **xornal**
andar ao por **cen**
andar ao **quiñón**

facen boa **feira**
facen **cartos**
facen as **Américas**
facen o **agosto**
facerse de **ouro**

2.

estar **forrado**
estar **podre** de cartos
atar os **cans** con **longaínzas**
nadar na **abundancia**

3.

apertar o **cinto**
termar dos **cartos**
tirar os **anacos** e aproveitar as **faragullas**

4.

estar polas **nubes**
custar un **ollo** da cara
ter **música**
ser un **comecartos**
non valer unha **cadela**

5.

soltar a **pita**
soltar a **galiña**
alongar o **pé** máis do que dá a **manta**
gastar a **rego** cheo
gastar cartos coma **sarabia**
botar a **casa** pola **ventá**

6.

estar **pelado**
estar **teso**
estar sen **branca**
andar á **miñoca**
ser pobre coma as **arañas**
non ter un **can**
non ter unha **cadela**
non ter **onde caer morto**

7.

acabar coa **casa**
dar co **cu** no **ferrado**
perder a **camisa**

8.

meter a **man**
meter a **unlla**
ser da **uña longa**



ser pobre coma as arañas

Meniña ben vestida,
meniña ben calzada,
que tén roupa decote,
que tén roupa de garda,
meniña que ben folga,
meniña qu'anda maja,
i é probe, malpecado,
com'unha triste araña...

Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*

Repara tamén nestes outros fragmentos con fraseoloxismos.

Levaba un mes sen ver a Ann. Precisábaa xa, pero **andaba sen branca** e niso era testalán, absurdo, clásico e machista, todo por xunto, mais non admitía saír con ela sen cartos. Prefería aguantarse. Que non e que non.

Joaquim Fariña, *Blues para un asasino. First we take Manhattan* (adaptado)

andar sen branca
non ter un can
estar sen unha cadela
'non ter ningún diñeiro'



- ❶ A **branca** era unha moeda medieval acuñada en moitos estados cristiáns coa intención de substituír os múltiplos de prata. Denominábase así pola cor branca que adquiría ao ser sometida a unha operación de branqueo, semellando prata. O **can** era a moeda antiga de dez céntimos (*can pequeno* ou *can grande*) e de pouco valor. A **cadela** era a moeda de cinco céntimos.

Despois da reconversión industrial nos estaleiros dunha cidade do norte, moita xente quedou no paro. Un grupo de persoas maiores de corenta anos cítase cada día no bar, onde botan máis tempo que na súa propia casa, comentan como lles foi o día na busca de traballo, falan dos seus problemas cotiáns, non só laborais, senón tamén familiares á vez que toman unhas cervexas. Un deles, Santa, **non ten un can**, pero vive a vida como o que máis e soña con ir algunha vez a Australia.

www.crtvg.es



*botar a casa pola ventá
'facer un gasto excesivo'*

En Ribadeume, que este ano **botou a casa pola ventá**, tiveron catro días de festa, comezando o venres cunha verbena a cargo das coñecidas orquestras Trébol e Trovadores. A xornada do sábado iniciouse con bombas de palenque, seguida de misa e procesión e a sesión vermú co grupo musical Ilusión, que tamén estivo na verbena acompañado da orquestra Juan Mallo.

www.amigus.org

Exercicio 8.5. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

- | | |
|--|--|
| 1. Antón, terma do cazo do leite para que non reborde. | A. Sen pelo ou sen aquilo que normalmente o cobre. |
| 2. O gabán está forrado con pel de ovella. | B. Migalla ou anaco que se solta do pan. |
| 3. O armador repartiu o quiñón entre os mariñeiros. | C. Cuberto e protexido na súa parte interior. |
| 4. Ao sacar o esparadrapo quedoulle o brazo pelado . | D. Lombriga de cor rosada. |
| 5. O paisano abriu un rego por entre o millo para regar. | E. Coida, vixía. |
| 6. Os pequenos estiveron na horta na procura da miñoca máis longa. | F. Pequeno suco ou escavación. |
| 7. Uxío volveu roer no molete e na carne ata que non deixou nin faragulla . | G. Lote da pesca que lle corresponde a cada membro da tripulación. |

Exercicio 8.6. Relaciona estes exemplos co significado literal do compoñente.

1. <i>Onte comín unhas talladas de lacón frío con pan que estaban moi boas.</i>	A. Mecha ou pabio de fíos de algodón retorcidos da candeia.
2. <i>O máis rico de toda a comida foi o pan mollado no prebe.</i>	B. Graxa sólida e dura obtida dos animais.
3. <i>Cando marchou a luz, Carlos prendeulle lume á matula e puxo o candil derriba da mesa.</i>	C. Mulime, conxunto de vexetais como toxo, fentos e herba cortados e usados para pór no chan das cortes.
4. <i>Antón, unta esas botas cun pouco sebo.</i>	D. Porcións que resultan de cortar certos comestibles, en particular a carne.
5. <i>O estrume dos cortellos é un bo esterco.</i>	E. Anacos de materia que arden xa sen chama.
6. <i>Asamos as sardiñas nas brasas da lareira.</i>	F. Mollo ou salsa que acompaña certas comidas para mellorar o seu sabor.

Exercicio 8.7. Mira estes substantivos e relaciona para formar fraseoloxismos.


		pedir
		agosto
		Américas
andar	a	cartos
estar	á	man
facer	ao	miñoca
meter	as	nubes
	o	portas
	polas	quiñón
	Ø	xornal

andar a pedir,

apertar		camisa
acabar	Ø	casa
estar	a	cartos
nadar	coa	cinto
perder	dos	fartura
soltar	na	forrado
ter	o	música
termar		pelado
		pita

apertar o cinto,

*andar a pedir
andar polas portas*



gastar cartos	e aproveitar as faragullas
alongar o pé	coma sarabia
botar a casa	da cara
custar un ollo	máis do que dá a manta
dar co cu	pola ventá
tirar os anacos	no ferrado

alongar o pé máis do que dá a manta,



alongar o pé máis do que dá a manta

Exercicio 8.8. Elixe a opción correcta.

1. «Ai... estes rapaciños non saben que hai que _____? Teu avó gañou moitos cartos a finais dos 50, nos 60 e 70, pero chegou aos 80 e aí parou todo. Menos mal que aforramos ou teríamos morto de fame. A construción é un traballo temporal neste país, vai a golpes, 10 ou 15 anos ben, outros 10 ou 15 anos mal. *www.soloespolitica.com* (adaptado)
 - a) acabar coa casa
 - b) ser un comecartos
 - c) gardar das risas para as choras

2. –Abrídenos, nobre señor, e teredes grande contentamento coa miña música e cos xogos do meu compañeiro.
 –Abrir abrireivos, xa que chegastes aquí. Mais non pensedes que neste castelo _____, nin que haberdes gañar moita cousa.
 –Abride, nobre señor, que somos xente de bo conformar, e cun codelo que caía da vosa mesa seremos ben pagos. Darío Xohán Cabana, *Galván en Saor* (adaptado)
 - a) ten música
 - b) se atan os cans con longaínzas
 - c) anda á miñoca

3. Os seus contactos co mundo marxinal limitáranse á esmola cotiá que lle solicitaban na rúa. Incluso adoptara o costume de _____ sempre ó mesmo pobre, un ionki desecado con catro barbas á moda Ho Chi Min, que rosmaba agradecido se chegaba ás dúascentas pesetas. Bieito Iglesias, *O mellor francés de Barcelona* (adaptado)
 - a) soltarlle a pita
 - b) andarlle ao por cen
 - c) apertarlle o cinto

4. –A que andas?, queres cervexa? Colle na neveira. _____.
 –E como cres que estou eu? Lárgaste, deixas o choio, non se sabe onde te metes, que pensabas? que che ían regalar a pasta?
 –Marchei para Santiago. Contaba con saír adiante, pero non conseguín choio... non coñezo a ninguén... Nin eu mesmo sei que fago alí. Xosé Cid Cabido, *Foumán* (adaptado)
 - a) Estou forrado
 - b) Estou pelado
 - c) Cústame un ollo da cara

5. Todo está carísimo. Non sei onde vai dar. A conta baixa e non se pode tirar nada. Todo _____. Non gañamos case para comer. Os cartos vanse. Imos ter que volver ao campo de onde vén todo, porque o que dá a cidade non son máis ca dores de cabeza. *www.galiciahoxe.com* (adaptado)
 - a) está polas nubes
 - b) gasta a rego cheo
 - c) está teso

Exercicio 8.9. Relaciona para formar fraseoloxismos.

NON TER CARTOS	1. non ter	nin pau de figueira
	2. non ter casa	nin brasa
	3. non ter eira nin leira	nin pinta de estrume
	4. non ter leito	o día e a noite
	5. non ter lume nin fume	onde caer morto
	6. non ter máis que	nin teito

non ter onde caer morto, _____



non ter onde caer morto

NEGOCIO RUÍN (o accesorio custa máis ca o principal)	7. custar máis o caldo	ca o sebo
	8. ser máis caro o prebe	ca as talladas
	9. valer máis a matula	ca o peixe

Exercicio 8.10. Completa cada secuencia cun dos seguintes compoñentes. Hai tres opcións erradas.

feira	man	cara	cartos	casa	camisa	cinto	ouro
-------	-----	------	--------	------	--------	-------	------

1. Pimpinela é a protagonista d'*Os vellos non deben namorarse*. É unha moza pobre e humilde, obrigada polos seus pais a casar co señor Fuco, un vello que **está podre de** _____. *www.youtube.com* (adaptado)
2. A adega Crego e Monaguillo de Monterrei **tira a** _____ **pola ventá** para festexar o seu décimo aniversario. Máis de 2.000 invitados asisten ao acto e posterior festa amenizada polas orquestras Panorama e París. *www.laregion.es* (adaptado)
3. Co motivo das festas patronais, no Cantón de Ferrol había unhas figuras xigantes que deberon **custar un ollo da** _____; torre de Hércules, murallas de Lugo, un hórreo, unha palloza, a fachada do Obradoiro, un apóstolo romeiro e un home a cabalo que disque era Breogán... *www.farodevigo.es* (adaptado)
4. Nas guerras estase usando moito armamento e podémonos preguntar se non haberá xente que se está **facendo de** _____ aproveitando os conflitos. *El Correo Gallego* (adaptado)
5. E hai cidadáns que teñen que **apertar o** _____, ben porque se endebedaron de máis, ben porque traballaron en sectores nos que se gañaron moitos cartos e que agora están en crise, como a construción e todo o que leva aparelado. *revista.consumer.es* (adaptado)

custar un ollo da cara



Exercicio 8.11. Mira estas imaxes e escribe o fraseoloxismo.



1. longaínzas 2. camisa




3. nubes 4. ser un

Exercicio 8.12. Sinala se as seguintes secuencias son verdadeiras (V) ou falsas (F).

1. Cando alguén quere facer as Américas é porque quere facerse de ouro. ☐
2. Unha persoa que aperta o cinto tamén ten música. ☐
3. Alguén dá co cu no ferrado porque está forrado. ☐
4. Se estás pelado é porque non tes un can. ☐
5. Polo xeral, cando alguén alonga o pé máis do que dá a manta é porque gasta a rego cheo. ☐
6. Cando alguén é da uña longa é porque tamén mete a man. ☐
7. Algo que está polas nubes tamén ve o ceo aberto. ☐

apertar o cinto



Observa como o fraseoloxismo **apertar o cinto** mantén practicamente a mesma imaxe no seu equivalente en diferentes linguas. Chama a atención que en todos os casos a idea de restrinxir gastos e aforrar se identifique con apertar, axustar o cinto.

apertar o cinto
(galego)

estrènyer el cinturó (catalán)

apretarse el cinturón (español)

se serrer la ceinture (francés)

tirare la cinghia (italiano)

apertar o cinto (portugués)

gerrikoa estutu (éuscaro)

den Gürtel enger schnallen (alemán)
axustar o cinto un pouco máis

tighten one's belt (inglés)

Unha lectura literal do fraseoloxismo **apertar o cinto** fai pensar que en épocas de crise cómese menos, pérdense quilos, o cinto queda grande e hai que apertalo... Outra interpretación menos aceptada é que ao facer presión sobre o estómago, alíviase a dor producida pola fame.

Exercicio 8.13. Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.



A cabalo regalado non lle mires o dentado

A cabalo regalado non lle mires o dentado úsase para indicarlle a unha persoa que non debe poñerlle peros a algo que non lle custou nada, para xustificar a escasa calidade dun obxecto conseguido gratuitamente ou ao recibir un agasallo que non chega a colmar as expectativas de quen o recibe. A orixe do dito está relacionada co costume dos paisanos de observar coidadosamente a dentadura das cabalgaduras antes de mercalas, para saberen a idade e facerse unha idea do estado de saúde do animal e, polo tanto, sopesar o seu prezo.

María Montaña, *A tradición oral en Galicia* (adaptado)

Exercicio 8.14. Engade estes remates aos seguintes refráns.

*senón o que menos precisa
non lle mires o dentado
que desexar*

*nin moito que non se acabe
para que nos veñan ver
rompe o saco*

- | | |
|------------------------------------|--------------------------------------|
| 1. A avaricia | _____ |
| 2. Non hai pouco que non chegue | _____ |
| 3. Máis vale ter | _____ |
| 4. A cabalo regalado | <u>non lle mires o dentado</u> _____ |
| 5. Hai que dar e ter | _____ |
| 6. Non é máis rico o que máis ten, | _____ |

Exercicio 8.15. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos onde corresponda.

SIGNIFICADO	REFRÁN
1. Hai que aceptar de bo grao os agasallos sen cuestionar a súa valía.	<i>A cabalo regalado non lle mires o dentado</i>
2. A riqueza non se alcanza con posesións, senón cunha vida libre de necesidades.	
3. Se queremos recibir visitas e gozar da súa compañía, debemos ser persoas hospitalarias.	
4. É preferible ter algo e valoralo que confiar en conseguilo no futuro.	
5. O desexo de querer máis e máis fai perder o xa conseguido.	
6. Aínda que haxa pouco, sendo intelixentes, ha de chegar ben para cubrir o necesario. No caso de que haxa moito, hai que ser moderados, porque logo se esgota.	

Exercicio 8.16. Reacciona ás seguintes situacións cun dos refráns anteriores.

1. –Xerardo e Antía están viaxando moito ultimamente e non están aforrando nada.
–Teñen que ter coidado porque
2. –Como sempre fai polos Reis, Ana regaloume unha axenda... aínda que é das que van día por día, e eu prefiro ver a semana enteira.
–Vale ben, muller!
3. –Non sabemos se volver ao posto revender outros álbums de banda deseñada... O caso é que o permiso só o tiñamos até onte!
–Entón non o fagades, se vos pillan será peor, ben certo é que
4. –Se algo aprendín da miña avoa Maruxa é que non podes sentar a ninguén á mesa sen servirle un café e algo doce...
–Así é:
5. –O bo oficio de carpinteiro do señor Manuel deulle sempre para vivir sen necesidades nin grandes luxos.
–É un exemplo de persoa:
6. –Nunca lle acabei de ver a utilidade a todas estas ferramentas, e menos agora, que están a punto de saír outras novas...
–Cala, que



A avaricia rompe o saco

Exercicio 8.17. Observa este refrán e o seu equivalente noutras linguas. Aparece a tradución literal embaixo cando a imaxe non coincide coa do refrán galego. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Coméntao.

A avaricia rompe o saco
(galego)

Qui tot ho vol, tot ho perd (catalán)
Quen todo quere, todo perde

La avaricia rompe el saco (español)

On risque de tout perdre en voulant tout gagner
(francés)
Un arrisca todo por querer gañalo todo

L'avarizia rompe il sacco (italiano)

Quem tudo quer, tudo perde (portugués)
Quen todo quere, todo perde

Beteegiz zorroa lehertuz doa (éuscaro)
Demasiado cheo o saco, vai rebentando

Zuviel zerreist den Sack (alemán)
Demasiado rompe o saco

A greedy man is always poor (inglés)
Un home avaricioso sempre é pobre

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor!



Luis Davila, *Jalisia Kanibal*



Luis Davila, "Titorial: «O regho recto»"

Observa estas escenas. Describe as situacións e comenta que lles está a acontecer aos personaxes que aparecen nelas. Procura empregar os fraseoloxismos e refráns vistos nesta unidade.

→ Para falar...

1. Na túa opinión, que cousas **custan un ollo da cara**? Que fas para conseguilas?
2. Coñeces alguén que **esteá forrado**? e alguén que **esteá pelado**? Describe como son as súas vidas.
3. En momentos nos que **estás sen un can**, que fas? Coméntao.
4. Fixeches algunha vez un gasto excesivo e **botaches a casa pola ventá**? Como foi? En que non che importaría **gastar cartos coma sarabia**? Por que?
5. Describe algo que para ti **non ten prezo** e di por que é tan valioso.

➔ Sabías que...?

O fraseoloxismo **facer as Américas** era de uso moi frecuente.

No imaxinario colectivo do pobo galego, a expresión «facer as Américas» botou raíces e forma parte xa do inventario clásico das nosas expresións e dos nosos soños. Para os rapaces da miña xeración, o continente americano era a meta soñada. Todos asociabamos aquel continente co benestar, a riqueza e o regreso triunfante. A figura do indiano, daquela, actuaba como un verdadeiro modelo que cumpría seguir, sobre todo se este galego retornado procedía dos Estados Unidos. Retornaba rodeado de todo aquilo que nós apenas coñeciamos polas películas en branco e negro: automóviles mastodónticos que chamabamos *baigas*, sombreiros coloniais, traxes brancos ou de cores claras, zapatos marróns e brancos de punta e, por suposto, reloxos de cadea ou de pulseira de ouro das mellores marcas. Amais de todo isto, traía unha equipaxe con innumerables maletas que espertaban en todo o mundo a curiosidade e, sobre todo, a esperanza de que estivesen cheas de agasallos. Pasados uns anos, cando iamos á feira da vila, chamábanos a atención ver como estes *americanos*, que paseaban xuntos, ían á taberna para dar conta duns bistés, cousa que moitos dos labregos non podían facer. Estes americanos xubilados viñan cunha pensión en dólares e como non dicían como as pasaran sendo emigrantes, un pensaba: «Cando sexa grande quero facer as Américas». Esta imaxe pode ser hoxe un tópico, pero na miña infancia, a dos anos cincuenta do século XX, formaba parte dunha realidade verdadeira.

Olegario Sotelo Blanco, “«Facer as Américas»: soño caducado” en *Galicia Hoxe*

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

→ Fraseoloxismos

8.1. GAÑAR CARTOS

andar ao xornal

Traballar por un soldo fixado por día, por xornada: *Cando Nélica casou, naquela casa había tres mulleres que andaban ao xornal.*

O **xornal** é a xeira, a paga dun día de traballo.

andar ao por cen

Cobrar a retribución un mariñeiro en función dun tanto por cento pactado previamente: *Agora xa non ando a soldo sabido, ando ao por cen, e polo tanto dependo do que se pesque para cobrar.*

andar ao quiñón

Recibir un mariñeiro o salario en función do reparto correspondente de dividir o que se saca da venda do peixe entre todas as partes: *O Merexo anda ao quiñón, e vaille ben porque, como vai de cociñeiro, tócanlle dúas partes.*

O **quiñón** é o lote da pesca que lle corresponde a un mariñeiro como pagamento do seu traballo. Por extensión, é a partilla, a cantidade que corresponde a cada un dos que participan en determinadas reparticións.

facер (boa) feira

Chegar a un acordo para a compra o venda de algo; gañar (moito) nunha venda: *Cando facían boa feira, celebrábano atracándose de polbo.*

facер cartos

Enriquecerse: *Manuel marchou para Alemaña nos anos sesenta e alí fixo cartos.*

facер a(s) América(s)

Enriquecerse por ir traballar ao continente americano, especialmente América do Sur ou América Central, e facer alí bos negocios: *Dicimos que unha persoa fixo as Américas cando acadou éxito económico e notoriedade social.*

[Consultar **Sabías que...?**]

facер o agosto

Gañar moitos cartos, lucrarse aproveitando unha ocasión moi favorable: *Fixo o agosto no negocio da construción durante o crecemento da cidade.*

facерse de ouro

Gañar moitos cartos, enriquecerse: *Xerardo estase facendo de ouro co negocio da telefonía móbil.*

8.2. TER CARTOS

ter cartos

estar forrado

estar podre de cartos

ter cartos coma a area

Ter cartos en abundancia, ser moi rico: *Por eles non te preocupes, teñen cartos. / Marisa podería comer fóra as veces que quixese, está forrada. / O pai de Xulio estaba podre de cartos, por iso o fillo vivía nunha especie de apart hotel e saía de troula cando lle prestaba. / Regaloulle un estudo de gravación á moza, imaxina! O tipo ten cartos coma a area.*

atar os cans con longaínzas (nun lugar)

Ter medios económicos. Haber moita riqueza nese lugar; ser moi doado prosperar e enriquecerse nese lugar: *No século pasado, grazas ao éxito das feiras na comarca, había vilas nas que ataban os cans con longaínzas.*

nadar na abundancia

nadar na fartura

Ser moi rico, ser moi frutífero: *Esa xente nada na abundancia e non sabe o que custa pagar os recibos ao final de mes. / Chicho era un artista con sona, amigo da troula e os coches de luxo, nadaba na fartura.*

8.3. AFORRAR

apertar o cinto

apertar a bolsa

Aforrar o máis posible sobre todo en momentos de escaseza ou crise, reducir os

gastos: *Neste tempo de crise é o momento de apertar o cinto.*

gardar das risas para as choras

Ser previsor, pensar no futuro. Apartar cartos nos tempos de fartura, para dispor deles nos tempos de necesidade, aforrar: *Non debes gastar todo no Nadal, que logo quedas a abanar. Tes que gardar das risas para as choras.*

mirar os cartos

Aforrar, gastar o menos posible: *Ao pór en marcha unha empresa tan especializada hai que mirar os cartos.*

termar dos cartos

1 Aforrar: *Se queres viaxar a Islandia, non che queda máis remedio que conseguir un traballo por horas e termar dos cartos durante todo o ano.*

2 Terlle moito apego ao diñeiro e evitar gastalo porque doe moito desprenderse del. Ser avaro: *As veciñas de embaixo non che van comprar a rifa, nin o intentes, esas termar ben dos cartos.*

FALSO AFORRO

ser o aforro do pirixel

Ser un falso aforro porque supón un beneficio que case non repercute na economía: *No Departamento de Deportes decidiron aplicar o recorte do orzamento en papelería, pero non en deseñadores gráficos... non sei como non ven que iso é o aforro do pirixel.*

tirar os anacos e aproveitar as faragullas

Facer gasto en cousas de pouco valor e descoidar as valiosas: *Quitaron do piso os mobles de madeira que herdaran para subir do lixo uns estantes de metacrilato que dá noxo velos... son dos que tiran os anacos e aproveitan as faragullas.*

As **faragullas** son a fungallas, as migallas, os pequenos anacos que se soltan do pan, as galletas ou os doces. As **faragullas** son tamén as porcións pequenas de algo que se esnaquiza, por exemplo, pedra, vidro ou algo similar.

8.4. VALOR / PREZO

custar algo un ollo da cara

custar algo un ril

Ter un prezo moi alto, ser extremadamente caro: *A lancha do Mouríño custou un ollo da cara, dígocho eu. / O traxe da voda era de alta costura e custoulle un ril.*

estar algo polas nubes

Estar moi caro: *Os percebes no Nadal están polas nubes.*

custar máis o caldo ca as talladas

saír máis caro o prebe ca o peixe

valer máis a matula ca o sebo

Ser unha actividade de moi dubidosa rendibilidade, un negocio ruín onde o accesorio ou secundario custa máis ca o principal: *Se os tes que chamar a todos ao estranxeiro, vaiche saír máis caro o prebe ca o peixe.*

O **caldo** é o líquido no que se coce un alimento. O **prebe** é o mollo, o condimento líquido que se lles bota ás comidas para mellorar o seu sabor. A **matula** é a mecha que se pon nas candeas, candís etc. feita de fíos de algodón o liño retorcidos.

As **talladas** son as porcións cortadas dalgunha cousa, principalmente comestible.

O **sebo** é a graxa sólida de animal, empregada para facer candeas e xabón.

ter algo música

Custar caro porque é especial: *Este traxe de alta costura ten música, así que é mellor que vaías pensando noutro cun prezo máis razoable.*

ser un comecartos

Custar moito ou facer gastar moitos cartos: *Xa lle botei unha untura marela que merquei na botica, pero vaiche boa! un comecartos. Non me fixo nada.*

non valer unha cadela

Ser de moi escaso valor ou carecer del. Non ter calidade: *Esa casa vella non vale unha cadela.*

non ter prezo

Valer moito: *Os clientes da cafetería sabemos moi ben que Estrela e Bea non teñen prezo. Sempre serven a profesorado e alumnado cadanseu café axiña e no seu punto!*

8.5. GASTAR

soltar a galiña**soltar a pita**

Dar ou gastar os cartos a contragusto ou por obriga: *Coa nova lexislación tivo que cambiar toda a instalación eléctrica no taller e non lle gustou nada **soltar a galiña**. / Como fixo Xacobe para poñer publicidade en Internet? **Soltou a pita** en euros ou en dólares?*

gastar a rego cheo

Gastar en abundancia, non escatimar medios nin cartos á hora de facer un gasto: *Esta tempada **gastaron a rego cheo** e ficharon os mellores xogadores no Celta de Vigo.*

gastar cartos coma sarabia

Malgastar: *Miña nai estaba escandalizada porque na casa do Currás **gastaban cartos coma sarabia** nas bombas da festa.*

alongar o pé máis do que dá a manta

Gastar por enriba das posibilidades: *O seu proceder non é bo de gobernar... antolladizo e irresponsable, sempre **alonga o pé máis do que dá a manta**.*

botar a casa pola ventá

1 Facer un gasto moi grande, con xenerosidade, sen taxa: *Na voda do fillo **botou a casa pola ventá**.*

2 Gastar moito máis do que un se pode permitir; malgastar, dilapidar: *Nunca me sentín moi cómodo convivindo con xente que **bota a casa pola ventá** á mínima ocasión.*

8.6. NON TER CARTOS / POBREZA

estar limpo**estar pelado**

Andar/estar/quedar sen diñeiro: *Nese restaurante trouxéronnos unha conta astronómica e agora **estamos limpos**. / Contra a fin de mes sempre **está pelado**.*

estar teso

Non ter cartos, non dispoñer de reservas económicas: *Desde que estou no paro, **estou teso**, non teño nin para cafés.*

andar sen branca**estar sen branca****non ter branca**

Non ter cartos ningúns. Ser pobre: *Non imos ao cine porque **estamos sen branca**.*

andar a pedir (polas portas)**andar polas portas**

Pedir esmola, ser pobre, non ter nada: *Ainda vas **andar polas portas** como non te esforces en atopar un traballiño.*

andar á miñoca**andar ás miñocas**

Andar moi mal de cartos, ou sen practicamente cartos: *Os mariñeiros tiveron unha campaña do bonito moi mala e seguro que teñen que **andar á miñoca** medio ano.*

ser pobre coma as arañas

Ser moi pobre: *Rosalía falaba de xente que **era pobre coma as arañas**.*

non ter un can**non ter unha cadela**

Non ter cartos ningúns: *O seu problema de ludopatía saíulle caro, está arruinado, **non ten un can**. / Hai anos que non compra roupa nova porque **non ten unha cadela**.*

non ter casa nin brasa**non ter lume nin fume nin pinta de estrume****non ter eira nin leira nin pau de figueira****non ter leito nin teito****non ter máis que o día e a noite****non ter onde caer morto**

Vivir na extrema pobreza, carecer de medios económicos, non ter nada: *Cando meus tíos comezaron a mocear, meu avó tardou tempo en aceptalo. Seica a familia do meu tío **non tiña eira nin leira nin pau de figueira**. / Eran unha das familias máis pobres da parroquia... miña avoa sempre dicía que **non tiñan máis que o día e a noite**. / El nunca trouxera moito diñeiro á casa, e desde que se divorciou, **non ten onde caer morto**.*

[ficar] cunha man diante e outra detrás

Sen medios económicos, sen recursos, só co posto: *Hai moitas persoas que deixan os seus países cunha man diante e outra detrás na busca dunha vida mellor.*

8.7. ARRUINARSE

acabar coa casa

Arruinar: *Como deixes á miña tía ao coidado das contas, **acaba coa casa**. Nunca tivo control gastando.*

dar co cu no ferrado

Arruinarse: *Díxenlle que tivese coidado, que afeccionarse pola hípica era caro... e efectivamente, de alí a un ano deu co cu no ferrado.*

perder a camisa

Perder absolutamente todo: *Foi xogar ao casino e perdeu a camisa.*
[Consultar § 6.9. FRACASO]

→ Refráns**A avaricia rompe o saco**

A ansia excesiva dunha persoa por acumular cartos e riquezas sempre acaba mal: *É moi entendido na bolsa, pero deixouse levar pola actividade exitosa de varias empresas e comprou unha boa mancha de accións. Agora que o seu valor baixou, anda desesperado. Xa se sabe: a avaricia rompe o saco.*

A cabalo regalado non lle mires o dentado

Cando unha persoa recibe algo de balde, debe aceptalo aínda que non guste e sen pór en dúbida o seu valor: *A nai de Aurora comproulle unhas sabas de cores para o piso de estudante. Non lle gustan nada, pero eu xa lle dixeran aquilo de a cabalo regalado non lle mires o dentado.*

Hai que dar e ter para que nos veñan ver

Hai que actuar con xenerosidade e hospitalidade para recibir visitas. *Miña nai sempre tiña unha miguiña de queixo e un vaso de viño para quen entrase pola porta. Decote dicía hai que dar e ter para que nos veñan ver.*

8.8. ROUBAR**meter (a) man****meter a unlla****ser da uña longa**

Roubar, apropiarse de algo que non é da súa propiedade ou que non lle corresponde: *Ese político corrupto meteu a man nas arcas municipais e agora está no cárcere.*

Non é máis rico o que máis ten, senón o que menos precisa

A riqueza non consiste nun cúmulo de posesións senón na ausencia de necesidades: *Non ten moito pero vive feliz, é ben certo que non é máis rico o que máis ten, senón o que menos precisa.*

Non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe

Con habilidade o pouco pode repartirse para que chegue. Con irresponsabilidade o moito tamén se esgota: *Non estás aforrando nada e ten en conta que non hai pouco que non chegue nin moito que non se acabe.*

Máis vale ter que desexar

É moi importante valorar o que se ten (aínda que non sexa exactamente o que se quere) porque o desexo doutra cousa non é garantía de que se vaia acadar: *Os meus tíos da vila teñen unha hortiña pequena que xa lles gustaría a moitos. Cando alguén lles di que non é gran cousa, eles sempre contestan que máis vale ter que desexar.*

Unidade 9. Tempo meteorolóxico

Le o estado do perfil do xornalista Elías Luaces nunha rede social. Repara nos fraseoloxismos empregados.

Para demostrar que a vida dun documentalista independente non é unha sucesión fabulosa de paisaxes ben valen as miñas últimas semanas. Eu, que son de Ourense e sei o que é **afogar de calor**¹ no verán, tiveron que aturar o final de agosto en Grecia. A sensación era propiamente infernal, **caían os paxaros coa calor**² e eu **aseime coma un carneiro ao espeto**³ explorando o lugar e filmando os testemuños que precisaba. Ademais non lle encontro chiste ningún a ese sol, sempre fun algo tizón de pel e non me vai nada esa moda de **pórse ao sol coma un lagarto**⁴.

A seguinte parada era Istambul, en Turquía. Aínda bo era que alí me agardaban outros compañeiros de rodaxe, e a calor de setembro non era tan esaxerada. Iso si, a mesma tarde de chegar, vimos como se toldaba o ceo nos xardíns entre Santa Sofía e a Mesquita Azul, e como os vendedores de simit –rosas de pan con sésamo–, corrían ao acollido. En medio minuto **caía auga a chuzos**⁵, **a xerros**⁶, **a caldeiros**⁷ ou **a mares**⁸. Algo torrencial e repentino, nada que ver cos ritmos da chuva en Santiago de Compostela, por exemplo. **Puxémonos coma pitos**⁹, a auga **calounos até os ósos**¹⁰ e o peor de todo, cos equipos enriba. O resto da tarde, mentres amainaba e **zoaba o vento coma un lobo**¹¹, refuxiámonos no Gran Bazar.

A última semana de setembro collemos rumbo a Polonia temendo que **o aire cortase coma un coitelo**¹², pero aínda **íá boa hora**¹³. Pronto descubrimos que no outono, en Varsovia **chove pero non queima**¹⁴; o segundo día **caían catro pingueiras**¹⁵, aínda ben non se mollara a estatua de Copérnico co seu sistema solar e a xente xa se metera nos cafés ou nas casas, coma se **houbese tempo bravo**¹⁶!

Non vos hai nada como volver e amantarse, mentres **chove miudiño**¹⁷. Para que logo digades que vivo na gloria, de aquí para alá! Achís!

¹ pasar moita calor.

² estar o tempo moi quente.

³ soportei unha bofa terrible.

⁴ broncearse en exceso.

⁵ chovía moitísimo.

⁶ chovía torrencialmente.

⁷ diluviaba.

⁸ arroiaba.

⁹ totalmente mollados.

¹⁰ enchoupounos completamente.

¹¹ o vento asubiaba fortemente.

¹² o aire fose moi frío.

¹³ estaba bo tempo.

¹⁴ chove pouco.

¹⁵ chovía moi pouco.

¹⁶ estivese moi mal tempo.


¹⁷ cae unha choiva moi fina e con pouca intensidade.

Exercicio 9.1. De acordo co texto anterior, decide se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións.

1. Elías Luaces está afeito á calor porque é de Ourense. ☐
2. Comparada coa de Grecia, a calor en Turquía non era tan esaxerada. ☐
3. O xeito de chover en Istambul é semellante ao de Santiago de Compostela. ☐
4. En Varsovia, no outono, non chove moito. ☐
5. Elías Luaces prefire o chover miudiño da súa terra. ☐



caer catro pingueiras



chover a caldeiros

O clima galego é mundialmente coñecido pola choiva, que acaba por ser unha referencia morriñenta dos galegos. De feito, como poderás reparar, a maioría da fraseoloxía fai referencia á chuvia. Mesmo así, non podemos ficar no tópico da choiva e a humidade, tamén falamos da calor ou do sol, con similitudes diversas que imos coñecer de contado.

Como **chove miudiño**
como **miudiño chove**
como **chove miudiño**
pola banda de Láíño
pola banda de Lestrove.

Misteriosa regadeira
fin ' orballo no chan pousa
con feitiña curvadeira
remollando na ribeira
frol por frol, chousa por chousa.

Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos*

Na eira **chovía miudiño**. Coñezo
esa chuvia, aquelada e falsa, que se
mete na cabeza ás agachadas ata facer
de ti un vexetal.

Manuel Rivas, *Os comedores de patacas*

Exercicio 9.2. Repara nas listaxes destes fraseoloxismos e ponlle o título a cada grupo.



IR SOL SARABIAR NEVISCAR / NEVAR CHOVER POUCO IR CALOR
CHOVER MOITO CLAREXAR / ESCAMPAR IR VENTO IR FRÍO MOLLARSE

1. ...**IR SOL**...

vai boa **hora**
vai un **sol** que queima
queima coma o **lume**

2.

ásanse os **paxaros** coa calor
caen os **paxaros** coa calor
caen os **piscos** coa calor
derrétense as **pedras**

Unha persoa...
ponse ao sol coma un **lagarto**
afoga de **calor**
ásase coma un **carneiro** ao **espeto**

3.

caen dúas / catro **pingueiras**
chove dúas / catro **pingueiras**
chove coma a **mexeira** dun can
chove **miudiño**

4.

chove a **caldeiros**
chove a **cántaros**
chove ás **cuncas**
chove a **potes**
cae auga a **xerros**
chove a **cachóns**
chove a **fío**
chove a **mares**
chove a **rego**
chove a **trebón**
caen **chuzos** de **punta**

5.

Unha persoa...
ponse coma un **pito**
ponse coma unha **sopa**
ponse **pingando**
está **calada** ata os **ósos**
está **mollada** coma unha **ra**

6.

cae **pedra**
caer **pedrazo**
caen **pedras** coma **puños**

7.

caen **charamiscas**
caen **farrapos**

8.

chéiralles o **alento** a unha **porta**
corta o **frío** coma un **coitelo**
corta o **frío** coma unha **fouciña**


Unha persoa...
bate **dente** con **dente**
bate os **dentes**
ten carne de **galiña**
ten pel de **polo**

9.

hai **tempo bravo**
zoa o vento coma un **lobo**

10.

abre o **día**
sae o **sol**



asarse os paxaros coa calor



bater dente con dente

Exercicio 9.3. Procura o mellor exemplo para ilustrar estes significados.

- | | |
|--------------|---|
| 1. ANUBRARSE | A. Temos que nos abrigar ben porque está a caer auga de neve . |
| 2. ORBALLAR | B. A xente está moi cansada de tanto chover e soamente quere que saia o sol dunha vez para poder saír á rúa. |
| 3. NEVISCAR | C. O ceo toldouse pola tarde e non puídemos tomar o sol na praia. |
| 4. ARCO IRIS | D. Tende coidado, que cae auga miúda e podémonos mollar sen decatármonos. |
| 5. CLAREXAR | E. Cando chove e ao mesmo tempo vai sol, sae o arco da vella no ceo, amosando todas as cores da luz. |

❗ **O arco da vella** tamén recibe o nome de arco das bruxas, arco das mozas, arco das cores, arco do ceo etc. Ten unha orixe moi incerta, aínda que conta cunha forte presenza na cultura popular ao se crer que unha vella empregaba o arco iris para levar algún meniño ou moza (“Arco da vella, vaite de aí, que as nenas bonitas non son pra ti”). Outra crenza popular sitúa un tesouro agochado onde xorde o arco da vella.

Repara que para nos referirmos á choiva forte e abundante, acostumamos empregar fraseoloxismos con diversos recipientes que poidan levar auga.

caer auga a xerro

chover a caldeiros
chover a cántaroschover a potes
chover ás cuncas

Exercicio 9.4. Relaciona estes tipos de recipientes coa súa definición.

- | | |
|---|--|
| 1. <i>Voulle ir tomar un xerro de viño cuns amigos do choio.</i> | A. Recipiente cóncavo de barro ou louza sen asas empregado para tomar comidas líquidas. |
| 2. <i>Quero unha cunca de caldo como primeiro prato.</i> | B. Recipiente de uso doméstico con asa para conter e servir líquidos. |
| 3. <i>Vou buscar o caldeiro para fregar a cociña.</i> | C. Recipiente de ferro coa barriga en forma de esfera, con dúas asas e un aro para penduralo e que antigamente se empregaba para cociñar na lareira. |
| 4. <i>Neste cántaro pode haber uns dezaseis litros de viño.</i> | D. Vasilla grande de barro, ancha pola barriga, estreita na boca e no pé, polo regular con agarras e que se emprega para transportar ou conter auga, aceite etc. |
| 5. <i>Aínda temos o pote da lareira na casa, pero como xa non cociñamos nel, serve de paraugueiro.</i> | E. Balde ou recipiente troncocónico para conter ou transportar líquidos, lixo etc. |

Outras veces facemos relacións entre a choiva forte e as cousas bicudas, que fan dano ou que caen con forza.

caer auga a chuzos
caer chuzos de punta
chover a chuzoschover a fío
chover a regochover a cachóns
chover a trebón

Exercicio 9.5. Relaciona.

- | | |
|---|---|
| 1. <i>Non se pode andar a brincar co chuzo porque é perigoso, pódeseche espichar nun ollo.</i> | A. Fervenza ou cadoiro, caída de auga forte dun río. |
| 2. <i>Imos facer unha andaina pola serra do Candán para visitar os cachóns da zona.</i> | B. Gume de instrumento cortante coma unha navalla, un coitelo etc. |
| 3. <i>Tiven que afiar o fío da machada porque non cortaba nadaña.</i> | C. Pau armado cunha punta de ferro, empregado como arma ofensiva e defensiva. |
| 4. <i>Coas últimas chuvias o rego pasou a ser un río.</i> | D. Estrondo provocado polas descargas eléctricas na atmosfera. |
| 5. <i>Téñolle moito medo aos trebóns, así que vou agardar a que escape.</i> | E. Pequeno suco natural por onde corre a auga. |

pórse coma un pito



Moitos fraseoloxismos sobre o tempo conteñen animais, neste caso, aves.

caer os paxaros coa calor
caer os piscos coa calor

ter carne de galiña
ter pel de polo

mollarse coma un pito

Exercicio 9.6. Liga os seguintes animais coa súa definición.

- | | |
|--|---|
| 1. Os piscos comían no pan que lles deixei no beiral da xanela. | A. Ave doméstica de crista vermella que se cría para aproveitar os seus ovos e a súa carne para a alimentación. |
| 2. No día da festa comemos polo con cachelos e repolo. | B. Nome xenérico de toda especie de aves, especialmente as máis pequenas. |
| 3. Tivémolle que pór un niño con fento aos pitos , porque se non morrían co frío. | C. Ave pequena co lombo de cor parda, de peito e papo roibos, peteiro fino e estreito. |
| 4. É difícil ter unha galiña como animal de compañía nun apartamento. | D. Cría pequena da galiña. |
| 5. Teño un grande amor polos animais e, especialmente, polos paxaros . | E. Cría xa crecida da galiña e empregada na alimentación. |

Seguimos cos animais presentes nas expresións.

chover coma a mexeira dun can
zoar o vento coma un lobo

pórse ao sol coma un lagarto
estar coma unha ra

Pecha a porta que escapa o gato!

Exercicio 9.7. Relaciona.

- | | |
|---|---|
| 1. <i>Todas as noites dou un paseo co meu can pola alameda da cidade.</i>
2. <i>Na Serra do Galleiro aínda hai lobos.</i>
3. <i>Encántame ver os lagartos ao sol no muro da miña casa.</i>
4. <i>O gato comezou a miar cando Uxía lle levou un pouco de leite con pan.</i>
5. <i>As lagoas e as pozas están moi poluídas, por iso é tan difícil ver ras.</i> | A. Réptil escamado de corpo delgado, cola longa e afiada e con patas.
B. Anfibios de pel lisa, que xeralmente viven na auga ou próximo a ela.
C. Mamífero carnívoro encontrado en todo o mundo como animal doméstico.
D. Grande mamífero carnívoro, con sona de feroz e astuto e protagonista de moitos contos populares.
E. Pequeno mamífero carnívoro, doméstico, da familia dos felinos. |
|---|---|

Exercicio 9.8. Mira as palabras en grosa e relaciona para formar fraseoloxismos.

	a cachón	
	a caldeiros	
caer	a fío	<u>caer auga a xerros,</u>
	a trebón	
chover	ás cuncas	
	auga a xerros	
ir	carne de galiña	
pórse	chuzos de punta	
	coma un pito	
ter	os paxaros coa calor	
	pel de polo	
	unha calor que caen os piscos	

Todo o admitía, todo o sufría, todo o aguantaba, menos aquela calor, aquel sol atrollador, aquela luz alabarada que o cegaba, que o volvía tolo, que lle sacaba o respiro, o senso, a vida.

Que chova, meu Deus, que chova e que non pare máis, que a auga me leve, me coma, me mate e me enterre!

Daríam mil veces a vida por ver chover, por ver a auga, apreixala, sentíla sobre o seu corpo queimado polo sol, lucio, e na súa boca seca e chea de po.

Quería afogarse, pero en auga, en auga fresca, en auga pura.

Que chova e que non pare máis, que veña un diluvio e que asolague a cidade e a min con ela para sempre!

Xosé Fernández Ferreiro, *A ceo aberto* (adaptado)

Exercicio 9.9. Relaciona as secuencias da esquerda coas secuencias da dereita.

- | | |
|--|--|
| 1. Unha noite, cando eu era pequena, choveu a cachón no gran salón. Adiantárase o inverno e | A. aínda estaba sen retellar a casa. Os cadros quedaron enchoupados e houbo que poñelos arredor dunha lareira e facerlles lume unha semana enteira para que recuperasen a súa faciana. Xavier Lama, <i>O serodio remordemento do amor</i> (adaptado) |
| 2. Pero non te puidiches meter nos soportais? non ves que estás calado ata os ósos ? Miña nai está a agardarnos dende hai media hora para a cea de Noiteboa e | B. O que non vou é continuar todo un inverno chovendo a cántaros e pendente dunha obra exterior, coas máquinas e os obreiros parados. Xabier Quiroga, <i>Atuado na braña</i> |
| 3. Son crisantemos dobres, brancos. Teñen os rabos metidos nun balde de auga para levalos frescos ao cemiterio. | C. «Rapaz, ven aquí que te vas poñer coma un pito! » O neno e o vello, dúas xeracións de afeccionados na bancada lateral de Riazor, agardan xuntos polo final do partido. Xesús Flores, Xosé Mejuto, <i>Historia do Deportivo</i> (adaptado) |
| 4. Se pensa que imos estar empantanados desta maneira está moi equivocado. Eu dirixo unha empresa seria, que ten moitos compromisos no país. | D. Chove a fío . Sempre chove ou fai néboa por Todos os Santos. Xermán está aburrido neste día de chuvia, días que esmagan i estamos todos a mar de enfatiados. Xohana Torres, <i>Adeus, María</i> (adaptado) |
| 5. O neno do xersei vermello berra de ledicia e tose un par de veces, enchoupado de arriba a abaixo. Ata que un vello se entenrece e reclámao ó seu carón. | E. a ti non se che ocorre outra cousa que pórte pingando . E se mañá non estás en condicións de conducir ata Ancares, ti verás. A fin de contas serás ti quen lle dea explicacións á avoa Elba. Rosa Aneiros Díaz, <i>Corazóns amolecidos en salitre</i> (adaptado) |

Exercicio 9.10. Relaciona estes significados cos fraseoloxismos.

- | | |
|---|--|
| 1. Está totalmente mollado. | A. <i>Zoa o vento coma un lobo!</i> |
| 2. Broncéase ao sol. | B. <i>Está coma unha ra.</i> |
| 3. Vai frío porque hai unha corrente de aire. | C. <i>Ponse ao sol coma un lagarto.</i> |
| 4. Vai un vento moi forte. | D. <i>É a mexeira dun can!</i> |
| 5. Chove pouco. | E. <i>Pecha a porta que escapa o gato!</i> |

Tamén podemos falar do tempo a partir de elementos que nos agriden e feren para ilustrar a violencia dos fenómenos meteorolóxicos. Dicimos frecuentemente que **o frío corta coma un coitelo, unha fouciña, un fouciño** ou **unha navalla**. E para expresarmos a idea de que vai moita calor dicimos que **se derreten as pedras, vai un sol que esmecha** e que **vai unha calor que acora**.

Exercicio 9.11. Relaciona.

- | | |
|--|---|
| 1. <i>Dáme o coitelo para depelicar as patacas.</i> | A. Pequena fouce, especialmente para cortar herbas. |
| 2. <i>Vou cortar un pouco de herba para as ovellas co fouciño.</i> | B. Instrumento constituído por unha lámina cortante e un cabo para suxeitar. |
| 3. <i>Para cortar as silvas vénme ben a fouciña.</i> | C. Especie de fouce, de maior tamaño ca o fouciño e que se emprega para cortar nas tarefas agrícolas. |
| 4. <i>Faciame falta unha navalla pequena para ir ao monte cando vou de andaina.</i> | D. Anacos de materia mineral dura, sólida. |
| 5. <i>Coas últimas chuvias, a estrada ficou chea de pedras.</i> | E. Instrumento para cortar que dobra e cuxa vaiña garda a lámina cortante. |

Exercicio 9.12. Relaciona para formares fraseoloxismos e úneos co tema correspondente.

Unha persoa está mollada	de calor	IR CALOR
Unha persoa afoga	o día	CLAREXAR
Caen	os piscos	IR MOITA CALOR
Caen	coma unha sopa	MOLLARSE
Levanta	pedras coma puños	SARABIAIAR

Unha persoa está mollada coma unha sopa,

.....



caer os piscos coa calor



caer pedras coma puños

Exercicio 9.13. Elix a opción correcta.

1. A principios dos 40 cargabamos cos instrumentos no coche de liña por estacións e apeadeiros. Nós aínda che viaxabamos cómodos. O peor era o batería. Tiña que ir arriba cos tambores. Se chovían _____ chegaba molladiño coma _____. Xurxo Souto, *Fumareu* (adaptado)

- a) dúas pingas / un pito b) xerros / a cachón c) piscos / pingas

2. A teima de capturar o endiañado furtivo e poder así facer méritos para marchar de alí empurraba todas e cada unha das súas pisadas por entre os toxos e mais a area. Ao chegar ao lugar indicado polo Federico, acochouse tras dunha duna e agardou. Chovía _____ como só chove cando quere amolar. Pasaron minutos e máis horas de silencio con aquel ruxerruxe do océano bravo que se lle espetaba con violencia nos miolos. Rosa Anciños Díaz, *Corazóns amolecidos en salitre*

- a) unha sopa b) trebón c) pingando d) miudiño

3. Un alustre iluminou aqueles rostros espaventados. Logo, tremeron as paredes. As mulleres pecháronse na trastenda e queimaron loureiro. Caeu _____ durante toda a tarde. Rachou tellas e cristais. Matou paxaros. Cando escampou, saíron. El quedou só. Rebentábanlle as sens. Chuspiu e pensou: «Levouno todo». Este ano as espigas estaban cheas. Domeábanse co peso. Dixo para si: «Será ano de fame». Carlos Casares, *Vento ferido* (adaptado)

- a) fio b) rego c) pedra d) piscos

4. Polas seis da mañá, a verdadeira hora do frío, caeu unha xeadada que cortaba o peito e arreguizaba os corpos. Iamos todos atarecados, mesmo os que posuíamos roupas de abrigo, batendo _____, coas orellas xeadas e os xeonllos repenicando un tremor que subía pola res para tombar nos miolos. Hixinio Puentes, *Aguillóns de Ortegá* (adaptado)

- a) coma un coitelo b) a xerros c) dente con dente d) de punta

5. Aos oito días, o can estaba tan lucido coma o fillo dun señorito. Todo o mes de Santiago daquel verán (por certo adoecido, pois case fixo derreter _____ nos outeiros e deixou a herba o mesmo ca as pallas dunha vasoira nova) os nenos de don Carlos Limonié só deixaban ao can cando tiñan que ir xantar, ceaxar, ou durmir. Despois desas horas, o can era un máis entre eles. Manuel Lueiro Rey, *O sol na crista do galo* (adaptado)

- a) a chuzos b) os ósos c) ás cuncas d) as pedras

❶ Para falar de CHOVER tamén podemos dicir **vai chover o que teña que chover e se chove que chova!**

Exercicio 9.14. Para ilustrar a fraseoloxía no ámbito do tempo meteorolóxico é frecuente o recurso da intensificación a través da reiteración. Relaciona dous elementos de cada columna e repara na repetición das ideas de calor, frío e molladura.

1. Hoxe queima
2. Vai máis calor
3. Tes os pés fríos
4. Estoume a asar
5. Mollouse

- A. coma a neve.
- B. ca no inferno.
- C. coma o lume.
- D. coma unha sopa.
- E. coma o carneiro ao espeto.

Exercicio 9.15. Outras veces a intensificación preséntase nunha esaxeración.

1. Caen
2. Derrétense
3. Chove
4. Móllanse
5. Vai un frío

- A. as pedras coa calor.
- B. a mares.
- C. os paxaros coa calor.
- D. que corta.
- E. os peixes.

Exercicio 9.16. Elix a opción correcta.

1. Tiña sete anos. Estaba na escola. Nevaba. O mestre situounos a todos nas ventás para que observásemos como _____. El saíu fóra, descalzouse, camiñou sobre a neve e, agarrando unha presa nas mans, berrou cheo de entusiasmo: «Que alfombra tan branca!». M. Carmen Espasandín, *A memoria* (adaptado)
a) caían os piscos b) caían os farrapos c) ía boa hora
2. Dona Rosa, os baños de mar faranlle ben. E non se apure. Agora está anubrado, pero ás doce _____ e despois quenta o sol ata queimar. Miguel Anxo Fernán, *A casa dos afogados* (adaptado)
a) cala ata os ósos b) cae pedra c) abre o día
3. Podrecían as patacas nos leiros porque dende dous meses atrás non se _____.
a) levantara o tempo b) batían dente con dente c) queimaran coma o lume
4. Para poñer remolacha mandan labrar a terra no mes de Xaneiro e para o millo hai que labrala en Maio, cando _____. José Salgado Rodríguez, *Paliques* (adaptado)
a) sae o sol b) corta o frío coma un coitelo c) caen os paxaros coa calor
5. Despois de semanas de choiva ininterrompida, _____. Os que disto entenden –a xente do campo– aventuraban que o día 11 de abril cambiaría o tempo, e así foi, oe. Que ata hai quen estreou a praia e deu o primeiro mergullo. Antía Urgorri, *O acuario*
a) saíu o sol b) tivemos carne de galiña c) choveu a cachón

Exercicio 9.17. Observa este fraseoloxismo en diferentes linguas. Cando a imaxe non coincide coa galega, aparece a tradución literal embaixo. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Comenta cos compañeiros.

chover a caldeiros
chover a cántaros
 (galego)

ploure a bots i barrals (catalán)
 chover a botas e barrís

llover a cántaros (español)
 chover a cántaros

pleuvoir à seaux (francés)
 chover a caldeiros

piovere a catinelle (italiano)
 chover a barreños

chover a cântaros (portugués)

(euria) goian behean ari (éuscaro)
 a chuvia arriba e abaixo

wie aus Kübeln gießen (alemán)
 como vertendo (auga) a caldeiros

rain cats and dogs (inglés)
 chover gatos e cans

Indica cales poden ser os equivalentes dos fraseoloxismos galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas.

A mal tempo, boa cara

En sentido literal emprégase para aconsellar non mostrar a nosa decepción ante a incomodidade do tempo. En sentido metafórico úsase para recomendar unha actitude positiva ante as contrariedades, pois aínda que a situación non vaia mudar, as persoas poden cambiar a súa disposición, mantendo o tempero sen desanimarse.

Iso de «a mal tempo, boa cara» non parece cumprirse na comunidade galega, onde a choiva fai estragos, non só na xeografía, senón no estado de ánimo das persoas. Así o confirma o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia (COPG), que asegura que o mal tempo exerce unha «marcada influencia» nos índices de malestar, depresión e dor de cabeza dos galegos.

E é que no mes de febreiro, só se rexistrou un día de sol nas principais cidades galegas fronte ós 13 días de choiva intensa, nos que caeron 181,51 litros por metros cadrado de media, 45,35 litros máis do habitual, segundo informou o Centro Meteorolóxico Territorial de Galicia.

Laura Núñez, *Galicia Hoxe* (adaptado)

Cando entrei a traballar na fundición foi como cando lle peta chover no verán, que amola o mal tempo pero hai que se alegrar porque fai medrar o millo.

Xavier Alcalá, *A fundición e outras narracións* (adaptado)

Exercicio 9.18. A sabedoría popular á volta do tempo e do clima revélase sobre todo a través de refráns. A seguir tes a primeira parte dun refrán, escolle a segunda e explica oralmente o seu significado.

- | | |
|--|---|
| 1. A mal tempo, <u>boa cara</u>
a) bótate a chorar.
b) fica na cama.
c) boa cara. | 4. Lúa nova, treboada, _____
a) trinta días é mollada.
b) vai un sol de carallo.
c) déitase a durmir. |
| 2. Se chove e fai vento, _____
a) é bo momento para pensar.
b) ponte a traballar.
c) pecha a porta e métete dentro. | 5. Tempo e fartura, _____
a) vas ao supermercado e cómpralos.
b) logo se muda.
c) a escolla é túa. |
| 3. No seu tempo, _____
a) rebélate e múdao.
b) non vai mal tempo.
c) moito has de chorar. | 6. Arco da vella ao anoitecer, _____
a) bo tempo ao amencer.
b) neve ao amencer.
c) chuvia ao amencer. |

Exercicio 9.19. Estes son os significados dos refráns anteriores, escríbeos completos onde corresponda.

- | | |
|---|------------------------------|
| 1. Se o tempo é ruín hai que afrontalo con humor e boa disposición. | <u>A mal tempo, boa cara</u> |
| 2. A lúa pódenos dicir que tempo imos ter durante un mes. | _____ |
| 3. É lóxico ter unha climatoloxía determinada segundo a altura do ano, cando ten que chover que chova, cando ten que quecer o sol, que queza. | _____ |
| 4. O tempo, como a vida e a súa fortuna, poden mudar e alterarse de maneira imprevista. | _____ |
| 5. O arco iris da tardiña anuncia bo tempo na mañá seguinte. | _____ |
| 6. Nun día de forte vento e choiva o mellor que se pode facer é non saír da casa. | _____ |

A relación entre o tempo, a meteoroloxía e a vida relixiosa é moi marcada no calendario galego. Así, meses como xuño, setembro, novembro ou decembro son coñecidos popularmente como o mes de San Xoán, San Miguel, Santos ou Nadal, pois son as principais festas deses meses.

Ao mesmo tempo, hai algúns padroeiros que son máis refraneiros do que outros, por cadraren en alturas do ano onde o traballo na sementeira, na colleita ou na matanza son maiores. Deste xeito, en galego temos moitos refráns, por exemplo, para San Martiño, San Miguel, San Xoán, Santa Mariña, e ningún para San Valeriano ou Santa Deolinda.



A mal tempo, boa cara

Exercicio 9.20. O que máis se emprega na lingua do día a día cando estamos a falar do tempo é o refrán. De seguido, tes os comezos de refráns para cadanseu mes do ano, procura a segunda parte e tenta darlle unha explicación.

1. En xaneiro,
2. Febreiro,
3. Marzo marzán,
4. Polo abril,
5. En maio,
6. Xuño,
7. En xullo,
8. En agosto,
9. En setembro,
10. Outubro quente,
11. Polo mes de Santos,
12. Amencer e anoitecer,

- A. augas mil.
- B. pola mañá cariña de rosa e pola tarde cara de can.
- C. frío no corpo enteiro.
- D. merendeiro.
- E. arder e patacas coller.
- F. aínda a vella queima o tallo.
- G. frío no rostro.
- H. mes de San Xoán, días longos e verán.
- I. en decembro é case á vez.
- L. ou secan as fontes ou levan as pontes.
- M. xa baixa a neve aos campos.
- N. inverno detente.

Exercicio 9.21. Na vida labrega e mariñeira as labours da terra e as faenas do mar van acompañadas de refráns que ligan o calendario a festividades. Une cada parte dos seguintes refráns.

- | | |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| 1. San Miguel das uvas maduras, | A. a sardiña molla no pan. |
| 2. Polo San Xoán, | B. lle chega o seu San Martiño. |
| 3. Chuvia antes do vento, | C. dende Santos a Nadal. |
| 4. A todo porquiño | D. mingua a noite e medra o día. |
| 5. É inverno natural, | E. colle os rizóns que vén mal tempo. |
| 6. Pola Santa Lucía, | F. tarde vés e pouco duras. |

Exercicio 9.22. Reacciona ás seguintes situacións e emprega un dos refráns que levamos traballado nesta unidade.

1. – Que sardiñas tan boas! Saben a gloria así asadiñas na grella e cun pouco de broa!
– Si ho! Tes razón. Xa cho di o refrán, _____.
2. – Neste mes nunca sei o que vestir. De día andas cunha camisola e logo á tardiña tes que pór unha boa zamarra!
– O refrán non erra _____.
3. – Cantos asasinos, tiranos, ditadores e torturadores hai polo mundo!
– Aínda ben que _____ e ao final sempre se fai xustiza.
4. – O que peor levo do Nadal non son as paparotas, as reunións familiares, os agasallos ou aturar os meus primos, para min o peor é que sempre é noite!
– _____. Así que, témolo que tomar con bo humor e o Nadal tamén. Hahahaha!
5. – Este mes está tolo, no ano pasado choveu tanto que asolagou a vila e neste ano vai tanta calor que está todo seco e hai lumes por todas as partes!
– Pois éche ben certo, xa se sabe que _____.
6. – Para min este mes é o meu favorito. Vai frío, é certo, pero os días son máis grandes, o sol xa ten forza e xa se pode andar de terrazas. O mellor de todo é que case sempre cadra co Entroido.
– A miña avoa sempre cho dicía: _____. Para min tamén é un mes precioso, nacín nel e só fago o aniversario cada catro anos!

Exercicio 9.23. Observa os equivalentes do refrán **a mal tempo, boa cara** noutras linguas. Cando a imaxe non coincide coa galega, aparece a tradución literal embaixo. Reflexiona sobre que teñen en común e en que se diferencian. Comenta cos compañeiros.

A mal tempo, boa cara
(galego)

Al mal temps, fer-li bona cara (catalán)

A mal tiempo, buena cara (español)

Contre mauvaise fortune bon cœur (francés)
Contra a mala fortuna, bo corazón

Bisogna far buon viso a cattivo gioco (italiano)
Hai que pór boa cara ao mal xogo

Tristezas não pagam dívidas (portugués)
Tristezas non pagan débedas

Nekeetan, irria ezpainetan (éuscaro)
Nas adversidades, o sorriso nos labios

Man muss gute Miene zum bösen Spiel machen (alemán)
Hai que pór boa cara ao mal xogo

What can't be cured must be endured (inglés)
O que non se pode curar débese soportar

Indica cales poden ser os equivalentes dos refráns galegos vistos nesta unidade noutras linguas que coñezas. Coméntao.

→ Para estar de humor...



Luis Davila, "Protector solar"



Luis Davila, "Se chove, que chova!"

Escena 1. Repara no primeiro deseño. Vai un sol de carallo, como cantaban Os Resentidos, e o home non quere que unha nube estrague o día. A partir da imaxe, que fraseoloxismos e refráns poderíamos empregar para describir o que acontece?

Escena 2. Aquí temos un bo exemplo de que **caen catro pingueiras** ou pensas que **chove a cachón**? Aínda que sempre haberá quen pense que **chove pero non queima** ou que **a mal tempo boa cara**. Procura na unidade fraseoloxismos e refráns que poidamos empregar para describir a situación.

→ Para falar...

1. Caracteriza o tempo que está a facer hoxe e esta semana empregando fraseoloxismos e refráns vistos nesta unidade.
2. Describe o tempo que fixo nalgún momento da túa vida que recordes especialmente (unha data importante, unha celebración familiar, as túas últimas vacacións, a túa última viaxe...).

Cando estamos xuntos na casa dos meus pais ás veces falamos daqueles días do furacán Hortensia. Fora polo mes de outubro do 1984. Recordo que a uralita da horta saíu voando por enriba das árbores... era moi perigoso estar fóra da casa. Chovía a cachón e zoaba o vento coma un lobo...

→ Sabías que...?

O cine, ademais de crear fraseoloxismos como **ser de cine** ('ser fermoso, luxoso, fastoso') e **chupar cámara** ('ter protagonismo, acaparar atención'), tamén deixa a súa pegada para falar do tempo:

Chover coma nas películas é chover a caldeiros. A min paréceme que para baixo de Galicia non sabe chover: esa choiva momentánea e brutal é unha descortesía climática que obriga a paralizar toda actividade, que impide camiñar e que destroza; en Galicia, en cambio, desfrutamos desa choiva miúda que aman os botánicos e xardineiros, que case non se ve e que pode durar horas e días sen coutar plenamente ningunha actividade; esa chuvia é unha forma ecolóxica de chover e unha maneira civilizada de mollar. Esa chuvia, xa se dixo, é arte. Pero, como esa finísima chuvia non sae na fotografía, con frecuencia (como disque pasou na rodaxe de *Los gozos y las sombras**) os directores de cine contratan uns bombeiros que fan caer sobre os actores chorros inmisericordes de auga para que os actores se vexan ben mollados. Cando chove así, ás cuncas, dise agora que *chove coma nas películas*.

Xesús Ferro Ruibal, *Cada quen fala coma quen é* (adaptado)

**Los gozos y las sombras* é a novela de Gonzalo Torrente Ballester escrita en forma de triloxía entre 1957 e 1962. A acción está ambientada nas Rías Baixas (Pontevedra e arredores) á finais da Segunda República (1934-1936). En 1982 foi adaptada ao cine en formato de serie de televisión por TVE e acadou un grande éxito de crítica e público. Dous anos despois foi dobrada ao galego por Juan Rodríguez Guisán e emitida pola TVG coma *Os gozos e a sombras* en 2004.

Fraseoloxismos e refráns desta unidade

➔ Fraseoloxismos

9.1. IR SOL

ir boa hora

Ir bo tempo. Saír o sol: *Vai boa hora, podemos aproveitar para irmos dar un paseo.*

ir un sol que queima

Ir bo tempo. Ter o sol moita forza: *Vou botar o protector solar porque vai un sol que queima.*

9.2. IR CALOR

Ir moita calor. Quentar moito o sol. Queimar:

afogar de calor

Estiven polo Algarve no verán, pasámolo moi ben pero afogábase de calor.

asarse coma un carneiro ao espeto

O peor da praia, para min, é que me aso coma un carneiro ao espeto.

asarse os paxaros coa calor

Vai ser mellor que agardemos un pouco para saírmos, porque se asan os paxaros coa calor alá fóra.

caer os paxaros (mortos)

caer os paxaros (coa calor)

caer os piscos (coa calor)

O día do casamento do meu primo Fernando caían os piscos coa calor. Houbo varias persoas que mesmo se desmaiaron.

derreterse as pedras

Durante a derradeira etapa da Volta Ciclista ás Rías Baixas derretíanse as pedras, polo que a organización decidiu alargar o avituallamento.

queimar coma o lume

En Ourense hoxe queima coma o lume, ata o piche se derrete!

ir un sol de carallo [VULGAR]

Vai un sol de carallo! Hoxe non penso lavar o coche.

mornear ao sol coma un gato

pórse ao sol coma un lagarto

Exporse para aproveitar os raios e a calor do sol: *Non podemos permitir que Xiana se poña ao sol coma un lagarto sen antes botar protector solar.*

OUTROS FRASEOLOXISMOS para...

IR CALOR

Aplánanse os **paxaros**.

Unha persoa derrétese aos **cachóns** do sol.

Vai máis calor ca no **inferno**.

Vai un sol que **esmecha**.

Vai unha calor como se estivésenos nun **forno**.

Vai unha calor coma **chumbo derretido**.

Vai unha calor que **abochornoa**.

Vai unha calor que **acora**.

Vai unha calor que **escapan os cans** para a sombra.

Queima coma o **lume**.

Queima coma o **sol**.

Quenta o sol coma un **borrallo**.

Quenta o sol coma o **lume**.

Unha persoa sente a calor coma unha **vaca vella**.

9.3. CHOVER POUCO

caer dúas pingas

chover dúas pingas

caer dúas pingueiras

chover dúas pingueiras

caer catro pingueiras

chover catro pingueiras

*Hai xente que se asusta cando **caen catro pingueiras**! Non che saben o que é chover.*

chover tanto coma a mexeira dun gato

chover tanto coma a mexeira dun can

*Como se vai suspender a festa se **chove tanto coma a mexeira dun can**!*

caer auga miúda

chover miudiño

Chover con pouca intensidade pero persistentemente. Esta choiva é coñecida segundo as distintas áreas galegas como poalla, poalleira, orballo etc.: ***Caía auga miúda** é fónomos mollando pouco a pouco sen nos decatar. / Cheguei mollado ao emprego por parvo, cando saín da casa*

chovía miudiño e pensei que non había de ser nada!

9.4. CHOVER MOITO

Chover abundante e intensamente, con forza e moito seguido, arroiar, diluviar:

caer auga a chuzos

caer chuzos (de punta)

chover a chuzos

*Cando comezou a treboada a xente abrigouse nos soportais porque comezou a **caer auga a chuzos**. / O chan era moi lodeiro e **caían chuzos de punta** cando quixemos saír do monte, por iso quedamos no enxoiro do refuxio. / Que **chova a chuzos** non é difícil, o que sorprende é que sexa no mes de agosto!*

O **chuzo** é un pau cun cravo ou aguillón na punta.

chover a cachón

chover a trebón

*Durante o mes de xullo non é habitual que chova, iso si, se chove, **chove a trebón**. É mellor que adiemos a excursión ao Ézaro, porque está a **chover a cachón** e pode ser perigoso.*

O **cachón** é unha ferverza pequena, un cadoiro.

chover a mares

*Non saías da casa que **está a chover a mares**.*

chover a rego(s)

*Eu son máis de chuvia, non me importa que **chova a regos**, o que si non soporto é a bofa da calor.*

chover a caldeiros

chover a cántaros

chover a potes

chover ás cuncas

chover a xerros

caer auga a xerros

*Seica Fornelos de Montes é o lugar onde máis chove no país. Aí si que **chove a caldeiros**! / Non esquezas o paraugas, Tito, que **chove a cántaros**. / Durante todo o camiño á Franqueira **choveunos a potes**. / Como hoxe **chove ás cuncas**, apetécevos ir ao cinema? / Durante toda a viaxe ata Cotobade **choveu a***

***xerros**, non parou nin un intre. / Puxémonos a pingar, **caía auga a xerros**.*

chover a mares

*Non saías da casa que **está a chover a mares**.*

chover a rego(s)

*Eu son máis de chuvia, non me importa que **chova a regos**, o que si non soporto é a bofa da calor.*

[chover] a fio

*Sen parar: **Choveu a fio**, da mañá á noite, así que me botei no sofá a ler todo o día. Non había mellor cousa para facer.*

chover coma nas películas

[Consultar § Sabías que... ?]

OUTROS FRASEOLOXISMOS para...

CHOVER MOITO

Chove a **caldeiradas**.

Chove a **canados**.

Chove a **sellas**.

Chove a **chover**.

Chove a **deus dar**.

Chove a **máis non poder**.

9.5. MOLLARSE

calar ata os ósos

*Enchoupar completamente: **Caeu unha treboada que nos calou ata os ósos**.*

Un líquido **cala** unha cousa penetrando nela en profundidade, mollándoa completamente.

estar coma un pito

estar (mollado) coma unha ra

estar feito unha sopa

*Estar moi mollado e ter moita humidade despois de chover: **Aloia, vaite mudar de roupa, que estás coma un pito**. / Fun sen paraugas ás aulas e molláronse os apuntamentos, **están feitos unha sopa**.*

mollarse coma un pito

mollarse coma unha sopa

pórse coma un pito

pórse coma unha sopa

*Enchouparse, mollarse moito: **Leva o paraugas ou vaste pór coma un pito**.*

pórise pingando

Enchouparse, mollarse moito: *Esta mañá chovía tanto que se puxo pingando* de camiño ao choio.

[Confrontar § **pór pingando** 7.11. RECRIMINAR]

OUTROS FRASEOLOXISMOS para...**ESTAR ENCHOUPADO**

Unha persoa está (mollada) coma...

un **trapo**

un **trollo**

a **lama**

unha **boira**

unha **pelica**

o **breu**

unha **maragota**

un **pingo**

9.6. SARABIA**caer area****caer sarabia / saraiba****caer pedrisco****caer pedra****caer pedrazo**

Caer sarabia: *O peor que lle pode pasar ao viño en agosto é que lle caia area.* / *Os labregos sempre están temerosos durante os meses das colleitas, porque se cae pedra pódense estragar os produtos.*

A **sarabia** é auga conxelada en forma de grans que cae violentamente das nubes.

caer pedras coma puños

Cae sarabia, pedras, de grandes dimensións: *No día da Santa Ana, aínda mal comezara a procesión, e en cinco minutos cubriuse o ceo e comezaron a caer pedras coma puños.* A coitada da santa non acabou o paseo.

9.7. NEVISCAR / NEVAR**caer auga de neve**

Caer unha chuva miúda mesturada con neve tamén miúda: *Abrígate ben que está a caer auga de neve.*

caer charamiscas**caer charamuscas**

Negar lixeiramente, neviscar, caer neve miúda mesturada con chuva, xeralmente acompañada de vento: *Os montañeiros en dirección Pena Trevinca, ao veren que comezaban a caer charamiscas, decidiron pasar a noite no refuxio.*

A **charamisca** ou **charamusca** é a charamela, a faísca, a partícula que se desprende dun corpo en combustión. Tamén é a neve miúda.

caer farrapos

Negar: *Caían farrapos grandes coma pexegos.*

Normalmente pensamos que un **farrapo** é unha peza de roupa ou un anaco de tea moi gastados e rotos, pero neste fraseoloxismo, o **farrapo** é a folerpa, unha partícula de neve que cae.

9.8. IR FRÍO**cortar o frío****cortar (o frío) coma un coitelo****cortar (o frío) coma unha fouciña****cortar (o frío) coma un fouciño****cortar (o frío) coma unha navalla**

Ir moito frío: *Ribeira é unha vila con moi bo clima, pero cando vai nordés, corta o frío coma un coitelo.*

cheirarlle o alento (a unha porta ou xanela)

Entrar o frío por esa porta ou xanela: *Fai favor, cando saias has de pechar a xanela do baixo, porque lle cheira o alento.*

bater dente con dente**dar dente con dente****bater os dentes**

Sentir moito frío, aterecer co frío, tremer co frío: *Estabamos na praia, cando de súpeto se levantou nortada e comezamos a bater dente con dente.* Non nos quedou outra que marchar: */ Se estás aterecida co frío, é normal que deas dente con dente.* / *Apañoume o frío enriba da bicicleta e non paraba de bater os dentes.*

**ter carne de galiña
ter pel de polo**

Sentir frío, alterárselle a unha persoa a pel por unha sensación de frío ou arrepío: *Vou poñer o gabán que xa teño **carne de galiña**. Repara como **teño a pel de polo**, que frío! Empréstatme un xersei?*

estar frío coma a neve

Estar unha persoa moi fría, conxelada: *Preciso tomar un café ben quente que **estou fría coma a neve**!*

ter [unha parte do corpo] fría coma a neve

Ter moi fría esa parte do corpo: *Toda a mañá parado na biblioteca e **teño os pés coma a neve**.*

OUTROS FRASEOLOXISMOS para...
IR FRÍO

Vai un frío que non paran nin os **cans** (atados)!

Vai un frío que treme a **carqueixa**!

Pecha a porta que escapa o **gato**!

9.9. IR VENTO

[haber] tempo bravo

Tempo de fortes chuvias e ventos, temporal: *Nas zonas costeiras **hai tempo bravo** no inverno.*

zoar o vento coma un lobo

Ir moito vento, con moito ruído: *No cabo Touriñán **zoa o vento coma un lobo**. Mete medo!*

9.10. CLAREXAR / ESCAMPAR

Deixar de chover, verse o sol:

abrir o día

*Nesa zona do Salnés sempre **abre o día** a media mañá e pódese ir tranquilamente á praia.*

abrir unha raiola

*Vamos aproveitar que **abriu unha raiola** para largar os miños, a ver se apañamos algunha lagosta.*

levantar o tempo

*Non sei se **levantará o tempo** para que saia a Coca pasear por Redondela.*

saír o sol

*Estou moi contenta porque xa non hai ningunha nube no ceo e por fin **saíu o sol**.*

9.11. ARCO DA VELLA

[saír] o arco da vella

[saír] o arco iris

*[Aparecer] o arco da vella ou arco iris: No horizonte, sobre aquel outeiro, vimos como **saía o arco da vella**.*

9.12. ESTAR NUBRADO

[estar] o ceo acunchado

[estar] o ceo empedrado

[estar] o ceo toldado

*[Haber] nubes pequenas moi xuntas: Hoxe **está o ceo acunchado**, aínda ha de chover. / Sempre din os vellos que cando **está o ceo empedrado** vai chover.*

→ Refráns

A mal tempo, boa cara

Perante as dificultades meteorolóxicas hai que ter boa disposición. *Que chova na túa festa de aniversario é triste pero xa se sabe que a mal tempo, boa cara.*

Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao amencer

Segundo a sabedoría popular, a presenza do arco da vella á noiteña é presaxio de bo tempo na mañá seguinte: *Estás a ver alí ao lonxe o arco iris? Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao amencer, así que imos preparar as cousas para irmos mañá pescar ao río.*

O arco da vella é o fenómeno meteorolóxico consistente na aparición de arcos de cores (as sete cores do espectro) producidas pola refracción e reflexión das raiolas do sol nas pingas de chuva.

[Consultar **Prólogo**, páx. 8]

Chove pero non queima

Chove pouco. Este refrán emprégase para lle tirar importancia ao feito de chover: *Como non vas poder vir correr? Non é para tanto a cousa, chove pero non queima.*

Lúa nova, treboada, trinta días é mollada

Un novo ciclo lunar que cadre con treboada marca un período de trinta días de chuvias: *A miña avoa Susana sempre o di, lúa nova, treboada, trinta días é mollada, así que non hai dúbidas, vai chover nos vindeiros días.*

No seu tempo, non vai mal tempo

A meteoroloxía vén marcada polos ciclos anuais, polo que calor, frío, chuva, neve etc. son o que se agarda segundo a altura do ano: *Como te vas queixar polo frío en xaneiro? Ti non coñeces o refrán no seu tempo, non vai mal tempo?*

Se chove e fai vento, pecha a porta e métete dentro

Nun día de forte vento e choiva o mellor que se pode facer é ficar na casa: *Vou chamar a Maica e a Alba para adiarmos a reunión de hoxe. Recomendaron os de Meteogalicia que non se saia da casa polo temporal. Xa se sabe que se chove e fai vento, pecha a porta e métete dentro.*

Tempo e fartura, logo se muda

O tempo, como a vida e a súa fortuna, poden mudar e alterarse de maneira imprevista e sorprendente: *Vou levar un xersei e un paraugas, que se cadra aínda arrefría e se pon a chover. Como di o refrán: tempo e fartura, logo se muda.*

O TEMPO E OS MESES

En xaneiro, frío no corpo enteiro

O mes de xaneiro é un mes moi frío.

Febreiro, merendeiro

No mes de febreiro os días xa medran moito, polo que xa é posible aproveitar máis a luz do día.

Marzo marzán, pola mañá cariña de rosa e pola tarde cara de can

Marzo é un mes que está entre o frío do inverno e o sol da primavera, polo que é un mes de grandes variacións térmicas, sobre todo entre o día e a tarde.

Polo abril, augas mil

Durante o mes de abril acostuma chover moito.

En maio, aínda a vella queima o tallo

Aínda que o mes de maio é o mes das flores e noutros refráns é considerado o mellor mes do ano, tamén pode vir frío, polo que aínda é preciso queimar leña na lareira.

Polo San Xoán, as nove con día dan

O mes de xuño, coñecido como mes de San Xoán, é o mes con máis horas de sol (algo máis de 15 horas).

Galicia ten o fuso horario da Europa Central (UTC/GMT+1) e ademais emprega o horario de verán (adianto dunha hora nos reloxos), o que implica unha hora máis de sol á tarde. Non estaría mal pensar que as nove (21 h) do refrán poderían facer referencia ás once (23 h) actuais.

En xullo arder e patacas coller

Se o mes de xullo está quente, é o momento de apañar as patacas, base da alimentación galega.

En agosto, frío no rostro

No mes de agosto xa podemos comezar a sentir o frío na cara, sobre todo á noite, por iso convén saír á noite cunha peza de roupa na man.

En setembro, ou secan as fontes ou levan as pontes

O mes de setembro é un mes impredecible: pode haber choivas abundantes e mesmo grandes inundacións ou secas moi fortes e problemas de abastecemento.

Outubro quente, inverno detente

Xa no outono, o tempo arrefría e as follas caen, pero tamén pode vir un outubro quente que nos permita os últimos baños na praia, polo que o inverno ten que agardar a súa chegada.

Polo mes de Santos, xa baixa a neve aos campos

No mes de novembro, o mes de Santos, temos mesmo o verán de San Martiño. Após a festa do magosto o inverno entra con forza, e segundo as terras, os campos aparecen xeados ou nevados.

Chuvia antes do vento, colle os rizóns que vén mal tempo

Os traballos do mar son determinados polo tempo, por iso este refrán anuncia que se chove antes de ventar o mellor é coller o rizón, a áncora, e ir para a terra.

Amencer e anoitecer, en decembro e case á vez

Polo mes de decembro desfrutamos do solsticio de inverno (dos días 21 a 22) e é cando os días son máis pequenos.

O TEMPO E OS PADROEIROS**A todo porquiño lle chega o seu San Martiño**

A altura do San Martiño (11 de novembro), os días fríos mais soalleiros son propicios para celebrar magostos, probar o viño novo e facer a matanza do porco. Este refrán tamén se aplica a unha persoa que despois de facer un mal ten o seu castigo no momento da morte.
[Consultar § Refróns da Unidade 1]

É inverno natural dende Santos a Nadal

O período entre Santos (novembro) e Nadal (decembro) é considerado como o período do ano no que hai que contar cun tempo invernal, onde os días son máis pequenos e as noites máis longas.

Polo San Xoán a sardiña molla no pan

Polo San Xoán (24 de xuño) a sardiña é cando está con mellor comida, por iso é o alimento típico deste mes. Así, os mariñeiros das nosas costas saen a polos cardumes, pescados ao xeito ou con outras artes, as peixeiras venden nas prazas e os gorentosos clientes pagan a bos prezos as ducias das sardiñas, que mollan as broas en millares de cacharelas.

Pola Santa Lucía, mingua a noite e medra o día

Segundo a crenza popular, a partir da Santa Lucía (13 de decembro) comezan a medrar os días (de algo máis de 9 horas de sol) e a minguar as noites. Se cadra, tamén é por iso que é unha santa moi milagreira para as cousas dos ollos e da vista... Hai que ter en consideración que ata a reforma do calendario promulgada polo papa Gregorio XIII (1581) o 13 de decembro marcaba o solsticio de inverno (na actualidade cara a 21 de decembro).

San Miguel das uvas, tarde vés e pouco duras

O mes de setembro tamén é coñecido polo mes de San Miguel. É unha altura onde hai moita labouira no campo, apáñase o millo e o viño, fundamentais na agricultura galega. O día de san Miguel é o 29 de setembro e antes desa data apáñanse as uvas.

Unidade 10. Revisión

Exercicio 10. Marca a opción correcta.

1. Dá gusto ver como come este neno, _____.

- a) é de bo dente
- b) mete unha boa xarda
- c) fai bo caldo

2. É unha boa idea tomar un par de améndoas para _____ a media mañá.

- a) botar o can
- b) ser pan comido
- c) matar o becho

3. Gústalle _____ e despois ten resaca.

- a) cargar o carro
- b) tirar do carro
- c) poñer o carro diante dos bois

4. Temos que agardar un minuto por Xoán, que vai _____.

- a) ter a cabeza a paxaros
- b) quedar en auga de castañas
- c) cambiarlle a auga ao paxaro

5. Creo que non vas poder contar con Xoana para ir aos fogos do Apóstolo porque sempre _____.

- a) solta a pita
- b) se deita coas galiñas
- c) se pon coma un pito

6. Case non se mancou pero xa está _____. É un choromicas!

- a) caéndolle o pelo
- b) pingando o moco
- c) recibindo cos brazos abertos

7. Como siga traballando tanto e comendo tan mal, vai _____ moito antes do que pensa.

- a) ir para o buraco
- b) ir vento en popa
- c) estar coma un buxo

8. Chegou tarde á primeira aula da mañá porque _____ outra vez.

- a) saíu da casa por pés alleos
- b) pasou a mellor vida
- c) ficou a durmir nas pallas

9. Na súa familia son todos moi baixos, por iso el tamén _____.

- a) leva as mans á cabeza
- b) aperta o cinto
- c) é unha mincha

10. Xaquín ten que comer un pouco máis porque _____.

- a) está coma un zoncho
- b) non ten lixos na lingua
- c) está nos ósos

11. Vas recoñecer o mozo axiña porque _____ ao seu pai.

- a) é coma un croio
- b) é cuspidiño
- c) está coma un pote

12. Gústalle moito aquela rapaza pola súa beleza, porque _____.

- a) é bonita coma un sol
- b) é do montón
- a) ten o azogue

13. _____ por iso se vai pór a réxime.

- a) Estira o pé máis do que da a manta
- b) Está coma un bocoi
- c) Descansa en paz

14. _____ é un sinal do paso dos anos que moita xente non quere aceptar e decide operar.

- a) Meter a pata
- b) Ter patas de galo
- c) Ter mala angueira

15. Sempre nos axuda, _____.

- a) é un anaco de pan
- b) é un toxo
- c) é un pau viradoiro

16. Sabela cre que é imprescindible e _____.

- a) vai entre o millo
- b) ten moitos fumes
- c) viste a caixa de piñeiro

17. Gústalle moito facer bromas, _____.
 - a) é un camastrón
 - b) é un arenque
 - c) é o demo
18. Non sabe saír do apuro porque _____.
 - a) ve a luz
 - b) sae o sol
 - c) ten poucas luces
19. É un rapaz moi sensato e _____.
 - a) come terra
 - b) ten os pés na terra
 - c) derrétense as pedras
20. Uxío é un aproveitado, sempre _____.
 - a) é bonito coma un sol
 - b) ten as mans atadas
 - c) se arrima ao sol que máis quenta
21. O que fixo ese home non ten lóxica, _____.
 - a) está coma un rebolo
 - b) está coma unha cabra
 - c) está de palique
22. Non sabe onde puxo a carteira, _____.
 - a) anda nas nubes
 - b) anda na boca da xente
 - c) anda sen branca
23. Sempre _____ e non fai o que lle mandan.
 - a) está coma un pito
 - b) está coma un tren
 - c) está nos biosbardos
24. Non te metas con ela que _____ e sairás prexudicado.
 - a) sabe latín
 - b) é un saco sen fondo
 - c) cae co sono
25. Ese rapaz soamente di parvadas, é un _____.
 - a) croio
 - b) tarabelo
 - c) espeto
26. Non te fies da súa boa aparencia porque _____.
 - a) resucita a un morto
 - b) é un morto de fame
 - c) ten un corazón de ouro
27. Este mecano ármocho eu de contado, _____.
 - a) é pan comido
 - b) é manso coma un año
 - c) é como arar no mar
28. Acabar a carreira _____.
 - a) tivo mala angueira
 - b) custoulle ferro e fariña
 - c) foi para o buraco
29. Xacobe xa falou cos pais da súa noiva Elisa para _____. Están todos moi contentos.
 - a) bater dente con dente
 - b) pedirlle a man
 - c) torcerlles o bico
30. Agora non poden enredar. A miña muller vaime _____ se non vou axiña.
 - a) botar flores
 - b) poñer nos cornos da lúa
 - c) botar os cans
31. Tivo un accidente de tráfico e dende entón conduce a modo porque _____.
 - a) come cos ollos
 - b) lle viu as orellas ao lobo
 - c) fala polas orellas
32. _____ nese traballo tan perigoso porque necesitaba mantelo.
 - a) Andou con gaitas
 - b) Aguantou mecha
 - c) Non moveu unha palla
33. Cando chegou das vacacións e viu a porta do piso aberta, _____.
 - a) levou a contra
 - b) fixo boa masa
 - c) levou as mans á cabeza.
34. O teléfono estivo _____ toda a mañá e agora dóeme moito a cabeza.
 - a) dando a roncha
 - b) dando a luz
 - c) dando gato por lebre

35. Non vaias agora pedirlle cartos a Xerome porque _____. Déixao descansar un pouco.
- a) mete o zoco
 - b) non está para gaitas
 - c) é cuspidiño
36. Acusárono de coller os cartos da lotería e _____.
- a) puxo toda a carne no espeto
 - b) puxo o carro diante dos bois
 - c) púxose coma unha fera
37. _____ cando viu a casa despois do incendio.
- a) Caeulle a alma aos pés
 - b) Tivo moitos fumes
 - c) Caeulle a baba
38. _____ cando lle dixeron que os asasinados de seu pai ían saír da cadea.
- a) Botaba unha man
 - b) Botaba lume polos ollos
 - c) Mataba o becho
39. Está farto de tanto barullo e tantos coches. Como lle presta ir á aldea! Ali _____.
- a) está coma peixe na auga
 - b) está nos ósos
 - c) está sen branca
40. A xerenta non quere falar do tema dos orzamentos e os empregados _____ por se perden os seus traballos.
- a) andan nas nubes
 - b) andan coa area no zoco
 - c) teñen lei
41. Cando escoitei a terrible noticia do escape de gas na nosa rúa _____.
- a) quedei de pedra
 - b) fiquei a durmir nas pallas
 - c) durmín coma unha pedra
42. Mira para o fillo de Ramiro, parece que saíu onte da escola e xa _____ ao seu pai.
- a) é pan comido
 - b) queda en auga de castañas
 - c) lle come as papas na cabeza
43. Vicente está contento coma un _____ porque non fai gardas nocturnas no hospital.
- a) cuco
 - b) moucho
 - c) boi
44. Aurora _____ cando lle foron pedir para a festa. Menos mal que despois se desculpou.
- a) foi chegar e encher
 - b) deulles coa porta nos focinhos
 - c) fixo bo xugo
45. Dá gusto velos! Eses dous mozos lévanse moi ben, _____.
- a) comen no mesmo prato
 - b) piden papas
 - c) comen lume
46. Non quere saber nada de Xiao porque lle _____ cando máis o precisaba.
- a) caeu ben
 - b) tivo lei
 - c) virou as costas
47. Co incremento da demanda de pisos, as inmobiliarias _____.
- a) viñeron coma auga de maio
 - b) quedaron en auga de bacallau
 - c) fixeron feira
48. Están moi contentos porque a construción da súa casa _____.
- a) vai vento en popa
 - b) bate en ferro frío
 - c) anda á miñoca
49. Este mes teremos que _____ se queremos que nos cheguen os cartos.
- a) ir para o buraco
 - b) apertar o cinto
 - c) meter a zoca
50. Para celebraren o nacemento do seu fillo non lles importou _____.
- a) botar a casa pola ventá
 - b) encartar a gaita
 - c) cantar as corenta

51. Deille vinte euros e xa _____ outra vez.
Non hai cartos que lle cheguen!
a) está na verza
b) está no chasis
c) está sen branca
52. Foi un home moi rico, pero agora _____.
a) ten na punta da lingua
b) non ten onde caer morto
c) lévase a matar
53. Necesitamos que nos veñas _____ coa mudanza.
a) botar unha man
b) botar o can
c) botar as mans á cabeza
54. Non podemos comprar ese reloxo porque _____.
a) come cos ollos
b) non pega ollo
c) custa un ollo da cara
55. Agora non che poden deixar os cartos porque _____.
a) estou forrada
b) estou podre de cartos
c) non teño un can
56. Este recluso está no cárcere por _____.
a) ser uña e carne
b) ser da uña longa
c) matar dous paxaros dun tiro
57. Non ten ningún problema cos moinantes da feira porque _____.
a) lles sabe a agulla de marear
b) bota veneno pola boca
c) fai as súas necesidades
58. Non vai ser fácil aprobar a materia con este profesor porque _____.
a) solta a pita
b) ata os cans con longaínzas
c) é duro de roer
59. Afonso non fixo as tarefas e a mestra _____.
a) cantou vitoria
b) cantoulle as corenta
c) foi coser e cantar
60. _____ pero souberon rectificar a tempo.
a) Fixeron xeira
b) Meteron a pata
c) Fixeron de corpo
61. A nova oferta de emprego vains vir _____.
a) coma auga de maio
b) coma un libro aberto
c) coma un saco de patacas
62. Os xogadores _____ para gañar o partido.
a) puxeron a parir
b) non deron pé con bóla
c) puxeron toda a carne no espeto
63. A directiva vai ter que _____ para que haxa algo de disciplina nesa oficina tan caótica.
a) bater dente con dente
b) ensinar os dentes
c) ter bo dente
64. Estaba moi frustrado porque todos os seus proxectos _____.
a) sacaron as castañas do lume
b) quedaron en auga de castañas
c) pillaron o truco
65. O primeiro día de traballo _____ pero logo aprendeu. É unha rapaza lista.
a) non daba pé con bóla
b) non pegaba ollo
c) non tiña onde caer morta
66. Xerome ten moita sorte, _____.
a) buscoulle tres pés ao gato
b) caeulle a alma aos pés
c) naceu de pé
67. Cando fun mercar o peixe non tiven que esperar nada, _____.
a) foi chegar e encher
b) foi como atopar unha agulla nun palleiro
c) foi vender o peixe antes de pescalo
68. Saíulle mal o traballo porque _____.
a) tirou do carro
b) sabía con que bois araba
c) puxo o carro diante dos bois

69. As malas relacións dos socios fixeron que a empresa fose _____.
 a) vento en popa
 b) a pique
 c) coser e cantar
70. O rapaz marchou da casa sen avisar a ninguén e ao volver _____.
 a) caeu en saco roto
 b) foi un saco sen fondo
 c) caeulle o pelo
71. Non discutas coa axente porque ela _____ e pode poñerche unha multa.
 b) non dá pancada
 b) ten a tixola polo cabo
 c) está picada da troita
72. _____ toda a tarde, non estivo calado un minuto.
 b) Encheu o papo
 b) Deulle á lingua
 c) Andou na boca da xente
73. Non importa o que lle digas, _____. Sempre fai o que quere.
 a) leva nas orellas
 b) velle as orellas ao lobo
 c) é mallar en ferro frío
74. Estou intentando recordar o nome deste actor tan famoso que aparece no filme *O lapis do carpinteiro*, _____.
 a) teño mala angueira
 b) teño o corazón nun puño
 c) téño na punta da lingua
75. Nélida sempre di todo o que pensa porque _____.
 a) non ten lixos na lingua
 b) non solta prenda
 c) queda en branco
76. Quere saber o seu segredo, por iso lle vai _____.
 a) tirar da lingua
 b) tirar a toalla
 c) levar unha trompa enriba
77. Amalia _____ e anda a alarmar os demais inutilmente.
 a) está coma o peixe na auga
 b) fai carreira
 c) afoga en pouca auga
78. Nótase que quere ben a esa empregada porque sempre _____.
 a) a pon polas nubes
 b) está nas nubes
 c) anda polas nubes
79. A coordinadora da viaxe _____ porque chegaron tarde ao aeroporto e perderon o avión.
 a) púxoos pingando
 b) púxoos polas alturas
 c) puxo os pés na terra
80. Todo o mundo fala da súa dimisión, _____.
 a) vai coma un rei nunha cesta
 b) vale máis a matula ca o sebo
 c) anda na boca da xente
81. Helena é moi testuda e _____ aínda que estea errada.
 b) é o vivo retrato
 b) non dá o brazo a torcer
 c) non ten unha cadela
82. Estamos todos moi contentos porque a xefa _____ a todo o que lle propuxemos.
 a) dou a roncha
 b) dixo amén
 c) falou por non estar calado
83. _____ por iso lles gustar traballar sempre xuntas.
 a) Fan bo caldo
 b) Andan ás agarradas
 c) Lévanse a matar
84. Ese rapaz está moi namorado de Sabela e _____.
 a) déixaa tirada
 b) faille a figa
 c) faille as beiras

85. Xulia é de natural pacífica, sempre intenta _____ cando as súas irmás discuten.
 a) temperar gaitas
 b) facer eses
 c) botar por terra
86. Está moi orgulloso da súa filla e _____ cando vai con ela pola rúa.
 a) lávalle a roupa
 b) apértalle as caravillas
 c) cáelle a baba
87. Sempre acabamos discutindo porque el é moi inconsciente e gústalle _____.
 a) meter os cans na bouza
 b) facer bo xugo
 c) facer xeira
88. Separouse ao pouco de casar porque a súa muller _____.
 a) púñalle os cornos
 b) púñao nos cornos da lúa
 c) púñao polas nubes
89. Xa é o terceiro can que lle morre e está convencida de que _____ porque non lle atopa ningunha explicación.
 a) viu polos seus ollos
 b) lle botaron o mal de ollo
 c) llo meteron polos ollos
90. Non lle importa o que diga a xente de Carmiña. _____ e non a vai abandonar xamais.
 a) Chéiralle a can
 b) Arrástraa pola lama
 c) Tenlle lei
91. Os máis achegados xa non confían nel porque saben que _____.
 a) está coma un zoncho
 b) anda ao xornal
 c) xoga con dúas barallas
92. Anda enfurruñada porque _____ de comer sempre o mesmo.
 a) está ata as orellas
 b) está peneque
 c) está na verza
93. Tareixa comezou falando do tempo para _____ no encontro coas autoridades.
 a) romper o xeo
 b) resucitar un morto
 c) ter o azougue
94. Os seus colegas traizoárona, _____ para que non ascendese na empresa.
 a) afogaron a ra
 b) botáronlle un cabo
 c) fixéronlle a cambadela
95. Moito nos gusta ver como sae _____ despois de chover!
 a) o arco da vella
 b) máis caro o prebe ca o peixe
 c) a galiña choca
96. Meteogalicia di que imos ter un bo día: logo de _____ vai saír o sol.
 a) parecerse coma dúas pingas de auga
 b) falar catro palabras contadas
 c) caer catro pingueiras
97. É mellor que non saías á rúa con eses zapatos de ante porque _____.
 a) estás teso
 b) están a caer chuzos de punta
 c) vai vento en popa
98. Se non levas o paraugas e o chuvasqueiro vaste pór _____.
 a) coma un lobo
 b) coma un peto
 c) coma un pito
99. Tiveron que esperar a que _____ para non se mollar.
 a) levantase o tempo
 b) se levasen coma o pan e o leite
 c) se levasen a matar
100. Se queres que alguén che fale e che conte das súas cousas, tes que _____.
 a) facerlle a cambadela
 b) darlle trela
 c) falar sen ton nin son

Solucións

Unidade previa... para entrar en materia

Exercicio previo 1. 1 a) literal, b) fraseolóxico; 2 a) literal, b) fraseolóxico; 3 a) fraseolóxico, b) literal; 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 fraseolóxicos.

Exercicio previo 2. 1 ceas, 2 queda, 3 sentado, 4 eito, 5 lobos, 6 madrugá, 7 falador, 8 regalado, 9 muda, 10 San Xoán.

Unidade 1. Accións vitais

Exercicio 1.1. 1F, 2F, 3F, 4V, 5V.

Exercicio 1.2. 1 NACER, 2 MORRER, 3 COMER, 4 BEBER, 5 DURMIR, 6 EVACUAR.

Exercicio 1.3. 1C, 2A, 3B, 4E, 5D, 6F.

Exercicio 1.4. 1E, 2A, 3D, 4C, 5B.

Exercicio 1.5. 1B, 2A, 3C, 4E, 5D.

Exercicio 1.6. BEBER: apagar a sede, mollar a palleta; BEBER MOITO (EMBEBEDARSE): cargar o carro, apañar unha boa chea; COMER MOITO (FARTARSE): encher o bandullo, ser un saco sen fondo; COMER POUCO: comer coma un pito, gardar a boca; DURMIR: deitarse coas galiñas, durmir coma unha pedra; NON DURMIR: non pegar ollo, pasar a noite en branco.

Exercicio 1.7. 1b, 2a, 3c, 4b, 5b.

Exercicio 1.8. NACER b, c; MORRER a, d, e.

Exercicio 1.9. 1d, 2f, 3a, 4c, 5b, 6e.

Exercicio 1.10. 1 vir ao mundo, 2 comer terra, 3 coller unha tralla, 4 pasar a noite en branco, 5 matar o becho, 6 ir para o buraco, 7 caer co sono, 8 cambiar a auga ao paxaro, 9 encher o papo, 10 pingar o moco.

Exercicio 1.11. 1e, 2d, 3c, 4b, 5a.

Exercicio 1.12. 1a, 2a, 3c, 4b, 5c.

Exercicio 1.13. 1b, 2e, 3a, 4d, 5c.

Exercicio 1.14. Suxestión de resposta: 1 apañou unha boa prea, apañou unha boa chea / facer as necesidades; 2 darlle sebo ás canelas; 3 enche o bandullo, enche o papo; 4 déitase coas galiñas; 5 pasar a mellor vida.

Exercicio 1.15. 1d, 2d, 3c, 4a, 5b.

Exercicio 1.16. 1 comer coma un pito, 2 deitarse coas galiñas, ladrarlle o estómago a alguén, 4 comer cos ollos.

Exercicio 1.17. 1V, 2F, 3F, 4V, 5V.

Exercicio 1.18. Suxestión de resposta: as distintas linguas presentan un valor intensificador nos seus fraseoloxismos baseado nunha comparación cunha ave pequena. Todos eles comparten a mesma idea: comer pouco é comer coma un animal pequeno. O tamaño do animal está relacionado directamente coa cantidade de comida.

Exercicio 1.19. 1c, 2a, 3b, 4a, 5b, 6a.

Exercicio 1.20. 1 a todo porquín lle chega o seu San Martiño; 2 o que se dá á bebida, ben pouco estima a súa vida; 3 a comida que se perde por comida, non é perdida; 4 caldo sen pan dáselle ao can; 5 de morrer ninguén escapa, nin o rei nin o papa; 6 comer e rañar, todo o malo é comezar.

Exercicio 1.21. Suxestión de resposta: nas linguas analizadas é establecida a perigosidade das ceas excesivas, vencelladas directamente á morte: matar, cadáver, cova, sepultura, tumba e cemiterio. A fartura é coma unha espada, un coitelo ou un garfo que provoca a morte.

Para estar de humor! Suxestión de resposta: Escena 1. Esta xente **come a Deus polas pernas, come a rancho, come coma un cura, come coma un frade, enche o bandullo, enche o papo.** Seguro que eles **son un saco sen fondo e teñen bo dente.** Pero despois de xantar e prepararse para cear han de **perdoar o mal que lle fai polo ben que lle sabe** porque han **quedar coma un cuco e a comida que se perde por comida, non é perdida** e xa se sabe que **comer e rañar, todo o malo é comezar.** Seguro que a comida e a bebida era tanta e tan boa que ha de **resucitar un morto.**

Escena 2. O siareiro da taberna quere **afogar a ra**, e co bandullo que ten seguro que é capaz de beber moitas cuncas, polo que pode **agarrar unha tranca, apañar unha (boa) chea, apañar unha (boa) prea, cargar o carro, coller unha enchente, coller unha tralla e estar borracho coma un bocoi, estar peneque, levar unha trompa enriba, facer eses.** Xa se sabe que **o que se dá á bebida, ben pouco estima a súa vida.**

Exercicio 1.22. Suxestión de resposta: estar entre catro velas (estar morto, catro velas acompañan o caixón do morto, no velorio tradicional católico); encartar a gaita (cando a morte chega gardamos a gaita para sempre); vestir a caixa de piñeiro (a caixa dos mortos acostuma ser feita coa madeira desta árbore); estar máis alá ca aquí (estar con grandes padecementos, doenzas que nos poden levar á morte); pasar a mellor vida (morrer é na tradición católica ir para o ceo, para unha vida mellor e eterna).

Exercicio 1.23. Suxestión de resposta: comer terra (botar a man ao chan para apañar terra ás mancheas e levala á boca para mastigala); encher o bandullo (facer que se come moito e botar as mans ao estómago para mostrar que se está farto); estar borracho coma un bocoi (ir de lado a lado, simulando que se vai caír); durmir coma unha pedra (deitarse no chan e aconchegarse en posición fetal pondo as mans debaixo das meixelas); apagarse a candeia da vida (simular apagar unha candeia e representar a morte cun pano negro).

Unidade 2. Aspecto físico

Exercicio 2.1. 1V, 2V, 3F.

Exercicio 2.2. 1 FERMOSURA, 2 FEALDADE, 3 DELGADEZA, 4 GORDURA, 5 ESVELTEZA, 6 ROBUSTEZ / FORTALEZA, 7 ESTATURA, 8 DESAMAÑO, 9 SEMELLANZA, 10 OUTRAS APARENCIAS.

Exercicio 2.3. 1B, 2C, 3D, 4E, 5A.

Exercicio 2.4. 1C, 2D, 3A, 4E, 5B.

Exercicio 2.5. 1D, 2C, 3A, 4E, 5B.

Exercicio 2.6. 1B, 2E, 3A, 4C, 5D.

Exercicio 2.7. *estar* no chasis, *estar* coma un fiúncho; *ir feito* un pincel, *parecerse* coma dúas pingas de auga, *ser* un fargallo, *ser* un pau viradoiro, *ser* ben feito, *ser* un croio, *ter* boa percha.

Exercicio 2.8. 1 esvelta, 2 as papas, 3 forte, 4 un longueirón, 5 baixo.

Exercicio 2.9. todo + ÓSOS → *ser todo ósos*: *Aquel fulano, fraco e miserable, era todo ósos*; ÓSOS + corpo → *non ter máis que*

ósos no corpo: *Eran homes famentos, secos como garabatos que non tiñan no corpo máis que ósos*; feixe + ÓSOS → *ser un feixe de ósos*: *Ese rapaz é un feixe de ósos*; saco + ÓSOS → *estar feito un saco de ósos*: *A ver se comes un pouco, que estás feito un saco de ósos*; só + ÓSOS → *ser só ósos*: *As adolescentes de hoxe que tenden á anorexia non se decatan que son só ósos*.

Exercicio 2.10. 1D, 2B, 3E, 4A, 5C.

Exercicio 2.11. 1 coma un buxo, 2 moita pantalla, 3 en canelas, 4 cuspidiño, 5 estás nos ósos, 6 feito un pincel.

Exercicio 2.12. 1 patas de galo, 2 no chasis, 3 un cangallo, 4 as papas, 5 ten percha, 6 dúas pingas de auga.

Exercicio 2.13. 1b, 2b, 3a, 4b, 5b.

Exercicio 2.14. 1F, 2V, 3V, 4F, 5F.

Exercicio 2.15. Suxestión de resposta: a maioría de linguas deciden expresar a idea de delgadeza extrema mediante unha hipérbole, unha esaxeración, neste caso redúcese o corpo humano a pel e ósos.

Exercicio 2.16. 1 fol de veneno, 2 engorda o cabalo, 3 tamén Deus o fixo, 4 que grande e burro, 5 has de tirar a quen es, 6 ande ou non ande.

Exercicio 2.17. 1 Cabalo grande, ande ou non ande; 2 Home pequeno, fol de veneno; 3 Ou nas unllas ou nos pés, has de tirar a quen es; 4 O ourizo tamén Deus o fixo; 5 Máis vale pequeno e agudo que grande e burro; 6 A vista do amo engorda o cabalo.

Exercicio 2.18. 1 ou nas unllas ou nos pés, has de tirar a quen es; 2 o ourizo tamén Deus o fixo; 3 a vista do amo engorda o cabalo, 4 home pequeno, fol de veneno; 5 cabalo grande, ande ou non ande; 6 máis vale pequeno e agudo que grande e burro.

Exercicio 2.19. Suxestión de resposta: as distintas linguas botan man de animais convencionalmente marcados pola súa fealdade (o mono e a mona, o macaco, o burro) e de diferentes tecidos e cores “nobres” (a seda, o traxe de príncipe, a cor púrpura e escarlata) para facernos ver que a vestimenta non cambia a natureza do portador. De feito, o alemán fai referencia á imposibilidade

de esconder as características máis representativas (as orellas de burro). Podemos dicir que o italiano, xogando coa polisemia de “hábito” (‘prenda relixiosa’ e ‘rotina, costume’) vai alén do aspecto físico, facendo referencia ao falseamento da identidade.

Exercicio 2.20. 1 ter pernas de cabra; 2 ser un carrancas, ser un carranchelo, ser un cambelo; 3 prender nos pés; 4 ser trenco, ser zambro, ser canchés.

Para estar de humor! Suxestións de resposta: Escena 1. Intuímos que a muller **está coma un bocoi**, que **está coma un rebolo**. Observando a resposta do marido, podemos dicir: **home pequeno, fol de veneno**. No nivel da aparencia e o coidado persoal, recordamos que **aínda que a mona se vista de seda, se mona era, mona queda**.

Escena 2. En diversos niveis, tanto no físico coma no actitudinal ou vital, parece que o rapaz **é o vivo retrato** do seu pai, que **é cagado** a el, que **se parecen coma dúas pingas de auga**. Está claro que **ou nas unllas ou nos pés, has de tirar a quen es**.

Unidade 3. Carácter

Exercicio 3.1. 1F, 2V, 3F.

Exercicio 3.2. a) ANTIPATÍA, b) SOBERBIA, c) INQUIETUDE, d) TORPEZA, e) DISTRACCIÓN, f) TOLEMIA.

Exercicio 3.3. 1C, 2E, 3B, 4D, 5A.

Exercicio 3.4. 1C, 2E, 3A, 4B, 5D.

Exercicio 3.5. 1D, 2C, 3E, 4A, 5B.

Exercicio 3.6. 1 caer ben, 2 estar nas nubes, 3 saber latín, 4 abrir a man, 5 ser un sarillo, 6 ter o azogue.

